



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 27
21 de maio de 2024



SUMARIO

1. Procedimientos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Admisión a trámite do Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e apertura do prazo de presentación de emendas [10388](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 4074 (12/MOC-000004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 829 publicada no BOPG núm. 10 f1, do 12 de abril de 2024, e debatida en sesión plenaria o 15 de maio de 2024.) [10606](#)

■ 4096 (12/MOC-000005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre a xestión das políticas de axuda á xente nova no seu acceso á vivenda (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2116, publicada no BOPG núm. 20 f1, do 2 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 14 de maio de 2024.) [10608](#)

■ 4118 (12/MOC-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Moción sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2271, publicada no BOPG núm. 20 f1, do 2 de maio de 2024, e debatida en pleno o día 15 de maio de 2024.) [10610](#)



1.3.6. Propositions non de lei**1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno****1.3.6.1.1. Propositions presentadas****Admisión a trámite e publicación****I 3683 (12/PNP-000404)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Prado Cores, María Montserrat

Sobre determinadas accións que debe levar adiante o Goberno galego en relación coa dotación do servizo de atención pediátrica en Pazos de Borbén e en Fornelos de Montes [10612](#)

I 3689 (12/PNP-000405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón e 2 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de apoiar o recoñecemento oficial da lingua galega na Unión Europea e a consolidación do seu uso nas Cortes Xerais [10615](#)

I 3704 (12/PNP-000407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante en relación cos últimos informes económico-financeiros emitidos polo Consello de Contas verbo das entidades instrumentais [10619](#)

I 3713 (12/PNP-000408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante no referido ás recomendacións do Consello de Contas recollidas nos últimos informes emitidos por este organismo relativos á Conta Xeral da Comunidade Autónoma [10623](#)

I 3727 (12/PNP-000409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que tome as medidas necesarias para controlar a contaminación por cianotoxinas das augas do río Ulla e, en concreto, do encoro de Portodemouros [10628](#)

I 3737 (12/PNP-000411)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento das súas obrigas no exercicio das competencias en materia de seguridade industrial [10631](#)

I 3784 (12/PNP-000412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel



Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que proceda a substituír de forma sistemática as docentes e os docentes que están en situación de baixa ou de permisos laborais [10634](#)

I 3827 (12/PNP-000413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que acepte o ofrecemento de solo municipal realizado polo Concello de Pontevedra para construír vivenda de promoción pública [10637](#)

I 3832 (12/PNP-000414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego no que concirne ao proxecto de construción da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo [10639](#)

I 3840 (12/PNP-000415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que solicite a elaboración dun informe á Comisión Galega da Competencia relativo ao impacto que pode producir na sanidade pública de Ourense a alta dependencia respecto de dous centros privados para a derivación da asistencia [10643](#)

I 3847 (12/PNP-000416)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa xestión dos fondos europeos en materia industrial [10647](#)

I 3848 (12/PNP-000417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover entre a mocidade un tempo de lecer orientado a alternativas máis lúdicas, creativas e saudables [10650](#)

I 3857 (12/PNP-000418)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 7 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de avanzar nunha política de máximo desenvolvemento do sistema educativo no que atinxe á obtención de competencias dixitais [10652](#)

I 3858 (12/PNP-000419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego no eido da defensa contra a discriminación do colectivo LGBT no ensino [10655](#)



I 3886 (12/PNP-000420)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre a demanda ao Goberno galego dun proxecto para a reactivación e o fortalecemento do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán

[10658](#)**I 3895 (12/PNP-000421)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa política de redución e adecuación da planta municipal en Galicia

[10661](#)**I 3925 (12/PNP-000422)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que lle garanta ao alumnado do CRA Nosa Señora do Faro, do concello de Ponteceso, o servizo de comedor nas mesmas condicións que existen nos demais centros de educación públicos

[10666](#)**I 3928 (12/PNP-000423)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego do aumento da capacidade do IES Eduardo Pondal, de Ponteceso, para ofrecer máis prazas dentro do ciclo de Formación Profesional da rama de automoción

[10670](#)**I 3943 (12/PNP-000424)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre determinadas accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia en relación coa descontaminación das augas e dos solos afectados por lindano

[10673](#)**I 3947 (12/PNP-000425)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, José Daniel e Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación e activación do Observatorio Turístico de Galicia para que, xunto con outras entidades, proporcione o coñecemento base para definir o modelo turístico

[10676](#)**I 3953 (12/PNP-000426)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Ourense co obxecto de que reconsidere a nova localización do Centro de Información Municipal á Muller por non ofrecer as debidas garantías de privacidade e seguridade

[10680](#)**I 3961 (12/PNP-000427)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e 2 máis**

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego en relación co prezo das parcelas do polígono empresarial do concello de Taboada e coa súa competitividade [10684](#)

I 3967 (12/PNP-000428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que impulse na estrada AC-418 un proxecto para duplicar os carrís no tramo que vai da rotonda de Buño ata a de Carballo [10687](#)

I 3976 (12/PNP-000429)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante co obxecto de mellorar a unidade de partos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [10689](#)

I 3984 (12/PNP-000430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que manteña a denominación da indicación xeográfica protexida Vaca e Boi de Galicia en lugar do recente cambio realizado por Vaca y Buey de Galicia [10693](#)

I 4028 (12/PNP-000431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que elabore, conforme as recomendacións do Parlamento de Galicia, plans de ordenación dos recursos forestais en cada un dos dezanove distritos da comunidade [10697](#)

I 4037 (12/PNP-000432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que debe levar adiante o Goberno galego en relación co porto de Santa Cruz, Oleiros [10699](#)

I 4042 (12/PNP-000433)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das accións necesarias para mellorar a asistencia pediátrica no Centro de Saúde de Ribadeo [10702](#)

I 4057 (12/PNP-000434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 4 máis

Sobre as medidas específicas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto dos IES de Poio, Pintor Colmeiro (Silleda), Terra de Turonio (Gondomar) e Porto do Son, por determinadas condicións que exige o ciclo medio de Formación Profesional de Guía no medio natural e de tempo libre [10705](#)



I 4065 (12/PNP-000435)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa crise da empresa do sector mar-industria Atunlo

[10708](#)**I 4077 (12/PNP-000436)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da apertura inmediata do procedemento para declarar a Rapa das Bestas de Sabucedo como ben de interese cultural inmaterial e aplicar xa de forma provisional o réxime de protección propio desa condición

[10712](#)**I 4084 (12/PNP-000437)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego ante o problema xurdido nunha vintena de concellos afectados pola proliferación excesiva de moscas

[10721](#)**I 4106 (12/PNP-000438)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar á súa política de apoio á actividade artística e creativa galega

[10724](#)**I 4121 (12/PNP-000439)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 9 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que axilice as tramitacións dos proxectos, as licitacións e a execución de obras en infraestruturas ferroviarias e estradas de competencia estatal na provincia de Ourense

[10727](#)**I 4125 (12/PNP-000440)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central coa finalidade de que reforce os medios técnicos e humanos das oficinas de estranxeiría en Galicia

[10730](#)**I 4129 (12/PNP-000441)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe impulsar no marco do proxecto dos polos de emprendemento e axuda ao emprego

[10734](#)**I 4133 (12/PNP-000442)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 8 máis**

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia en relación coa situación en que está o proxecto de remodelación da Praza de Abastos Número Un de Ourense [10737](#)

I 4135 (12/PNP-000443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no referido ás actuacións que o Adif debe realizar na contorna da estación intermodal de Ourense para liberar prazas no aparcamento da estación [10741](#)

I 4137 (12/PNP-000444)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que desista na súa intención de eliminar, a través da Lei de paridade, o trámite de consulta pública previa en leis, reais decretos e regulamentos [10744](#)

I 4141 (12/PNP-000445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 8 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central no que concirne ao recoñecemento do traballo das bolseiras e dos bolseiros investigadores para os efectos da súa inclusión no réxime da Seguridade Social e a outros aspectos da carreira profesional [10747](#)



1. Procedimientos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite do proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e apertura do prazo de presentación de emendas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de maio de 2024, adoptou o seguinte acordo:

- 4254 (12/PL-000001)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

Examinado o devandito proxecto e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Asignalo, oída a Xunta de Portavoces, na súa reunión do 21 de maio, á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 7 de xuño de 2024.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de maio de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 4074 (12/MOC-000004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla



Sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 829 publicada no BOPG núm. 10 f1, do 12 de abril de 2024, e debatida en sesión plenaria o 15 de maio de 2024.)

- 4096 (12/MOC-000005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre a xestión das políticas de axuda á xente nova no seu acceso á vivenda (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2116, publicada no BOPG núm. 20 f1, do 2 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 14 de maio de 2024.)

- 4118 (12/MOC-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Moción sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2271, publicada no BOPG núm. 20 f1, do 2 de maio de 2024, e debatida en pleno o día 15 de maio de 2024.)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Propositions presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 3683 (12/PNP-000404)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Prado Cores, María Montserrat

Sobre determinadas accións que debe levar adiante o Goberno galego en relación coa dotación do servizo de atención pediátrica en Pazos de Borbén e en Fornelos de Montes

- 3689 (12/PNP-000405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón e 2 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de apoiar o recoñecemento oficial da lingua galega na Unión Europea e a consolidación do seu uso nas Cortes Xerais

- 3704 (12/PNP-000407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante en relación cos últimos informes económico-financeiros emitidos polo Consello de Contas verbo das entidades instrumentais

- 3713 (12/PNP-000408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis



Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante no referido ás recomendacións do Consello de Contas recollidas nos últimos informes emitidos por este organismo relativos á Conta Xeral da Comunidade Autónoma

- 3727 (12/PNP-000409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que tome as medidas necesarias para controlar a contaminación por cianotoxinas das augas do río Ulla e, en concreto, do encoro de Portodemouros

- 3737 (12/PNP-000411)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento das súas obrigas no exercicio das competencias en materia de seguridade industrial

- 3784 (12/PNP-000412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que proceda a substituír de forma sistemática as docentes e os docentes que están en situación de baixa ou de permisos laborais

- 3827 (12/PNP-000413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que acepte o ofrecemento de solo municipal realizado polo Concello de Pontevedra para construír vivenda de promoción pública

- 3832 (12/PNP-000414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego no que concirne ao proxecto de construción da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo

- 3840 (12/PNP-000415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que solicite a elaboración dun informe á Comisión Galega da Competencia relativo ao impacto que pode producir na sanidade pública de Ourense a alta dependencia respecto de dous centros privados para a derivación da asistencia

- 3847 (12/PNP-000416)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis



Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa xestión dos fondos europeos en materia industrial

- 3848 (12/PNP-000417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover entre a mocidade un tempo de lecer orientado a alternativas máis lúdicas, creativas e saudables

- 3857 (12/PNP-000418)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 7 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de avanzar nunha política de máximo desenvolvemento do sistema educativo no que atinxe á obtención de competencias dixitais

- 3858 (12/PNP-000419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego no eido da defensa contra a discriminación do colectivo LGBT no ensino

- 3886 (12/PNP-000420)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego dun proxecto para a reactivación e o fortalecemento do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán

- 3895 (12/PNP-000421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa política de redución e adecuación da planta municipal en Galicia

- 3925 (12/PNP-000422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que lle garanta ao alumnado do CRA Nosa Señora do Faro, do concello de Ponteceso, o servizo de comedor nas mesmas condicións que existen nos demais centros de educación públicos

- 3928 (12/PNP-000423)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do aumento da capacidade do IES Eduardo Pondal, de Ponteceso, para ofrecer máis prazas dentro do ciclo de Formación Profesional da rama de automoción



- 3943 (12/PNP-000424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre determinadas accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia en relación coa descontaminación das augas e dos solos afectados por lindano

- 3947 (12/PNP-000425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación e activación do Observatorio Turístico de Galicia para que, xunto con outras entidades, proporcione o coñecemento base para definir o modelo turístico

- 3953 (12/PNP-000426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Ourense co obxecto de que reconsidere a nova localización do Centro de Información Municipal á Muller por non ofrecer as debidas garantías de privacidade e seguridade

- 3961 (12/PNP-000427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego en relación co prezo das parcelas do polígono empresarial do concello de Taboada e coa súa competitividade

- 3967 (12/PNP-000428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que impulse na estrada AC-418 un proxecto para duplicar os carrís no tramo que vai da rotonda de Buño ata a de Carballo

- 3976 (12/PNP-000429)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar adiante co obxecto de mellorar a unidade de partos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 3984 (12/PNP-000430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que manteña a denominación da indicación xeográfica protexida Vaca e Boi de Galicia en lugar do recente cambio realizado por Vaca y Buey de Galicia

- 4028 (12/PNP-000431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que elabore, conforme as recomendacións do Parlamento de Galicia, plans de ordenación dos recursos forestais en cada un dos dezanove distritos da comunidade



- 4037 (12/PNP-000432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que debe levar adiante o Goberno galego en relación co porto de Santa Cruz, Oleiros

- 4042 (12/PNP-000433)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das accións necesarias para mellorar a asistencia pediátrica no Centro de Saúde de Ribadeo

- 4057 (12/PNP-000434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 4 máis

Sobre as medidas específicas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto dos IES de Poio, Pintor Colmeiro (Silleda), Terra de Turonio (Gondomar) e Porto do Son, por determinadas condicións que exige o ciclo medio de Formación Profesional de Guía no medio natural e de tempo libre

- 4065 (12/PNP-000435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante en relación coa crise da empresa do sector mar-industria Atunlo

- 4077 (12/PNP-000436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da apertura inmediata do procedemento para declarar a Rapa das Bestas de Sabucedo como ben de interese cultural inmaterial e aplicar xa de forma provisional o réxime de protección propio desa condición

- 4084 (12/PNP-000437)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego ante o problema xurdido nunha vintena de concellos afectados pola proliferación excesiva de moscas

- 4106 (12/PNP-000438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar á súa política de apoio á actividade artística e creativa galega

- 4121 (12/PNP-000439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 9 máis



Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que axilice as tramitacións dos proxectos, as licitacións e a execución de obras en infraestruturas ferroviarias e estradas de competencia estatal na provincia de Ourense

- 4125 (12/PNP-000440)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central coa finalidade de que reforce os medios técnicos e humanos das oficinas de estranxeiría en Galicia

- 4129 (12/PNP-000441)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe impulsar no marco do proxecto dos polos de emprendemento e axuda ao emprego

- 4133 (12/PNP-000442)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia en relación coa situación en que está o proxecto de remodelación da Praza de Abastos Número Un de Ourense

- 4135 (12/PNP-000443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no referido ás actuacións que o Adif debe realizar na contorna da estación intermodal de Ourense para liberar prazas no aparcamento da estación

- 4137 (12/PNP-000444)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que desista na súa intención de eliminar, a través da Lei de paridade, o trámite de consulta pública previa en leis, reais decretos e regulamentos

- 4141 (12/PNP-000445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 8 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central no que concirne ao recoñecemento do traballo das bolseiras e dos bolseiros investigadores para os efectos da súa inclusión no réxime da Seguridade Social e a outros aspectos da carreira profesional

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

20 MAI. 2024

Núm. 4254



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

20 MAI. 2024

SAÍDA

Nº 45

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 13 de maio de 2024.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e praxe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: SANDRA VAZQUEZ DOMINGUEZ
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 20/05/2024 11:21:15

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: BOPGDSPG-d9NGtQBIP-7

Verificación:

<https://sede.xunta.gal/tramites/csv/>

Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve/>

DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de maio
de dous mil vinte e catro adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

*"Aprobar o proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e
económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia".*

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente,
en Santiago de Compostela a trece de maio de dous mil vinte e catro.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE



**PROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E
ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS
NATURAIS DE GALICIA**



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Pacto Verde Europeo marcou o obxectivo de acelerar a transición ecolóxica da Unión Europea (UE) cara a unha economía neutra en emisións de CO₂ para 2050. Nos últimos dous anos, a necesidade de acelerar a transición ecolóxica intensificouse co Fit for 55, conxunto de medidas que pretenden acadar o obxectivo de que como mínimo o 42,5% do consumo final bruto da enerxía da UE se produza a partir de fontes renovables de enerxía, ou co Plan RePowerEU, que pretendía dar resposta á escala de prezos e á carestía enerxética, aumentando a resiliencia do sistema enerxético a través de piares como o aumento da presenza do biometano e do hidróxeno.

A crise de subministracións, provocada primeiro pola COVID-19 e pouco despois pola invasión de Ucraína, puxo de manifesto a necesidade de reforzar a capacidade de produción propia nas tecnoloxías críticas relacionadas coa transición enerxética. En resposta, a Unión Europea estableceu o Plan industrial do Pacto Verde Europeo (COM (2023) 62 final, do 1.2.2023) que promove o desenvolvemento da capacidade de produción propia das materias primas e tecnoloxías requiridas para a transición verde, incluíndo o aproveitamento dos recursos naturais de Europa.

A propia Administración autonómica galega ten avanzado nestes ámbitos. Así, a Xunta de Galicia aprobou no ano 2022 a Axenda Enerxética de Galicia 2030, que constitúe a folla de ruta para a



consecución dos obxectivos intermedios en 2030 que permitan acadar a neutralidade climática a máis tardar no en 2050 de acordo coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e coa futura Lei do Clima de Galicia, con novas oportunidades, non soamente para o sector enerxético galego, senón para o resto de sectores estratéxicos de Galicia. Asemade, tamén no ano 2022 a Xunta aprobou a Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030, que constitúe a estratexia, a folla de ruta, que se adapta aos novos tempos e obxectivos do sector. Así, céntrase en impulsar a modernización e crecemento sostible da minería que vai a actuar como proveedor de minerais estratéxicos para a digitalización; pero tamén na innovación tecnolóxica e o talento; así como en fomentar a integración ambiental da minería, a economía circular e a posta en valor do patrimonio mineiro.

Dentro deste novo escenario, os recursos naturais pasan a ser un factor clave para o crecemento sustentable e inclusivo do territorio e patrimonio de toda a cidadanía. Non obstante, a cantidade de recursos naturais de Galicia que se pode empregar de forma sustentable é limitada, polo que cando a sociedade asigna unha parte deles a un determinado proxecto está facendo un investimento polo cal debe obter un retorno social axeitado. Este retorno social ten que ser compatible coa obtención dunha rendibilidade económica suficiente para as persoas que invisten achegando capital e asumindo os riscos.

A posta en marcha de determinados proxectos no territorio, en especial aqueles que aproveitan recursos naturais mediante unha tecnoloxía avanzada, non só debe respectar estritamente as cautelas ambientais, senón que debe ir acompañada da adecuada valoración do seu impacto social e económico na medida en que pode representar unha grande oportunidade para acadar un desenvolvemento sustentable.



A identificación por parte das persoas promotoras dos efectos positivos de carácter social e económico que derivan directamente da execución dun proxecto e a asunción de compromisos adicionais para potenciar eses efectos resultan esenciais para valorar os impactos que van derivar para as comunidades en que se van desenvolver.

II

En todo caso, e cando se trata de valorar o impacto dun determinado proxecto no territorio, debe considerarse necesariamente a súa posible repercusión nos beneficios que proporciona o medio natural en que se vai localizar e que son os que fan posible a vida humana, isto é, os denominados servizos dos ecosistemas ou servizos ecosistémicos.

A natureza permite obter alimentos, auga, madeira, recursos minerais e combustibles; permite realizar actividades físicas, intelectuais e estéticas; afecta o benestar humano e alberga aqueles espazos que deben ser conservados de cara a manter as condicións de vida, da flora e da fauna.

Para tales efectos, a Organización das Nacións Unidas estableceu un sistema de clasificación internacional de servizos ecosistémicos, Cices (Clasificación Internacional Común de Servizos dos Ecosistemas) adoptado pola Axencia Europea de Medio Ambiente (EMEA) para poder establecer métodos de contabilidade de ecosistemas e poder realizar comparacións.

Os servizos ecosistémicos engloban aspectos directos e indirectos que inflúen positivamente no benestar da sociedade, como os bens e servizos derivados do capital natural. O concepto de capital natural baséase en dotar dun valor económico o medio rural, incluíndo a súa

biodiversidade e espazos naturais, desde a perspectiva da súa protección, conservación e mellora polos bens e servizos que proporciona, como aire de calidade, mantemento da biodiversidade, produción de alimentos, auga, madeira, recursos minerais, fibra, captura de CO₂, patrimonio cultural, actividades lúdicas, culturais e turísticas e, en definitiva, saúde para o conxunto da sociedade humana.

A necesidade de despregar novas tecnoloxías, entre elas as de aproveitamento de recursos minerais e as de produción de enerxía renovable, que contribúan tamén a un crecemento sustentable da sociedade humana, debe facerse tendo en conta ese valor económico dos servizos ecosistémicos. Ter en conta estes servizos, promovéndoos e compensándoos á hora da planificación de proxectos empresariais que contribúen ao interese común, é un xeito de reducir as inercias sociais e de favorecer a inevitable coexistencia, xa que estes recursos se atopan maioritariamente no medio rural.

O establecemento dun esquema de valoración e compensación por servizos ecosistémicos non é unha simple transacción económica, senón que ten un obxectivo moito máis amplo, como o de combater o despoboamento, a degradación dos espazos naturais e o mantemento do potencial de loita contra os efectos do cambio climático que ten o medio rural, non só polo capital natural de que dispón, senón porque é o escenario imprescindible para un desenvolvemento socioeconómico sustentable e con futuro. A localización de proxectos empresariais de interese común que teñan en conta isto vai contribuír a aumentar a resiliencia do propio medio rural, pero tamén o da sociedade no seu conxunto, xa que serán elementos de dinamización social, non só polo emprego directo, senón polas compensacións que se establezan dos traballos que se teñen que facer na súa protección, mantemento e mellora.



III

Esta lei nace coa finalidade de asegurar a xestión responsable dos recursos naturais de Galicia de maneira que se protexa o ambiente, se cree riqueza e a riqueza creada impacte no territorio.

Para tales efectos, a lei recolle un conxunto de medidas de distinta índole relacionadas entre si polo seu compromiso co desenvolvemento sustentable do territorio.

A lei consta dun título preliminar, sete títulos, tres disposicións adicionais, unha derogatoria e seis derradeiras.

O título preliminar recolle unhas disposicións xerais sobre o obxecto da lei, onde se enumeran as actuacións e os instrumentos que a lei comprende, as súas finalidades, e desenvolve a conceptualización dos beneficios sociais e económicos dos proxectos para os efectos da lei.

En particular, enténdense como beneficios sociais e económicos, entre outros, a promoción da mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos e o fomento da súa cohesión local e territorial; o compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental da área; a conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos nas zonas de influencia dos proxectos, e as boas prácticas ambientais e sociais; a promoción de novos investimentos e, en particular, de mecanismos de reinvestimento dos beneficios; o fomento da creación e o mantemento de emprego directo e indirecto, tendo en conta especialmente a creación de emprego cualificado na área de implantación; o desenvolvemento de negocios locais, especialmente dos relacionados directa ou indirectamente co sector das enerxías renovables; o impacto local da



estratexia de compras e contratación da/do titular do proxecto; a participación nos proxectos, en termos de investimento, de investidores locais e de empresas e administracións da zona en que se situará a instalación; a redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e industrias das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos ou da Comunidade Autónoma; o impacto sobre a cadea de valor, existente ou que se xenere, industrial local e autonómica, así como a consulta e a participación significativa das administracións e das persoas interesadas locais no proxecto, a consideración dos seus intereses no desenvolvemento do proxecto e o seu apoio.

A lei prevé o desenvolvemento de indicadores cuantitativos, conforme as metodoloxías internacionalmente aceptadas, que poidan permitir a valoración do impacto social e económico dos proxectos.

IV

O título primeiro identifica os proxectos comprendidos nel, como os proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, os proxectos que requiren da concesión de augas para os usos que a lei determina, e os dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros. Estamos, en definitiva, ante proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e nos cales a lei pretende que se avalíe o seu impacto social e económico.

A lei prevé, no caso dos proxectos cuxa autorización corresponda á Administración autonómica, a integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental. En particular, a lei pretende que se valoren os servizos ecosistémicos nas zonas de



influencia dos proxectos, considerando como tales os beneficios económicos, sociais e ambientais, directos e indirectos, que as persoas obteñen do bo funcionamento dos ecosistemas, e que melloran a saúde, a economía e a calidade de vida, tales como o mantemento da biodiversidade, o secuestro de carbono, a beleza paisaxística, o acervo cultural, tanto patrimonial como inmaterial, a formación de solos, a regulación hídrica nas bacías e a provisión de recursos cinexéticos.

Neses casos, o estudo de impacto ambiental incluírá e desenvolverá os aspectos sociais e económicos do proxecto, os seus beneficios e a súa valoración.

A lei regula, así mesmo, as formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable, entre as cales se encontran o financiamento de accións específicas, o financiamento de accións de desenvolvemento produtivo e infraestrutura básica sustentables en beneficio directo da poboación involucrada, ou outras modalidades acordadas libremente entre as partes, sempre que cumpran cos obxectivos legais de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre o servizo ecosistémico e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

Deste modo, a declaración de impacto ambiental que formule o órgano ambiental integrará, en particular, no seu contido, de conformidade co principio de desenvolvemento social e económico das zonas e das súas poboacións, tanto a análise dos efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto e os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, como, se procede, as condicións en que pode desenvolverse o proxecto, establecendo as medidas que permitan previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os



seus efectos sobre o ambiente, tendo en conta especialmente as formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos.

A lei tamén se ocupa da valoración do impacto social e económico nos proxectos non sometidos a avaliación de impacto ambiental, que se efectuará a través da existencia ao promotor da presentación dun estudo de impacto social e económico do proxecto e a súa avaliación no procedemento de autorización do proxecto.

Así mesmo, respecto da valoración do impacto social e económico dos proxectos en que a competencia para a súa autorización non sexa da Comunidade Autónoma, a lei indica que no trámite de consulta que lle efectúe a Administración do Estado, de acordo coa lexislación aplicable, a Administración autonómica emitirá informe sobre os efectos sociais e económicos dos proxectos e, en particular, sobre a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

A lei contén determinacións específicas para os distintos proxectos comprendidos neste título.

Así, respecto dos proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, a lei regula a súa declaración de especial interese público, social e económico, en atención á valoración dos beneficios que comporten, cando cumbran os requisitos que se establecen, e os efectos desta declaración, entre os cales destaca, no caso de proxectos de produción de enerxía eólica, a posible implantación do parque eólico fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, sempre que se considere ambientalmente viable e se cumbran adicionalmente os requisitos que se establecen.

Polo que se refire aos proxectos que requiren da concesión de augas, valoraranse para o outorgamento das concesións de augas de



competencia autonómica o interese público e a maior utilidade pública e xeral que presentan os proxectos que inclúan beneficios sociais e económicos, especialmente nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto, na forma indicada na lei.

Respecto dos dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros, a lei prevé tamén a valoración dos beneficios sociais e económicos deses proxectos. No outorgamento dos dereitos mineiros e/ou a aprobación do proxecto de explotación teranse en conta a avaliación efectuada e, en particular, a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable. Cando un dereito mineiro afecte un dereito mineiro preexistente ou outros usos de interese público, para os efectos de decidir sobre a súa prevalencia teranse en conta, entre os criterios aplicables, os seus respectivos beneficios sociais e económicos, de acordo co establecido na lei.

V

O título segundo regula a posibilidade de que a Administración autonómica participe en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei, así como os posibles instrumentos de financiamento para os proxectos.

Os proxectos que empregan recursos naturais de forma sustentable requiren frecuentemente elevados investimentos para deseñar, tramitar e instalar as infraestruturas necesarias con todas as garantías, así como longos períodos de tempo para recuperar o capital. Por outra banda, os promotores destes proxectos asumen unha serie de riscos e compromisos a longo prazo que poden resultar inasumibles,



en particular para as pemes e as pequenas e pequenos investidores que compoñen a maior parte do tecido social das comunidades onde están localizados os recursos. Como consecuencia disto, o desenvolvemento de proxectos sustentables pode resultar insuficiente e con limitada presenza de participantes locais en favor de grandes empresas que teñen acceso aos recursos financeiros precisos. Isto supón unha estrutura do mercado que dificulta a participación dos axentes locais, reduce a competitividade das pemes e diminúe tanto os investimentos coma o apoio social a estes.

Para abordar esta situación, a lei prevé instrumentos de apoio ao desenvolvemento dos proxectos e a participación neles das pemes, dos axentes locais e da economía social. Este apoio poderá ser directo, mediante a promoción de certos proxectos particularmente relevantes polo seu impacto socioeconómico por parte de sociedades público-privadas, e tamén indirecto, mediante o uso de instrumentos financeiros que melloren a viabilidade económica dos proxectos.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais, cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de patrimonio autonómico, poderán participar en sociedades mercantís entre cuxas finalidades e responsabilidade corporativa se encontren as de procurar o beneficio social e económico dos proxectos, e cooperar no impulso da cadea de valor, no marco das súas operacións industriais, mercantís ou de investimento, de acordo coas normas previstas nesta lei.

Estas finalidades incorporaranse á actuación das sociedades mediante pacto de socias e socios e/ou calquera outro instrumento que se considere oportuno, e sen prexuízo da súa operación como un axente máis de acordo coas regras normais do mercado.

As sociedades participadas poderán, pola súa vez, participar nas sociedades vehiculares que se establezan, de ser o caso, para executar os proxectos de investimento.

En todo caso, para que a Administración participe nas sociedades, entre as súas finalidades e responsabilidade corporativa encontrárase o obxectivo de valorizar os recursos estratéxicos galegos e canalizar este valor cara a todo o tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma, en particular cara ás comunidades locais, que soportan a maior parte dos custos ambientais da súa explotación.

Estas sociedades actuarán como referencia para o resto de participantes; integrarán os axentes locais no desenvolvemento dos proxectos, facilitándolles o apoio social; facilitarán o acceso a solucións competitivas de autoconsumo e eficiencia enerxética ao sector produtivo de Galicia; crearán e diseminarán estándares e boas prácticas e facilitaranlles o acceso ao financiamento ás pemes locais.

Ao mesmo tempo, a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do seu sector público, por si ou a través das sociedades en que participen, promoverán o desenvolvemento de instrumentos de financiamento para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei. Estes instrumentos de financiamento serán compatibles con outros instrumentos ou medidas de apoio de tipo público ou privado. Os instrumentos financeiros incluídos na norma están concibidos para maximizar a súa capacidade de mobilizar investimentos públicos e privados nos proxectos co menor custo para a Administración e minimizando as distorsións de mercado.

A promoción do beneficio social e económico dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia precisa que as pemes e as pequenas e pequenos investidores locais teñan acceso aos recursos financeiros necesarios en condicións equiparables ás dos grandes



promotores, así como para que os/as participantes poidan avaliar e xestionar os riscos asociados. Para iso, a lei dispón dunha serie de instrumentos financeiros deseñados para as diferentes necesidades de cada etapa dos proxectos e para seren empregados por pemes e pequenas e pequenos investidores locais.

Os instrumentos financeiros estarán orientados a mellorar a rendibilidade dos proxectos, a reducir e distribuír os riscos a aqueles participantes con maior capacidade para xestionalos, a incrementar a liquidez e o valor dos activos resultantes e a reducir os custos e as necesidades de capital dos promotores. En particular, os instrumentos financeiros incluídos na norma están deseñados para que as pemes locais poidan acceder aos recursos financeiros necesarios para promover os proxectos en condicións equiparables ás das grandes empresas.

Entre outros instrumentos financeiros poderanse dispoñer achegas directas ou indirectas da Administración autonómica no capital dos proxectos, incentivos fiscais ao investimento dos axentes locais nos proxectos, creación de liñas de préstamo bonificadas, e o refinanciamento dos activos dos proxectos unha vez que sexan suficientemente maduros con apoio da Administración autonómica.

VI

O título terceiro refírese á eólica mariña. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, no marco das súas relacións institucionais coa Administración xeral do Estado, desenvolverá a súa actuación para promover que esta teña en conta, nos instrumentos e actuacións de competencia estatal relativos á enerxía eólica mariña, o compromiso



coa cohesión social e económica da Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, os beneficios sociais e económicos dos proxectos previstos nesta lei.

Co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente, e especialmente velar pola xestión racional e sustentable do litoral, tendo en conta os seus extraordinarios valores ambientais, con carácter de ingreso compensatorio e como prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real, créase o canon ás infraestruturas de evacuación de eólica mariña aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial, das cales serán principais beneficiarios os concellos pola aterraxe das liñas de evacuación e o sector pesqueiro pola implantación dos parques eólicos dos cales se evacúa a súa enerxía.

En sintonía co ditaminado polo CES, considérase que a eólica mariña representa unha oportunidade industrial que permite aplicar unha experiencia na que Galicia é referente internacional e europeo. Non obstante, nesta e en calquera regulación futura imponse garantir o mantemento doutras actividades empresariais, nomeadamente do sector pesqueiro, pola súa relevancia na economía da Comunidade Autónoma e en liña coa proposición non de lei aprobada polo Parlamento galego o 25 de maio de 2022.



VII

O título cuarto regula as actuacións para recuperar o territorio afectado polos incendios forestais e crea o Fondo de Recuperación de Incendios Forestais de Incidencia Singular.

Este título recolle os principios que deberán dirixir as actividades das administracións públicas, pero tamén do sector privado, encamiñadas á recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais no menor tempo posible. As ditas actuacións deben permitir recuperar os valores do territorio, mediante unha planificación que permita, ademais, previr futuros incendios e, polo tanto, reducir o risco de que se volva producir unha catástrofe dese tipo.

Co fin de acadar os obxectivos indicados, cobra unha especial importancia que as administracións públicas busquen vías de colaboración entre e o sector público e privado, mediante o establecemento de planificacións e actuacións de mellora que permitan a participación de toda a sociedade. Desta forma, acadarase unha maior adecuación na recuperación do territorio ás necesidades da sociedade e garantírase o compromiso de todos os axentes na execución das medidas executadas, contribuíndo a manter unha adecuada xestión do territorio, mantendo a actividade económica asociada a el, así como fomentando a recuperación dos seus valores ambientais no menor prazo de tempo posible.

Créase o Fondo de Recuperación do Territorio afectado polos ditos incendios, destinado a financiar as actuacións de recuperación das zonas do territorio afectadas por eles.

Co obxecto de acadar a maior eficacia na xestión deste fondo, a lei regula cuestións tales como a forma de determinar a singularidade dos



incendios, as características do fondo e das posibles achegas do sector privado a este, as actuacións financiáveis e os órganos colexiados encargados de facer un seguimento do citado fondo, co fin de conseguir unha xestión e un control axeitados deste.

VIII

O título quinto aborda os proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais de Galicia para facilitar o seu desenvolvemento.

As normas contidas neste título teñen como obxectivo fomentar a implantación de instalacións ou infraestruturas que contribúan ao autoconsumo, eficiencia enerxética e sustentabilidade das empresas instaladas en parques empresariais da Comunidade Autónoma, favorecendo o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía, así como a existencia de alternativas de subministración de proximidade para as empresas e consumidores finais e a súa participación activa no seu abastecemento enerxético.

Para acadar o obxectivo antes citado, estas normas tratan de eliminar ou reducir, na medida do posible, as limitacións ou restricións de carácter urbanístico que poidan dificultar a implantación destas infraestruturas nas áreas empresariais, sen vulnerar as competencias municipais en materia de licenzas, pero creando un marco normativo que estableza os criterios básicos para favorecer a implantación daquelas. Por tanto, non se trataría dunha norma que, con carácter xeral, impoña obrigas, limitacións ou prohibicións ás empresas, senón, pola contra, que posibilite que estas poidan implantar estas instalacións ou infraestruturas coa finalidade de conseguir unha maior



eficiencia enerxética na súa actividade, que ademais repercutiría nunha maior sustentabilidade ambiental da actividade da empresa en particular e das áreas empresariais en xeral.

Con esta finalidade, establécense unhas normas de aplicación directa que se impoñen sobre as ordenanzas contidas nos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio ou que os desenvolven, tanto sobre as anteriores á entrada en vigor desta lei como sobre as posteriores. Estas normas concrétanse, entre outros, nos seguintes aspectos:

- Permítese en determinados espazos a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxías renovables, xa sexa en réxime de autoconsumo individual ou para autoconsumo de comunidades enerxéticas dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- As ordenanzas dos parques empresariais en materia de alturas máximas, recuamentos, edificabilidade e outras similares serán interpretadas de xeito que favorezan a implantación das instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables. Ademais, establécense na lei algunhas determinacións nas materias antes referidas sen prexuízo das limitacións técnicas que poida impoñer a normativa autonómica ou estatal nesta materia. Así, permítense excepcións dos límites de altura previstos nas ordenanzas cando se trate de elementos singulares destas instalacións ou infraestruturas; as distancias mínimas en materia de recuamentos computaranse desde a edificación principal, sen ter en conta as instalacións ou infraestruturas, e estas non computarán para efectos de edificabilidade.

Recóllese a posibilidade de que as entidades de conservación, xestión e modernización de parques empresariais, reguladas na Lei 3/2022, de



áreas empresariais de Galicia, as sociedades mercantís ou outras entidades poidan formalizar acordos, convenios ou contratos cos promotores e propietarios do parque empresarial, co concello ou con outros organismos, co fin de implantar instalacións colectivas destinadas á produción de enerxías renovables para o uso das empresas situadas no parque empresarial e, así mesmo, asumir a xestión das ditas instalacións, infraestruturas ou servizos.

Tamén se conteñen medidas de fomento para que os promotores públicos das áreas empresariais da Comunidade Autónoma traten de crear incentivos na comercialización do solo empresarial para favorecer a implantación de instalacións que contribúan ao autoconsumo ou ao uso de enerxías renovables por parte das empresas implantadas nos parques empresariais.

IX

O título sexto refírese a determinados aspectos relacionados cos créditos de carbono.

No marco da estratexia de transición cara á neutralidade carbónica, as administracións públicas deben fomentar o desenvolvemento sustentable do territorio, impulsando aqueles proxectos que contribúan a absorber carbono como medida para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen noutras actividades.

Neste ámbito está a medrar o interese por parte do sector privado na execución de proxectos no territorio que maximicen a dita absorción de carbono e que lle permitan, ben compensar emisións de dióxido de carbono derivadas doutras actividades, ou ben vender os créditos de



carbono xerados a outros axentes interesados en realizar a dita compensación.

As absorcións certificadas no desenvolvemento dos proxectos deben estar cuantificadas mediante unha metodoloxía obxectiva e transparente, para o cal se require o establecemento dun sistema que garanta a seguridade xurídica das certificacións e transaccións realizadas entre os distintos axentes.

A través deste sistema, as administracións públicas deben establecer mecanismos que fomenten a execución de proxectos de absorción de carbono que teñan unha especial repercusión positiva no territorio, tanto desde un punto de vista ambiental como económico, o que permitirá que o seu desenvolvemento contribúa ao benestar da cidadanía e, ao mesmo tempo, á conservación dos valores ambientais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante o título sexto desta lei créase o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia. Este sistema facilitará as relacións entre os axentes que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados a través do desenvolvemento dos seus proxectos e aqueles que desexen adquirir ou utilizar os créditos de carbono para a compensación das súas emisións derivadas doutras actuacións.

O sistema creado incorporará un estrito sistema de certificación dos proxectos e dos cálculos dos créditos de carbono xerados, co fin de dotar o sistema de transparencia e obxectividade, que garanta a seguridade xurídica de todas as transaccións realizadas a través del.

No mesmo título prevese o desenvolvemento de medidas de fomento que impulsen a participación neste sistema, establecendo un especial tratamento para aqueles créditos de carbono asociados a proxectos e actividades cuxo desenvolvemento leve asociados beneficios adicionais



a nivel ambiental e social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en coherencia cos obxectivos previstos nesta lei.

X

O título sétimo refírese aos residuos biometanizables e indica que a Administración autonómica procurará a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, daqueles da titularidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A., a través dos instrumentos previstos neste título.

Así, tendo en conta o alto potencial de biometanización dos residuos municipais, derivado da fracción de recolla selectiva de biorresiduos e da materia orgánica contida na denominada fracción resto, a sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A. poderá desenvolver as accións que a lei indica. O biogás obtido ou o seu valor deberá servir, en primeira instancia, para cumprir coa descarbonización dos procesos de Sogama, co fin de acadar o obxectivo de que o consumo de enerxía necesario para as súas operacións sexa de orixe renovable.

Así mesmo, a lei prevé que a Administración autonómica promova accións dirixidas a aproveitar as potencialidades da valorización integral e conxunta dos residuos municipais e dos residuos procedentes das actividades do sector agrogandeiro e das industrias agroalimentarias, coa finalidade de que o sector privado tamén contribúa ao desenvolvemento de sistemas de valorización integral e conxunta dos residuos xerados na Comunidade Autónoma de Galicia.



XI

A disposición adicional primeira establece a declaración de utilidade pública para as estacións de recarga de vehículos eléctricos ou de hidróxeno co obxecto de axilizar a electrificación do sector do transporte.

A disposición adicional segunda contén unha definición de paisaxes cortalume e áreas estratéxicas de xestión, en relación coa recuperación do territorio afectado por incendios forestais.

A disposición adicional terceira dispón a posta en marcha dun programa de compostaxe por parte da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA).

A disposición derogatoria única contén unha cláusula xeral de derogación normativa.

Na disposición derradeira primeira modifica a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia para facilitar a convocatoria de concursos mineiros sobre materias primas fundamentais e minerais críticos.

Na disposición derradeira segunda modifícase a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación coa tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación, que deberán solicitarse conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico e requirirán que este dispoña de permiso de acceso e conexión. En particular, como norma xeral, e salvo xustificación expresa da imposibilidade de facelo doutra maneira, non se admitirán a trámite novas infraestruturas de evacuación cunha



lonxitude de máis de 15 km, salvo que se trate de infraestruturas colectoras de varios parques eólicos e estas non teñan unha lonxitude superior a 0,3 km por megawatt conectado a elas. Trátase, así mesmo, de evitar a duplicidade de infraestruturas de evacuación de diferentes parques eólicos ou entre as novas propostas de evacuación e a rede de distribución e transporte existente ou planificada.

Así mesmo, se modifica a Lei 8/2009 co obxecto fundamentalmente de aclarar o réxime transitorio en relación con determinadas modificacións substanciais de proxectos e a posible tramitación baixo a modalidade de autoconsumo sen excedentes de determinados proxectos que non contén con permiso de acceso e conexión, sempre e cando que, entre outros requisitos, o proxecto de autoconsumo estea vinculado cun proxecto industrial estratéxico.

A disposición derradeira terceira prevé beneficios e incentivos fiscais, modificando o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo. Así, prevese unha dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades que realicen determinados proxectos declarados de especial interese público social ou económico de acordo con esta lei, e unha dedución aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables en áreas empresariais.

A disposición derradeira cuarta modifica a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, en relación coa información pública no procedemento integrado relativo ás infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos eléctricos.



A disposición derradeira quinta habilita ao Consello da Xunta para o desenvolvemento regulamentario do anteproxecto.

Finalmente, a disposición derradeira sexta establece a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

XII

Esta lei baséase nas competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia de promoción do desenvolvemento comunitario, artigo 27.24 do Estatuto de autonomía de Galicia (EAG), en canto atende ao desenvolvemento sustentable do territorio galego.

Máis especificamente, a regulación da valoración do impacto social e económico dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nas súas zonas de influencia e a súa conservación, compensación e restauración ten asento nas competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ambiente, de acordo co artigo 27.30 do EAG, que recoñece a competencia exclusiva na materia de "normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23".

Así mesmo, a regulación que contén o título primeiro da lei sobre os diferentes proxectos engárzase cos títulos competenciais relativos a instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, de acordo cos artigos 27.13 e 28.3 EAG; aproveitamentos hidráulicos, de acordo co artigo 27.12 EAG, e o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado na materia de réxime mineiro e enerxético (artigo 28.3 EAG).

A regulación do título segundo ten sustento tamén no artigo 30 EAG, en canto se refire ao fomento da actividade económica en Galicia.



O título terceiro fundaméntase na competencia da Comunidade Autónoma para crear prestacións patrimoniais de dereito público de acordo co artigo 133 da Constitución española, e co artigo 27.30 EAG, en canto que atende a unha finalidade extrafiscal, co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente.

O título cuarto fundaméntase nas competencias autonómicas en materia de obras públicas (27.7 EAG) e montes e aproveitamentos forestais (27.10 EAG).

O título quinto, en canto aborda os proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais de Galicia para facilitar o seu desenvolvemento, baséase nas competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio e urbanismo (27.3 EAG).

A regulación do título sexto, en canto se refire a determinados aspectos relacionados cos créditos de carbono, encontra engarzamento nas competencias de montes e aproveitamentos forestais (27.10 EAG) e de protección do ambiente (27.30 EAG).

O título sétimo, en canto ás actuacións de valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización, ten fundamento no artigo 27.30 EAG e, en canto recolle a actuación do sector público autonómico, no artigo 30 EAG.

XIII

Esta lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que se exige que "en todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación delas aos principios de



necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia”.

Así, o principio de necesidade desta iniciativa lexislativa vén determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de lei, por afectar materias que están reservadas a este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para acadar os obxectivos da lei se realiza un esforzo de simplificación e integración da regulación coa normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma no ordenamento xurídico vixente, de xeito que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, das persoas operadoras técnicas e xurídicas implicadas na materia, tanto na elaboración da propia lei como na fase de planificación, e sen menoscabo dos procedementos de participación que poidan estar previstos noutras normas; así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

Na tramitación do anteproxecto de lei observáronse todas as garantías esixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de



todo o procedemento de tramitación. O texto do anteproxecto foi sometido a ditame do Consello Económico e Social de Galicia.



TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto e fins da lei

Artigo 1. Obxecto da lei

Esta lei ten por obxecto promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego mediante a regulación e a promoción das seguintes actuacións e instrumentos:

- a) A busca do maior beneficio social e económico na execución dos proxectos incluídos no título I, tanto na propia Comunidade Autónoma de Galicia como, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia dos proxectos.
- b) A adecuada valoración do impacto social e económico dos proxectos incluídos no título I.
- c) A participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do seu sector público en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei.
- d) O desenvolvemento de instrumentos de financiamento para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei.
- e) A creación e regulación, co fin de contribuír a ordenar e preservar o ambiente, dun canon ás liñas de eólica mariña pola parte que se estendan dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



- f) A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais e a creación dun fondo para eses efectos.
- g) A implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais.
- h) O desenvolvemento de proxectos e actividades dirixidos a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, mediante a regulación dun mercado voluntario de créditos de carbono.
- i) A valorización integral de residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, os xestionados pola Sociedade Galega do Medio Ambiente.



Artigo 2. *Fins da lei*

Son fins desta lei:

- a) O impulso do desenvolvemento racional e sustentable do territorio de Galicia, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente, de forma conciliada co desenvolvemento social e económico e procurando a cohesión territorial.
- b) A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación de Galicia.
- c) O desenvolvemento equilibrado dos sectores e actividades comprendidos nesta lei.
- d) Contribuír á consecución da neutralidade climática e a mellora da resiliencia do territorio galego.



CAPÍTULO II

Beneficios sociais e económicos

Artigo 3. *Beneficios sociais e económicos*

Para os efectos desta lei, entenderase por beneficios sociais e económicos aqueles efectos do proxecto e compromisos adicionais adquiridos polos seus promotores co territorio que supoñan un impacto positivo desta índole no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto e nos seus habitantes.



Artigo 4. Concreción dos beneficios sociais e económicos

Para os efectos desta lei, entenderanse como beneficios sociais e económicos, entre outros, en particular os seguintes:

- a) A promoción da mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos e o fomento da súa cohesión local e territorial.
- b) O compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental da zona de influencia dos proxectos.
- c) A conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos, e as boas prácticas ambientais e sociais, incluíndo a preservación dos bens culturais, tanto materiais como inmateriais, implementadas na promoción, desenvolvemento, construción e operación do proxecto.
- d) A promoción de novos investimentos e, en particular, de mecanismos de reinvestimento dos beneficios obtidos.
- e) O fomento da creación e o mantemento de emprego directo e indirecto na construción, desenvolvemento e operación do proxecto, no contorno do proxecto ou na Comunidade Autónoma, tendo en conta especialmente a creación de emprego cualificado na área de implantación, e o fomento do emprego feminino.
- f) O desenvolvemento de negocios locais, especialmente dos relacionados directa ou indirectamente co sector das enerxías renovables.
- g) A colaboración e o desenvolvemento de grupos de investigación vinculados a melloras en aproveitamentos enerxéticos, mineiros, forestais, ou industriais vinculados ás universidades e centros de investigación e desenvolvemento de Galicia.



- h) Impacto local da estratexia de compras e contratación da/do titular do proxecto.
- i) A participación nos proxectos, en termos de investimento, de investidores locais e de empresas e administracións da zona en que se situará a instalación.
- j) A redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e industrias das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos ou da Comunidade Autónoma.
- k) O impacto sobre a cadea de valor industrial local e autonómica e o seu desenvolvemento, así como a achega do proxecto ao fortalecemento de cadeas de valor de sectores económicos estratéxicos para Galicia e a capacidade de atracción de cadeas de valor innovadoras, non presentes ou non completas no territorio.
- l) A consulta e a participación significativa das administracións e das persoas interesadas locais no proxecto, e a consideración dos seus intereses no desenvolvemento do proxecto, así como o seu apoio.
- m) O desenvolvemento dunha estratexia de comunicación co fin de garantir que a cidadanía está informada sobre o proxecto, o seu impacto e os beneficios sociais, económicos e ambientais que xerará.



Artigo 5. *Desenvolvemento de indicadores cuantitativos*

1. A Administración autonómica poderá desenvolver e aplicar indicadores cuantitativos que, conforme as metodoloxías internacionalmente aceptadas para tal fin, poidan permitir a valoración do impacto social e económico dos proxectos.
2. Os indicadores previstos no número anterior poderán vincularse, entre outros, aos seguintes factores:
 - a) Importe do reinvestimento de beneficios en proxectos sociais e/ou culturais ou de promoción da igualdade de mulleres e homes no ámbito local e/ou autonómico.
 - b) A redución nas pegadas de carbono, hídrica ou similares, que se esperen no territorio como consecuencia da execución do proxecto.
 - c) Medidas e/ou investimentos de promoción ou compensación dos servizos ecosistémicos nas zonas de influencia dos proxectos.
 - d) Importe do reinvestimento de beneficios e/ou do investimento complementario á actividade que se vai desenvolver en proxectos que xeren unha pegada industrial e/ou económica no ámbito local e/ou autonómico, en especial en sectores estratéxicos para Galicia e nas cadeas de valor innovadoras que non estean presentes, ou non o estean por completo, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - e) Empregos directos e indirectos netos na Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter indefinido e a xornada completa, xerados e/ou conservados polo proxecto ou os seus efectos, con distinción, de ser o caso, por xénero, discapacidade ou risco de exclusión social; e, en especial, en sectores estratéxicos para Galicia e nas cadeas de valor innovadoras que non estean presentes, ou non o estean por completo, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



- f) Contía total dos salarios pagados ás novas persoas empregadas e/ou ás empregadas conservadas polo efecto do proxecto na área de implantación.
- g) Cuantificación económica dos beneficios sociais totais á disposición das novas persoas empregadas e/ou ás empregadas conservadas, adicionais aos salarios.
- h) Número medio de horas de formación anual prevista para ás novas persoas empregadas e/ou ás empregadas conservadas.
- i) Número mínimo e máximo de alumnado que se van formar por curso académico, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco de programas asociados á formación profesional dual.
- j) Contribución e crecemento do PIB, da renda, e do valor engadido, no ámbito local e/ou autonómico, en especial en sectores estratéxicos para Galicia e nas cadeas de valor innovadoras que non estean presentes, ou non o estean por completo, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- k) Pagamento de impostos e canons locais e/ou autonómicos.
- l) Valor dos produtos e servizos adquiridos no ámbito local e/ou autonómico.
- m) Cifra prevista de exportación anual media, con detalle de volumes de carga previstos a través de portos, ferrocarril, aeroportos ou outros medios de transporte, unha vez que a actividade estea nun nivel ordinario de funcionamento.
- n) Importes da contratación prevista, de ser o caso, de universidades galegas ou centros de investigación e tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para levar a cabo actuacións no ámbito de I+D+i no territorio, ademais de detalle do investimento previsto pola propia



empresa ou empresas promotoras, utilizando medios propios e/ou adquirindo activos fixos ou intanxibles para esas mesmas actuacións.

o) Número de investidores locais e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia involucrados, e valor do seu respectivo investimento.

p) Redución dos prezos da enerxía de forma específica para o consumidor final no ámbito local e/ou autonómico.

q) Número e relevancia, en termos obxectivos, tales como volume de investimento ou superficie abranguida, das modificacións sobre o proxecto inicial que sexan consecuencia de observacións non vinculantes das administracións, entidades de dereito público ou privado e/ou particulares radicados no ámbito local e/ou autonómico.

r) Número e alcance das actuacións de comunicación desenvolvidas para dar a coñecer o proxecto e promover a formulación de observacións ou melloras, así como das ofertas públicas eventualmente realizadas para a participación nel de investidores locais e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

s) Participación de empresas con planes de igualdade, a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, ou outra certificación equivalente, como promotores, contratistas ou operadores implicados no proxecto.



Artigo 6. *Prohibición de discriminación*

En ningún caso a consideración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos poderán implicar a imposición de condicións nin requisitos que teñan como efecto directo ou indirecto a discriminación por razón de establecemento ou residencia dos operadores económicos.



TÍTULO PRIMEIRO

Valoración dos beneficios sociais e económicos de determinados proxectos

CAPÍTULO I

Identificación dos proxectos

Artigo 7. Proxectos comprendidos neste título

A regulación deste título será aplicable aos seguintes proxectos:

- a) proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables.
- b) proxectos que requiren da concesión de augas para os seguintes usos:
 - usos para transición xusta, previstos na disposición adicional décimo sexta do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.
 - usos agropecuarios e acuicultura.
 - usos industriais para produción de enerxía eléctrica.
 - usos industriais para produción de bens de consumo e industrias extractivas.
- c) dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros.



CAPÍTULO II

Integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental

Artigo 8. *Integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental vinculada ao principio de desenvolvemento sustentable*

De conformidade co principio do desenvolvemento sustentable, a valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos aos cales lles resulta aplicable esta lei, cuxa autorización sexa de competencia autonómica, integrárase dentro da avaliación do seu impacto ambiental, realizada de acordo coa lexislación estatal e autonómica aplicable, se esta for preceptiva, para os efectos de establecer as medidas que permitan previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os seus efectos sobre o ambiente.



Artigo 9. Valoración dos servizos ecosistémicos

1. A valoración do impacto social e económico dos proxectos no marco da avaliación de impacto ambiental terá en conta, de modo particular, os servizos ecosistémicos nas súas zonas de influencia.
2. Para estes efectos, consideraranse servizos ecosistémicos os beneficios económicos, sociais e ambientais, directos e indirectos, que as persoas obteñen do bo funcionamento dos ecosistemas, e que melloran a saúde, a economía e a calidade de vida, tales como o mantemento da biodiversidade, o secuestro de carbono, a beleza paisaxística, o acervo cultural, tanto patrimonial como inmaterial, a formación de solos, a regulación hídrica nas bacías e a provisión de recursos cinexéticos.



Artigo 10. *Contido do estudo de impacto ambiental*

1. O estudo de impacto ambiental, elaborado de acordo coa lexislación ambiental, incluírá e desenvolverá, na epígrafe relativa á análise global multicriterio, os aspectos sociais e económicos do proxecto, os seus beneficios e a súa valoración.
2. En particular, o estudo de impacto ambiental recollerá, polo menos, os seguintes elementos:
 - a) A identificación dos servizos ecosistémicos da zona onde se pretenda implantar o proxecto, o seu estado actual, o impacto do proxecto sobre eles, e a proposta que se pretende levar a cabo para previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os efectos adversos sobre eles, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable, coa identificación das accións específicas, directas ou indirectas, para iso.
 - b) A identificación dos efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto.
 - c) Os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio.
 - d) O deseño dun sistema de seguimento que permita avaliar o progreso das accións de conservación, recuperación e uso sustentable propostas.
3. Para os efectos indicados neste artigo, a Administración autonómica poderá aprobar guías metodolóxicas para que poidan ser tidas en conta polos promotores dos proxectos.



Artigo 11. *Efectos sobre os servizos ecosistémicos*

1. As formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos adversos sobre os servizos ecosistémicos, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable que se propoñan no estudo de impacto ambiental poderán adoptar unha ou varias das seguintes modalidades:

a) Financiamento de accións específicas, directas e indirectas, para a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos e para a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

b) Financiamento de accións de desenvolvemento produtivo e infraestrutura básica sustentables en beneficio directo da poboación involucrada.

c) Outras modalidades acordadas libremente entre as partes, sempre que cumpran cos obxectivos de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre o servizo ecosistémico e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

2. A determinación e aplicación das modalidades de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre o servizo ecosistémico e a súa conservación, recuperación e uso sustentable deberán ter como finalidade asegurar a permanencia dos servizos que ofrecen, atendendo á diversidade xeográfica, ecolóxica e social da zona.



Artigo 12. *Consideración do impacto social e económico nos informes sectoriais autonómicos*

1. Na avaliación ambiental, dentro do trámite de consultas ás administracións públicas, os órganos da Administración e do sector público autonómico aos cales se pidan os informes previstos no artigo 37.1 da Lei de avaliación ambiental, pronunciaranse sobre o alcance e a valoración dos beneficios sociais e económicos incluídos no estudo de impacto ambiental que sexan da súa competencia.
2. Así mesmo, na tramitación do procedemento deberase solicitar un informe preceptivo, á consellería con competencias en materia de economía, sobre o impacto social e económico do proxecto.



Artigo 13. Declaración de impacto ambiental

A declaración de impacto ambiental que formule o órgano ambiental integrará, en particular no seu contido, de conformidade co principio de desenvolvemento social e económico das zonas e das súas poboacións:

- a) A análise do estudo de impacto ambiental no referido aos aspectos indicados no artigo 10 e, como se tivo en consideración o resultado en canto a estas cuestións do trámite de información pública, consultas ás administracións e persoas interesadas. Analizaranse, en especial, os efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto e os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio.
- b) Se procede, as condicións en que pode desenvolverse o proxecto, establecendo as medidas que permitan previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os seus efectos sobre o ambiente, tendo en conta especialmente as formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.



CAPÍTULO III

Valoración do impacto social e económico nos proxectos non sometidos a avaliación de impacto ambiental

Artigo 14. *Impacto social e económico*

1. A valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos aos cales lles resulte aplicable esta lei cuxa autorización sexa de competencia autonómica, nos cales non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental, efectuarase a través da exigencia ao promotor da presentación dun estudo de impacto social e económico do proxecto e a súa avaliación no procedemento de autorización do proxecto.
2. O estudo de impacto social e económico do proxecto será sometido a informe preceptivo das consellerías competentes en materia de economía e de ambiente, que efectuarán unha avaliación dos efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto, e dos compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, así como a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.
3. O resultado da avaliación será comunicado á persoa promotora do proxecto, plan ou programa, para a súa consideración nas fases de aprobación e execución.



CAPÍTULO IV

**Valoración do impacto social e económico dos proxectos en que a
competencia para a súa autorización non sexa da Comunidade
Autónoma**

Artigo 15. *Análise dos efectos sociais e económicos dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nos procedementos de avaliación de impacto ambiental de competencia estatal*

1. O órgano competente en materia de ambiente da Comunidade Autónoma, no trámite da consulta preceptiva prevista na lexislación de avaliación ambiental dos proxectos aos cales lles resulta aplicable esta lei, cuxa autorización sexa de competencia estatal, analizará, en particular, os efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto, e os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, así como a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.
2. Para a realización deste informe, o órgano ambiental poderá solicitar información aos órganos da Administración e do sector público autonómico sobre os aspectos que sexan da súa competencia e, en particular, á consellería con competencias en materia de economía.



Artigo 16. *Análise dos efectos sociais e económicos dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nos procedementos de competencia estatal en que non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental*

Nos proxectos aos que lles resulta aplicable esta lei, cuxa autorización sexa de competencia estatal e nos cales non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental, a Comunidade Autónoma de Galicia, no trámite de consultas que proceda en cada caso de acordo coa normativa aplicable, emitirá informe preceptivo no cal se analizarán, en particular, os efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto, e os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, así como a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.



CAPÍTULO V

Determinacións específicas para os proxectos comprendidos neste título

Sección 1ª. Proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables

Artigo 17. *Declaración de especial interese público social e económico dos proxectos de produción de enerxías renovables e as súas infraestruturas*

1. Os proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas asociadas poderán ser declarados de especial interese social e económico polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellería competente en materia de enerxía.

2. Para a declaración de especial interese social e económico valoraranse discrecionalmente os beneficios dos proxectos de acordo co establecido nesta lei. En particular, a declaración poderá recaer nos proxectos que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Proxectos renovables que subscriban contratos de compravenda de enerxía a prezo competitivo, sempre que:

1. En caso de que a lexislación sectorial o exixa para a autorización do proxecto, dispoñan de permiso de acceso e conexión vixente e, para o caso de proxectos de xeración eléctrica renovable, no caso de que non se tramiten conxuntamente coa súa liña de evacuación, conten coas infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas.

2. O acordo directo de compravenda de enerxía ou acordo de compravenda de enerxía a través de sociedade de comercialización se



subscriba por un período mínimo de oito (8) anos de subministración da enerxía.

3. A subministración da enerxía se realice a un centro ou centros de traballo con actividade empresarial e/ou ás persoas residentes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A subministración da enerxía incluída no contrato ou contratos de subministración de enerxía (PPA) supoña, polo menos, o 50% da enerxía producida polo proxecto.

5. De ser o caso, se xustifique que a actividade industrial ou empresarial vinculada ao contrato PPA, ou a súa industria auxiliar, produce un claro impacto socioeconómico e territorial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Acrediten a compatibilidade do uso do solo e demais requisitos exixidos pola lexislación sectorial aplicable.

b) Proxectos renovables que comporten determinados investimentos no territorio ou a execución de proxectos empresariais, sempre que:

1. En caso de que a lexislación sectorial o exixa para a autorización do proxecto, dispoñan de permiso de acceso e conexión vixente e, para o caso de proxectos de xeración eléctrica renovable, no caso de que non se tramiten conxuntamente coa súa liña de evacuación, contén coas infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas.

2. A/O titular do proxecto de enerxías renovables sexa o mesmo que a/o titular do investimento no territorio, exista unha relación empresarial entre eles ou se garanta unha subministración de enerxía de, polo menos, o 50% da enerxía producida polo proxecto de enerxía renovable no proxecto empresarial.

3. O investimento no territorio asociado comporte un investimento de 0,2 millóns de euros por cada MW instalado e xere un emprego directo



por cada MW instalado, cun mínimo de 20 millóns de euros e 100 empregos directos.

4. O investimento no territorio debe executarse no ámbito territorial de Comunidade Autónoma.

5. Acrediten a compatibilidade do uso do solo e demais requisitos exixidos pola lexislación sectorial aplicable.

c) Proxectos renovables destinados ao autoconsumo eléctrico, sempre que cumpran cos seguintes requisitos:

1. De ser o caso, para un suposto de modalidade de subministración con autoconsumo con excedentes, que dispoñan de permiso de acceso e conexión vixente e, no caso de que non se tramiten conxuntamente coa súa liña de evacuación, infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas. Esta condición non será necesaria en el caso de autoconsumo sin excedentes.

2. Que o 50% da xeración eléctrica do proxecto se destine para o autoconsumo da industria asociada.

3. Que acrediten a compatibilidade do uso do solo e demais requisitos exixidos pola lexislación sectorial aplicable.

d) Proxectos de repotenciación e actualización tecnolóxica de parques eólicos xa existentes, sempre que cumpran cos seguintes requisitos:

1. Se reduzan polo menos nun 50% os emprazamentos de aeroxeneradores previamente existentes mantendo polo menos a potencia instalada.

2. Dediquen polo menos un 10% da súa produción á subministración a título gratuíto a comunidades enerxéticas locais, administracións locais ou empresas sitas na comarca onde se sitúe o parque para utilizar en autoconsumo.



Artigo 18. *Efectos da declaración de especial interese público social e económico dos proxectos de produción de enerxías renovables e as súas infraestruturas*

1. A declaración de proxectos de especial interese público social e económico realizada de acordo co artigo anterior comportará a prioridade na tramitación por parte da Administración autonómica de Galicia e determinará a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos relacionados con tales iniciativas, polo que, unha vez declarada a tramitación de urxencia polo órgano competente, de acordo co establecido polo artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos establecidos para o procedemento ordinario se reducirán á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

2. Así mesmo, no caso de proxectos de produción de enerxía eólica, tal declaración implicará a posible implantación do parque eólico fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, sempre que se considere ambientalmente viable e se cumpran adicionalmente os seguintes requisitos:

a) A subministración de enerxía incluída no contrato ou contratos de compravenda de enerxía supoña, polo menos, o 80% da enerxía producida polo proxecto.

b) Supoña un impacto socioeconómico no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto e nos seus habitantes.



3. Estes efectos estenderanse a aquelas infraestruturas asociadas, tales como as conexións coa rede de gas de instalacións de produción de hidróxeno verde ou biogás, as liñas de evacuación e as liñas directas.



Sección 2ª. Proxectos que requiren da concesión de augas

Artigo 19. *Fomento da obtención de beneficios sociais e económicos nas áreas en que se implantan proxectos que requiren a concesión de augas*

1. Para os efectos do indicado na lexislación de augas e nesta disposición, valoraranse para o outorgamento das concesións de augas de competencia autonómica o interese público e a maior utilidade pública e xeral que presentan os proxectos que inclúan beneficios sociais e económicos, especialmente nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto, na forma indicada neste artigo.
2. Para estes efectos, na resolución dos procedementos de concesión derivados dos trámites de competencia de proxectos tramitados de acordo coa lexislación de augas teranse en conta os beneficios sociais e económicos derivados dos proxectos presentados, así como as formas propostas de compensación, conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos, especialmente aquelas que contribúan a mellorar o estado das masas de auga situadas no sistema de explotación onde se localice o proxecto.

En particular, no caso de competencia de peticións, cando haxa incompatibilidade de usos dentro de cada clase, de conformidade coa orde de preferencia aplicable segundo a lexislación de augas ou o plan hidrolóxico, será preferido o proxecto que supoña os maiores beneficios sociais e económicos e a mellor compensación, conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos, valorados de forma discrecional e motivada pola Administración autonómica en función do interese público, por considerarse que presentan unha maior utilidade pública e xeral.



Para o caso de que os proxectos deban ser sometidos a un procedemento de avaliación ambiental e o órgano ambiental sexa autonómico, a valoración dos beneficios sociais e económicos será a determinada no marco da tramitación dese procedemento, de acordo co indicado no capítulo II deste título. Nestes casos, o outorgamento da concesión deberá ser posterior á declaración de impacto ambiental.

3. Nos concursos públicos que se convoquen de acordo coa lexislación de augas para conceder a explotación das infraestruturas que revertesen á Administración autonómica nos casos de extinción de concesións, incluírase tamén entre os criterios de elección dos anteprojectos a valoración dos seus beneficios sociais e económicos, na forma que se estableza nos pregos de bases.

4. Na tramitación dos procedementos indicados neste artigo, á vista da importancia das afeccións que supoñan as solicitudes presentadas, a Administración autonómica poderá exixir, con base no interese público, a achega de estudos complementarios sobre a incidencia sanitaria, social e ambiental e as posibles solucións que achegue o promotor, coa valoración de cada unha delas, na forma establecida na lexislación de augas e ambiental. En particular, a Administración autonómica poderá exixir que a persoa solicitante propoña medidas para mellorar o impacto social, económico e ambiental do proxecto na área e nos seus habitantes.

Para estes efectos, a Administración autonómica poderá aprobar e publicar guías orientativas en que se recollan métodos de valoración do impacto social e económico das propostas e modelos de compromisos mediante os cales se pode paliar a incidencia social das solicitudes e a súa valoración.



5. Dentro das condicións das concesións aludidas nos puntos anteriores incluíranse as concernentes aos compromisos de natureza socioeconómica e ambiental asumidos pola persoa solicitante.



Sección 3ª. Dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros

Artigo 20. *Dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación*

1. No procedemento de outorgamento de dereitos mineiros de recursos da sección C) ou D), na tramitación de calquera proxecto de explotación mineiro de competencia autonómica de recursos da sección C) ou D) e no procedemento de outorgamento de demasías, terase en conta a valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos, de acordo co establecido nesta lei.

2. En particular, e de conformidade co establecido nesta lei, no procedemento de outorgamento e na tramitación dun proxecto de explotación de recursos da sección C) ou de recursos da sección D) exixirase a presentación do estudo de impacto social e económico do proxecto e efectuarase a súa avaliación de acordo co indicado no capítulo II deste título. O outorgamento dos dereitos mineiros e/ou a aprobación do proxecto de explotación poderá denegarse motivadamente cando, logo da realización da oportuna avaliación e a emisión dos informes técnicos pertinentes, se considere que o proxecto non comporta beneficios sociais e económicos que compensen o impacto dos proxectos nas zonas afectadas.

3. Naqueles procedementos nos que para o seu outorgamento estea previsto a concorrencia competitiva, e particularmente nas convocatorias dos concursos públicos de dereitos mineiros previstos nos artigos 35 e 36 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, e no outorgamento de demasías definido no artigo 57 do Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, incluíranse requisitos, criterios de selección e condicións de execución que valoren os



beneficios sociais e económicos das propostas, de acordo co establecido nesta lei.

A valoración dos criterios de calidade social e ética do proxecto, así como de impacto socioeconómico do proxecto na zona de implantación da explotación, previstos no artigo 36.2, c) e d), da Lei 3/2008, do 23 de maio, representarán, polo menos, o 40% dos criterios de selección na baremación das solicitudes de dereitos mineiros nos concursos públicos.

4. Aqueles procedementos de outorgamento de dereitos mineiros e/ou de aprobación de proxectos de explotación en que, conforme o disposto nos números 2 e 3, e logo de declaración polo Consello da Xunta por proposta motivada da persoa titular da consellería competente en materia de minas, se acredite a existencia de especiais beneficios sociais e económicos dos proxectos, gozarán de carácter prioritario e considerarase que concorren razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia na realización dos trámites da súa competencia, polo que os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Gozarán tamén de carácter prioritario aquelas solicitudes que versen sobre recursos considerados como materias primas fundamentais, terras raras ou minerais críticos nos plans e programas europeos, estatais ou autonómicos, incluíndo os que sexan declarados minerais estratéxicos galegos, logo de declaración polo Consello da Xunta realizada nos termos previstos no parágrafo anterior.

5. O carácter prioritario dos proxectos que cumpran co establecido no número 4 estenderase á tramitación dos proxectos de autoconsumo de



enerxías renovables e dos proxectos relativos a extensións ou reforzos na rede de distribución para a subministración ao proxecto mineiro.

6. Para os efectos do artigo 24 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, cando un dereito mineiro afecte un dereito mineiro preexistente ou outros usos de interese público, para os efectos de decidir sobre a súa prevalencia teranse en conta, entre os criterios aplicables, en particular, os seus respectivos beneficios sociais e económicos, de acordo co establecido nesta lei.



TÍTULO SEGUNDO

Participación en sociedades e instrumentos de financiamento

CAPÍTULO I

Participación en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei

Artigo 21. Participación en sociedades

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, por si mesma ou a través dos seus entes instrumentais ou dos vehículos de investimento xestionados polas súas entidades instrumentais, cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de patrimonio autonómico, poderán participar en sociedades mercantís privadas entre cuxas finalidades e responsabilidade corporativa se encontren as de procurar o beneficio social e económico na zona de influencia dos proxectos, no marco das súas operacións industriais, mercantís ou de investimento, de acordo coas normas previstas nesta lei.
2. As finalidades expresadas no número anterior incorporaranse á actuación das sociedades previstas neste capítulo mediante os seus estatutos e/ou calquera outro instrumento xurídico ou pacto que se considere oportuno, e sen prexuízo da súa operación como un axente máis de acordo coas regras normais do mercado.
3. As sociedades participadas poderán, pola súa vez, participar nas sociedades vehiculares que se establezan, de ser o caso, para executar os proxectos de investimento.
4. Non será de aplicación aos casos previstos neste artigo o límite mínimo de participación da Xunta de Galicia no capital social a que fai referencia o artigo 102.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de



organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

5. En todo caso nos proxectos que, pola súa relevancia vaia a desenvolver a administración autonómica a través das sociedades nas que participe, nos que sexa socio principal ou maioritario, informarse ao Diálogo Social.



Artigo 22. *Finalidades e responsabilidade corporativa das sociedades participadas*

1. Para os efectos do establecido no artigo anterior, para que a Administración poida participar nas sociedades, entre as finalidades destas últimas terá que encontrarse o obxectivo de valorizar os recursos estratéxicos galegos e canalizar este valor cara a todo o tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma, en particular cara ás comunidades locais, que soportan a maior parte dos custos ambientais da súa explotación.
2. En particular, entre as finalidades e responsabilidade corporativa das sociedades encontraranse os seguintes aspectos:
 - a) Procurar o apoio aos proxectos entre os distintos axentes sociais, especialmente entre as comunidades locais onde se van asentarse.
 - b) Facilitar a existencia dun mercado en condicións de igualdade para todos os/as participantes, de maneira que as pemes locais poidan aproveitar as oportunidades de negocio que xurdan no desenvolvemento dos proxectos.
 - c) Actuar como catalizador da aplicación desta lei, fomentando o desenvolvemento dos proxectos aos cales lles é de aplicación e o desenvolvemento de instrumentos e actuacións que sirvan de referencia ao resto de axentes.
 - d) Fomentar o autoconsumo con fontes renovables e a eficiencia enerxética no sector produtivo de Galicia.
 - e) Promover a participación de operadores locais nas diferentes fases de desenvolvemento dos proxectos, xa sexa como promotores, como clientes e/ou usuarios, como provedores ou como investidores.



Artigo 23. Participantes nas sociedades

1. A participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou dos seus entes instrumentais, ou dos vehículos de investimento xestionados polas súas entidades instrumentais, nas sociedades recollidas neste capítulo ou naquelas en que estas participen, buscará garantir que a súa actividade sexa conforme o disposto nesta lei.
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais promoverá que estas sociedades contén no seu capital social con entidades públicas e/ou privadas representativas do tecido socioeconómico, de maneira que participen de forma efectiva no deseño, xestión e explotación dos proxectos que as afecten.
3. Así mesmo, buscarase facilitar os investimentos no capital das sociedades vehiculares promovidas polas sociedades participadas de persoas xurídicas e físicas que sexan pequenas e pequenos investidores das comunidades locais nas zonas de influencia dos proxectos.

Artigo 24. Actuacións das sociedades participadas

1. As actuacións que leven a cabo as sociedades participadas recollidas neste capítulo para a consecución dos seus obxectivos realizaranse en condicións de igualdade e competencia co resto de participantes do mercado.
2. A participación da administración promoverá que os estatutos e demais pactos sociais que rexan a actividade das sociedades participadas recollan como criterio de investimento o impacto socioeconómico entre as comunidades locais e, en caso de que se considere necesario, as medidas necesarias para maximizalo, garantindo en todo caso a viabilidade financeira do proxecto para a propia sociedade participada.
3. Así mesmo, a participación da administración promoverá que os estatutos e demais pactos sociais indicados procuren a integración dos membros das comunidades locais no desenvolvemento dos proxectos e, de ser o caso, na repartición de beneficios, facilitando participacións no seu capital. Entre os membros das comunidades locais consideraranse, en particular, as corporacións locais con afeccións ambientais relacionadas co desenvolvemento dos proxectos.
4. A participación da Administración promoverá que estas sociedades:
 - a) Produzan e difundan de forma aberta e gratuíta modelos e estándares de calidade para o deseño, desenvolvemento e execución dos proxectos, de maneira que se faciliten a transparencia do mercado e a participación de todos os operadores en condicións de igualdade, así como as relacións coa Administración e provedores, a interlocución cas e cos axentes sociais e o financiamento e refinanciamento de proxectos, entre outros.



- b) Impulsen ou fomenten o desenvolvemento de proxectos de autoconsumo e eficiencia enerxética individuais ou colectivos, en particular no contexto dos parques empresariais de Galicia e das industrias electrointensivas.
- c) Inclúan nas súas prácticas de contratación e colaboración medidas que prioricen as pequenas e medianas empresas locais e os provedores que demostren un maior impacto socioeconómico na zona.



CAPÍTULO II

Instrumentos de financiamento

Artigo 25. *Instrumentos de financiamento*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do seu sector público, por si ou a través das sociedades en que participen, poderán promover o desenvolvemento dos instrumentos de financiamento previstos neste capítulo para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei. Estes instrumentos de financiamento serán compatibles con outros instrumentos ou medidas de apoio de tipo público ou privado, sen máis limitación que a establecida na normativa vixente en materia de axudas de Estado e demais normativa que resulte de aplicación. En todo caso, o establecemento de instrumentos financeiros pola administración autonómica deberá contar co informe previo da consellería competente en materia de facenda e respectar o principio de prudencia financeira a que se refire o artigo 13.bis da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.

2. O obxectivo dos instrumentos de financiamento previstos neste capítulo é facilitar a execución dos proxectos dotándoos dunha rendibilidade suficiente como para facelos economicamente viables, promovendo ao mesmo tempo a existencia de ofertas competitivas no mercado e a suficiente protección para as persoas consumidoras así como a participación das pemes no desenvolvemento dos proxectos en condicións de igualdade coas grandes empresas.

3. Os instrumentos financeiros previstos poderán ter forma de subvencións de capital, outro tipo de subvencións e bonificacións, instrumentos de capital ou de cuasicapital, participacións de capital,



préstamos participativos, créditos, préstamos e garantías, e deducións fiscais ao investimento, préstamos subvencionados, garantías, titulizacións e asistencia técnica, entre outras. Así mesmo, a Administración xeral da Comunidade Autónoma, as entidades do seu sector público e/ou as sociedades en que participen poderán prestar as asistencias técnicas que consideren oportunas.

4. De maneira preferente, os proxectos asignaranse a vehículos de investimento de maneira que sexa posible illalos patrimonialmente para o seu financiamento, xestión, valoración e, de ser o caso, liquidación.

5. Os instrumentos de financiamento previstos neste capítulo rexeranse polo réxime xurídico que resulte aplicable en atención á súa natureza e ao seu carácter público ou privado. No caso de que consistan en apoios públicos, rexeranse pola lexislación correspondente e, en particular, pola normativa vixente de axudas de Estado.



Artigo 26. Instrumentos de capital ou cuasicapital

1. Os vehículos titulares dos instrumentos de capital ou de cuasicapital poderán revestir a forma de entidades de capital risco ou de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, ou na norma que a substitúa, tanto de nova creación como as existentes dependentes do sector público autonómico.

2. Poderase promover a creación de instrumentos especificamente destinados a facilitar o financiamento propio (capital social e outras fórmulas de reforzamento dos fondos propios) dos proxectos, empresas ou sociedades vehiculares obxecto desta lei.

3. De maneira específica, poderanse promover os seguintes instrumentos de capital ou de cuasicapital:

a) Participacións en capital. As entidades descritas no punto primeiro deste artigo poderán subscribir e/ou adquirir participacións minoritarias e temporais nas empresas titulares dos proxectos, posibilitando así o asentamento do negocio.

Así mesmo, as sociedades participadas previstas nesta lei poderán tomar participación no capital das sociedades vehiculares en condicións similares ás descritas no parágrafo anterior.

b) Préstamos participativos. As entidades descritas no punto primeiro deste artigo tamén poderán conceder préstamos participativos ás empresas titulares dos proxectos nos termos previstos na referida Lei



22/2014 e na normativa que resulte de aplicación á entidade
investidora.



Artigo 27. *Instrumentos de débeda e garantías*

1. Poderanse promover instrumentos para facilitar o financiamento alleo dos proxectos, empresas ou sociedades vehiculares obxecto desta lei.
2. De maneira específica, poderanse dispoñer os seguintes instrumentos de débeda e de garantía:
 - a) Financiamento de préstamos, créditos ou outros instrumentos de financiamento reintegrables: poderanse establecer liñas de préstamos, créditos ou outros instrumentos de financiamento reintegrables. Así mesmo, poderanse articular fórmulas de bonificación dos custos financeiros das operacións.
 - b) Garantías: poderanse constituír avais que garantan operacións de financiamento concedidas por entidades ou organismos públicos ou privados.



Artigo 28. *Refinanciamento de activos*

Promoverase que os proxectos amparados por esta lei que impliquen a xeración de dereitos de cobramento futuros e predicibles, como son os contratos de subministración de enerxía (PPA), sexan bancables e agrupables de xeito que poidan refinanciarse en condicións óptimas. Para iso dispoñeranse, entre outras, as seguintes actuacións:

- a) Estandarización dos contratos (PPA) e das especificacións de calidade dos proxectos (boas prácticas). Fomentarase a introdución de estándares contractuais, de transparencia e de calidade dos proxectos de maneira que se facilite a súa valoración, transferencia e agregación, e o seu uso como colateral para a creación de bonos verdes.
- b) Agrupación de activos. Promoverase a creación de agrupacións de activos de proxectos de maneira que se doten os promotores de liquidez unha vez que os proxectos estean operativos e verifiquen o cumprimento dos criterios de sustentabilidade ambiental e socioeconómica.
- c) Mellora de crédito. Poderase apoiar a calidade crediticia dos activos financeiros apoiados polos proxectos previstos nesta lei mediante a disposición de melloras de crédito. En ningún caso este apoio poderá consistir no outorgamento ou constitución de avais, garantías ou calquera outro instrumento que implique a asunción de riscos continxentes por parte da Administración da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos, entes ou sociedades dependentes.



Artigo 29. Asistencia técnica

1. Poderanse establecer os mecanismos de asistencia técnica necesarios para facilitarlles aos diferentes participantes a utilización dos instrumentos financeiros previstos nesta lei.
2. Promoverase o desenvolvemento de metodoloxías e ferramentas de valoración e análise de risco que poidan ser utilizadas polos distintos axentes públicos e privados para o deseño, implementación e monitorización dos instrumentos financeiros e asistencias técnicas.



Artigo 30. *Actuacións da administración e participación das sociedades participadas na implementación dos instrumentos financeiros*

1. A Administración poderá facilitar a introdución dos instrumentos financeiros previstos nesta lei, de maneira que actúen como referencia para o resto dos/das participantes no mercado.
2. A Administración poderá promover o desenvolvemento dun mercado competitivo para os proxectos, aberto ás pemes e as persoas investidoras locais.
3. En particular, promoverase que as sociedades participadas inclúan entre as súas actuacións a creación e introdución de estándares utilizables polo resto de participantes, tales como contratos, metodoloxías de avaliación do impacto ambiental, metodoloxías de avaliación do impacto socioeconómico, metodoloxías de valoración financeira e de risco, boas prácticas no deseño, construción, operación e mantemento dos proxectos, valoración e desenvolvemento de servizos ecosistémicos, inclusión das comunidades locais na explotación dos proxectos e todas aquelas que se consideren relevantes.



TÍTULO TERCEIRO

Eólica mariña

CAPÍTULO I

Promoción da cohesión social e económica**Artigo 31.** *Actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma, no marco das súas relacións institucionais coa Administración xeral do Estado, desenvolverá a súa actuación para promover que esta teña en conta, nos instrumentos e actuacións de competencia estatal relativos á enerxía eólica mariña, o compromiso coa cohesión social e económica da Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, os beneficios sociais e económicos dos proxectos previstos nesta lei.



CAPÍTULO II

Canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña

Artigo 32. *Creación, natureza, obxecto e ámbito de aplicación*

Co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente, e especialmente velar pola xestión racional e sustentable do litoral, tendo en conta os seus extraordinarios valores ambientais, con carácter de ingreso compensatorio e natureza impositiva extrafiscal e real, créase o canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 33. *Afectación dos ingresos xerados polo canon*

1. Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como as actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das cales serán principais beneficiarios os concellos pola aterraxe das infraestruturas necesarias para a evacuación nas zonas de influencia dos proxectos.
2. Tamén será beneficiario o conxunto do sector pesqueiro mediante actuacións que, promovidas pola Administración autonómica, se dirixan a compensar as afeccións derivadas da implantación dos parques eólicos mariños dos cales se evacúa a súa enerxía, así como a promover a conservación do ecosistema e a biodiversidade.



Artigo 34. Normativa aplicable

O canon rexerase por esta lei, polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento, así como polas disposicións xerais en materia tributaria.



Artigo 35. *Feito impoñible*

1. Constitúe o feito impoñible do canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia das liñas eléctricas aéreas ou soterradas de evacuación da enerxía xerada nos parques eólicos mariños situados nas costas da Comunidade Autónoma de Galicia, pola parte que se estendan dentro do territorio da Comunidade desde a súa aterraxe ata a conexión na subestación correspondente.
2. Entenderase producido o feito impoñible aínda que a titularidade da infraestrutura necesaria para a evacuación non corresponda á/ao titular da autorización administrativa de explotación da liña ou á/ao titular da autorización administrativa de explotación dun parque eólico mariño.



Artigo 36. *Período impositivo e devindicación*

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.
2. A devindicación producirase na data de outorgamento da autorización de explotación das infraestruturas necesarias para a evacuación do parque eólico mariño e o primeiro día do ano natural nos sucesivos anos en que a autorización administrativa estea vixente, ata o seu desmantelamento e restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.
3. Sen prexuízo do disposto no número 1, en casos de primeira instalación ou desmantelamento das infraestruturas necesarias para a evacuación do parque eólico mariño, o período impositivo entenderase polo período existente entre a devindicación e o último día do período impositivo, no primeiro caso, e entre a devindicación e a data de desmantelamento da liña, no segundo.



Artigo 37. Obrigados tributarios

1. Son suxeitos pasivos do canon das infraestruturas necesarias para a evacuación, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que, baixo calquera título, leven a cabo a súa explotación. Presumirase, salvo proba en contrario, que a explotación da liña a realiza a persoa ou entidade que figure como persoa titular da correspondente autorización administrativa.

2. Son responsables solidarios:

a) As persoas titulares de autorizacións administrativas para as infraestruturas necesarias para a evacuación da enerxía xerada por un parque eólico mariño cando quen leve a cabo a súa explotación non coincida coa persoa titular da autorización.

b) As persoas titulares das infraestruturas necesarias para a evacuación da enerxía xerada por un parque eólico cando non coincidan coa persoa titular da explotación da liña nin coa persoa titular da autorización administrativa da liña.

c) As persoas que exploten o parque ou parques eólicos mariños que empreguen a liña de evacuación, de non ser o suxeito pasivo.



Artigo 38. Base impoñible

Constitúe a base impoñible a extensión, expresada en quilómetros lineais, das infraestruturas necesarias para a evacuación situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde a aterraxe ata a conexión na subestación correspondente. No caso de infraestruturas necesarias para a evacuación que se estendan máis alá do límite territorial da Comunidade Autónoma, a base impoñible estará constituída pola suma dos quilómetros lineais que se estendan dentro do territorio galego. Para a determinación da base impoñible teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devindicación. No caso de que a lonxitude da infraestrutura de evacuación varíe ao longo do período impositivo, a base impoñible calcularase rateando por días o período de explotación dos quilómetros lineais da liña de evacuación respecto ao total do número de días do ano natural.



Artigo 39. Tipo de gravame e cota tributaria

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base impoñible dos seguintes tipos de gravame anuais:

a) En liñas soterradas de evacuación: 10.000 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.

b) En liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión igual ou inferior a 30 kV: 22.000 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.

c) En liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión maior de 30 kV e menor ou igual a 66 kV: 29.200 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.

d) En liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión maior de 66 kV e menor ou igual a 132 kV: 43.800 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.

e) En liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión maior de 132 kV: 58.000 euros por cada quilómetro de liña de evacuación.

2. Durante o primeiro ano de explotación da liña e durante o último ano, os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.

3. A modificación dos importes desta tarifa require informe previo do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.



Artigo 40. *Aplicación do canon*

1. A consellería competente en materia de facenda aprobará as normas de aplicación do tributo.
2. O exercicio das funcións de aplicación e de revisión do canon, así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, corresponderán aos órganos ou unidades administrativas competentes da Administración tributaria da consellería competente en materia de facenda, conforme a norma de organización da Administración tributaria.
3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, os órganos administrativos competentes nas materias de ambiente, enerxía e industria auxiliarán os órganos de aplicación deste tributo e colaborarán con eles, no marco das súas respectivas competencias, para a liquidación, comprobación e investigación do tributo, mediante a elaboración de informes, por petición destes, a expedición de certificados oficiais dos datos necesarios para a liquidación do tributo e/ou a cesión informática dos datos sinalados, entre outras actuacións.



Artigo 41. *Presentación de declaracións e autoliquidacións*

1. Para os efectos de aplicación do canon, os suxeitos pasivos están obrigados a declarar inicialmente os datos, características e circunstancias necesarias para a cuantificación do tributo, así como as modificacións dos datos previamente declarados, nos prazos e lugar por medio dos modelos e de conformidade coas instrucións que estableza a consellería competente en materia de facenda mediante orde. Así mesmo, estarán obrigados a presentar unha declaración de baixa, no suposto de desmantelamento da liña.
2. A Administración establecerá un rexistro obrigatorio, incluíndo as súas características, de liñas de evacuación de parques eólicos mariños. A estrutura, contido e sede do rexistro, así como os procedementos para a súa formación e mantemento, determinaranse mediante orde da consellería competente en materia de facenda.
3. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación do canon, determinando a débeda tributaria correspondente, e ingresarán o seu importe na forma, prazos e lugar por medio dos modelos e de conformidade coas instrucións que estableza a consellería competente en materia de facenda mediante orde.
4. A consellería competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e autoliquidacións do canon se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá exixir a obrigatorialidade da súa presentación e o aboamento mediante medios telemáticos.



Artigo 42. Liquidacións provisionais

Os órganos da Administración tributaria poderán ditar a liquidación provisional que proceda, de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.



Artigo 43. Potestade sancionadora

1. A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase conforme os seus principios reguladores en materia administrativa e as especialidades consideradas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e serán de aplicación as disposicións xerais contidas nesta.
2. A clasificación das infraccións e sancións tributarias e o procedemento sancionador tributario rexeranse polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas demais disposicións que a desenvolvan e complementen.



Artigo 44. Revisión

1. Os actos e as actuacións de aplicación deste tributo, así como os actos de imposición de sancións tributarias, serán revisables de acordo coas disposicións contidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
2. O coñecemento das reclamacións económico-administrativas corresponderalles con exclusividade aos órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da vía contencioso-administrativa.



TÍTULO CUARTO

Recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais

CAPÍTULO I

Actuacións para a recuperación integral

Artigo 45. *A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais*

1. A consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais promoverá a recuperación integral das zonas do territorio afectadas por incendios forestais de incidencia singular, con base nos seguintes principios:

a) A planificación transversal do espazo rural afectado delimitado polo seu perímetro natural, dando prioridade na dita planificación á prevención dos incendios forestais.

b) A determinación dos usos agroforestais óptimos para recuperar ou implantar na zona delimitada, promovendo unha ordenación do territorio que procure a consecución dunha paisaxe mosaico, máis resiliente fronte aos incendios forestais. Para tal efecto, dotarase o ámbito territorial delimitado dun catálogo parcial de solos agropecuarios e forestais, conforme o previsto no artigo 31 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

c) A implantación prioritaria de paisaxes cortalumes e áreas estratéxicas de xestión nos puntos do territorio que se determinen con criterios técnicos derivados da análise dos incendios acaecidos. Nesta implantación prestarase especial atención á protección dos núcleos de poboación.



d) O impulso da diversificación das masas forestais e da silvicultura preventiva no espazo forestal da zona afectada polo incendio forestal de carácter singular, no cal serán de aplicación as medidas de restauración reguladas no artigo 64 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Para estes efectos, serán declaradas zonas prioritarias de actuación en materia de control da erosión e restauración hidrolóxico-forestal, conforme o previsto no artigo 65 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

e) A actuación sostida e constante durante o tempo necesario para asegurar a eficacia da recuperación proposta, que deberá incentivar a permanencia das actividades agrogandeiras e forestais propostas.



CAPÍTULO II

**Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios
Forestais de Incidencia Singular**

Artigo 46. *O Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular*

1. Créase o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular como un fondo específico, de carácter finalista, destinado a financiar as actuacións de recuperación das zonas do territorio afectadas polos ditos incendios forestais.
2. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia declarar, mediante acordo, que incendio forestal é considerado como de incidencia singular e, polo tanto, pode determinar a aplicación deste fondo á recuperación da zona do territorio afectada polo dito incendio. O acordo adoptarase por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, logo de informe da persoa titular da dirección xeral competente nesa materia. Este informe emitirase atendendo a criterios técnicos relativos á intensidade ou incidencia dos efectos provocados polo incendio forestal e, entre eles, á afección ás persoas e aos seus bens, á superficie ou tipo de terreo afectado, aos valores forestais ou ambientais afectados ou a outras circunstancias técnicas motivadas.
3. O fondo financiarase con cargo ás asignacións que figuren nos orzamentos iniciais da Administración autonómica galega, coas achegas que procedan doutras administracións públicas, coas procedentes de doazóns e/ou con outras achegas do sector privado.



4. O Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular será xestionado pola consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais. Os recursos asignados ao fondo e os seus rendementos ingresarán nunha conta específica de titularidade da Xunta de Galicia, e contará cunha contabilidade separada para cada unha das zonas afectadas polos ditos incendios forestais que sexan obxecto de recuperación.

5. Correspóndelle á consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais determinar a tipoloxía de actuacións e as operacións concretas a que estará destinado o fondo, logo de proposta das persoas titulares dos centros directivos desa consellería, nas materias da súa competencia que se visen afectadas polo correspondente incendio.

6. Sen prexuízo do anterior, no suposto de que o incendio forestal afecte elementos que correspondan a materias da competencia doutras consellerías, estas poderán propoñerlle á consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais a aplicación do fondo para a recuperación dos ditos elementos danados polo incendio.



Artigo 47. *Actuacións financiáveis mediante o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular*

1. De acordo co establecido no artigo anterior, e de conformidade coa normativa vixente, a consellería competente na materia de prevención e extinción de incendios de forestais poderá desenvolver, con cargo ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado polos Incendios Forestais de Incidencia Singular, entre outras, as seguintes actuacións:

- a) Prestar servizos ou executar, en todo ou en parte, obras destinadas á recuperación dos terreos afectados polos incendios forestais, que poderán consistir na mellora dos terreos afectados con respecto á situación previa ao incendio forestal, coa finalidade de recuperar os recursos naturais daqueles e favorecer a súa explotación racional, e previr a aparición ou propagación de futuros incendios. Estas actuacións poderán ser desenvolvidas directamente pola indicada consellería, ou ben a través dos medios propios do sector público ou de entidades do sector privado, de acordo coa normativa de contratos do sector público.
- b) Establecer liñas de axudas destinadas á restauración dos terreos afectados, incluíndo, entre outras actuacións, a limpeza, posta en cultivo e as melloras, mesmo de carácter permanente, nos predios afectados, cuxas persoas beneficiarias poderán ser tanto as persoas titulares como as persoas arrendatarias deles. Estas actuacións poderán ser desenvolvidas directamente pola indicada consellería ou a través dos entidades colaboradoras, de acordo co previsto na normativa vixente en materia de subvencións.
- c) Prestar apoio técnico e asesoramento ás persoas afectadas, dirixidos á recuperación dos terreos afectados.
- d) Subscribir convenios coas entidades públicas ou privadas afectadas, de acordo coa normativa vixente, para facilitar a recuperación dos



terreos afectados, así como con entidades financeiras para facilitar operacións financeiras ou o anticipo de subvencións dirixidas ás entidades afectadas.

e) Promover convenios con sociedades de garantía recíproca para apoiar as/os axentes produtivas/os que participen nas operacións de recuperación e que non contén por si mesmos coas garantías económicas suficientes.

2. De acordo co establecido no número 6 do artigo anterior, no caso de que as actuacións requiridas correspondan a materias da competencia doutras consellerías, estas serán as encargadas de desenvolver as actuacións da súa competencia, financiadas, de acordo coa dispoñibilidade máxima establecida para as ditas actuacións, pola persoa titular da consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios.



Artigo 48. *Das achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular*

1. As achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais poderán consistir en doazóns e achegas irrevogables, puras e simples. Así mesmo, poderán formalizarse convenios de colaboración en actividades de interese xeral, de acordo coa regulación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. A contía mínima das achegas privadas ao fondo será de cen mil euros.
2. As doazóns e os negocios regulados neste artigo someteranse ao dereito privado e terán a consideración de negocios patrimoniais excluídos da lexislación de contratos das administracións públicas que se rexerán por esta disposición e pola lexislación patrimonial.
3. A competencia para aceptar as achegas corresponderalle á persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, que poderá aprobar modelos de documentos ou convenios para formalizalas, así como campañas para fomentar as contribucións ao fondo, xerais ou específicas, para obxectivos concretos.
4. As achegas consideraranse legalmente afectas ás finalidades xerais do fondo, salvo que na doazón ou negocio xurídico formalizado se precisase unha finalidade ou destino específico comprendido dentro das finalidades legais do fondo, ou un específico ao territorio afectado, caso en que as cantidades se considerarán legalmente afectas a estas finalidades e territorios concretos.
5. No caso de que a Administración autonómica non cumpra a condición legal establecida no número anterior, estará obrigada, por solicitude da



persoa doante, á devolución das cantidades non aplicadas, cos seus xuros legais desde o momento do incumprimento.

6. En todo caso, e para os efectos das súas competencias, a Administración autonómica recoñecerá as achegas realizadas ao fondo como dirixidas a fins de interese xeral, vinculadas á recuperación dos territorios afectados polos incendios forestais, de asistencia social e promoción da acción social, defensa do ambiente e de desenvolvemento do tecido produtivo agroforestal.

7. As achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular beneficiaranse dos incentivos fiscais ao mecenado regulados no título III da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, de acordo co disposto nela, e demais normativa que resulte de aplicación.



Artigo 49. *Comisións de seguimento do Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular*

1. Para fomentar a transparencia, participación e información das actuacións do fondo, así como a eficiencia na súa utilización, a consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais, mediante resolución da súa persoa titular, creará unha Comisión Xeral de Seguimento do fondo formada por persoas representantes do sector público e das entidades que, pertencendo ao sector privado, achegasen ao fondo unha contía superior á que se fixe mediante a dita resolución, así como, de ser o caso, outras entidades privadas relacionadas co sector forestal ou coa protección ambiental.
2. A función desta comisión xeral de seguimento do fondo será a de analizar as necesidades xurdidas no ámbito territorial afectado polos incendios forestais de incidencia singular e elevar propostas á consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en relación coa xestión do fondo e coa súa aplicación, incluíndo o seu destino e a natureza das operacións que cómpre realizar.
3. Cos mesmos obxectivos e mediante o mesmo procedemento indicado no número 1, poderanse crear comisións territoriais de seguimento do fondo, específicas para cada zona afectada por incendios, que estarán formadas por persoas representantes do sector público e de entidades do sector privado que fixesen achegas ao fondo ou sexan representativas no ámbito territorial afectado.
4. A función das comisións territoriais previstas no número anterior será a de analizar as necesidades concretas do ámbito territorial afectado por cada incendio e elaborar propostas para a recuperación da dita zona, para a súa elevación á Comisión Xeral de Seguimento do fondo.

5. Na composición da Comisión Xeral de Seguimento e nas comisións territoriais, no seu caso, procurárase unha composición equilibrada muller-home.



TÍTULO QUINTO

Proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais de Galicia

Artigo 50. *Fomento da implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables en áreas empresariais*

Os promotores públicos e privados de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia fomentarán, na planificación, ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais que promovan, a implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables, coa finalidade de favorecer o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía, así como a existencia de alternativas de subministración de proximidade para as empresas e consumidores finais e a súa participación activa no seu abastecemento enerxético.



Artigo 51. *Normas de aplicación directa para as instalacións ou infraestruturas para produción de enerxías renovables en áreas empresariais*

1. Admítese a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables, xa sexa en réxime de autoconsumo individual ou para autoconsumo colectivo ou de comunidades enerxéticas, e que teñan por finalidade o incremento da xeración distribuída e a conseguinte seguridade enerxética dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguintes espazos, entre outros:

a) Nas parcelas lucrativas, xa sexan de uso secundario ou terciario, así como nas dotacionais privadas ou públicas, nas súas zonas de recuamento e nos espazos libres de edificación. Non obstante, nas zonas de recuamento con parcelas lindeiras só se permitirán estas instalacións, salvo acordo entre os donos das propiedades lindeiras, cando o interesado na súa implantación acredite a imposibilidade de acudir a outras alternativas que resulten menos gravosas para a propiedade da parcela lindeira.

b) Sobre as edificacións e outras construcións auxiliares.

2. Ademais dos espazos sinalados no punto anterior, cando as instalacións ou infraestruturas antes citadas estean destinadas ao uso colectivo ou de comunidades enerxéticas en réxime de autoconsumo, tamén se poderán implantar, motivadamente, nas zonas verdes e en espazos libres da área empresarial.

3. Para a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables nos espazos indicados nos puntos anteriores poderán, de ser o caso, constituírse dereitos de superficie, dereitos de voo, así como concesións administrativas cando se trate de bens de dominio público.



4. As ordenanzas dos parques empresariais en materia de alturas máximas, recuamentos, edificabilidade e outras similares serán interpretadas de xeito que favorezan a implantación das instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables. En todo caso, serán de aplicación as seguintes determinacións, sen prexuízo doutras normas técnicas ou sectoriais que resulten de aplicación:

a) Os elementos singulares das instalacións ou infraestruturas antes citadas poderán superar a altura máxima prevista nas ordenanzas.

b) As distancias mínimas en materia de recuamento computaranse desde a edificación principal, sen ter en conta as instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables implantadas na zona de recuamento ou nos espazos libres de edificación. Non obstante, nas zonas de recuamento con parcelas lindeiras só se poderán implantar estas instalacións, salvo acordo entre os donos das propiedades lindeiras, cando o interesado na súa implantación acredite a imposibilidade de acudir a outras alternativas que resulten menos gravosas para a propiedade da parcela lindeira.

c) As citadas instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables non computarán para efectos de edificabilidade.

5. As normas contidas nos puntos anteriores serán de aplicación sen prexuízo doutras de carácter técnico ou sectorial que resulten aplicables, de ser o caso.

6. As ordenanzas dos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio que se aproben a partir da entrada en vigor desta norma recollerán as determinacións previstas neste artigo.



7. Así mesmo, as determinacións contidas neste artigo prevalecerán sobre as ordenanzas dos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

8. Os instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio cuxa tramitación estivese iniciada antes da entrada en vigor desta lei manterán as determinacións previstas neles, sen prexuízo do previsto no número 7 deste artigo.



Artigo 52. Autorizacións ou permisos administrativos

Serán competencia da Administración municipal, soamente nos casos en que o exixa a normativa, as licenzas, autorizacións ou permisos necesarios para a implantación das instalacións ou infraestruturas de produción de enerxías renovables, tanto nas parcelas de propiedade privada como nas parcelas dotacionais, nas zonas verdes e espazos libres da área empresarial. Todo iso sen prexuízo das demais autorizacións sectoriais ou técnicas que correspondan a outras administracións ou organismos, de ser o caso.



Artigo 53. *Reservas de espazos en áreas empresariais para a canalización de enerxías renovables*

Os instrumentos de ordenación do territorio e planeamento de áreas empresariais, así como os proxectos de urbanización destas, poderán reservar determinadas zonas de solo para o paso de canalizacións das redes de distribución de enerxías renovables, así como conexións a sistemas ou infraestruturas xerais ou a redes de subministración, sen prexuízo de que, motivadamente, poidan utilizarse para outros fins en caso de necesidade. Tamén poderán establecer servidumes forzosas ou limitacións do dominio nas zonas de recuamento das parcelas co fin de permitir o paso destas canalizacións.



Artigo 54. *Xestión de enerxías renovables destinadas a autoconsumo nas áreas empresariais*

1. As entidades de conservación, xestión e modernización de parques empresariais reguladas na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, as sociedades mercantís ou outras entidades que teñan por obxecto fomentar o autoconsumo con fontes renovables poderán formalizar acordos, convenios ou contratos cos promotores ou propietarios do parque empresarial, co concello e con outros organismos, co fin de implantar instalacións colectivas ou constituír comunidades enerxéticas destinadas á produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables para o uso das empresas localizadas no parque empresarial e, así mesmo, asumir a xestión das ditas instalacións, infraestruturas ou servizos.

2. Así mesmo, as entidades e sociedades antes citadas ou as comunidades enerxéticas que se constitúan poderán formalizar acordos ou convenios cos concellos para posibilitar o uso do subsolo de vías e outras zonas de dominio público para o paso de canalizacións das redes de distribución de enerxías renovables, así como conexións a sistemas ou infraestruturas xerais ou a redes de subministración, no marco da colaboración público-privada para a xestión destas enerxías.



Artigo 55. Declaración de utilidade pública e interese social

Para os efectos do previsto nos dous artigos anteriores, as instalacións ou infraestruturas colectivas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables, destinadas ao uso das empresas implantadas nunha área empresarial, así como as súas redes, conexións a sistemas ou infraestruturas xerais ou redes de subministración, poderán ser cualificadas como infraestruturas de utilidade pública ou de interese social na resolución administrativa pola que se autoricen as ditas instalacións ou infraestruturas. Así mesmo, poderán ser cualificadas como equipamentos nos instrumentos de planeamento urbanístico ou territorial e nos proxectos de urbanización correspondentes.



Artigo 56. *Incentivos nas condicións de alleamento de parcelas de solo empresarial do IGVS e Xestur, S.A. para a implantación de enerxías renovables*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a entidade instrumental Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. establecerán incentivos nas súas bases de alleamento de parcelas de solo empresarial, co fin de favorecer a implantación de instalacións que contribúan ao autoconsumo ou ao uso de enerxías renovables por parte das empresas implantadas nos parques empresariais.
2. Así mesmo, as entidades antes citadas, na elaboración dos instrumentos de planeamento ou proxectos de urbanización de áreas empresariais, poderán analizar as posibilidades de uso da xeotermia nas parcelas de solo empresarial, co fin de que os seus compradores poidan coñecer esta posibilidade antes da súa adquisición.



TÍTULO SEXTO

*Créditos de carbono***Artigo 57.** *Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia*

1. A Xunta de Galicia fomentará o desenvolvemento de proxectos e actividades dirixidos a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, co obxectivo de contribuír á protección do medio natural e ao desenvolvemento sustentable do territorio de Galicia, no marco da estratexia de transición cara á neutralidade carbónica.
2. Aos proxectos e actividades que permitan reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro á atmosfera ou absorber carbono da atmosfera e formen parte do sistema creado mediante este artigo asignaráselles un valor en créditos de carbono polo valor correspondente ás toneladas equivalentes de dióxido de carbono reducidas, absorbidas e almacenadas, derivadas das ditas actuacións, e que poderán ser recoñecidos e comercializados de conformidade co previsto nesta lei.
3. De acordo cos obxectivos indicados no número 1, créase o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia, que servirá de nexo entre as/os operadores ou grupos de operadores e operadoras que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados mediante o desenvolvemento dos seus proxectos e actividades, e os compensadores que, tamén de forma voluntaria, desexen adquirir ou utilizar créditos de carbono, ben sexa como intermediarios ou ben como axentes finais, para así compensar as súas emisións doutras actuacións. Para poderen participar neste sistema, os créditos de carbono deberán estar validados e recoñecidos, de acordo co establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.



4. A operación do Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia desenvolverase regulamentariamente mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.
5. Os elementos e as entidades que, como mínimo, formarán parte do Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia son os seguintes:
- a) Os proxectos de absorción de carbono ou redución da emisión de gases de efecto invernadoiro.
 - b) A/s metodoloxía/s do sistema de certificación.
 - c) A plataforma de créditos de carbono.
 - d) O sistema de certificación dos proxectos e respectivos créditos.
 - e) O conxunto de normas e procedementos asociados ao funcionamento do sistema.
 - f) A Xunta de Galicia, como autoridade competente.
 - g) Os axentes do sistema de carbono:
 - 1. AS/Os operadores ou grupos de operadores.
 - 2. Os compensadores que adquiren ou utilicen créditos de carbono.
 - 3. Os organismos de certificación.



Artigo 58. *Proxectos e metodoloxías do sistema de certificación*

1. Os proxectos susceptibles de ser incorporados ao sistema voluntario previsto no artigo anterior serán aqueles que promovan as actividades da absorción de carbono ou redución da emisión de gases de efecto invernadoiro e para os cales se poidan cuantificar os créditos de carbono mediante metodoloxías aprobadas no marco deste sistema.
2. As metodoloxías indicadas no número anterior son un conxunto de criterios e orientacións, formalmente aprobados mediante o procedemento que se estableza no decreto a que fai referencia o número 4 do artigo anterior, e utilizados para os efectos do recoñecemento dos proxectos de absorción de carbono, así como da estimación obxectiva dos créditos que estes veñan xerar. Estas metodoloxías estarán aliñadas coa normativa comunitaria que se estableza nesta materia.
3. No ámbito do sector forestal, as metodoloxías aprobadas terán como obxectivo, entre outros, o impulso da xestión forestal sustentable e activa como ferramenta para acadar maiores cotas de carbono absorbido fronte a aqueles bosques exentos de xestión forestal.
4. As metodoloxías aprobadas poderán identificar créditos de carbono de carácter especial e diferenciado naqueles casos en que os proxectos incorporen significativos beneficios adicionais a nivel ambiental e social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Os proxectos de carbono estarán suxeitos a un proceso de auditoría de certificación inicial realizada por un organismo certificador debidamente acreditado, de conformidade co desenvolvemento regulamentario desta lei e co resto da normativa de aplicación. Do mesmo xeito, os proxectos serán obxecto de auditorías de renovación consonte os prazos estipulados na metodoloxía aplicable.



Artigo 59. *A plataforma de créditos de carbono*

As transaccións entre os axentes indicados no número 3 do artigo 57 estableceranse a través dunha plataforma de intercambio que recolla, entre outra información, a relativa aos proxectos de absorción, os créditos xerados e emitidos, así como o rastrexo dos créditos de carbono que garanta a transparencia do mercado e evite os riscos de dobre conta de emisións.

A plataforma deseñarase de xeito que sexa, na medida do posible, interoperable con outras plataformas tanto a nivel autonómico, como estatal e comunitario, e poida intercambiar información.



Artigo 60. *Comité Técnico do Sistema voluntario de créditos de carbono*

1. Co fin de mellorar o desenvolvemento e a operación do Sistema voluntario de créditos de carbono, así como elevar propostas de aprobación ou revisión das metodoloxías do sistema de certificación, a Xunta de Galicia creará un Comité Técnico formado por persoas representantes das consellerías con competencias no desenvolvemento de proxectos susceptibles de absorber carbono ou eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro.
2. Poderán tamén formar parte deste comité persoas representantes doutras administracións públicas ou entidades do sector privado e organizacións sociais con relevancia no desenvolvemento deste tipo de proxectos, así como persoas expertas nesta materia.
3. Na composición deste Comité Técnico, procurárase unha composición equilibrada muller-home



Artigo 61. *Fomento da participación no Sistema voluntario de créditos de carbono*

1. Co fin de contribuír á transición cara á neutralidade carbónica, a Xunta de Galicia establecerá medidas de fomento da participación no Sistema voluntario de créditos de carbono.
2. De acordo co establecido no número anterior, as convocatorias de axudas que realice a Administración autonómica para o desenvolvemento de proxectos ou actividades que sexan susceptibles de absorber carbono ou eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro poderán establecer criterios que teñan en conta os créditos de carbono xerados mediante as ditas actuacións e recoñecidos no marco do Sistema voluntario de créditos, así como a propia participación dos axentes no Sistema voluntario de créditos de carbono.
3. Para os casos previstos no número anterior, nos cales se inclúan os indicados criterios, gozarán dun tratamento especial os créditos de carbono asociados a proxectos e actividades cuxo desenvolvemento leve asociados beneficios adicionais a nivel ambiental e social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos no punto 4 do artigo 58.



TÍTULO SÉTIMO

Residuos biometanizables

Artigo 62. *Valorización integral de residuos biometanizables*

De acordo cos fins desta lei, e no ámbito das súas competencias, a Administración autonómica procurará a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, daqueles da titularidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A., a través dos instrumentos previstos neste título.



Artigo 63. *Plans de biometanización dos residuos municipais de titularidade de Sogama*

1. Tendo en conta o alto potencial de biometanización dos residuos municipais, derivado da fracción de recollida selectiva de biorresiduos e da materia orgánica contida na denominada fracción resto, a sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A. poderá desenvolver as seguintes accións:

a) Para a primeira fracción, Sogama poderá desenvolver un plan de biometanización de tal forma que se acade a optimización e maximización da súa valorización.

b) Para a materia contida na denominada fracción resto, Sogama poderá elaborar un plan de biometanización que deberá incluír, necesariamente, o destino final do material bioestabilizado resultante do proceso, que exclúa, de forma preferente, o seu depósito final en vertedoiro.

2. Nos casos previstos neste artigo, o biogás obtido ou o seu valor deberá servir, en primeira instancia, para cumprir coa descarbonización dos procesos de Sogama, co fin de acadar o obxectivo de que o consumo de enerxía necesario para as súas operacións sexa de orixe renovable.



Artigo 64. *Promoción de sistemas de valorización integral xunto con outros residuos*

1. A Administración autonómica promoverá accións dirixidas a aproveitar as potencialidades da valorización integral e conxunta dos residuos municipais e dos residuos procedentes das actividades do sector agrogandeiro e das industrias agroalimentarias, coa finalidade de que o sector privado tamén contribúa ao desenvolvemento de sistemas de valorización integral e conxunta dos residuos xerados na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. No marco das indicadas accións, a sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A. poderá contratar a obtención de biometano a partir dos residuos con alto potencial de metanización, ou ben transmitir os citados residuos. En ambos os supostos poderán incluírse, como criterios de valoración das ofertas e/ou como condicións contractuais, ademais do prezo ofertado e do cumprimento dos obxectivos de reciclaxe ou reutilización establecidos na correspondente normativa europea, nacional e autonómica, criterios e consideracións ambientais relativos ao tratamento e á valorización conxunta dos residuos con destino á produción de biogás, xunto cos procedentes das actividades do sector agrogandeiro, das industrias agroalimentarias ou doutros sectores.
3. De acordo co indicado no número anterior, e coas finalidades recollidas no artigo 2 desta lei, poderán valorarse, en particular, os compromisos dos adquirentes dos residuos en relación co volume doutros recursos que se van recoller e valorizar; o ámbito territorial que comprenda esa recollida complementaria na Comunidade Autónoma, así como as condicións desta, incluídos os compromisos que os adquirentes asuman, relativos aos prezos que deban satisfacer os terceiros que voluntariamente lles entreguen os outros residuos que se

van valorizar, procurando que estes sexan os menos posibles, co obxecto de facilitarlles aos indicados terceiros o cumprimento das súas obrigas de xestión.



Disposición adicional primeira. *Instalacións de recarga de vehículos*

As infraestruturas de recarga eléctrica e de hidróxeno de vehículos, así como as extensións ou os reforzos necesarios na rede de distribución, gozarán dos mesmos efectos que os sinalados no artigo 18 para os proxectos declarados de especial interese público social e económico.



Disposición adicional segunda. *Paisaxes cortalumes e áreas estratéxicas de xestión*

Para os efectos desta lei, as paisaxes cortalumes e as áreas estratéxicas de xestión defínense como segue:

1. Paisaxe cortalume: área delimitada con criterios técnicos, creada co fin de xerar discontinuidades da biomasa que freen ou atenúen o avance dos incendios, a través dalgún dos seguintes instrumentos:

a) A creación de polígonos cortalumes, de conformidade coa regulación prevista na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) O impulso de agrupacións forestais de xestión conxunta que desenvolvan as súas actividades con criterios de prevención de incendios, especialmente pola diversificación das masas forestais ou a plantación de especies arbóreas autóctonas.

c) O desenvolvemento de actividade agrogandeira ou a plantación de frondosas autóctonas ou árbores froiteiras nas redes de faixas de xestión da biomasa definidas na normativa en materia de incendios forestais.

d) A implantación de sistemas silvopastorís e de gandería en extensivo como actividades produtivas que actúen como técnica de xestión do combustible vexetal.

2. Áreas estratéxicas de xestión: Áreas de actuación singularizada no territorio que permitan establecer e optimizar unha planificación espazo-temporal de combustibles, de usos, actividades e infraestruturas, que limiten a potencialidade do incendio, detectando oportunidades de extinción e anticipando unha estratexia de defensa eficaz e segura para grandes incendios forestais.



Disposición adicional terceira. *Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión de plantas de compostaxe promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.*

1. Dentro do sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., de acordo co disposto na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, poñerase en marcha varias plantas de produción de compost a partir da fracción orgánica dos residuos urbanos (FORSU), coa finalidade de incrementar as porcentaxes de recuperación de materiais.
2. As devanditas plantas darán servizo a aqueles concellos máis próximos a elas ou ás plantas de transferencia que estean adaptadas a recollida específica da FORSU.
3. En garantía da sustentabilidade financeira das novas instalacións de xestión, fíxase un canon específico para o ano 2024 de 50 euros por tonelada de residuos entregados que cumpran os requisitos mínimos que fixará a consellaría competente en materia de residuos nas condicións de adhesión, máis o correspondente IVE. O devandito canon específico actualizarase a partir do exercicio 2024 no mes de xaneiro de cada ano, consonte a evolución do índice de prezos ao consumo, e a súa contía actualizada publicárase no Diario Oficial de Galicia.
4. Cando por circunstancias extraordinarias de alteración da sustentabilidade económica do sistema fora necesario revisar a contía do canon específico por tonelada de residuos FORSU, o mesmo será establecido pola consellaría competente en materia de residuos, previo



informe favorable da consellería de facenda da tal xeito que non exceda dos custos totais que xenere o tratamento dos residuos FORSU.

A estes efectos, o órgano de administración da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., tralos estudos pertinentes nos que se xustifiquen os custos asociados as operacións de tratamento, procederase a aprobación dunha proposta de canon específico e seus mecanismos obxectivos de revisión, que se remitirá para a súa aprobación á Consellería.

A aprobación do canon por tonelada entregada de FORSU así como a súa revisión se publicarán en el Diario Oficial de Galicia.

5. A xestión liquidación e cobro do canon por tonelada entregada de FORSU corresponderá á Sociedade Galega do Medio ambiente, S.A., que deberá expedir mensualmente as facturas correspondentes ás Entidades locais, e estas deberán abonalas nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

6. A adhesión ao sistema de xestión institucional da fracción FORSU será voluntaria para as entidades locais no marco do disposto na lexislación de residuos e o Plan de Xestión de Residuos Urbanos, e se efectuará mediante negocio xurídico-administrativo, que será formalizado entre a entidade local e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., como xestora do sistema. A Consellería competente en materia de residuos, para aseguralo funcionamento do sistema, previa proposta da sociedade pública, fixará as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema e aprobará o modelo para a formalización da adhesión. Despois de haberse publicado as condicións de adhesión no Diario Oficial de Galicia, os negocios xurídicos que en ese momento estiveran subscritos polas entidades locais conforme ao modelo publicado no DOG nº 11 de 18 de xaneiro de 2018 para a planta de



Cerceda en (A Coruña), se entenderán que continúan en vigor pero modificados e adaptados, se é o caso, as novas condicións que puidera ter o novo modelo publicado. Establécese un prazo de dous meses dende a indicada publicación como período de desistimento no caso de que as entidades non estean da cordo coas novas condición, debendo remitir á Sociedade Galega do medio Ambiente, S.A. dentro de dito prazo o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo cal se desiste do negocio xurídico subscrito.

7. En garantía da sustentabilidade financeira do sistema, entre as condicións para a adhesión figurará a de un tempo mínimo de adhesión que permita realizar as previsións oportunas en canto ao volume de residuos a tratar e a de que, no caso de impago as cantidades que corresponda aboar as entidades locais en concepto de tratamento do fracción FORSU, estas terán a consideración de vencidas, liquidas e esixibles a efectos do seu abono con cargo ao Fondo de Cooperación Local, a instancia da sociedade pública, mediante acordo de retención ditado polo órgano encargado do Fondo de Cooperación Local da cordo co establecido na regulación do mesmo. As cantidades retidas serán obxecto de entrega a sociedade pública.

Cando o obrigado ao pago fose unha mancomunidade de municipios os concellos integrantes serán responsables solidarios, na parte que corresponda segundo seu porcentaxe de participación na correspondente mancomunidade, as débedas xeradas ao xestor institucional do sistema polo impago do canon específico por tonelada de residuos FORSU.



Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.



Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.*

Engádese unha disposición adicional décima á Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia que queda redactada como segue:

“Disposición adicional décima.

Sen prexuízo do establecido no primeiro parágrafo do apartado 1 do artigo 35, poderán convocarse de xeito individualizado en cada provincia concursos relativos a recursos considerados como materias primas fundamentais ou minerais críticos nos plans e programas europeos, estatais ou autonómicos.”



Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación ambiental, queda modificada como segue:

Un. O número 3 do artigo 27, que queda redactado como segue:

"Artigo 27. Réxime de autorizacións administrativas

3. A tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación deberán solicitarse conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico."

Dous. Engádense os números 3, 4 e 5 á disposición adicional terceira, que quedan redactados como segue:

"3. Para iniciar a tramitación do expediente dunha infraestrutura de evacuación será requisito necesario que o parque eólico dispoña de permiso de acceso e conexión. O final da infraestrutura de evacuación ten que coincidir co punto de conexión do parque ou con outra infraestrutura de evacuación doutros parques eólicos que estea en tramitación, autorizada ou en servizo, para garantir que o trazado da liña proposto sexa viable tecnicamente e produza o menor impacto posible sobre o territorio.

4. Como norma xeral, e salvo xustificación expresa da imposibilidade de facelo doutra maneira, non se admitirán a trámite novas infraestruturas de evacuación cunha lonxitude de máis de 15 km, salvo que se trate de infraestruturas colectoras de varios parques eólicos e



estas non teñan unha lonxitude superior a 0,3 km por megawatt conectado a elas.

5. Para evitar a duplicidade de infraestruturas de evacuación de diferentes parques eólicos ou entre as novas propostas de evacuación e a rede de distribución e transporte existente ou planificada, sempre que sexa posible, deberase utilizar a rede existente, xa sexa de transporte, distribución ou de evacuación titularidade doutros promotores eólicos, que teña capacidade suficiente de evacuación, ou que sexa posible o seu reforzo ou repotenciación. Para iso poderá facerse uso do establecido no artigo 54.2 da Lei 24/2013, do sector eléctrico.

Os promotores deberán solicitar a repotenciación da rede de distribución ou transporte existente e intentar chegar a acordos cos titulares doutras infraestruturas de evacuación, ou xustificar a imposibilidade de facelo, antes de propoñeren un trazado novo."

Tres. Modifícase o número 2 da disposición transitoria sétima, que queda redactada como segue:

"2. Para os proxectos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables unicamente no caso de modificacións substanciais de proxectos, solicitadas a partir da entrada en vigor da indicada lei, que, por supoñer efectos ambientais distintos dos previstos inicialmente, requiran o inicio dunha nova tramitación ambiental.

Quedan exceptuadas da regra establecida no parágrafo anterior, as modificacións substanciais que se indican a continuación, nas que a distancia mínima a núcleos rurais, urbanos e urbanizables delimitados será de 500 metros:



- a) As modificacións substanciais que veñan impostas por un informe sectorial.
- b) As modificacións substanciais derivadas do uso compartido de infraestruturas de conexión comúns que non supoñan cambios nas posicións dos aeroxeradores.
- c) As modificacións que se consideren substanciais por supoñer unha redución de máis do dez por cento da potencia autorizada no proxecto e que consistan na redución do número dos aeroxeradores proxectados, sempre que non supoñan cambios na posición dos restantes."

Catro. Modifícase o parágrafo segundo da disposición transitoria oitava, que queda redactado como segue:

"Non obstante, non se procederá ao arquivo de proxectos admitidos a trámite cando os mesmos, aínda non dispoñendo de permisos de acceso e conexión no referido prazo, soliciten en calquera momento anterior á declaración de arquivo a súa tramitación baixo a modalidade de autoconsumo sen excedentes, e sempre e cando o proxecto de autoconsumo estea vinculado cun proxecto industrial estratéxico e ademais as liñas directas cumpran cos condicionantes de lonxitude máxima e ratio de lonxitude por MW fixados na disposición adicional terceira da presente lei. De igual forma, as novas solicitudes de proxectos que cumpran tales requisitos serán incluídas no rexistro eólico. En todo caso, e excepto para as instalacións suxeitas á modalidade de autoconsumo sen excedentes, a autorización administrativa de instalacións de xeración non poderá ser outorgada se o seu titular non obtivo previamente os permisos de acceso e conexión ás redes de transporte ou distribución correspondentes e demais que requira a lexislación básica de aplicación."



Cinco. Engádesse unha nova disposición transitoria novena que queda redactada como segue:

“Disposición transitoria novena. Réxime transitorio de tramitación de parques eólicos anteriores á entrada en vigor da Lei.../...., do...de...., de....,de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia,

1. As solicitudes de tramitación de infraestruturas de evacuación para parques eólicos que fosen admitidos a trámite antes da entrada en vigor da Lei ../..., do .. de, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, rexeranse polo establecido na normativa anterior.

2. As infraestruturas de evacuación correspondentes a parques eólicos resoltos desfavorablemente ou arquivados como consecuencia dunha declaración de impacto ambiental desfavorable ou por desistencia do promotor serán arquivadas, agás que no prazo de tres (3) meses desde a notificación ao promotor de que se vai proceder ao arquivo, este acredite que a infraestrutura de evacuación evacúa a enerxía dalgún proxecto de enerxía renovable en tramitación ou autorizado.”



Disposición derradeira terceira. *Modificación do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*

O Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, queda modificado como segue:

Un. Engádese un novo número vinte e un ao artigo 5 , que queda redactado como segue:

"Vinte e un. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades que realicen determinados proxectos declarados de especial interese público social ou económico.

Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica o 20% das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais, como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, daquelas entidades que teñan por obxecto social exclusivo a realización de proxectos que sexan declarados de especial interese público social ou económico, aos cales se refiren os artigos 17 e 20 da Lei ../..., do .. de de 202..., de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. A porcentaxe de dedución prevista nesta epígrafe aplicarase sobre unha base máxima de 10.000€ para cada entidade, con independencia de que o investimento se realice nun ou varios períodos impositivos.

Esta dedución é incompatible con calquera outra prevista neste artigo e que resulte aplicable polo mesmo investimento en capital."



Dous Engádese un novo número doce ao artigo 17 ,que queda redactado como segue:

"Doce. Dedución aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables en áreas empresariais.

Aplicarase unha dedución do 100 % da cota do imposto que poida devindicarse como consecuencia da constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables, en réxime de autoconsumo individual, e que teñan por finalidade a subministración de enerxía ás empresas localizadas dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como destas no seu conxunto.

Enténdense por enerxías renovables aquelas ás cales se refire a Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables."



Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, queda modificada como segue:

Engádese unha alínea e) no artigo 50, da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que queda redactado como segue:

“e) Infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos eléctricos que, segundo a normativa básica estatal, requiran autorización administrativa para a posta en funcionamento.”



Disposición derradeira quinta . *Desenvolvemento regulamentario*

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións para o desenvolvemento regulamentario da presente lei.



Disposición derradeira sexta . *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA
XUSTIZA E DEPORTES

Diego Calvo Pouso

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes





XUNTA DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:


Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de marzo de
dous mil vinte e tres adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

Autorizar o inicio da tramitación do anteproxecto da Lei de promoción dos
beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de
Galicia.

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de
Compostela a vinte e tres de marzo de dous mil vinte e tres.

Vº. e Prace:

O PRESIDENTE


XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENTE SEGUNDO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel






MEMORIA FUNCIONAL DO ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA

I. COMPETENCIA

O anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, pretende regular diferentes aspectos relativos á sustentabilidade da utilización destes recursos na comunidade autónoma, atendendo non só aos criterios ambientais, senón tamén a factores socioeconómicos que permitan despregar unha política ambiental que sexa ademais xusta coa poboación e os territorios no ámbito de influencia dos proxectos. Pretende ser unha norma transversal que mellore a regulación da utilización dos recursos naturais no noso territorio, impulsando unha transición enerxética xusta e a consideración e compensación equilibrada dos custes medioambientais e afeccións aos servizos ecosistémicos, cos beneficios que as persoas, comunidades e territorios poden obter. Se ocupa, por tanto, de diversas cuestións, tendo por fío condutor os fins recollidos no artigo 2 do título preliminar: o impulso do desenvolvemento racional e sustentable de Galicia, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente, de forma conciliada co desenvolvemento social e económico e procurando a cohesión territorial, a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación de Galicia, e o desenvolvemento equilibrado dos sectores e actividades comprendidos na lei.

Para obter estes fins, se indican os obxectivos da norma no seu artigo 1: a procura de beneficios sociais e económicos de proxectos suxeitos a avaliación ambiental, tanto para Galicia como especialmente para a súa área de influencia; a integración da valoración dos beneficios sociais e económicos na avaliación de impacto ambiental; a participación do sector público de Galicia en sociedades con obxectivos compatibles co anteproxecto; o desenvolvemento de instrumentos de financiamento para facilitar a viabilidade destes proxectos; a creación dun canon para a eólica mariña; a recuperación integral do territorio afectado por incendios forestais e a creación dun fondo con esta finalidade; a implantación do autoconsumo enerxético nas áreas empresariais; a regulación dun mercado voluntario de carbono para desenvolver proxectos de absorción de gases de efecto invernadoiro; e a valorización dos residuos con alto potencial de biometanización por SOGAMA.

Tendo en conta o anterior e considerado que se trata dunha norma transversal, dende o punto de vista competencial o anteproxecto de lei está amparado por





diversos títulos competenciais da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o ámbito material dos preceptos que contén.

Esta lei baséase nas competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia de promoción do desenvolvemento comunitario, artigo 27.24 do Estatuto de autonomía de Galicia (EAG), en canto atende ao desenvolvemento sustentable do territorio galego.

Máis especificamente, a regulación da valoración do impacto social e económico dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nas súas zonas de influencia e a súa conservación, compensación e restauración ten asentado nas competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ambiente, de acordo co artigo 27.30 do EAG, que recoñece a competencia exclusiva na materia de "normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23".

Así mesmo, a regulación que contén o título I da lei sobre os diferentes proxectos engárganse cos títulos competenciais relativos a instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, de acordo cos artigos 27.13 e 28.3 EAG; aproveitamentos hidráulicos, de acordo co artigo 27.12 EAG, e o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado na materia de réxime mineiro e enerxético (artigo 28.3 EAG).

A regulación do título II ten sustento tamén no artigo 30 EAG, en canto se refire ao fomento da actividade económica en Galicia.

O título III fundaméntase na competencia da Comunidade Autónoma para crear prestacións patrimoniais de dereito público de acordo co artigo 133 da Constitución española, e co artigo 27.30 EAG, en canto que atende a unha finalidade extrafiscal, co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente.

O título IV fundaméntase nas competencias autonómicas en materia de obras públicas (27.7 EAG) e montes e aproveitamentos forestais (27.10 EAG).

O título V, en canto aborda os proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais de Galicia para facilitar o seu desenvolvemento, baséase nas competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio e urbanismo (27.3 EAG).





A regulación do título VI, en canto se refire a determinados aspectos relacionados cos créditos de carbono, encontra engarzamento nas competencias de montes e aproveitamentos forestais (27.10 EAG) e de protección do ambiente (27.30 EAG).

O título VII, en canto ás actuacións de valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización, ten fundamento no artigo 27.30 EAG e, en canto recolle a actuación do sector público autonómico, no artigo 30 EAG.

II. MARCO LEGAL

O marco legal no que se debe encadrar este anteproxecto inclúe a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, a Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, o Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o Decreto Legislativo 1/2011, de 28 de xuño, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, a Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o fondo de compensación ambiental, e a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

III. CONTIDO

O anteproxecto contén unha parte expositiva e unha parte dispositiva de 64 artigos, agrupados nun título preliminar e 7 títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, e cinco disposicións derradeiras.

O título preliminar contén os fins e obxectivos do anteproxecto, definicións sobre os beneficios sociais e económicos que procura, e a regulación do desenvolvemento de indicadores cuantitativos. Ademais, e de conformidade co dereito da Unión Europea, o artigo 6 establece unha prohibición de discriminación por establecemento ou residencia.





O título I se ocupa da valoración dos beneficios sociais e económicos de determinados proxectos. No seu capítulo I, se identifican os proxectos suxeitos a esta valoración, o capítulo II regula a súa integración no trámite de avaliación de impacto ambiental, establecendo as posibles medidas de compensación e estendendo a súa consideración aos informes sectoriais autonómicos. O capítulo III amplía esta valoración establecendo un informe a emitir para aqueles proxectos no ámbito de aplicación do título que non requiran de avaliación de impacto ambiental. O capítulo IV, dividido en 3 seccións, recolle disposicións específicas sobre cada un dos tipos de proxecto afectados: proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables, proxectos que requiran do uso de augas para determinados fins, e proxectos mineiros.

O título II regula a participación do sector público en sociedades con obxectivos compatibles co anteprojecto, e os seus instrumentos de financiamento. No capítulo I se habilita ao sector público á participación nestas sociedades. O capítulo II se refire a instrumentos de financiamento para sustentar proxectos cos obxectivos do anteprojecto. Estes instrumentos poden ser subvencións de capital, participacións de capital, préstamos participativos, créditos e deducións fiscais ao investimento, préstamos subvencionados, garantías, titulizacións e asistencia técnica, entre outras. Se regulan os instrumentos de capital e de débeda, e a titulización dos activos.

O título III crea un canon destinado a gravar o impacto medioambiental e visual das infraestruturas necesarias para a evacuación das instalacións de xeración eólica mariña. No seu capítulo I, se procura que a Administración autonómica nas súas relacións institucionais co Estado, de quen son competencia as instalacións eólicas mariñas, o inste a ter en conta a cohesión social e territorial así como os beneficios económicos e sociais en Galicia. O capítulo II establece o canon, fixando a natureza, obxecto, e ámbito de aplicación. Se establece unha afección dos ingresos do canon á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das cales serán principais beneficiarios os concellos afectados pola aterraxe das infraestruturas necesarias para a evacuación e o sector pesqueiro afectado pola implantación dos parques eólicos dos cales se evacúa a súa enerxía. Permítese tamén o seu destino á compensación ao sector pesqueiro en xeral, e o seu uso para as sociedades e instrumentos do título II. Se configuran o feito impositivo, período impositivo, suxeitos pasivos, base impositiva, tipo de gravame e cota tributaria, así como a obriga de presentación de declaracións e autoliquidacións.

O título IV se ocupa da recuperación integral dos territorios afectados por incendios forestais. No seu capítulo I, establece unha serie de actuacións da Administración en materia de planificación territorial, determinación dos usos agroforestais permitidos, implantación de paisaxes cortalumes, impulso da diversificación de





masas forestais, e o aseguramento dunha actuación constante no tempo. O capítulo II crea un fondo de recuperación do territorio afectado por incendios de incidencia singular. Se trata dun fondo específico, de carácter finalista. Se establece a competencia do Consello da Xunta para declarar mediante acordo cales son os incendios de especial incidencia. A financiación do fondo incluírá recursos propios conforme se inclúan nos orzamentos da Comunidade Autónoma, achegas doutras administracións, doazóns, e achegas privadas. Se establecen as actuacións que se poden financiar con cargo ao fondo, e a regulación das achegas privadas incluíndo o acceso a beneficios fiscais.

O título V se ocupa dos proxectos de autoconsumo enerxético nas áreas empresariais de Galicia. Dispón o fomento por parte dos promotores públicos ou privados no solo empresarial da implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables. Establece unha serie de normas de aplicación directa en materia de urbanismo e ordenación do territorio para simplificar e promover estas instalacións, permitíndoas en parcelas lucrativas e dotacións privadas ou públicas de uso secundario ou terciario, nas zonas de recuamento e espazos libres de edificacións, sobre as edificacións e outras construcións auxiliares, e, no caso das instalacións de autoconsumo colectivo, nas zonas verdes e espazos libres. Procurando o levantamento de cargas burocráticas e de planificación, se dispón a interpretación favorable das ordenanzas, dispensando os elementos singulares das alturas máximas, e non computando estas instalacións a efecto de distancias mínimas ou edificabilidade. Estas normas deberán incorporarse nos instrumentos de planificación e ordenación do territorio a partir da entrada en vigor do anteproxecto, e prevalecerán de xeito directo sobre os instrumentos xa ditados, e os que estean en tramitación. Se fixa a competencia municipal para as licenzas, autorizacións e permisos necesarios, sen prexuízo doutras normas sectoriais. Se prevé tamén a reserva de espazos nas áreas empresariais para a canalización de enerxías renovables. Se habilita á declaración de utilidade pública e interese social destas infraestruturas na resolución administrativa que as autorice. Se dispoñen incentivos do alleamento de parcelas do IGVS e Xestur.

O título VI regula un sistema voluntario de créditos de carbono. O obxectivo é fomentar proxectos de absorción de carbono e reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro. Para iso, os proxectos que poidan reducir as emisións ou absorber estes gases recibirán o recoñecemento en créditos de carbono susceptibles de comercialización. Este terá lugar mediante unha plataforma de créditos de carbono que recollerá os proxectos de absorción, os créditos xerados e emitidos, e o rastrexo dos créditos para evitar a dobre conta. Se crea un comité técnico para mellorar o sistema e presentar propostas sobre metodoloxías. Se fomentará a participación neste sistema, e se poderá ter en conta nas convocatorias de axudas a proxectos susceptibles de absorber carbono.





O título VII se refire aos residuos biometanizables. A Comunidade Autónoma procurará a valorización de residuos con alto potencial de biometanización, con especial referencia aos de SOGAMA. Se prevé o establecemento de plans municipais de biometanización sobre a fracción de recollida selectiva de bioresiduos e a fracción resto, excluíndose neste último caso de forma preferente o depósito final en vertedoiro. O biogás obtido se utilizará en primeiro lugar para o autoconsumo de SOGAMA. Tamén se promoverá a valorización integral e conxunta de residuos municipais, da industria agropecuaria e alimentaria, habilitándose a SOGAMA para a contratación da obtención de biometano a partir dos mesmos.

A disposición adicional primeira establece a toma en consideración, na avaliación de impacto ambiental dos parques eólicos de competencia autonómica, dos efectos sinérxicos dos parques xa existentes, en construción ou tramitación na súa área de influencia, que compartan infraestruturas. Se prohíbe o fraccionamento dos proxectos para eludir a avaliación ambiental ordinaria. A Administración Autonómica promoverá a compartición das infraestruturas por ter así un menor impacto ambiental.

A disposición adicional segunda ten por obxecto axilizar a instalación de infraestruturas de recarga eléctrica e de hidróxeno de vehículos, declarándoas de especial interese público e social de xeito que se poidan reducir os prazos da súa tramitación.

A disposición transitoria establece a continuación da tramitación das iniciativas empresariais prioritarias de proxectos de produción eléctrica eólica conforme á normativa de aplicación no momento, sen que se lles aplique a derogación do artigo 42.2 da Lei 5/2017.

A disposición derogatoria derroga o apartado 2 do artigo 42 da devandita Lei 5/2017, que regula a declaración de iniciativa empresarial prioritaria dos proxectos de produción eléctrica eólica que non se destine ao autoconsumo industrial.

A disposición derradeira primeira modifica a Lei 9/2021, eximindo do trámite de información pública ás infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 8/2009, esixindo a tramitación simultánea das autorizacións dos parques eólicos e das súas liñas de evacuación, dispoñendo normas para racionalizar as liñas de evacuación e a súa compartición





por distintas instalacións eólicas, limitando con carácter xeral a súa lonxitude a 15km, e engadindo unha nova disposición transitoria que permite a solicitude de autorización de liñas de evacuación para parques que xa estean en tramitación.

A disposición derradeira terceira establece dous beneficios fiscais. Modifica o Decreto Lexislativo 1/2011, establecendo unha nova dedución fiscal por adquisición de accións ou participacións en sociedades que realicen proxectos que promovan servizos ecosistémicos. A dedución da cota íntegra autonómica é do 20% das cantidades investidas no exercicio, sobre unha base máxima de 10.000 euros por entidade. Tamén establece unha dedución do 100% da cota do imposto que se devindique sobre a constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmoables necesarios para a implantación de instalacións de produción de enerxías renovables para o autoconsumo individual nas áreas empresariais de Galicia.

A disposición derradeira cuarta autoriza ao Consello da Xunta a ditar disposicións que fagan o desenvolvemento regulamentario do anteproxecto.

A disposición derradeira quinta establece a entrada en vigor do anteproxecto ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

IV. ACERTO E OPORTUNIDADE

Como se indicou anteriormente, o anteproxecto ten por obxecto a toma en consideración dos beneficios sociais e económicos de proxectos que fan uso dos recursos naturais no noso territorio, facilitando unha xestión máis respectuosa tanto co medio ambiente como coas poboacións que resultan inevitablemente afectadas polos mesmos.

Para poder levar a cabo medidas que equilibren e compensen o impacto ambiental con estes beneficios, resulta imprescindible unha norma na que se establezan de xeito claro os fins e obxectivos desta política, incluíndo ademais a concreción dos beneficios sociais e económicos que se procuran e un sistema de indicadores cuantitativos. Este é o obxecto do título preliminar da norma.

A posta en marcha de determinados proxectos no territorio, en especial aqueles que aproveitan recursos naturais mediante unha tecnoloxía avanzada, non só debe respectar estritamente as cautelas ambientais, senón que debe ir acompañada da adecuada valoración do seu impacto social e económico na medida en que poden





representar unha grande oportunidade para acadar un desenvolvemento sustentable.

A identificación polos propios promotores dos efectos positivos de carácter social e económico que derivan directamente da execución dun proxecto, e a asunción de compromisos adicionais para potenciar eses efectos, resulta esencial para valorar os impactos que van derivar para as comunidades en que se van desenvolver.

En todo caso, e cando se trata de valorar o impacto dun determinado proxecto no territorio, debe considerarse necesariamente a súa posible repercusión nos beneficios que o medio natural en que se vai localizar proporciona e que son os que fan posible a vida humana, isto é, os denominados servizos dos ecosistemas ou servizos ecosistémicos.

A natureza permite obter alimentos, auga, madeira e combustibles; permite realizar actividades físicas, intelectuais, estéticas, afecta o benestar humano e alberga aqueles espazos que deben ser conservados de cara a manter as condicións de vida, da flora e da fauna.

Para tales efectos, a Organización das Nacións Unidas estableceu un sistema de clasificación internacional de servizos ecosistémicos, Cices (Clasificación Internacional Común de Servizos dos Ecosistemas) adoptado pola Axencia Europea de Medio Ambiente (EMEA) para poder establecer métodos de contabilidade de ecosistemas e poder realizar comparacións.

Por iso, regúlase no capítulo I do título primeiro desta lei, e dentro do procedemento de avaliación ambiental, a valoración integrada dos servizos ecosistémicos, dos beneficios sociais e económicos derivados da execución dos proxectos, así como dos compromisos adicionais que presenten os seus promotores para xerar beneficios sociais e económicos.

O Pacto Verde Europeo, de finais de 2019, marcou o obxectivo de acelerar a transición ecolóxica da Unión Europea (UE) cara a unha economía neutra en emisións de CO₂ para 2050. Nos últimos dous anos, a necesidade de acelerar a transición ecolóxica intensificouse co Fit for 55 (xuño de 2021), conxunto de medidas que pretende acadar o obxectivo de que o 40% da enerxía da UE sexa producida a partir de fontes renovables de enerxía, ou co Plan RePowerEU, anunciado en marzo e concretado en maio de 2022, que pretendía dar resposta á escala de prezos e á





carestía enerxética, aumentando a resiliencia do sistema enerxético a través de piares como o aumento da presenza do biometano e do hidróxeno.

A propia Administración autonómica galega ten avanzado nestes ámbitos. Así, aliñada coa futura Lei do clima de Galicia, cos aspectos máis relevantes presentados na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, que tivo lugar en Glasgow en novembro de 2021, e co defendido pola Alianza Galega polo Clima, rede de colaboración entre diferentes organizacións implicadas na loita contra o cambio climático, a mellora do ambiente e o impulso da economía circular, a Xunta de Galicia aprobou no ano 2022 a Axenda Enerxética de Galicia 2030. Esta axenda constitúe a folla de ruta para a consecución dos obxectivos intermedios en 2030 que permitan acadar a neutralidade climática en 2050, con novas oportunidades non soamente para o sector enerxético galego, senón para o resto de sectores estratéxicos de Galicia.

En calquera caso, constitúe un factor subxacente a necesidade de que as enerxías renovables dean cobertura á maior parte das necesidades enerxéticas nos vindeiros anos. Este contexto provocou un importante volume de proxectos que fan uso dos recursos naturais, o que, ao mesmo tempo, provocou escepticismo ante unha poboación que non aprecia que o uso dos seus recursos teña unha repercusión clara nela.

Por ese motivo, no capítulo IV do título I regúlanse as determinacións específicas que teñen que cumprir os proxectos que fan uso dos recursos naturais, co fin de que tales proxectos teñan unha repercusión e produzan beneficios sociais e económicos no territorio.

Unha lóxica similar se aplica ao canon da eólica mariña que se regula no título III. Tendo en conta a posibilidade de danos ambientais e económicos a sectores estratéxicos en Galicia, como son o sector pesqueiro e o turismo, cómpre gravar o impacto destas instalacións. O canon se estrutura de xeito similar ao xa existente para as instalacións de eólica terrestre, cubrindo tanto o impacto visual como medioambiental, e supoñendo un incentivo á utilización da mínima lonxitude da infraestrutura necesaria para a evacuación viable, e ao seu soterramento.

Tendo en conta as competencias estatais nesta materia, se encarga á Administración autonómica nas súas relacións institucionais co Estado promover que se teñan en conta a cohesión social e económica e os beneficios sociais e económicos dos proxectos de eólica mariña.





En relación coa mobilidade, a Comisión Europea fixou un obxectivo de redución de emisións de CO₂ para os automóviles do 37,5% en 2030 respecto a 2021, polo que prevé que para 2030 o 40% do mercado de automóviles debe ser electrificado e estima unha proporción dun 70% de eléctricos puros e un 30% de híbridos enchufables nese 40% de mercado. Aínda que a Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, recolle unha serie de supostos nos cales será obrigatorio contar cunha infraestrutura de recarga eléctrica, non se prevé que poida afectar a un gran número de estacións de servizo en Galicia, máis alá dalgunhas próximas a vías de alta capacidade e núcleos urbanos.

Ao anterior hai que engadir que o Real decreto lei 29/2021, do 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregamento de enerxías renovables, recolleu a obriga de dispoñer, antes do 1 de xaneiro de 2023, de infraestrutura de recarga para vehículos eléctricos nos edificios existentes de uso distinto ao residencial privado que dispoñan de zona de aparcamento con máis de vinte prazas. Por conseguinte, vendo a necesidade dun impulso autonómico neste sentido, regúlase a aceleración na tramitación administrativa das instalacións de recarga e as extensións ou reforzos necesarios que compoñen as ditas instalacións.

Os cambios que se están a manifestar no sistema produtivo, que debe ter en conta tanto as necesidades económicas como medioambientais para ser realmente sustentable, non poden levarse a cabo só pola Administración Pública, senón que se require ademais a participación privada. Dentro da labor de fomento do sector público, corresponde o apoio ás sociedades que inclúan nos seus fins a valorización dos recursos estratéxicos galegos, canalizando o seu valor a todo o tecido socioeconómico de Galicia, e en particular ás comunidades locais que soportan os seus custos ambientais.

Por iso, se habilita ao sector público a participar nestas sociedades, promovendo a presenza no seu capital de entidades públicas ou privadas representativas da sociedade galega, e de pequenos inversores das comunidades directamente afectadas.

Para contribuír ao fomento de proxectos que compartan a finalidade desta norma, se prevé tamén unha serie de instrumentos de financiamento que permiten ao sector público, directamente ou mediante as sociedades anteriores, facilitar a súa viabilidade. Estes mecanismos inclúen tanto préstamos como subvencións, deducións fiscais, titulización ou asistencia técnica, abrindo un amplo marco de actuación que permita elixir o mecanismo máis axeitado en cada caso. Este é o obxecto do título II.





Por outra parte, outro dos ámbitos en que as administracións públicas deben adoptar iniciativas decididas en favor dun desenvolvemento do territorio que leve asociados beneficios ambientais e sociais debe ser a recuperación do territorio afectado polos incendios forestais. Unha vez que se produce un incendio forestal de especial envergadura, vense afectados tanto os valores ambientais da zona en que se produce, como as posibilidades de que a poboación desenvolva actividades económicas nos seguintes anos, ata que se produce unha rexeneración dos recursos naturais.

Neste sentido, deben establecerse unha serie de principios que dirixan as actividades das administracións públicas, pero tamén do sector privado, encamiñadas á recuperación destas zonas no menor tempo posible, unha vez extinguido o incendio forestal. As ditas actuacións deben permitir recuperar os valores do territorio, mediante unha planificación que permita, ademais, previr futuros incendios e, polo tanto, reducir o risco de que se volva producir unha catástrofe dese tipo.

Co fin de acadar os obxectivos indicados, cobra unha especial importancia que as administracións públicas busquen vías de colaboración entre e o sector público e privado, mediante o establecemento de planificacións e actuacións de mellora que permitan a participación de toda a sociedade. Desta forma, acadarase unha maior adecuación na recuperación do territorio ás necesidades da sociedade e garantirase o compromiso de todos os axentes na execución das medidas executadas, contribuíndo a manter unha adecuada xestión do territorio, mantendo a actividade económica asociada a el, así como fomentando a recuperación dos seus valores ambientais no menor período de tempo posible.

As normas contidas no Título I desta lei, no que se regulan as medidas de fomento do autoconsumo baseado en enerxías renovables nas áreas empresariais de Galicia, teñen como obxectivo fomentar a implantación de instalacións ou infraestruturas que contribúan ao autoconsumo, eficiencia enerxética e sostibilidade das empresas instaladas en parques empresariais da Comunidade Autónoma, favorecendo o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía, así como a existencia de alternativas de subministro de proximidade para as empresas e consumidores finais e a súa participación activa no seu abastecemento enerxético.

Para conseguir o obxectivo antes citado, estas normas tratan de eliminar ou reducir, na medida do posible, as limitacións ou restricións de carácter urbanístico que puideran dificultar a implantación destas infraestruturas nas áreas empresariais,

11





sen vulnerar as competencias municipais en materia de licenzas, pero creando un marco normativo que estableza os criterios básicos para favorecer a implantación daquelas. Por tanto, non se trataría dunha norma que, con carácter xeral, impoña obrigas, limitacións ou prohibicións ás empresas, senón, polo contrario, que posibilite que estas poidan implantar estas instalacións ou infraestruturas coa finalidade de conseguir una maior eficiencia enerxética na súa actividade, contribuíndo así á mellora da súa competitividade, que ademais repercutiría nunha maior sostibilidade ambiental da actividade da empresa en particular, e das áreas empresariais en xeral.

Con esta finalidade, se establecen unhas normas de aplicación directa que se impoñen sobre as ordenanzas contidas nos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio ou que desenvolvan aqueles, tanto sobre as anteriores á entrada en vigor desta Lei como as posteriores.

Neste título se recolle tamén a posibilidade de que as entidades de conservación, xestión e modernización de parques empresariais reguladas na Lei 3/2022, de Áreas Empresariais de Galicia, as sociedades mercantís ou outras entidades poidan formalizar acordos, convenios ou contratos cos promotores e propietarios do parque empresarial, co Concello ou con outros Organismos, a fin de implantar instalacións colectivas destinadas á produción de enerxías renovables, para o uso das empresas ubicadas no parque empresarial e, asemade, asumir a xestión de ditas instalacións, infraestruturas ou servizos.

Neste capítulo tamén se conteñen normas de fomento, de xeito que os promotores públicos das áreas empresariais da Comunidade Autónoma traten de crear incentivos na comercialización do solo empresarial para favorecer a implantación de instalacións que contribúan ao autoconsumo ou ao uso de enerxías renovables polas empresas implantadas nos parques empresariais.

No marco da estratexia de transición cara á neutralidade carbónica, as administracións públicas deben fomentar o desenvolvemento sustentable do territorio, impulsando aqueles proxectos que contribúan a absorber carbono como medida para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen noutras actividades.

Neste ámbito, está a medrar o interese por parte do sector privado na execución de proxectos no territorio que maximicen a dita absorción de carbono e que lle permitan, ben sexa compensar emisións de dióxido de carbono derivadas doutras actividades, ou ben vender os créditos de carbono xerados a outros axentes interesados en realizar a dita compensación.

12





As absorcións certificadas no desenvolvemento dos proxectos deben estar cuantificadas mediante unha metodoloxía obxectiva e transparente, para o cal se require do establecemento dun sistema que garanta a seguridade xurídica das certificacións e transaccións realizadas entre os distintos axentes.

A través deste sistema, as administracións públicas deben establecer mecanismos que fomenten a execución de proxectos de absorción de carbono que teñan unha especial repercusión positiva no territorio, tanto desde un punto de vista ambiental como económico, o que permitirá que o seu desenvolvemento contribúa ao benestar da cidadanía e, ao mesmo tempo, á conservación dos valores ambientais da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que se refire ao tratamento de residuos, o anteproxecto pretende un mellor aproveitamento do seu potencial para a produción de biogás. Mediante a biometanización dos residuos de alto potencial, en especial aqueles da fracción de bioresiduos municipais, se pode mellorar o propio tratamento, convertendo o que podía supoñer un problema nunha fonte de enerxía, que ademais axuda á autosubministración dos procesos de SOGAMA que a requiran.

Tamén se fomenta a participación de municipios e das industrias agropecuaria e alimentaria no tratamento máis sustentable dos residuos, contribuíndo deste xeito á sustentabilidade, optándose por solucións de estabilización que eviten o depósito en vertedoiros e que poidan xerar valor para a sociedade, tal como suxiren os principios da denominada economía circular.

V. PRINCIPIOS DE BOA REGULACIÓN

O anteproxecto respecta o *principio de proporcionalidade*. Non establece cargas adicionais aos particulares excepto naqueles casos en que resulta imprescindible para obter os fins perseguidos pola norma, como é o caso da avaliación dos beneficios sociais e económicos en proxectos de xeración enerxética renovable, que impliquen uso de augas ou de minas. A participación do sector público autonómico en sociedades e os instrumentos de financiamento para proxectos coherentes cos fins do anteproxecto requiren de habilitación legal. O establecemento do canon á eólica mariña pretende compensar as afeccións medioambientais e visuais que se produzan. As políticas de recuperación forestal requiren das actuacións reflectidas no anteproxecto, e a creación do fondo para incendios de especial incidencia está xustificada polo seu impacto. O autoconsumo nas áreas empresariais ten amplos beneficios sociais, económicos e medioambientais que deben promoverse mediante

13





o levantamento de trabas administrativas e de planificación. O sistema de créditos de carbono ten un carácter voluntario. As medidas en materia de biometanización non impoñen cargas aos particulares.

En materia de parques eólicos se procuran obter sinerxías e mellorar a compartición e uso conxunto das liñas de evacuación, fins que son lexítimos e xustifican as posibles cargas aos promotores. As normas sobre instalacións de recarga de vehículos tamén teñen por obxecto axilizar a tramitación e levantar cargas administrativas.

En canto ao principio de *seguridade xurídica*, o anteproxecto se axusta á Constitución e ao canon de constitucionalidade, ao marco estatutario e legal, e non afecta á seguridade xurídica, establecendo réximes transitorios nos casos necesarios como é o das ordenanzas das áreas empresariais ou os parques eólicos xa en tramitación. En canto ao canon da eólica mariña, non existen aínda instalacións que puideran quedar suxeitas a este.

Relacionado co principio de proporcionalidade, se cumpre tamén o principio de *simplicidade*, levantándose na medida do posible as cargas para os interesados e evitándose trámites innecesarios, sen que se conteñan duplicidades con outras normas.

Igualmente se cumpre o principio de *eficacia*, atendendo a norma a fins lexítimos e utilizando unha regulación suficiente pero non excesiva.

Finalmente a tramitación do anteproxecto segue os principios de *transparencia* e *accesibilidade*, tendo lugar un anuncio no Portal de transparencia no que se recolleu a autorización para a tramitación, así como os seus obxectos e fins, e prevéndose a participación cidadá en futuros trámites.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Pablo Casal Espido

Secretario xeral técnico

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 11/05/2023 15:03:57





MEMORIA ECONÓMICA CONSOLIDADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA

A actual memoria complementa e consolida as memorias económicas de datas 11.05.2023 e 21.06.2023.

I. ANTECEDENTES E MEMORIA XUSTIFICATIVA

O anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, pretende regular diferentes aspectos relativos á sustentabilidade da utilización destes recursos na comunidade autónoma, atendendo non só aos criterios ambientais, senón tamén a factores socioeconómicos que permitan despregar unha política ambiental que sexa ademais xusta coa poboación e os territorios no ámbito de influencia dos proxectos. Pretende ser unha norma transversal que mellore a regulación da utilización dos recursos naturais no noso territorio, impulsando unha transición enerxética xusta e a consideración e compensación equilibrada dos custes medioambientais e afeccións aos servizos ecosistémicos, cos beneficios que as persoas, comunidades e territorios poden obter. Se ocupa, por tanto, de diversas cuestións, tendo por fío condutor os fins recollidos no artigo 2 do título preliminar: o impulso do desenvolvemento racional e sustentable de Galicia, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente, de forma conciliada co desenvolvemento social e económico e procurando a cohesión territorial, a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación de Galicia, e o desenvolvemento equilibrado dos sectores e actividades comprendidos na lei.

Para obter estes fins, se indican os obxectivos da norma no seu artigo 1: a procura de beneficios sociais e económicos de proxectos suxeitos a avaliación ambiental, tanto para Galicia como especialmente para a súa área de influencia; a integración da valoración dos beneficios sociais e económicos na avaliación de impacto ambiental; a participación do sector público de Galicia en sociedades con obxectivos compatibles co anteproxecto; o desenvolvemento de instrumentos de financiamento para facilitar a viabilidade destes proxectos; a creación dun canon para a eólica mariña; a recuperación integral do territorio afectado por incendios forestais e a creación dun fondo con esta finalidade; a implantación do autoconsumo enerxético nas áreas empresariais; a regulación dun mercado voluntario de carbono para desenvolver proxectos de absorción de gases de efecto invernadoiro; e a valorización dos residuos con alto potencial de biometanización por SOGAMA.

Tendo en conta o anterior, se trata dunha norma transversal, que está amparada por diversas competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o ámbito material dos preceptos que contén.





O anteproxecto contén unha parte expositiva e unha parte dispositiva de 64 artigos, agrupados nun título preliminar e sete títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, e cinco disposicións derradeiras.

O título preliminar contén os fins e obxectivos do anteproxecto, definicións sobre os beneficios sociais e económicos que procura, e a regulación do desenvolvemento de indicadores cuantitativos. Ademais, e de conformidade co dereito da Unión Europea, o artigo 6 establece unha prohibición de discriminación por establecemento ou residencia.

O título I se ocupa da valoración dos beneficios sociais e económicos de determinados proxectos. No seu capítulo I, se identifican os proxectos suxeitos a esta valoración, o capítulo II regula a súa integración no trámite de avaliación de impacto ambiental, establecendo as posibles medidas de compensación e estendendo a súa consideración aos informes sectoriais autonómicos. O capítulo III amplía esta valoración establecendo un informe a emitir para aqueles proxectos no ámbito de aplicación do título que non requiran de avaliación de impacto ambiental. O capítulo IV, dividido en 3 seccións, recolle disposicións específicas sobre cada un dos tipos de proxecto afectados: proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables, proxectos que requiran do uso de augas para determinados fins, e proxectos mineiros.

O título II regula a participación do sector público en sociedades con obxectivos compatibles co anteproxecto, e os seus instrumentos de financiamento. No capítulo I se habilita ao sector público á participación nestas sociedades. O capítulo II se refire a instrumentos de financiamento para sustentar proxectos cos obxectivos do anteproxecto. Estes instrumentos poden ser subvencións de capital, participacións de capital, préstamos participativos, créditos e deducións fiscais ao investimento, préstamos subvencionados, garantías, titulizacións e asistencia técnica, entre outras. Se regulan os instrumentos de capital e de débeda, e a titulización dos activos.

O título III crea un canon destinado a gravar o impacto medioambiental e visual das infraestruturas necesarias para a evacuación das instalacións de xeración eólica mariña. No seu capítulo I, se procura que a Administración autonómica nas súas relacións institucionais co Estado, de quen son competencia as instalacións eólicas mariñas, o inste a ter en conta a cohesión social e territorial así como os beneficios económicos e sociais en Galicia. O capítulo II establece o canon, fixando a natureza, obxecto, e ámbito de aplicación. Se establece unha afección dos ingresos do canon á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das cales serán principais beneficiarios os concellos afectados pola aterraxe das infraestruturas necesarias para a evacuación e o sector pesqueiro afectado pola implantación dos parques





eólicos dos cales se evacúa a súa enerxía. Permítese tamén o seu destino á compensación ao sector pesqueiro en xeral, e o seu uso para as sociedades e instrumentos do título II. Se configuran o feito impositivo, período impositivo, suxeitos pasivos, base impositiva, tipo de gravame e cota tributaria, así como a obriga de presentación de declaracións e autoliquidacións.

O título IV se ocupa da recuperación integral dos territorios afectados por incendios forestais. No seu capítulo I, establece unha serie de actuacións da Administración en materia de planificación territorial, determinación dos usos agroforestais permitidos, implantación de paisaxes cortalumes, impulso da diversificación de masas forestais, e o aseguramento dunha actuación constante no tempo. O capítulo II crea un fondo de recuperación do territorio afectado por incendios de incidencia singular. Se trata dun fondo específico, de carácter finalista. Se establece a competencia do Consello da Xunta para declarar mediante acordo cales son os incendios de especial incidencia. A financiación do fondo incluírá recursos propios conforme se inclúan nos orzamentos da Comunidade Autónoma, achegas doutras administracións, doazóns, e achegas privadas. Se establecen as actuacións que se poden financiar con cargo ao fondo, e a regulación das achegas privadas incluíndo o acceso a beneficios fiscais.

O título V se ocupa dos proxectos de autoconsumo enerxético nas áreas empresariais de Galicia. Dispón o fomento por parte dos promotores públicos ou privados no solo empresarial da implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables. Establece unha serie de normas de aplicación directa en materia de urbanismo e ordenación do territorio para simplificar e promover estas instalacións, permitíndoas en parcelas lucrativas e dotacións privadas ou públicas de uso secundario ou terciario, nas zonas de recuamento e espazos libres de edificacións, sobre as edificacións e outras construcións auxiliares, e, no caso das instalacións de autoconsumo colectivo, nas zonas verdes e espazos libres. Procurando o levantamento de cargas burocráticas e de planificación, se dispón a interpretación favorable das ordenanzas, dispensando os elementos singulares das alturas máximas, e non computando estas instalacións a efecto de distancias mínimas ou edificabilidade. Estas normas deberán incorporarse nos instrumentos de planificación e ordenación do territorio a partir da entrada en vigor do anteproxecto, e prevalecerán de xeito directo sobre os instrumentos xa ditados, e os que estean en tramitación. Se fixa a competencia municipal para as licenzas, autorizacións e permisos necesarios, sen prexuízo doutras normas sectoriais. Se prevé tamén a reserva de espazos nas áreas empresariais para a canalización de enerxías renovables. Se habilita á declaración de utilidade pública e interese social destas infraestruturas na resolución administrativa que as autorice. Se dispoñen incentivos do alleamento de parcelas do IGVS e Xestur.

O título VI regula un sistema voluntario de créditos de carbono. O obxectivo é fomentar proxectos de absorción de carbono e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro. Para iso, os proxectos que poidan reducir as emisións ou





absorber estes gases recibirán o recoñecemento en créditos de carbono susceptibles de comercialización. Este terá lugar mediante unha plataforma de créditos de carbono que recollerá os proxectos de absorción, os créditos xerados e emitidos, e o rastrexo dos créditos para evitar a dobre conta. Se crea un comité técnico para mellorar o sistema e presentar propostas sobre metodoloxías. Se fomentará a participación neste sistema, e se poderá ter en conta nas convocatorias de axudas a proxectos susceptibles de absorber carbono.

O título VII se refire aos residuos biometanizables. A Comunidade Autónoma procurará a valorización de residuos con alto potencial de biometanización, con especial referencia aos de SOGAMA. Se prevé o establecemento de plans municipais de biometanización sobre a fracción de recollida selectiva de bioresiduos e a fracción resto, excluíndose neste último caso de forma preferente o depósito final en vertedoiro. O biogás obtido se utilizará en primeiro lugar para o autoconsumo de SOGAMA. Tamén se promoverá a valorización integral e conxunta de residuos municipais, da industria agropecuaria e alimentaria, habilitándose a SOGAMA para a contratación da obtención de biometano a partir dos mesmos.

A disposición adicional primeira refírese á consideración dos posibles efectos sinérxicos e acumulativos na avaliación ambiental nos procedementos de autorización de proxectos de parques eólicos.

A disposición adicional segunda dispón as regras de autorización de parques eólicos sometidos a avaliación de impacto ambiental de competencia autonómica.

A disposición adicional terceira regula a declaración de interese público superior de parques eólicos, conforme ao Regulamento Europeo (UE) 2022/2577 do Consello de 22 de decembro de 2022, para facilitar a rápida transición enerxética.

A disposición adicional cuarta establece a declaración de utilidade pública para as estacións de recarga de vehículos eléctricos ou de hidróxeno co obxecto de axilizar a electrificación do sector do transporte.

A disposición adicional quinta contén unha definición de paisaxes cortalume e áreas estratéxicas de xestión, en relación coa recuperación do territorio afectado por incendios forestais.

A disposición adicional sexta dispón a posta en marcha dun programa de compostaxe por parte da sociedade Galega do medio Ambiente (SOGAMA).

A disposición transitoria única regula o réxime de aplicación a procedementos de declaración de determinadas iniciativas empresariais prioritarias en curso.

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel





A disposición derogatoria única derroga o número 2 do artigo 42 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, relativo á tramitación de proxectos de enerxía renovable como iniciativas empresariais prioritarias.

Nas disposicións derradeiras modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; e a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación coa tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación, que deberán solicitarse conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico e requirirán que este dispoña de permiso de acceso e conexión. En particular, como norma xeral, e salvo xustificación expresa da imposibilidade de facelo doutra maneira, non se admitirán a trámite novas infraestruturas de evacuación cunha lonxitude de máis de 15 km, salvo que se trate de infraestruturas colectoras de varios parques eólicos e estas non teñan unha lonxitude superior a 0,3 km por megawatt conectado a elas. Trátase, así mesmo, de evitar a duplicidade de infraestruturas de evacuación de diferentes parques eólicos ou entre as novas propostas de evacuación e a rede de distribución e transporte existente ou planificada.

A disposición derradeira terceira prevé beneficios e incentivos fiscais, modificando o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo. Así, prevese unha dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades que realicen proxectos que provoquen servizos ecosistémicos, e unha dedución aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmoables que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables en áreas empresariais.

A disposición derradeira cuarta modifica a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia para facilitar a convocatoria de concursos mineiros sobre materias primas fundamentais e minerais críticos.

A disposición derradeira quinta habilita ao Consello da Xunta para o desenvolvemento regulamentario do anteproxecto.

Finalmente, a disposición derradeira sexta establece a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel





II. ESTUDIO ECONÓMICO

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Para a análise do custe económico cómpre facer un repaso das diferentes medidas que contén.

O título preliminar non ten custo económico, xa que só establece os fins e obxectivos da lei, definicións dos beneficios sociais e económicos, e indicadores cuantitativos.

O título I non ten custo económico xa que a avaliación dos beneficios sociais e económicos que se establecen se integra na análise de impacto ambiental e para a súa tramitación non se constata a necesidade de novo persoal empregado público.

O título II non ten custo económico xa que só habilita para a participación en sociedades con determinados fins e para o establecemento de instrumentos de financiamento tanto para a Administración Xeral como para os seus entes instrumentais, polo que deberá ser o desenvolvemento de tales participacións e instrumentos os que determinen os posibles custos.

O título III, relativo ao canon para gravar as liñas de evacuación da xeración eólica mariña, implica a percepción de novos ingresos por parte da comunidade autónoma galega.

O título IV prevé unha serie de actuacións en materia de recuperación forestal. Estas actuacións estarán adecuadamente cubertas polos créditos orzamentarios, sen que se constate a priori a necesidade de novo persoal empregado público. No que se refire á dotación do fondo, non implica como tal un custo, senón que dependerá das partidas orzamentarias que se determine. As demais fontes de financiamento do fondo, como son as achegas doutras administracións, doazóns e achegas privadas, non supoñen custo para a Administración autonómica.

O título V se limita ao establecemento de determinadas normas de ordenación do territorio e urbanismo para facilitar o autoconsumo enerxético nas áreas empresariais. Non supón custo económico.

O título VI regula un sistema voluntario de créditos de carbono para o cal deberá crearse unha plataforma. Pendente o desenvolvemento regulamentario do sistema, o anteproxecto non implica custo directo ningún.

O título VII non supón un custo económico directo, senón que habilita a SOGAMA para o desenvolvemento de determinados plans de biometanización de residuos.

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel





A disposicións adicionais primeira, segunda e terceira, referidas, respectivamente, á toma en consideración dos efectos sinérxicos dos parques eólicos nos seus procedementos de autorización; ás as regras de autorización de parques eólicos sometidos a avaliación de impacto ambiental de competencia autonómica; e a regulación da declaración de interese público superior de parques eólicos, conforme ao Regulamento Europeo (UE) 2022/2577 do Consello de 22 de decembro de 2022, para facilitar a rápida transición enerxética; non supoñen un custo económico.

A disposición adicional cuarta axiliza a tramitación de instalacións de recarga de vehículos, sen que supoña un custo económico, ao igual que a disposición adicional quinta que contén unha definición de paisaxes cortalume e áreas estratéxicas de xestión, en relación coa recuperación do territorio afectado por incendios forestais.

A disposición adicional sexta dispón a posta en marcha dun programa de compostaxe por parte da sociedade Galega do medio Ambiente (SOGAMA) que poñerá en marcha varias plantas de produción de compost. En garantía da sustentabilidade financeira das novas instalacións, a consellería competente en materia de residuos fixará un canon específico, tal e como se establece nos puntos 4 e 5 da devandita disposición.

As disposicións transitoria, derogatoria, derradeira primeira e derradeira segunda non teñen custo económico ningún.

A disposición derradeira terceira establece beneficios fiscais para a adquisición de accións e participacións de determinadas sociedades e a dedución do 100% da cota dos impostos por constituicións o transmisión de dereitos reais sobre bens inmoables destinados ao autoconsumo enerxético nas áreas empresariais. Estes beneficios non supoñen un custo económico, pero si a diminución dos ingresos públicos.

Tampouco teñen custo económico as disposicións derradeira cuarta, derradeira quinta e derradeira sexta.

2. IMPACTO ESTIMADO DAS DEDUCIÓNS PREVISTAS NA RECADACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

2.1. CONTEXTO

O anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que empregan os recursos naturais de Galicia prevé, entre outros instrumentos, beneficios e incentivos fiscais para fomentar o desenvolvemento de certo tipo de proxectos particularmente relevantes así como para facer máis atraínte a participación da cidadanía nos mesmos. Estes beneficios e incentivos fiscais están descritos na Disposición Derradeira Terceira que modifica a súa vez o artigo 20 do Decreto legislativo 1/2011 de 28 de xullo. En concreto introdúcense dúas deducións nas cotas do IRPF e de Actos Xurídicos Documentados respectivamente, que se describen a continuación:





1. Dedución por inversión na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades que realicen proxectos de interese público segundo os artigos 17 e 20 da lei (renovables e minas).

✓ Establécese unha dedución na cota íntegra autonómica do IRPF do 20% das aportacións aos proxectos cunha base máxima de 10.000€ por contribuínte en todos os períodos impositivos. Esta dedución está pensada para estimular a participación das comunidades locais nos propios proxectos como accionistas dos mesmos.

2. Dedución aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas que sexan necesarios para a produción de enerxías renovables nas áreas empresariais.

✓ O obxecto desta dedución é facilitar a constitución de contratos de subministro a longo prazo para o autoconsumo renovable no sector empresarial galego. Este modelo de negocio precisa de seguridade xurídica a longo prazo para que sexa atractivo para inversores e bancos e se poida acceder a financiación tamén a longo prazo. Un dos elementos requiridos é a constitución de dereitos reais como o de superficie e o de voo nos emprazamentos onde se ubican as infraestruturas que deben ter vixencia durante a vida útil das mesmas. Estes dereitos deben estar asociados aos propios contratos de subministro de enerxía e transmitirse no seu caso de maneira conxunta. Debido ao elevado valor das instalacións o establecemento e transmisión destes dereitos de superficie é moi alto, frecuentemente maior que o valor do propio inmovible, o que dificulta enormemente a viabilidade económica dos proxectos. Debido ao grande interese público no desenvolvemento do autoconsumo renovable no sector empresarial galego considerase necesario introducir esta dedución.

2.2 IMPACTO IRPF

O impacto na recadación da dedución para os pequenos investidores no IRPF dependerá de tres factores:

- 1) Do investimento e distribución temporal do desenvolvemento dos proxectos elixibles.
- 2) Da proporción de débeda e capital que empreguen os promotores para o financiamento dos proxectos.
- 3) Da proporción de capital que se lle reserve aos inversores retallistas aos que vai destinada a dedución.

Para facer unha avaliación cuantitativa fixéronse as seguintes asuncións:

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel





A. Investimento requirido por unidade de potencia instalada (baseados no anuario 2021 da Axencia Internacional da Enerxía).

Investimento requirido por tipoloxía (millóns de euros por MW instalado)	
Eólica terrestre	1,05
Centrais bombeo	0,48
Solar PV	0,97
Biogás	2,12
Hidróxeno verde	3,11

B. Nova potencia instalada dos proxectos elixibles (baseado na Axenda Enerxética de Galicia)

Tecnoloxía	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	Total
Eólica terrestre	546	579	597	615	633	652	672	4294
Eólica Mariña	0	0	0	0	116	239	615	970
Centrais bombeo	214	227	233	240	248	255	263	1680
Solar PV	21	23	23	24	25	26	26	168
Biogas	2	3	3	3	3	3	3	20
Hidróxeno verde	0	0	27	28	116	179	492	842
Total	783	832	883	910	1141	1354	2071	7974

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/03/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento original en papel

C. Parámetros económico-financieros.

En base á práctica normal do sector estímase a seguinte estrutura financeira para os proxectos en porcentaxe sobre o total do investimento:





Proporción media de débeda	75%
Proporción media de equity	25%
Reserva de equity para investidores locais	15%
Tasa de inflación anual	3%
Deducción IRPF	20%

D. Concreción do impacto

Para considerar o impacto estimado da dedución prevista na cota autonómica do IRPF preséntanse o seguinte escenario:

Escenario. A metade dos proxectos inclúen tramos para retallistas que son maioritariamente subscritos por contribuíntes galegos. Este escenario asúmese como o máis probable.

Ano	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
Coste das deduccións (€ millóns)	2,94	3,12	3,31	3,41	4,28	5,08	7,77
Número de beneficiarios	1468	1560	1656	1706	2139	2539	3883

2.3. IMPACTO AJD

Tendo en conta que non se paga un canon, para determinar a base imponible é necesario calcular o valor residual non amortizado durante a vida do dereito de superficie dos activos que se instalen para ese autoconsumo enerxético, ao durar máis a súa vida útil que o dereito e non ser retirados cando se extinga o dereito de superficie. Iso está cuantificado nun 40%.. Por tanto, tendo en conta o coste da inversión en función dos MW, a inflación, a vida útil da instalación e a do dereito,, determínase unha base imponible á que se lle aplica o 1,5% (tipo de AJD). Esa é a perda recaudatoria que para 2024 se cifra en 660.000€.





A. Parámetros

Potencial autoconsumo en PPA parques 2030 (MW)	500
Coste MW autoconsumo (€MW CAPEX)	1,5
Vida útil instalacións (anos)	25
Prazo medio PPAs (anos)	15
Tipo impositivo	1,5%

B. Concreción do impacto

AJD	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
Inversión autoconsumo PPA parques empresariais (€ millóns)	110,36	113,67	117,08	120,59	124,21	127,93	131,77
Base imponible	44,14	45,47	46,83	48,24	49,68	51,17	52,71
Coste deduccions (M€)	0,66	0,68	0,70	0,72	0,75	0,77	0,79

3. TÍTULO III: O CANON DA EÓLICA MARIÑA

Introdución

O Título III do Anteproxecto de referencia establece o canon da eólica mariña. Tendo en conta a súa natureza tributaria desta disposición, na primeira parte xustificáranse os aspectos xurídicos relativos á creación do canon eólica mariña. Na segunda, incluírase a memoria económica.

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento original en papel





A. Aspectos xurídicos

1. Tipoloxía do canon. Obxecto e competencias sobre iniciativa legislativa

Na medida en que o canon é un tributo debe subsumirse nalgunha das categorías tributarias previstas no artigo 2.2, da Lei 58/2003, Xeral Tributaria (LGT); isto é, impostos, taxas ou contribucións especiais. O canon da eólica mariña é substancialmente, un imposto, e un imposto propio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Constitución española de 1978, no seu artigo 133.2, as Comunidades Autónomas poden establecer e esixir tributos de acordo coa Constitución e as Leis. O art. 157.1, inclúe entre os recursos das Comunidades Autónomas, "os seus propios impostos". E a Lei 8/1980, de 22 de setembro, Orgánica de Financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA), disciplina no seu artigo 6, as posibilidades de crear impostos propios, cos límites previstos nos seus parágrafos segundo e terceiro..

Pero, neste caso, encontrámonos ante un imposto medioambiental, que presenta unhas características peculiares.

O fundamental para que poidamos falar dun imposto medioambiental é que a materia gravada a través do mesmo (non necesariamente o feito imponible, ou non necesariamente todo o feito imponible, senón polo menos o seu elemento material u obxectivo) prevea unha actividade real ou potencialmente daniña ou agresiva para o medio ambiente. No segundo lugar, a súa cuantificación debe ser consecuente con este gravame (gravando mais a quen mais contamina, de acordo co principio quen contamina, paga). E, en terceiro lugar, debe ter unha función reparadora, afectándose todo o parte do recadado a reparar o dano ambiental producido. Ademais, o tributo medioambiental forma parte do que se coñece como "utilización extrafiscal do tributo". O Tribunal Constitucional recoñeceu na sentenza 37/1987, de 26 de marzo, que "nin na Constitución nin na LOFCA existe precepto algún que prohiba as Comunidades Autónomas actuar a súa potestade tributaria – e en concreto, o seu poder de imposición – en relación coa consecución de obxectivos non fiscais" (FJ 130). E iso, porque a data de hoxe, a adecuación constitucional da extrafiscalidade non admite discusión, tras a sentenza 221/1992 de 11 de decembro, que sinala que "é constitucionalmente posible que o lexislador tributario, ao regular cada figura impositiva, outorgue preeminencia a outros valores ou principios respectando, en todo caso, os límites establecidos pola Constitución" (FJ 40).

Non obstante, cando o tributo se utiliza con prioritaria finalidade extrafiscal en lugar de finalidade recadatoria, convértese nun instrumento mais no desenvolvemento da política pública á que se orienta a adopción do tributo, pero esa política pública debe ser unha política medioambiental; do contrario poderíase estar desvirtuando a finalidade do tributo.

Asinado por: REQUEIJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel





En conclusión, un imposto medioambiental é unha figura extrafiscal. E, ao mesmo tempo, un imposto é unha medida de política pública, neste caso, de política medioambiental.

O ente público que o estableza deberá ter competencia fiscal, pero tamén competencia na materia substantiva á cal se dirixe o tributo. É a denominada regra da dobre competencia. A sentenza do Tribunal Constitucional, 164/1995, de 13 de novembro, FJ 4, dixo que os impostos medioambientais deben crearse, non so respectando os principios tributarios derivados do art. 31 da Constitución, senón tamén "dentro do marco de competencias asumidas.

Galicia ten competencia material naqueles fins públicos aos que serviría o canon da eólica mariña, xa que, de conformidade co artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva na materia "normas adicionais de protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23". A competencia medioambiental é transversal por definición. A defensa e preservación da paisaxe é unha política pública transversal que afecta a todos os órganos da Xunta de Galicia, e a todas as Consellerías. Así se desprende do artigo 5 da dita Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, segundo o cal os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe. Por outra parte, de conformidade coa Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, Galicia posúe un incomparable patrimonio natural de excepcional valor, o cal constitúe unha das principais señas de identidade da nosa comunidade autónoma e esixe a súa adecuada preservación para satisfacer as necesidades non só das xeneracións actuais senón tamén as das xeracións futuras.

Galicia ten tamén competencia exclusiva na ordenación do territorio e do litoral, consonte o artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para, de acordo con esta competencia, manter e mellorar a sostibilidade ambiental, social e económica, e protexer a súa propia fisonomía natural e humana.

Por último Galicia ten competencia na ordenación da política enerxética. Isto de conformidade co artigo 27.13 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que lle atribúe competencia exclusiva sobre instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica cando este transporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte a outra provincia ou Comunidade Autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22 e 25 da CE. E igualmente consonte o artigo 28.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que lle atribúe o desenvolvemento legislativo e execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza, sobre o réxime enerxético.

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento original en papel





Pois ben, a política de protección da paisaxe, do patrimonio natural e do litoral deben integrarse na ordenación da produción de enerxía, e na política industrial e económica, da que aquela forma parte. E a política de ordenación de produción de enerxía ha de facerse modulando o impacto que sobre o medio ambiente en xeral, e a paisaxe e o litoral en particular, teñen as instalacións produtoras de enerxía eléctrica.

Por último, sendo a ordenación das infraestruturas de evacuación da eólica mariña unha manifestación da preponderante competencia sobre aproveitamento enerxético, e atribuíndose esta competencia á Consellería de Economía, Industria e Innovación, corresponde a competencia substantiva sobre a materia á Consellería de Economía, Industria e Innovación.

2. Principios xurídico-tributarios que deben informar a creación do canon

O canon da eólica mariña é unha prestación patrimonial de dereito público, un imposto, aínda que se lle denomine canon. Partindo de diso, o establecemento e regulación do canon debe respectar unha serie de principios.

Principio de reserva de lei

En primeiro lugar, e dada a súa condición de prestación patrimonial pública, o canon debe establecerse a través dunha norma con rango de lei aprobada polo Parlamento de Galicia, e así e o caso ao tramitarse como anteproxecto de lei sen que os aspectos substanciais do canon queden conxelados ao rango regulamentario.

Principio de capacidade económica

Segundo o artigo 31.1 da Constitución, o deber de contribuír deberá facerse de acordo á capacidade económica de cada un, de acordo cun sistema tributario xusto, inspirado na igualdade e progresividade, e que, en ningún caso, terá alcance confiscatorio.

Os tributos medioambientais constitúen unha excepción ás esixencias de capacidade económica, para os cales é relativa. Neste caso, se contempla a capacidade económica, xa que a base imponible do tributo ben dada, entre outras, pola intensidade eléctrica da infraestrutura de evacuación, tendo unha implicación económica, vinculada á renda que poida obterse da xeración e venda da enerxía.

Principio de seguridade xurídica

Ningunha tacha de inseguridade pode referirse á creación dun canon que se fixo mediante lei, coas esixencias de publicidade derivadas da mesma, e afectando





exclusivamente ás infraestruturas de evacuación das instalacións eólicas mariñas que se verifiquen desde a súa entrada en vigor.

A Comunidade Autónoma de Galicia, á hora de exercer o seu poder de creación de tributos aparece tamén vinculada polo efecto de primacía do Dereito Comunitario europeo. O réxime do canon da eólica mariña non contén ningunha medida que puidese ser catalogada como axuda de Estado.

3. Principios que rexen a creación de impostos propios polas Comunidades Autónomas

Principio de territorialidade

As competencias das Comunidades Autónomas se definen a partir de certos límites territoriais, xa que o territorio é un ámbito de validez no seu exercicio, de xeito decisivo en materia de impostos. En tal sentido, o art. 9.a) da LOFCA dispón que "non" poderán suxeitarse elementos patrimoniais situados, rendementos xerados nin gastos realizados fóra do territorio da respectiva Comunidade Autónoma,".

No caso do canon á eólica mariña, o principio de territorialidade queda salvagardado, cando o art. 32 do anteproxecto se refire a que o canon se aplicará infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Principio de non interferencia económica

Entendemos por "principio de non interferencia económica", ao que fai referencia o artigo 9.c) da LOFCA, o conxunto de regras que prohiben que os impostos propios das Comunidades Autónomas supoñan "obstáculo á libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais", ou que estas afecten de xeito efectivo á libre elección de residencia das persoas ou situación de empresas e capitais dentro do territorio español, sen que se poida trasladar cargas a outras Comunidades Autónomas. Isto non impide que exista un diferente tratamento fiscal, consubstancial á autonomía, sempre que non se impida a libre elección de residencia e establecemento. A mera existencia do canon á eólica mariña non afecta á libre decisión de residencia nin á situación de empresas en Galicia. En canto á traslación a outras comunidades, esta queda excluída polo estrito principio de territorialidade coa citada cláusula do art. 32 do Anteproxecto.

Principio de separación

O art. 6.2 de LOFCA dispón claramente que "os tributos que establezan as Comunidades Autónomas no poderán recaer sobre feitos impositivos gravados polo Estado", ao tempo que o art. 6.3 establece que "as Comunidades Autónomas

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:08
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel





poderán establecer e xestionar tributos sobre as materias que a lexislación de Réxime Local reserve ás Corporacións Locais nos supostos en que a devandita lexislación o prevexa e nos termos que a mesma o contemple". En canto á posible colisión co IAE e o IBI, o canon no é un tributo patrimonial, porque non grava a explotación nin a propiedade das infraestruturas de evacuación, senón a súa afección ambiental. Por tanto, se cumpre co principio de separación xa que non existe unha gravame estatal sobre o mesmo feito imponible.

4. Danos medioambientais e incidencias e afeccións que se pretenden corrixir co imposto

Como elemento lexitimador do canon existe un dano paisaxístico e ambiental, singularmente do litoral, que se pode combater ou evitar e que a Comunidade Autónoma pode combater, como mínimo, sobre a base das competencias medioambientais que, a partir do art. 149.1.23 da Constitución, lle permiten adoptar medidas adicionais de protección.

O dano ambiental que xustifica unha internalización de custos no caso de parques eólicos mariños non é outro que a contaminación paisaxística e ambiental, singularmente do litoral, provocada polo despregamento de infraestruturas de evacuación. A contaminación paisaxística e ambiental xera unha degradación da paisaxe que se percibe ou se ve nun lugar, debido á mala ubicación de elementos visuais que non resultan acordes co medio. Así, podemos cualificar como contaminantes paisaxísticos todas aquelas accións físicas e biolóxicas normalmente debidas ás actuacións humanas que directa o indirectamente interfieren desfavorablemente co ser humano a través do sentido da vista, dando lugar á sensación de perda da visibilidade ou da cualidade paisaxística. E non cabe ningunha dúbida de que as infraestruturas de evacuación dun parque eólico mariño constitúen axentes contaminantes paisaxísticos e ambientais, singularmente do litoral.

- **Finalidade extrafiscal do tributo, preeminencia sobre a finalidade recadatoria**

A finalidade ambiental do canon queda clara pola concorrencia respecto ao seguinte.

a) Unha función disuasoria, de maneira que a figura impositiva grave efectivamente unha actividade ou situación real ou potencialmente daniña para o medio ambiente en calquera das súas manifestacións. A través da técnica de gravar o acto ou feito contaminante permítese determinar a obriga de pagamento a cargo do axente contaminador, e realízase o principio de que quen contamina, paga.

b) En segundo lugar, o tributo medioambiental debe ter unha función reparadora, de maneira que o recadado se destine á prevención ou reparación do dano ambiental





que se pretende combater. Esa función, veremos que se cumpre neste caso, coa afectación do recadado aos concellos afectados e ao sector pesqueiro establecida no artigo 33.

5. Obxecto do canon eólico

Os parques eólicos mariños constitúen unha das instalacións renovables con maior incidencia territorial, dadas as súas características, as súas dimensións, e proximidade ao litoral. Resulta evidente que a instalación de infraestruturas de evacuación no litoral produce unha interrupción na harmonía paisaxística e ambiental, debido a que se ocasiona unha modificación e degradación da paisaxe, alterando o seu aspecto orixinal, e provocando a perda de boa parte do patrimonio natural galego. É por todos sabido que a paisaxe e o patrimonio natural son bens medioambientais que se deben preservar e conservar.

6. Estrutura e funcionamento: orientación a conseguir os obxectivos pretendidos coa lei

O canon responde na súa estrutura á súa finalidade ambiental.

O seu feito impositivo é unha actividade real ou potencialmente contaminante para o medio ambiente: a contaminación paisaxística, recoñecida internacionalmente como un modo de contaminación. Tal feito impositivo non é outro que a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación de infraestruturas de evacuación no litoral.

Conseguentemente, sendo a contaminación que se pretende atallar a paisaxística e ambiental, singularmente do litoral, para que a función disuasoria opere correctamente haberá que gravar a quen a produce, xerando unha desexonomía externa. E ese suxeito non será outro que quen explota a infraestrutura de evacuación, estendéndose a responsabilidade solidaria ás persoas titulares da autorización, da infraestrutura, ou do parque eólico mariño cando non sexan coincidentes, garantíndose así a aplicación da regra de que quen contamina, paga.

Se grava máis ao que contamina máis. Elo conséguese a través dunha escala de gravame, que parte dunha base non monetaria (metros liñais da infraestrutura de evacuación, dependendo ademais de se está soterrada e da súa intensidade eléctrica) e determina unha cantidade a pagar por cada unidade da base.

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel





Deste xeito se incentiva a minimización da dimensión destas infraestruturas, fomentando a súa compartición e soterramento, gravándose ademais as de maior intensidade por ter maior impacto visual e ambiental.

O tributo está ademais orientado a actuacións compensatorias para os concellos afectados e o sector pesqueiro, permitíndose tamén o financiamento de empresas que leven a cabo actividades de compensación ambiental, segundo a afectación do artigo 33.

- **Incidencia do tributo na corrección e prevención da actividade contaminante.**

A estrutura do canon garante plenamente o efecto disuasorio e incentivador, propio dos tributos medioambientais.

Ese efecto ten lugar respecto dos tres elementos esenciais de todo tributo: o feito imponible, os suxeitos pasivos e os elementos de cuantificación.

Respecto do feito imponible, queda claro que se trata dun tributo que grava unha actividade contaminante: "impactos visuais e ambientais adversos sobre o territorio, como consecuencia da instalación e funcionamento de infraestruturas de evacuación no litoral". O impacto é provocado polas infraestruturas, pero non se grava a súa titularidade, porque iso suporía crear un imposto patrimonial, que podería solaparse co Imposto sobre o Patrimonio.

Respecto dos suxeitos, grávase en concepto de contribuíntes, aos que contaminan, isto é, aos titulares da explotación da infraestrutura. Na normalidade dos casos, eses suxeitos serán os titulares da respectiva autorización administrativa, o que facilitará o control do suxeito. O consideralos contribuíntes supón que, de acordo co establecido no art. 36,2 da Lei Xeral Tributaria, sempre deben cumprir a obriga tributaria principal.

Respecto dos elementos de cuantificación, base imponible (art. 38) e tipo e gravame (art. 39) pretenden reforzar o efecto disuasorio e o efecto incentivador, propio dun tributo medioambiental: o efecto disuasorio, porque se penaliza o foco de contaminación paisaxística e ambiental, e o efecto incentivador pola diferenciación entre a gravame de infraestrutura soterrada e a posibilidade de minimizar a dimensión e compartir infraestruturas para reducir o pagamento.

B. Memoria económica

Aos efectos desta memoria, tendo en conta que a normativa é competencia da Administración do Estado e o desenvolvemento paulatino e gradual desta

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel





tecnoloxía, fórmulase o suposto hipotético de que no futuro o Estado autorice un parque eólico.

➤ Ingresos xerados a partir de 2031

Escenario considerado: entrada en funcionamento do primeiro parque eólico mariño en 2030-2031.

ZONA ZAPER	NOR-1	NOR-2	NOR-3/NOR-4 ²	NOR-5
INGRESOS (€/ano)	-	-	30.000-56.000 ¹	-

A día de hoxe, non hai normativa específica sobre parques eólicos mariños nin, polo tanto, sobre a evacuación a terra da enerxía eléctrica xerada nos mesmos.

As estimacións consideradas obtivéronse tendo en conta unha única liña de evacuación por zona ZAPER, que é o que a Xunta de Galicia estima máis idóneo para minimizar os posibles impactos medioambientais. Isto podería variar en función do recollido ao respecto na normativa pendente de aprobación por parte del MITERD en relación co desenvolvemento de proxectos de eólica mariña.

Realízanse os cálculos para un so parque.

En función da xeometría das zonas ZAPER dos POEM e das SET nas que, a día de hoxe, poderían conectarse os parques eólicos mariños, considérase un suposto hipotético dunha liña de entre 132 kV a 400 kV, o escenario co tipo de gravame máis elevado onde os ingresos estimados serían, en función das diversas opcións de subestación de destino en terra:

- entre 30.000-46.000 €/ano, caso de liña soterrada de 3-4 km
- aproximadamente 56.000 €, caso de liña soterrada de 5-6 km

➤ Custes de implantación do canon

O imposto creado pola lei denominado canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación da eólica mariña, comezará a aplicarse non antes do ano 2031.

Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel





A súa aplicación supón a xestión, inspección e recadación, o exercicio da potestade sancionadora tributaria e os procedementos de revisión en vía administrativa e en vía económico-administrativa.

Polo que respecta ás funcións de xestión, inspección, recadación, exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria e revisión en vía administrativa estas serán realizadas pola Axencia Tributaria de Galicia, axencia pública autonómica que, consonte co disposto na lei 15/2010, terá, entre outras as funcións de aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, cando a súa lei específica atribúa estas funcións á consellería competente en materia de facenda, como acontece neste caso.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2023

O secretario xeral técnico

José Ramón Pardo Cabarcos



Asinado por: REQUEJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento original en papel





TÁBOA DE VIXENCIAS DO ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA

I. BASE NORMATIVA

A táboa de vixencias incorpórase para dar cumprimento ao previsto no artigo 6.3 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, de regulamentación do réxime interno da Xunta de Galicia, que esixe que non se formule proposición de nova disposición ningunha sen acompañar ao proxecto da táboa de vixencias de disposicións anteriores sobre a mesma materia e sen que na nova disposición se consignent expresamente as anteriores que deban quedar total ou parcialmente derogadas.

II. NORMAS AFECTADAS

O anteproxecto ten un carácter innovador no dereito galego, e en xeral introduce regulación en aspectos que non estaban suxeitos a norma ningunha, coas seguintes excepcións.

Contén unha disposición derogatoria que derroga expresamente o artigo 42.2 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

A disposición derradeira primeira modifica a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, engadindo unha liña e) ao seu artigo 50.

A disposición derradeira segunda, modifica a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Modifica o seu artigo 27.3, engade tres novos apartados á súa disposición adicional terceira, e engade unha disposición transitoria novena.

A disposición derradeira terceira modifica o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo. Engade un novo número 20 ao artigo 5, e un novo número 12 ao artigo 17.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data indicada á marxe

Pablo Casal Espido
Secretario xeral técnico

Asinado por: REQUEIJO SALGADO, JOSÉ MANUEL
Cargo: Xefe de Sección de Tramitación
Data e hora: 15/05/2024 10:46:09
Motivo: Copia electrónica auténtica de documento orixinal en papel

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 11/05/2023 15:03:57

CSV: BOPGDSPG-d9NGIQBIP-7
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>
p06gZhm6A2q3
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Pacto Verde Europeo marcou o obxectivo de acelerar a transición ecolóxica da Unión Europea (UE) cara a unha economía neutra en emisións de CO₂ para 2050. Nos últimos dous anos, a necesidade de acelerar a transición ecolóxica intensificouse co Fit for 55, conxunto de medidas que pretenden acadar o obxectivo de que o 40% da enerxía da UE se produza a partir de fontes renovables de enerxía, ou co Plan RePowerEU, que pretendía dar resposta á escala de prezos e á carestía enerxética, aumentando a resiliencia do sistema enerxético a través de piares como o aumento da presenza do biometano e do hidróxeno.

A crise de subministracións, provocada primeiro pola COVID-19 e pouco despois pola invasión de Ucraína, puxo de manifesto a necesidade de reforzar a capacidade de produción propia nas tecnoloxías críticas relacionadas coa transición enerxética. En resposta, a Unión Europea estableceu o Plan industrial do Pacto Verde Europeo (COM (2023) 62 final, do 1.2.2023) que promove o desenvolvemento da capacidade de produción propia das materias primas e tecnoloxías requiridas para a transición verde, incluíndo o aproveitamento dos recursos naturais de Europa.

A propia Administración autonómica galega ten avanzado nestes ámbitos. Así, a Xunta de Galicia aprobou no ano 2022 a Axenda Enerxética de Galicia 2030, que constitúe a folia de ruta para a consecución dos obxectivos intermedios en 2030 que permitan acadar a neutralidade climática en 2050, con novas oportunidades, non soamente para o sector enerxético galego, senón para o resto de sectores estratéxicos de Galicia.

Dentro deste novo escenario, os recursos naturais pasan a ser un factor clave para o crecemento sustentable e inclusivo do territorio e patrimonio de toda a cidadanía. Non obstante, a cantidade de recursos naturais de Galicia que se pode empregar de forma sustentable é limitada, polo que cando a sociedade asigna unha parte deles a un determinado proxecto está facendo un investimento polo cal debe obter un retorno social axeitado. Este retorno social ten que ser compatible coa obtención dunha rendibilidade económica suficiente para os investidores que achegan capital e asumen os riscos.

A posta en marcha de determinados proxectos no territorio, en especial aqueles que aproveitan recursos naturais mediante unha tecnoloxía avanzada, non só debe respectar estritamente as cautelas ambientais, senón que debe ir acompañada da adecuada valoración do seu impacto social e económico na medida en que pode representar unha grande oportunidade para acadar un desenvolvemento sustentable.

A identificación por parte dos propios promotores dos efectos positivos de carácter social e económico que derivan directamente da execución dun proxecto e a asunción de compromisos adicionais para potenciar eses efectos resultan esenciais para valorar os impactos que van derivar para as comunidades en que se van desenvolver.



II

En todo caso, e cando se trata de valorar o impacto dun determinado proxecto no territorio, debe considerarse necesariamente a súa posible repercusión nos beneficios que proporciona o medio natural en que se vai localizar e que son os que fan posible a vida humana, isto é, os denominados servizos dos ecosistemas ou servizos ecosistémicos.

A natureza permite obter alimentos, auga, madeira e combustibles; permite realizar actividades físicas, intelectuais e estéticas; afecta o benestar humano e alberga aqueles espazos que deben ser conservados de cara a manter as condicións de vida, da flora e da fauna.

Para tales efectos, a Organización das Nacións Unidas estableceu un sistema de clasificación internacional de servizos ecosistémicos, Cices (Clasificación Internacional Común de Servizos dos Ecosistemas) adoptado pola Axencia Europea de Medio Ambiente (EMEA) para poder establecer métodos de contabilidade de ecosistemas e poder realizar comparacións.

Os servizos ecosistémicos engloban aspectos directos e indirectos que inflúen positivamente no benestar da sociedade, como os bens e servizos derivados do capital natural. O concepto de capital natural baséase en dotar dun valor económico o medio rural, incluíndo a súa biodiversidade e espazos naturais, desde a perspectiva da súa protección, conservación e mellora polos bens e servizos que proporciona, como aire de calidade, mantemento da biodiversidade, produción de alimentos, auga, madeira, fibra, captura de CO₂, patrimonio cultural, actividades lúdicas, culturais e turísticas e, en definitiva, saúde para o conxunto da sociedade humana.

A necesidade de despreparar novas tecnoloxías, entre elas as de produción de enerxía renovable, que contribúan tamén a un crecemento sustentable da sociedade humana, debe facerse tendo en conta ese valor económico dos servizos ecosistémicos. Ter en conta estes servizos, promovéndoo e compensándoo á hora da planificación de proxectos empresariais que contribúen ao interese común, é un xeito de reducir as inercias sociais e de favorecer a inevitable coexistencia, xa que o recurso se atopa maioritariamente no medio rural.

O establecemento dun esquema de valoración e compensación por servizos ecosistémicos non é unha simple transacción económica, senón que ten un obxectivo moito máis amplo, como o de combater o despoboamento, a degradación dos espazos naturais e o mantemento do potencial de loita contra os efectos do cambio climático que ten o medio rural, non só polo capital natural de que dispón, senón porque é o escenario imprescindible para un desenvolvemento socioeconómico sustentable e con futuro. A localización de proxectos empresariais de interese común que teñan en conta isto vai contribuír a aumentar a resiliencia do propio medio rural, pero tamén o da sociedade no seu conxunto, xa que serán elementos de dinamización social, non só polo emprego directo, senón polas compensacións que se establezan dos traballos que se teñen que facer na súa protección, mantemento e mellora.



III

Esta lei nace coa finalidade de asegurar a xestión responsable dos recursos naturais de Galicia de maneira que se protexa o ambiente, se cree riqueza e a riqueza creada impacte no territorio.

Para tales efectos, a lei recolle un conxunto de medidas de distinta índole relacionadas entre si polo seu compromiso co desenvolvemento sustentable do territorio.

A lei consta dun título preliminar, sete títulos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e cinco derradeiras.

O título preliminar recolle unhas disposicións xerais sobre o obxecto da lei, onde se enumeran as actuacións e os instrumentos que a lei comprende, as súas finalidades, e desenvolve a conceptualización dos beneficios sociais e económicos dos proxectos para os efectos da lei.

En particular, enténdense como beneficios sociais e económicos, entre outros, a promoción da mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos e o fomento da súa cohesión local e territorial; o compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental da área: a conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos nas zonas de influencia dos proxectos, e as boas prácticas ambientais e sociais; a promoción de novos investimentos e, en particular, de mecanismos de reinvestimento dos beneficios; o fomento da creación e o mantemento de emprego directo e indirecto, tendo en conta especialmente a creación de emprego cualificado na área de implantación; o desenvolvemento de negocios locais, especialmente dos relacionados directa ou indirectamente co sector das enerxías renovables; o impacto local da estratexia de compras e contratación do titular do proxecto; a participación nos proxectos, en termos de investimento, de investidores locais e de empresas e administracións da zona en que se situará a instalación; a redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética dos consumidores locais e industrias das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos ou da Comunidade Autónoma; o impacto sobre a cadea de valor industrial local e autonómica, así como a consulta e a participación significativa das administracións e dos interesados locais no proxecto, a consideración dos seus intereses no desenvolvemento do proxecto e o seu apoio.

A lei prevé o desenvolvemento de indicadores cuantitativos, conforme as metodoloxías internacionalmente aceptadas, que poidan permitir a valoración do impacto social e económico dos proxectos.

IV

O título primeiro identifica os proxectos comprendidos nel, como os proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, os proxectos que requiren da concesión de augas para os usos que a lei determina, e os dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros. Estamos, en definitiva, ante proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e nos cales a lei pretende que se avalíe o seu impacto social e económico.



A lei prevé, no caso dos proxectos cuxa autorización corresponda á Administración autonómica, a integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental. En particular, a lei pretende que se valoren os servizos ecosistémicos nas zonas de influencia dos proxectos, considerando como tales os beneficios económicos, sociais e ambientais, directos e indirectos, que as persoas obteñen do bo funcionamento dos ecosistemas, e que melloran a saúde, a economía e a calidade de vida, tales como o mantemento da biodiversidade, o secuestro de carbono, a beleza paisaxística, o acervo cultural, tanto patrimonial como inmaterial, a formación de solos, a regulación hídrica nas bacías e a provisión de recursos cinexéticos.

Neses casos, o estudo de impacto ambiental incluírá e desenvolverá os aspectos sociais e económicos do proxecto, os seus beneficios e a súa valoración.

A lei regula, así mesmo, as formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable, entre as cales se encontran o financiamento de accións específicas, o financiamento de accións de desenvolvemento produtivo e infraestrutura básica sustentables en beneficio directo da poboación involucrada, ou outras modalidades acordadas libremente entre as partes, sempre que cumpran cos obxectivos legais de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre o servizo ecosistémico e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

Deste modo, a declaración de impacto ambiental que formule o órgano ambiental integrará, en particular, no seu contido, de conformidade co principio de desenvolvemento social e económico das zonas e das súas poboacións, tanto a análise dos efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto e os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, como, se procede, as condicións en que pode desenvolverse o proxecto, establecendo as medidas que permitan previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os seus efectos sobre o ambiente, tendo en conta especialmente as formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos.

A lei tamén se ocupa da valoración do impacto social e económico nos proxectos non sometidos a avaliación de impacto ambiental, que se efectuará a través da exigencia ao promotor da presentación dun estudo de impacto social e económico do proxecto e a súa avaliación no procedemento de autorización do proxecto.

Así mesmo, respecto da valoración do impacto social e económico dos proxectos en que a competencia para a súa autorización non sexa da Comunidade Autónoma, a lei indica que no trámite de consulta que lle efectúe a Administración do Estado, de acordo coa lexislación aplicable, a Administración autonómica emitirá informe sobre os efectos sociais e económicos dos proxectos e, en particular, sobre a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

A lei contén determinacións específicas para os distintos proxectos comprendidos neste título.



Así, respecto dos proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, a lei regula a súa declaración de especial interese público, social e económico, en atención á valoración dos beneficios que comporten, cando cumpran os requisitos que se establecen, e os efectos desta declaración, entre os cales destaca, no caso de proxectos de produción de enerxía eólica, a posible implantación do parque eólico fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, sempre que se considere ambientalmente viable e se cumpran adicionalmente os requisitos que se establecen.

Polo que se refire aos proxectos que requiren da concesión de augas, valoraranse para o outorgamento das concesións de augas de competencia autonómica o interese público e a maior utilidade pública e xeral que presentan os proxectos que inclúan beneficios sociais e económicos, especialmente nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto, na forma indicada na lei.

Respecto dos dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros, a lei prevé tamén a valoración dos beneficios sociais e económicos deses proxectos. No outorgamento dos dereitos mineiros e/ou a aprobación do proxecto de explotación teranse en conta a avaliación efectuada e, en particular, a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable. Cando un dereito mineiro afecte un dereito mineiro preexistente ou outros usos de interese público, para os efectos de decidir sobre a súa prevalencia teranse en conta, entre os criterios aplicables, os seus respectivos beneficios sociais e económicos, de acordo co establecido na lei.

V

O título segundo regula a posibilidade de que a Administración autonómica participe en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei, así como os posibles instrumentos de financiamento para os proxectos.

Os proxectos que empregan recursos naturais de forma sustentable requiren frecuentemente elevados investimentos para deseñar, tramitar e instalar as infraestruturas necesarias con todas as garantías, así como longos períodos de tempo para recuperar o capital. Por outra banda, os promotores destes proxectos asumen unha serie de riscos e compromisos a longo prazo que poden resultar inasumibles, en particular para as pemes e os pequenos investidores que compoñen a maior parte do tecido social das comunidades onde están localizados os recursos. Como consecuencia disto, o desenvolvemento de proxectos sustentables pode resultar insuficiente e con limitada presenza de participantes locais en favor de grandes empresas que teñen acceso aos recursos financeiros precisos. Isto supón unha falta de mercado que dificulta a participación dos axentes locais, reduce a competitividade das pemes e diminúe tanto os investimentos coma o apoio social a estes.

Para solucionar esta falta de mercado, a lei prevé instrumentos de apoio ao desenvolvemento dos proxectos e a participación neles das pemes e dos axentes locais. Este apoio poderá ser directo, mediante a promoción de certos proxectos particularmente relevantes polo seu impacto socioeconómico por parte de sociedades público-privadas, e tamén indirecto,



mediante o uso de instrumentos financeiros que melloren a viabilidade económica dos proxectos.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais, cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de patrimonio autonómico, poderán participar en sociedades mercantís entre cuxas finalidades e responsabilidade corporativa se encontren as de procurar o beneficio social e económico dos proxectos, no marco das súas operacións industriais, mercantís ou de investimento, de acordo coas normas previstas nesta lei.

Estas finalidades incorporaranse á actuación das sociedades mediante pacto de socios e/ou calquera outro instrumento que se considere oportuno, e sen prexuízo da súa operación como un axente máis de acordo coas regras normais do mercado.

As sociedades participadas poderán, pola súa vez, participar nas sociedades vehiculares que se establezan, de ser o caso, para executar os proxectos de investimento.

En todo caso, para que a Administración participe nas sociedades, entre as súas finalidades e responsabilidade corporativa encontrárase o obxectivo de valorizar os recursos estratéxicos galegos e canalizar este valor cara a todo o tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma, en particular cara ás comunidades locais, que soportan a maior parte dos custos ambientais da súa explotación.

Estas sociedades actuarán como referencia para o resto de participantes; integrarán os axentes locais no desenvolvemento dos proxectos, facilitándolles o apoio social; facilitarán o acceso a solucións competitivas de autoconsumo e eficiencia enerxética ao sector produtivo de Galicia; crearán e diseminarán estándares e boas prácticas e facilitaranlles o acceso ao financiamento ás pemes locais.

Ao mesmo tempo, a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do seu sector público, por si ou a través das sociedades en que participen, promoverán o desenvolvemento dos instrumentos de financiamento para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei. Estes instrumentos de financiamento serán compatibles con outros instrumentos ou medidas de apoio de tipo público ou privado. Os instrumentos financeiros incluídos na norma están concibidos para maximizar a súa capacidade de mobilizar investimentos públicos e privados nos proxectos co menor custo para a Administración e minimizando as distorsións de mercado.

A promoción do beneficio social e económico dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia precisa que as pemes e os pequenos investidores locais teñan acceso aos recursos financeiros necesarios en condicións equiparables ás dos grandes promotores, así como para que os participantes poidan avaliar e xestionar os riscos asociados. Para iso, a lei dispón dunha serie de instrumentos financeiros deseñados para as diferentes necesidades de cada etapa dos proxectos e para seren empregados por pemes e pequenos investidores locais.

Os instrumentos financeiros estarán orientados a mellorar a rendibilidade dos proxectos, a reducir e distribuír os riscos a aqueles participantes con maior capacidade para xestionalos, a incrementar a liquidez e o valor dos activos resultantes e a reducir os custos e as necesidades



de capital dos promotores. En particular, os instrumentos financeiros incluídos na norma están deseñados para que as pemes locais poidan acceder aos recursos financeiros necesarios para promover os proxectos en condicións equiparables ás das grandes empresas.

Entre outros instrumentos financeiros poderanse dispoñer achegas directas ou indirectas da Administración autonómica no capital dos proxectos, incentivos fiscais ao investimento dos axentes locais nos proxectos, creación de liñas de préstamo bonificadas, e o refinanciamento dos activos dos proxectos unha vez que sexan suficientemente maduros con apoio da Administración autonómica.

VI

O título terceiro refírese á eólica *off shore*. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, no marco das súas relacións institucionais coa Administración xeral do Estado, desenvolverá a súa actuación para promover que esta teña en conta, nos instrumentos e actuacións de competencia estatal relativos á enerxía eólica *off shore*, o compromiso coa cohesión social e económica da Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, os beneficios sociais e económicos dos proxectos previstos nesta lei.

Co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente, e especialmente velar pola xestión racional e sustentable do litoral, tendo en conta os seus extraordinarios valores ambientais, con carácter de ingreso compensatorio e como prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real, créase o canon ás infraestruturas de evacuación de eólica mariña aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial, das cales serán principais beneficiarios os concellos pola aterrxaxe das liñas de evacuación e o sector pesqueiro pola implantación dos parques eólicos dos cales se evacúa a súa enerxía.

VII

O título cuarto regula as actuacións para recuperar o territorio afectado polos incendios forestais e crea o Fondo de Recuperación de Incendios Forestais de Incidencia Singular.

Este título recolle os principios que deberán dirixir as actividades das administracións públicas, pero tamén do sector privado, encamiñadas á recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais no menor tempo posible. As ditas actuacións deben permitir recuperar os valores do territorio, mediante unha planificación que permita, ademais, previr futuros incendios e, polo tanto, reducir o risco de que se volva producir unha catástrofe dese tipo.

Co fin de acadar os obxectivos indicados, cobra unha especial importancia que as administracións públicas busquen vías de colaboración entre e o sector público e privado, mediante o establecemento de planificación e actuacións de mellora que permitan a participación de toda a sociedade. Desta forma, acadarase unha maior adecuación na recuperación do territorio ás necesidades da sociedade e garantirase o compromiso de todos os axentes na execución das medidas executadas, contribuíndo a manter unha adecuada



xestión do territorio, mantendo a actividade económica asociada a el, así como fomentando a recuperación dos seus valores ambientais no menor prazo de tempo posible.

Créase o Fondo de Recuperación do Territorio afectado polos ditos incendios, destinado a financiar as actuacións de recuperación das zonas do territorio afectadas por eles.

Co obxecto de acadar a maior eficacia na xestión deste fondo, a lei regula cuestións tales como a forma de determinar a singularidade dos incendios, as características do fondo e das posibles achegas do sector privado a este, as actuacións financiáveis e os órganos colexiados encargados de facer un seguimento do citado fondo, co fin de conseguir unha xestión e un control axeitados deste.

VIII

O título quinto aborda os proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais de Galicia para facilitar o seu desenvolvemento.

As normas contidas neste título teñen como obxectivo fomentar a implantación de instalacións ou infraestruturas que contribúan ao autoconsumo, eficiencia enerxética e sustentabilidade das empresas instaladas en parques empresariais da Comunidade Autónoma, favorecendo o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía, así como a existencia de alternativas de subministración de proximidade para as empresas e consumidores finais e a súa participación activa no seu abastecemento enerxético.

Para acadar o obxectivo antes citado, estas normas tratan de eliminar ou reducir, na medida do posible, as limitacións ou restricións de carácter urbanístico que poidan dificultar a implantación destas infraestruturas nas áreas empresariais, sen vulnerar as competencias municipais en materia de licenzas, pero creando un marco normativo que estableza os criterios básicos para favorecer a implantación daquelas. Por tanto, non se trataría dunha norma que, con carácter xeral, impoña obrigas, limitacións ou prohibicións ás empresas, senón, pola contra, que posibilite que estas poidan implantar estas instalacións ou infraestruturas coa finalidade de conseguir unha maior eficiencia enerxética na súa actividade, que ademais repercutiría nunha maior sustentabilidade ambiental da actividade da empresa en particular e das áreas empresariais en xeral.

Con esta finalidade, establécense unhas normas de aplicación directa que se impoñen sobre as ordenanzas contidas nos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio ou que os desenvolven, tanto sobre as anteriores á entrada en vigor desta lei como sobre as posteriores. Estas normas concréntanse, entre outros, nos seguintes aspectos:

- Permítese en determinados espazos a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxías renovables, xa sexa en réxime de autoconsumo individual ou para autoconsumo de comunidades enerxéticas dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.



- As ordenanzas dos parques empresariais en materia de alturas máximas, recuamentos, edificabilidade e outras similares serán interpretadas de xeito que favorezan a implantación das instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables. Ademais, establécense na lei algunhas determinacións nas materias antes referidas sen prexuízo das limitacións técnicas que poida impoñer a normativa autonómica ou estatal nesta materia. Así, permítense excepcións dos límites de altura previstos nas ordenanzas cando se trate de elementos singulares destas instalacións ou infraestruturas; as distancias mínimas en materia de recuamentos computaranse desde a edificación principal, sen ter en conta as instalacións ou infraestruturas, e estas non computarán para efectos de edificabilidade.

Recóllese a posibilidade de que as entidades de conservación, xestión e modernización de parques empresariais, reguladas na Lei 3/2022, de áreas empresariais de Galicia, as sociedades mercantís ou outras entidades poidan formalizar acordos, convenios ou contratos cos promotores e propietarios do parque empresarial, co concello ou con outros organismos, co fin de implantar instalacións colectivas destinadas á produción de enerxías renovables para o uso das empresas situadas no parque empresarial e, así mesmo, asumir a xestión das ditas instalacións, infraestruturas ou servizos.

Tamén se conteñen medidas de fomento para que os promotores públicos das áreas empresariais da Comunidade Autónoma traten de crear incentivos na comercialización do solo empresarial para favorecer a implantación de instalacións que contribúan ao autoconsumo ou ao uso de enerxías renovables por parte das empresas implantadas nos parques empresariais.

IX

O título sexto refírese a determinados aspectos relacionados cos créditos de carbono.

No marco da estratexia de transición cara á neutralidade carbónica, as administracións públicas deben fomentar o desenvolvemento sustentable do territorio, impulsando aqueles proxectos que contribúan a absorber carbono como medida para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen noutras actividades.

Neste ámbito está a medrar o interese por parte do sector privado na execución de proxectos no territorio que maximicen a dita absorción de carbono e que lle permitan, ben compensar emisións de dióxido de carbono derivadas doutras actividades, ou ben vender os créditos de carbono xerados a outros axentes interesados en realizar a dita compensación.

As absorcións certificadas no desenvolvemento dos proxectos deben estar cuantificadas mediante unha metodoloxía obxectiva e transparente, para o cal se require o establecemento dun sistema que garanta a seguridade xurídica das certificacións e transaccións realizadas entre os distintos axentes.

A través deste sistema, as administracións públicas deben establecer mecanismos que fomenten a execución de proxectos de absorción de carbono que teñan unha especial repercusión positiva no territorio, tanto desde un punto de vista ambiental como económico, o que permitirá que o seu desenvolvemento contribúa ao benestar da cidadanía e, ao mesmo tempo, á conservación dos valores ambientais da Comunidade Autónoma de Galicia.



Mediante o título sexto desta lei créase o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia. Este sistema facilitará as relacións entre os axentes que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados a través do desenvolvemento dos seus proxectos e aqueles que desexen adquirir ou utilizar os créditos de carbono para a compensación das súas emisións derivadas doutras actuacións.

O sistema creado incorporará un estrito sistema de certificación dos proxectos e dos cálculos dos créditos de carbono xerados, co fin de dotar o sistema de transparencia e obxectividade, que garanta a seguridade xurídica de todas as transaccións realizadas a través del.

No mesmo título prevese o desenvolvemento de medidas de fomento que impulsen a participación neste sistema, establecendo un especial tratamento para aqueles créditos de carbono asociados a proxectos e actividades cuxo desenvolvemento leve asociados beneficios adicionais a nivel ambiental e social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en coherencia cos obxectivos previstos nesta lei.

X

O título sétimo refírese aos residuos biometanizables e indica que a Administración autonómica procurará a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, daqueles da titularidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A., a través dos instrumentos previstos neste título.

Así, tendo en conta o alto potencial de biometanización dos residuos municipais, derivado da fracción de recolla selectiva de biorresíduos e da materia orgánica contida na denominada fracción resto, a sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A. poderá desenvolver as accións que a lei indica. O biogás obtido ou o seu valor deberá servir, en primeira instancia, para cumprir coa descarbonización dos procesos de Sogama, co fin de acadar o obxectivo de que o consumo de enerxía necesario para as súas operacións sexa de orixe renovable.

Así mesmo, a lei prevé que a Administración autonómica promova accións dirixidas a aproveitar as potencialidades da valorización integral e conxunta dos residuos municipais e dos residuos procedentes das actividades do sector agrogandeiro e das industrias agroalimentarias, coa finalidade de que o sector privado tamén contribúa ao desenvolvemento de sistemas de valorización integral e conxunta dos residuos xerados na Comunidade Autónoma de Galicia.

XI

As disposicións adicionais refírense á consideración dos posibles efectos sinérxicos na avaliación ambiental nos procedementos de autorización de proxectos de parques eólicos e á posibilidade de que as instalacións de recarga de vehículos gocen dos mesmos efectos que os sinalados na lei para os proxectos declarados de especial interese público social e económico.



A disposición transitoria única regula o réxime de aplicación a procedementos de declaración de determinadas iniciativas empresariais prioritarias en curso.

A disposición derogatoria única derroga o número 2 do artigo 42 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Nas disposicións derradeiras modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; e a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación coa tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación, que deberán solicitarse conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico e requirirán que este dispoña de permiso de acceso e conexión. En particular, como norma xeral, e salvo xustificación expresa da imposibilidade de facelo doutra maneira, non se admitirán a trámite novas infraestruturas de evacuación cunha lonxitude de máis de 15 km, salvo que se trate de infraestruturas colectoras de varios parques eólicos e estas non teñan unha lonxitude superior a 0,3 km por megawatt conectado a elas. Trátase, así mesmo, de evitar a duplicidade de infraestruturas de evacuación de diferentes parques eólicos ou entre as novas propostas de evacuación e a rede de distribución e transporte existente ou planificada.

A disposición derradeira terceira prevé beneficios e incentivos fiscais, modificando o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo. Así, prevese unha dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades que realicen proxectos que provoquen servizos ecosistémicos, e unha dedución aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables en áreas empresariais.

A disposición derradeira cuarta refírese ao desenvolvemento regulamentario, e a disposición derradeira quinta, á entrada en vigor.

XII

Esta lei baséase nas competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia de promoción do desenvolvemento comunitario, artigo 27.24 do Estatuto de autonomía de Galicia (EAG), en canto atende ao desenvolvemento sustentable do territorio galego.

Máis especificamente, a regulación da valoración do impacto social e económico dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nas súas zonas de influencia e a súa conservación, compensación e restauración ten asentado nas competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ambiente, de acordo co artigo 27.30 do EAG, que recoñece a competencia exclusiva na materia de “normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23”.



Así mesmo, a regulación que contén o título primeiro da lei sobre os diferentes proxectos engárzase cos títulos competenciais relativos a instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, de acordo cos artigos 27.13 e 28.3 EAG; aproveitamentos hidráulicos, de acordo co artigo 27.12 EAG, e o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado na materia de réxime mineiro e enerxético (artigo 28.3 EAG).

A regulación do título segundo ten sustento tamén no artigo 30 EAG, en canto se refire ao fomento da actividade económica en Galicia.

O título terceiro fundaméntase na competencia da Comunidade Autónoma para crear prestacións patrimoniais de dereito público de acordo co artigo 133 da Constitución española, e co artigo 27.30 EAG, en canto que atende a unha finalidade extrafiscal, co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente.

O título cuarto fundaméntase nas competencias autonómicas en materia de obras públicas (27.7 EAG) e montes e aproveitamentos forestais (27.10 EAG).

O título quinto, en canto aborda os proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais de Galicia para facilitar o seu desenvolvemento, baséase nas competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio e urbanismo (27.3 EAG).

A regulación do título sexto, en canto se refire a determinados aspectos relacionados cos créditos de carbono, encontra engarzamento nas competencias de montes e aproveitamentos forestais (27.10 EAG) e de protección do ambiente (27.30 EAG).

O título sétimo, en canto ás actuacións de valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización, ten fundamento no artigo 27.30 EAG e, en canto recolle a actuación do sector público autonómico, no artigo 30 EAG.

XIII

Esta lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que se exige que “en todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación delas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia”.

Así, o principio de necesidade desta iniciativa lexislativa vén determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de lei, por afectar materias que están reservadas a este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para acadar os obxectivos da lei se realiza un esforzo de simplificación e integración da regulación coa normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma no ordenamento xurídico vixente, de xeito que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao



principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración da propia lei como na fase de planificación, e sen menoscabo dos procedementos de participación que poidan estar previstos noutras normas; así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

Na tramitación do anteproxecto de lei observáronse todas as garantías exixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto e fins da lei

Artigo 1. Obxecto da lei

Esta lei ten por obxecto promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego mediante a regulación e a promoción das seguintes actuacións e instrumentos:

- a) A busca do maior beneficio social e económico na execución dos proxectos incluídos no título I, tanto na propia Comunidade Autónoma de Galicia como, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia dos proxectos;
- b) A adecuada valoración do impacto social e económico dos proxectos incluídos no título I;
- c) A participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do seu sector público en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei;
- d) O desenvolvemento de instrumentos de financiamento para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei;
- e) A creación e regulación, co fin de contribuír a ordenar e preservar o ambiente, dun canon ás liñas de eólica mariña pola parte que se estendan dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia;
- f) A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais e a creación dun fondo para eses efectos;



- g) A implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais;
- h) O desenvolvemento de proxectos e actividades dirixidos a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, mediante a regulación dun mercado voluntario de créditos de carbono;
- i) A valorización integral de residuos con alto potencial de biometanización pola sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente.

Artigo 2. Fins da lei

Son fins desta lei:

- a) O impulso do desenvolvemento racional e sustentable do territorio de Galicia, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente, de forma conciliada co desenvolvemento social e económico e procurando a cohesión territorial;
- b) A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación de Galicia;
- c) O desenvolvemento equilibrado dos sectores e actividades comprendidos nesta lei.

CAPÍTULO II

Beneficios sociais e económicos

Artigo 3. Beneficios sociais e económicos

Para os efectos desta lei, entenderase por beneficios sociais e económicos aqueles efectos do proxecto e compromisos adicionais adquiridos polos seus promotores co territorio que supoñan un impacto positivo desta índole no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto e nos seus habitantes.

Artigo 4. Concreción dos beneficios sociais e económicos

Para os efectos desta lei, entenderanse como beneficios sociais e económicos, entre outros, en particular os seguintes:

- a) A promoción da mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos e o fomento da súa cohesión local e territorial.
- b) O compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental da zona de influencia dos proxectos.
- c) A conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos, e as boas prácticas ambientais e sociais, incluíndo a preservación dos bens culturais, tanto materiais como inmateriais, implementadas na promoción, desenvolvemento, construción e operación do proxecto.



- d) A promoción de novos investimentos e, en particular, de mecanismos de reinvestimento dos beneficios obtidos.
- e) O fomento da creación e o mantemento de emprego directo e indirecto na construción, desenvolvemento e operación do proxecto, no contorno do proxecto ou na Comunidade Autónoma, tendo en conta especialmente a creación de emprego cualificado na área de implantación.
- f) O desenvolvemento de negocios locais, especialmente dos relacionados directa ou indirectamente co sector das enerxías renovables.
- g) Impacto local da estratexia de compras e contratación do titular do proxecto.
- h) A participación nos proxectos, en termos de investimento, de investidores locais e de empresas e administracións da zona en que se situará a instalación.
- i) A redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética dos consumidores locais e industrias das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos ou da Comunidade Autónoma.
- j) O impacto sobre a cadea de valor industrial local e autonómica e o seu desenvolvemento, así como a achega do proxecto ao fortalecemento de cadeas de valor de sectores económicos estratéxicos para Galicia e a capacidade de atracción de cadeas de valor innovadoras, non presentes ou non completas no territorio.
- k) A consulta e a participación significativa das administracións e dos interesados locais no proxecto, e a consideración dos seus intereses no desenvolvemento do proxecto, así como o seu apoio.
- l) O desenvolvemento dunha estratexia de comunicación co fin de garantir que a cidadanía está informada sobre o proxecto, o seu impacto e os beneficios sociais, económicos e ambientais que xerará.

Artigo 5. Desenvolvemento de indicadores cuantitativos

1. A Administración autonómica poderá desenvolver e aplicar indicadores cuantitativos que, conforme as metodoloxías internacionalmente aceptadas para tal fin, poidan permitir a valoración do impacto social e económico dos proxectos.
2. Os indicadores previstos no número anterior poderán vincularse, entre outros, aos seguintes factores:
 - a) importe do reinvestimento de beneficios en proxectos sociais e/ou culturais no ámbito local e/ou autonómico;



- b) a redución nas pegadas de carbono, hídrica ou similares, que se esperen no territorio como consecuencia da execución do proxecto;
- c) medidas e/ou investimentos de promoción ou compensación dos servizos ecosistémicos nas zonas de influencia dos proxectos;
- d) importe do reinvestimento de beneficios e/ou do investimento complementario á actividade que se vai desenvolver en proxectos que xeren unha pegada industrial e/ou económica no ámbito local e/ou autonómico, en especial en sectores estratéxicos para Galicia e nas cadeas de valor innovadoras que non estean presentes, ou non o estean por completo, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia;
- e) empregos directos e indirectos netos na Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter indefinido e a xornada completa, xerados e/ou conservados polo proxecto ou os seus efectos, con distinción, de ser o caso, por xénero, discapacidade ou risco de exclusión social; e, en especial, en sectores estratéxicos para Galicia e nas cadeas de valor innovadoras que non estean presentes (ou non o estean por completo) no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia;
- f) contía total dos salarios pagados aos novos empregados e/ou aos empregados conservados polo efecto do proxecto na área de implantación;
- g) cuantificación económica dos beneficios sociais totais á disposición dos novos empregados e/ou aos empregados conservados, adicionais aos salarios;
- h) número medio de horas de formación anual prevista para os novos empregados e/ou os empregados conservados;
- i) número mínimo e máximo de alumnos que se van formar por curso académico, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco de programas asociados á formación profesional dual;
- j) contribución e crecemento do PIB no ámbito local e/ou autonómico, en especial en sectores estratéxicos para Galicia e nas cadeas de valor innovadoras que non estean presentes, ou non o estean por completo, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia;
- k) pagamento de impostos e canons locais e/ou autonómicos;
- l) valor dos produtos e servizos adquiridos no ámbito local e/ou autonómico;
- m) cifra prevista de exportación anual media, con detalle de volumes de carga previstos a través de portos, ferrocarril, aeroportos ou outros medios de transporte, unha vez que a actividade estea nun nivel ordinario de funcionamento;
- n) importes da contratación prevista, de ser o caso, de universidades galegas ou centros de investigación e tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para levar a cabo



actuacións no ámbito de I+D+i no territorio, ademais de detalle do investimento previsto pola propia empresa ou empresas promotoras, utilizando medios propios e/ou adquirindo activos fixos ou intanxibles para esas mesmas actuacións;

o) número de investidores locais e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia involucrados, e valor do seu respectivo investimento;

p) redución dos prezos da enerxía de forma específica para o consumidor final no ámbito local e/ou autonómico;

q) número e relevancia, en termos obxectivos, tales como volume de investimento ou superficie abranguida, das modificacións sobre o proxecto inicial que sexan consecuencia de observacións non vinculantes das administracións, entidades de dereito público ou privado e/ou particulares radicados no ámbito local e/ou autonómico;

r) número e alcance das actuacións de comunicación desenvolvidas para dar a coñecer o proxecto e promover a formulación de observacións ou melloras, así como das ofertas públicas eventualmente realizadas para a participación nel de investidores locais e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6. Prohibición de discriminación

En ningún caso a consideración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos poderán implicar a imposición de condicións nin requisitos que teñan como efecto directo ou indirecto a discriminación por razón de establecemento ou residencia dos operadores económicos.

TÍTULO PRIMEIRO

Valoración dos beneficios sociais e económicos de determinados proxectos

CAPÍTULO I

Identificación dos proxectos

Artigo 7. Proxectos comprendidos neste título

A regulación deste título será aplicable aos seguintes proxectos:

- a) proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables.
- b) proxectos que requiren da concesión de augas para os seguintes usos:
 - usos para transición xusta, previstos na disposición adicional décimo sexta do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.
 - usos agropecuarios e acuicultura.
 - usos industriais para produción de enerxía eléctrica.
 - usos industriais para produción de bens de consumo e industrias extractivas.



c) dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros.

CAPÍTULO II

Integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental

Artigo 8. *Integración da valoración do impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental vinculada ao principio de desenvolvemento sustentable*

De conformidade co principio do desenvolvemento sustentable, a valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos aos cales lles resulta aplicable esta lei, cuxa autorización sexa de competencia autonómica, integrárase dentro da avaliación do seu impacto ambiental, realizada de acordo coa lexislación estatal e autonómica aplicable, se esta for preceptiva, para os efectos de establecer as medidas que permitan previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os seus efectos sobre o ambiente.

Artigo 9. *Valoración dos servizos ecosistémicos*

1. A valoración do impacto social e económico dos proxectos no marco da avaliación de impacto ambiental terá en conta, de modo particular, os servizos ecosistémicos nas súas zonas de influencia.

2. Para estes efectos, consideraranse servizos ecosistémicos os beneficios económicos, sociais e ambientais, directos e indirectos, que as persoas obteñen do bo funcionamento dos ecosistemas, e que melloran a saúde, a economía e a calidade de vida, tales como o mantemento da biodiversidade, o secuestro de carbono, a beleza paisaxística, o acervo cultural, tanto patrimonial como inmaterial, a formación de solos, a regulación hídrica nas bacías e a provisión de recursos cinexéticos.

Artigo 10. *Contido do estudo de impacto ambiental*

1. O estudo de impacto ambiental, elaborado de acordo coa lexislación ambiental, incluírá e desenvolverá, na epígrafe relativa á análise global multicriterio, os aspectos sociais e económicos do proxecto, os seus beneficios e a súa valoración.

2. En particular, o estudo de impacto ambiental recollerá, polo menos, os seguintes elementos:

a) A identificación dos servizos ecosistémicos da zona onde se pretenda implantar o proxecto, o seu estado actual, o impacto do proxecto sobre eles, e a proposta que se pretende levar a cabo para previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os efectos adversos sobre eles, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable, coa identificación das accións específicas, directas ou indirectas, para iso;

b) A identificación dos efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto;

c) Os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio;



d) O deseño dun sistema de seguimento que permita avaliar o progreso das accións de conservación, recuperación e uso sustentable propostas;

3. Para os efectos indicados neste artigo, a Administración autonómica poderá aprobar guías metodolóxicas para que poidan ser tidas en conta polos promotores dos proxectos.

Artigo 11. Efectos sobre os servizos ecosistémicos

1. As formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos adversos sobre os servizos ecosistémicos, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable que se propoñan no estudo de impacto ambiental poderán adoptar unha ou varias das seguintes modalidades:

a) Financiamento de accións específicas, directas e indirectas, para a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos e para a súa conservación, recuperación e uso sustentable;

b) Financiamento de accións de desenvolvemento produtivo e infraestrutura básica sustentables en beneficio directo da poboación involucrada;

c) Outras modalidades acordadas libremente entre as partes, sempre que cumpran cos obxectivos de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre o servizo ecosistémico e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

2. A determinación e aplicación das modalidades de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre o servizo ecosistémico e a súa conservación, recuperación e uso sustentable deberán ter como finalidade asegurar a permanencia dos servizos que ofrecen, atendendo á diversidade xeográfica, ecolóxica e social da zona.

Artigo 12. Consideración do impacto social e económico nos informes sectoriais autonómicos

1. Na avaliación ambiental, dentro do trámite de consultas ás administracións públicas, os órganos da Administración e do sector público autonómico aos cales se pidan os informes previstos no artigo 37.1 da Lei de avaliación ambiental, pronunciaranse sobre o alcance e a valoración dos beneficios sociais e económicos incluídos no estudo de impacto ambiental que sexan da súa competencia.

2. Así mesmo, na tramitación do procedemento deberase solicitar un informe preceptivo, á consellería con competencias en materia de economía, sobre o impacto social e económico do proxecto.

Artigo 13. Declaración de impacto ambiental

A declaración de impacto ambiental que formule o órgano ambiental integrará, en particular no seu contido, de conformidade co principio de desenvolvemento social e económico das zonas e das súas poboacións:

a) A análise do estudo de impacto ambiental no referido aos aspectos indicados no artigo 10 e, como se tivo en consideración o resultado en canto a estas cuestións do trámite de



información pública, consultas ás administracións e persoas interesadas. Analizaranse, en especial, os efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto e os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio;

b) Se procede, as condicións en que pode desenvolverse o proxecto, establecendo as medidas que permitan previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os seus efectos sobre o ambiente, tendo en conta especialmente as formas de prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

CAPÍTULO III

Valoración do impacto social e económico nos proxectos non sometidos a avaliación de impacto ambiental

Artigo 14. *Impacto social e económico*

1. A valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos aos cales lles resulte aplicable esta lei cuxa autorización sexa de competencia autonómica, nos cales non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental, efectuarase a través da exixencia ao promotor da presentación dun estudo de impacto social e económico do proxecto e a súa avaliación no procedemento de autorización do proxecto.
2. O estudo de impacto social e económico do proxecto será sometido a informe preceptivo das consellerías competentes en materia de economía e de ambiente, que efectuarán unha avaliación dos efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto, e dos compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, así como a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.
3. O resultado da avaliación será comunicado á persoa promotora do proxecto, plan ou programa, para a súa consideración nas fases de aprobación e execución.

CAPÍTULO IV

Valoración do impacto social e económico dos proxectos en que a competencia para a súa autorización non sexa da Comunidade Autónoma

Artigo 15. *Análise dos efectos sociais e económicos dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nos procedementos de avaliación de impacto ambiental de competencia estatal*



1. O órgano competente en materia de ambiente da Comunidade Autónoma, no trámite da consulta preceptiva prevista na lexislación de avaliación ambiental dos proxectos aos cales lles resulta aplicable esta lei, cuxa autorización sexa de competencia estatal, analizará, en particular, os efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto, e os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, así como a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.
2. Para a realización deste informe, o órgano ambiental poderá solicitar información aos órganos da Administración e do sector público autonómico sobre os aspectos que sexan da súa competencia e, en particular, á consellería con competencias en materia de economía.

Artigo 16. *Análise dos efectos sociais e económicos dos proxectos e dos servizos ecosistémicos nos procedementos de competencia estatal en que non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental*

Nos proxectos aos que lles resulta aplicable esta lei, cuxa autorización sexa de competencia estatal e nos cales non sexa preceptiva a avaliación de impacto ambiental, a Comunidade Autónoma de Galicia, no trámite de consultas que proceda en cada caso de acordo coa normativa aplicable, emitirá informe preceptivo no cal se analizarán, en particular, os efectos sociais e económicos enumerados no artigo 5 desta lei que deriven da execución do proxecto, e os compromisos adicionais das persoas promotoras, dirixidos a xerar beneficios sociais e económicos no territorio, así como a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

CAPÍTULO V

Determinacións específicas para os proxectos comprendidos neste título

Sección 1ª. Proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables

Artigo 17. *Declaración de especial interese público social e económico dos proxectos de produción de enerxías renovables e as súas infraestruturas*

1. Os proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas asociadas poderán ser declarados de especial interese social e económico polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellería competente en materia de enerxía.
2. Para a declaración de especial interese social e económico valoraranse discrecionalmente os beneficios dos proxectos de acordo co establecido nesta lei. En particular, a declaración poderá recaer nos proxectos que cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Proxectos renovables que subscriban contratos de compravenda de enerxía a prezo competitivo, sempre que:



1. En caso de que a lexislación sectorial o exixa para a autorización do proxecto, dispoñan de permiso de acceso e conexión vixente e, para o caso de proxectos de xeración eléctrica renovable, no caso de que non se tramiten conxuntamente coa súa liña de evacuación, conten coas infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas.
 2. O acordo directo de compravenda de enerxía se subscriba por un período mínimo de oito (8) anos de subministración da enerxía.
 3. A subministración da enerxía se realice a un centro ou centros de traballo con actividade empresarial e/ou ás persoas residentes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
 4. A subministración da enerxía incluída no contrato ou contratos de subministración de enerxía (PPA) supoña, polo menos, o 50% da enerxía producida polo proxecto.
 5. De ser o caso, se xustifique que a actividade industrial ou empresarial vinculada ao contrato PPA, ou a súa industria auxiliar, produce un claro impacto socioeconómico e territorial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
 6. Acrediten a compatibilidade do uso do solo e demais requisitos exixidos pola lexislación sectorial aplicable.
- b) Proxectos renovables que comporten determinados investimentos no territorio ou a execución de proxectos empresariais, sempre que:
1. En caso de que a lexislación sectorial o exixa para a autorización do proxecto, dispoñan de permiso de acceso e conexión vixente e, para o caso de proxectos de xeración eléctrica renovable, no caso de que non se tramiten conxuntamente coa súa liña de evacuación, conten coas infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas.
 2. O titular do proxecto de enerxías renovables sexa o mesmo que o titular do investimento no territorio, exista unha relación empresarial entre eles ou se garanta unha subministración de enerxía de, polo menos, o 50% da enerxía producida polo proxecto de enerxía renovable no proxecto empresarial.
 3. O investimento no territorio asociado comporte un investimento de 0,2 millóns de euros por cada MW instalado e xere un emprego directo por cada MW instalado, cun mínimo de 20 millóns de euros e 100 empregos directos.
 4. O investimento no territorio debe executarse no ámbito territorial de Comunidade Autónoma.
 5. Acrediten a compatibilidade do uso do solo e demais requisitos exixidos pola lexislación sectorial aplicable.
- c) Proxectos renovables destinados ao autoconsumo eléctrico, sempre que cumpran cos seguintes requisitos:
1. De ser o caso, para un suposto de modalidade de subministración con autoconsumo con excedentes, que dispoñan de permiso de acceso e conexión vixente e, no caso de que non se



tramiten conxuntamente coa súa liña de evacuación, infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas.

2. Que o 50% da xeración eléctrica do proxecto se destine para o autoconsumo da industria asociada.
3. Que acrediten a compatibilidade do uso do solo e demais requisitos exixidos pola lexislación sectorial aplicable.

Artigo 18. *Efectos da declaración de especial interese público social e económico dos proxectos de produción de enerxías renovables e as súas infraestruturas*

1. A declaración de proxectos de especial interese público social e económico realizada de acordo co artigo anterior comportará a prioridade na tramitación por parte da Administración autonómica de Galicia e determinará a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos relacionados con tales iniciativas, polo que, unha vez declarada a tramitación de urxencia polo órgano competente, de acordo co establecido polo artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos establecidos para o procedemento ordinario se reducirán á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

2. Así mesmo, no caso de proxectos de produción de enerxía eólica, tal declaración implicará a posible implantación do parque eólico fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, sempre que se considere ambientalmente viable e se cumpran adicionalmente os seguintes requisitos:

- a) A subministración de enerxía incluída no contrato ou contratos de compravenda de enerxía supoña, polo menos, o 80% da enerxía producida polo proxecto.
- b) Supoña un impacto socioeconómico no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e, especialmente, nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto e nos seus habitantes.

Estes efectos estenderanse a aquelas infraestruturas asociadas, tales como as conexións coa rede de gas de instalacións de produción de hidróxeno verde ou biogás, as liñas de evacuación e as liñas directas.

Sección 2ª. Proxectos que requiren da concesión de augas

Artigo 19. *Fomento da obtención de beneficios sociais e económicos nas áreas en que se implantan proxectos que requiren a concesión de augas*

1. Para os efectos do indicado na lexislación de augas e nesta disposición, valoraranse para o outorgamento das concesións de augas de competencia autonómica o interese público e a maior utilidade pública e xeral que presentan os proxectos que inclúan beneficios sociais e económicos, especialmente nas zonas situadas dentro do ámbito de influencia do proxecto, na forma indicada neste artigo.



2. Para estes efectos, na resolución dos procedementos de concesión derivados dos trámites de competencia de proxectos tramitados de acordo coa lexislación de augas teranse en conta os beneficios sociais e económicos derivados dos proxectos presentados, así como as formas propostas de compensación, conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos, especialmente aquelas que contribúan a mellorar o estado das masas de auga situadas no sistema de explotación onde se localice o proxecto.

En particular, no caso de competencia de peticións, cando haxa incompatibilidade de usos dentro de cada clase, de conformidade coa orde de preferencia aplicable segundo a lexislación de augas ou o plan hidrolóxico, será preferido o proxecto que supoña os maiores beneficios sociais e económicos e a mellor compensación, conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos, valorados de forma discrecional e motivada pola Administración autonómica en función do interese público, por considerarse que presentan unha maior utilidade pública e xeral.

Para o caso de que os proxectos deban ser sometidos a un procedemento de avaliación ambiental e o órgano ambiental sexa autonómico, a valoración dos beneficios sociais e económicos será a determinada no marco da tramitación dese procedemento, de acordo co indicado no capítulo II deste título. Nestes casos, o outorgamento da concesión deberá ser posterior á declaración de impacto ambiental.

3. Nos concursos públicos que se convoquen de acordo coa lexislación de augas para conceder a explotación das infraestruturas que revertesen á Administración autonómica nos casos de extinción de concesións, incluírase tamén entre os criterios de elección dos anteprojectos a valoración dos seus beneficios sociais e económicos, na forma que se estableza nos pregos de bases.

4. Na tramitación dos procedementos indicados neste artigo, á vista da importancia das afeccións que supoñan as solicitudes presentadas, a Administración autonómica poderá exixir, con base no interese público, a achega de estudos complementarios sobre a incidencia sanitaria, social e ambiental e as posibles solucións que achegue o promotor, coa valoración de cada unha delas, na forma establecida na lexislación de augas e ambiental. En particular, a Administración autonómica poderá exixir que o solicitante propoña medidas para mellorar o impacto social, económico e ambiental do proxecto na área e nos seus habitantes.

Para estes efectos, a Administración autonómica poderá aprobar e publicar guías orientativas en que se recollan métodos de valoración do impacto social e económico das propostas e modelos de compromisos mediante os cales se pode paliar a incidencia social das solicitudes e a súa valoración.

5. Dentro das condicións das concesións aludidas nos puntos anteriores incluíranse as concernentes aos compromisos de natureza socioeconómica e ambiental asumidos polo solicitante.

Sección 3ª. Dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación mineiros

Artigo 20. Dereitos, concesións mineiras e proxectos de explotación

1. No procedemento de outorgamento de dereitos e concesións mineiras e na tramitación de calquera proxecto de explotación mineiro de competencia autonómica, terase en conta a valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos, de acordo co establecido nesta lei.

2. En particular, e de conformidade co establecido nesta lei, no procedemento de outorgamento e na tramitación dun proxecto de explotación de recursos das seccións C) e D) exixirase a presentación do estudo de impacto social e económico do proxecto e efectuarase a súa avaliación de acordo co indicado no capítulo II deste título. No outorgamento dos dereitos mineiros e/ou a aprobación do proxecto de explotación teranse en conta a avaliación efectuada e, en particular, a prevención, corrección e, de ser o caso, compensación dos efectos sobre os servizos ecosistémicos, e a súa conservación, recuperación e uso sustentable.

3. Nas convocatorias dos concursos públicos de dereitos mineiros previstos nos artigos 35 e 36 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, incluíranse requisitos, criterios de selección e condicións de execución que valoren os beneficios sociais e económicos das propostas, de acordo co establecido nesta lei.

A valoración dos criterios de calidade social e ética do proxecto, así como de impacto socioeconómico do proxecto na zona de implantación da explotación, previstos no artigo 36.2, c) e d), da Lei 3/2008, do 23 de maio, representarán, polo menos, o 40% dos criterios de selección na baremación das solicitudes de dereitos mineiros nos concursos públicos.

4. Aqueles procedementos de outorgamento de dereitos mineiros e/ou de aprobación de proxectos de explotación en que, conforme o disposto nos números 2 e 3, e logo de declaración polo Consello da Xunta por proposta motivada da persoa titular da consellería competente en materia de minas, se acredite a existencia de especiais beneficios sociais e económicos dos proxectos, gozarán de carácter prioritario e considerarase que concorren razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia na realización dos trámites da súa competencia, polo que os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Gozarán tamén de carácter prioritario aquelas solicitudes que versen sobre recursos considerados como materias primas fundamentais ou minerais críticos nos plans e programas europeos, estatais ou autonómicos, logo de declaración polo Consello da Xunta realizada nos termos previstos no parágrafo anterior.

5. O carácter prioritario dos proxectos que cumpran co establecido no número 4 estenderase á tramitación dos proxectos de autoconsumo de enerxías renovables e dos proxectos relativos a extensións ou reforzos na rede de distribución para a subministración ao proxecto mineiro.

6. Para os efectos do artigo 24 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, cando un dereito mineiro afecte un dereito mineiro preexistente ou outros usos de interese público, para os efectos de decidir sobre a súa prevalencia teranse en conta, entre os



criterios aplicables, en particular os seus respectivos beneficios sociais e económicos, de acordo co establecido nesta lei.

TÍTULO SEGUNDO

Participación en sociedades e instrumentos de financiamento

CAPÍTULO I

Participación en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei

Artigo 21. Participación en sociedades

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, por si mesma ou a través dos seus entes instrumentais ou dos vehículos de investimento xestionados polas súas entidades instrumentais, cumprindo os requisitos establecidos na lexislación de patrimonio autonómico, poderán participar en sociedades mercantís privadas entre cuxas finalidades e responsabilidade corporativa se encontren as de procurar o beneficio social e económico na zona de influencia dos proxectos, no marco das súas operacións industriais, mercantís ou de investimento, de acordo coas normas previstas nesta lei.
2. As finalidades expresadas no número anterior incorporaranse á actuación das sociedades previstas neste capítulo mediante os seus estatutos e/ou calquera outro instrumento xurídico ou pacto que se considere oportuno, e sen prexuízo da súa operación como un axente máis de acordo coas regras normais do mercado.
3. As sociedades participadas poderán, pola súa vez, participar nas sociedades vehiculares que se establezan, de ser o caso, para executar os proxectos de investimento.
4. Non será de aplicación aos casos previstos neste artigo o límite mínimo de participación da Xunta de Galicia no capital social a que fai referencia o artigo 102.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 22. Finalidades e responsabilidade corporativa das sociedades participadas

1. Para os efectos do establecido no artigo anterior, para que a Administración poida participar nas sociedades, entre as finalidades destas últimas terá que encontrarse o obxectivo de valorizar os recursos estratéxicos galegos e canalizar este valor cara a todo o tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma, en particular cara ás comunidades locais, que soportan a maior parte dos custos ambientais da súa explotación.
2. En particular, entre as finalidades e responsabilidade corporativa das sociedades encontraranse os seguintes aspectos:
 - a) procurar o apoio aos proxectos entre os distintos axentes sociais, especialmente entre as comunidades locais onde se van asentar.



- b) facilitar a existencia dun mercado en condicións de igualdade para todos os participantes, de maneira que as pemes locais poidan aproveitar as oportunidades de negocio que xurdan no desenvolvemento dos proxectos.
- c) actuar como catalizador da aplicación desta lei, fomentando o desenvolvemento dos proxectos aos cales lles é de aplicación e o desenvolvemento de instrumentos e actuacións que sirvan de referencia ao resto de axentes.
- d) fomentar o autoconsumo con fontes renovables e a eficiencia enerxética no sector produtivo de Galicia.
- e) promover a participación de operadores locais nas diferentes fases de desenvolvemento dos proxectos, xa sexa como promotores, como clientes e/ou usuarios, como provedores ou como investidores.

Artigo 23. Participantes nas sociedades

1. A participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou dos seus entes instrumentais, ou dos vehículos de investimento xestionados polas súas entidades instrumentais, nas sociedades recollidas neste capítulo ou naquelas en que estas participen, buscará garantir que a súa actividade sexa conforme o disposto nesta lei.
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais promoverá que estas sociedades contén no seu capital social con entidades públicas e/ou privadas representativas do tecido socioeconómico, de maneira que participen de forma efectiva no deseño, xestión e explotación dos proxectos que as afecten.
3. Así mesmo, buscarase facilitar os investimentos no capital das sociedades vehiculares promovidas polas sociedades participadas de persoas xurídicas e físicas que sexan pequenos investidores das comunidades locais nas zonas de influencia dos proxectos.

Artigo 24. Actuacións das sociedades participadas

1. As actuacións que leven a cabo as sociedades participadas recollidas neste capítulo para a consecución dos seus obxectivos realízanse en condicións de igualdade e competencia co resto de participantes do mercado.
2. Os estatutos e demais pactos sociais que rexan a actividade das sociedades participadas promoverán como criterio de investimento o impacto socioeconómico entre as comunidades locais e, en caso de que se considere necesario, as medidas necesarias para maximizalo, garantindo en todo caso a viabilidade financeira do proxecto para a propia sociedade participada.
3. Así mesmo, os estatutos e demais pactos sociais indicados promoverán a integración dos membros das comunidades locais no desenvolvemento dos proxectos e, de ser o caso, na repartición de beneficios, facilitando participacións no seu capital. Entre os membros das comunidades locais consideraranse en todo caso as corporacións locais con afeccións ambientais relacionadas co desenvolvemento dos proxectos.



4. A participación da Administración promoverá que estas sociedades:

- a) produzan e difundan de forma aberta e gratuíta modelos e estándares de calidade para o deseño, desenvolvemento e execución dos proxectos, de maneira que se faciliten a transparencia do mercado e a participación de todos os operadores en condicións de igualdade, así como as relacións coa Administración e provedores, a interlocución cos axentes sociais e o financiamento e refinanciamento de proxectos, entre outros.
- b) impulsen ou fomenten o desenvolvemento de proxectos de autoconsumo e eficiencia enerxética individuais ou colectivos, en particular no contexto dos parques empresariais de Galicia e das industrias electrointensivas.
- c) inclúan nas súas prácticas de contratación e colaboración medidas que prioricen as pequenas e medianas empresas locais e os provedores que demostren un maior impacto socioeconómico na zona.

CAPÍTULO II

Instrumentos de financiamento

Artigo 25. *Instrumentos de financiamento*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do seu sector público, por si ou a través das sociedades en que participen, poderán promover o desenvolvemento dos instrumentos de financiamento previstos neste capítulo para facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades desta lei. Estes instrumentos de financiamento serán compatibles con outros instrumentos ou medidas de apoio de tipo público ou privado, sen máis limitación que a establecida na normativa vixente en materia de axudas de Estado e demais normativa que resulte de aplicación. En todo caso, o establecemento de instrumentos financeiros deberá contar co informe previo da consellería competente en materia de facenda e respectar o principio de prudencia financeira a que se refire o artigo 13.bis da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.
2. O obxectivo dos instrumentos de financiamento previstos neste capítulo é facilitar a execución dos proxectos dotándoos dunha rendibilidade suficiente como para facelos economicamente viables, promovendo ao mesmo tempo a existencia de ofertas competitivas no mercado e a suficiente protección para os consumidores, así como a participación das pemes no desenvolvemento dos proxectos en condicións de igualdade coas grandes empresas.
3. Os instrumentos financeiros previstos poderán ter forma de subvencións de capital, outro tipo de subvencións e bonificacións, instrumentos de capital ou de cuasicapital, participacións de capital, préstamos participativos, créditos, préstamos e garantías, e deducións fiscais ao investimento, préstamos subvencionados, garantías, titulizacións e asistencia técnica, entre outras. Así mesmo, a Administración xeral da Comunidade Autónoma, as entidades do seu sector público e/ou as sociedades en que participen poderán prestar as asistencias técnicas que consideren oportunas.



4. De maneira preferente, os proxectos asignaranse a vehículos de investimento de maneira que sexa posible illalos patrimonialmente para o seu financiamento, xestión, valoración e, de ser o caso, liquidación.

5. Os instrumentos de financiamento previstos neste capítulo rexeranse polo réxime xurídico que resulte aplicable en atención á súa natureza e ao seu carácter público ou privado. No caso de que consistan en apoios públicos, rexeranse pola lexislación correspondente e, en particular, pola normativa vixente de axudas de Estado.

Artigo 26. Instrumentos de capital ou cuasicapital

1. Os vehículos titulares dos instrumentos de capital ou de cuasicapital poderán revestir a forma de entidades de capital risco ou de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, ou na norma que a substitúa, tanto de nova creación como as existentes dependentes do sector público autonómico.

2. Poderase promover a creación de instrumentos especificamente destinados a facilitar o financiamento propio (capital social e outras fórmulas de reforzamento dos fondos propios) dos proxectos, empresas ou sociedades vehiculares obxecto desta lei.

3. De maneira específica, poderanse promover os seguintes instrumentos de capital ou de cuasicapital:

a) Participacións en capital. As entidades descritas no punto primeiro deste artigo poderán subscribir e/ou adquirir participacións minoritarias e temporais nas empresas titulares dos proxectos, posibilitando así o asentamento do negocio.

Así mesmo, as sociedades participadas previstas nesta lei poderán tomar participación no capital das sociedades vehiculares en condicións similares ás descritas no parágrafo anterior.

b) Préstamos participativos. As entidades descritas no punto primeiro deste artigo tamén poderán conceder préstamos participativos ás empresas titulares dos proxectos nos termos previstos na referida Lei 22/2014 e na normativa que resulte de aplicación á entidade investidora.

Artigo 27. Instrumentos de débeda e garantías

1. Poderanse promover instrumentos para facilitar o financiamento alleo dos proxectos, empresas ou sociedades vehiculares obxecto desta lei.

2. De maneira específica, poderanse dispoñer os seguintes instrumentos de débeda e de garantía:

a) Financiamento de préstamos, créditos ou outros instrumentos de financiamento reintegrables: poderanse establecer liñas de préstamos, créditos ou outros instrumentos de

financiamento reintegrables. Así mesmo, poderanse articular fórmulas de bonificación dos custos financeiros das operacións.

b) Garantías: poderanse constituír avais que garantan operacións de financiamento concedidas por entidades ou organismos públicos ou privados.

Artigo 28. Refinanciamento de activos

Promoverase que os proxectos amparados por esta lei que impliquen a xeración de dereitos de cobramento futuros e predicibles, como son os contratos de subministración de enerxía (PPA), sexan bancables e agrupables de xeito que poidan refinanciarse en condicións óptimas. Para iso dispoñeranse, entre outras, as seguintes actuacións:

a) Estandarización dos contratos (PPA) e das especificacións de calidade dos proxectos (boas prácticas). Fomentarase a introdución de estándares contractuais, de transparencia e de calidade dos proxectos de maneira que se facilite a súa valoración, transferencia e agregación, e o seu uso como colateral para a creación de bonos verdes.

b) Agrupación de activos. Promoverase a creación de agrupacións de activos de proxectos de maneira que se doten os promotores de liquidez unha vez que os proxectos estean operativos e verifiquen o cumprimento dos criterios de sustentabilidade ambiental e socioeconómica.

c) Mellora de crédito. Poderase apoiar a calidade crediticia dos activos financeiros apoiados polos proxectos previstos nesta lei mediante a disposición de melloras de crédito. En ningún caso este apoio poderá consistir no outorgamento ou constitución de avais, garantías ou calquera outro instrumento que implique a asunción de riscos continxentes por parte da Administración da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos, entes ou sociedades dependentes.

Artigo 29. Asistencia técnica

1. Poderanse establecer os mecanismos de asistencia técnica necesarios para facilitarlle aos diferentes participantes a utilización dos instrumentos financeiros previstos nesta lei.

2. Promoverase o desenvolvemento de metodoloxías e ferramentas de valoración e análise de risco que poidan ser utilizadas polos distintos axentes públicos e privados para o deseño, implementación e monitorización dos instrumentos financeiros e asistencias técnicas.

Artigo 30. Participación das sociedades participadas na implementación dos instrumentos financeiros

1. A Administración poderá facilitar a introdución dos instrumentos financeiros previstos nesta lei, de maneira que actúen como referencia para o resto dos participantes no mercado.

2. A Administración poderá promover o desenvolvemento dun mercado competitivo para os proxectos, aberto ás pemes e aos investidores locais.

3. En particular, promoverase que as sociedades participadas inclúan entre as súas actuacións a creación e introdución de estándares utilizables polo resto de participantes, tales como



contratos, metodoloxías de avaliación do impacto ambiental, metodoloxías de avaliación do impacto socioeconómico, metodoloxías de valoración financeira e de risco, boas prácticas no deseño, construción, operación e mantemento dos proxectos, valoración e desenvolvemento de servizos ecosistémicos, inclusión das comunidades locais na explotación dos proxectos e todas aquelas que se consideren relevantes.

TÍTULO TERCEIRO

Eólica off shore

CAPÍTULO I

Promoción da cohesión social e económica

Artigo 31. Actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma

A Administración xeral da Comunidade Autónoma, no marco das súas relacións institucionais coa Administración xeral do Estado, desenvolverá a súa actuación para promover que esta teña en conta, nos instrumentos e actuacións de competencia estatal relativos á enerxía eólica *off shore*, o compromiso coa cohesión social e económica da Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, os beneficios sociais e económicos dos proxectos previstos nesta lei.

CAPÍTULO II

Canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica *off shore*

Artigo 32. Creación, natureza, obxecto e ámbito de aplicación

Co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente, e especialmente velar pola xestión racional e sustentable do litoral, tendo en conta os seus extraordinarios valores ambientais, con carácter de ingreso compensatorio e natureza impositiva extrafiscal e real, créase o canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 33. Afectación dos ingresos xerados polo canon

1. Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, destinaranse á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como as actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das cales serán principais beneficiarios os concellos pola aterraxe das infraestruturas necesarias para a evacuación nas zonas de influencia dos proxectos.
2. Tamén será beneficiario o conxunto do sector pesqueiro mediante actuacións que, promovidas pola Administración autonómica, se dirixan a compensar as afeccións derivadas da implantación dos parques eólicos mariños dos cales se evacúa a súa enerxía, así como a promover a conservación do ecosistema e a biodiversidade.



3. Os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, poderán destinarse, así mesmo, a dotar as sociedades dos instrumentos de financiamento previstos no título segundo desta lei, coa finalidade de facilitar a viabilidade dos proxectos que compartan as finalidades previstas nela.

Artigo 34. Normativa aplicable

O canon rexeráse por esta lei, polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento, así como polas disposicións xerais en materia tributaria.

Artigo 35. Feito impositivo

1. Constitúe o feito impositivo do canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación de eólica mariña a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia das liñas eléctricas aéreas ou soterradas de evacuación da enerxía xerada nos parques eólicos mariños situados nas costas da Comunidade Autónoma de Galicia, pola parte que se estendan dentro do territorio da Comunidade desde a súa aterraxe ata a conexión na subestación correspondente.

2. Entenderase producido o feito impositivo aínda que a titularidade da infraestrutura necesaria para a evacuación non corresponda ao titular da autorización administrativa de explotación da liña ou ao titular da autorización administrativa de explotación dun parque eólico mariño.

Artigo 36. Período impositivo e devindicación

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.

2. A devindicación producirase na data de outorgamento da autorización de explotación das infraestruturas necesarias para a evacuación do parque eólico mariño e o primeiro día do ano natural nos sucesivos anos en que a autorización administrativa estea vixente, ata o seu desmantelamento e restitución ambiental dos terreos afectos pola instalación.

3. Sen prexuízo do disposto no número 1, en casos de primeira instalación ou desmantelamento das infraestruturas necesarias para a evacuación do parque eólico mariño, o período impositivo entenderase polo período existente entre a devindicación e o último día do período impositivo, no primeiro caso, e entre a devindicación e a data de desmantelamento da liña, no segundo.

Artigo 37. Obrigados tributarios

1. Son suxeitos pasivos do canon das infraestruturas necesarias para a evacuación, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que, baixo calquera título, leven a cabo a súa explotación. Presumirase, salvo proba en contrario, que a explotación da liña a realiza a persoa ou entidade que figure como titular da correspondente autorización administrativa.



2. Son responsables solidarios:

- a) as persoas titulares de autorizacións administrativas para as infraestruturas necesarias para a evacuación da enerxía xerada por un parque eólico mariño cando quen leve a cabo a súa explotación non coincida co titular da autorización;
- b) as persoas titulares das infraestruturas necesarias para a evacuación da enerxía xerada por un parque eólico cando non coincidan coa persoa titular da explotación da liña nin coa persoa titular da autorización administrativa da liña;
- c) as persoas que exploten o parque ou parques eólicos mariños que empreguen a liña de evacuación, de non ser o suxeito pasivo.

Artigo 38. Base imponible

Constitúe a base imponible a extensión, expresada en quilómetros lineais, das infraestruturas necesarias para a evacuación situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde a aterraxe ata a conexión na subestación correspondente. No caso de infraestruturas necesarias para a evacuación que se estendan máis alá do límite territorial da Comunidade Autónoma, a base imponible estará constituída pola suma dos quilómetros lineais que se estendan dentro do territorio galego. Para a determinación da base imponible teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devindicación. No caso de que a lonxitude da infraestrutura de evacuación varíe ao longo do período impositivo, a base imponible calcularase rateando por días o período de explotación dos quilómetros lineais da liña de evacuación respecto ao total do número de días do ano natural.

Artigo 39. Tipo de gravame e cota tributaria

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base imponible dos seguintes tipos de gravame anuais:

- a) en liñas soterradas de evacuación: 10.000 euros por cada quilómetro de liña de evacuación;
- b) en liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión igual ou inferior a 30 kV: 22.000 euros por cada quilómetro de liña de evacuación;
- c) en liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión maior de 30 kV e menor ou igual a 66 kV: 29.200 euros por cada quilómetro de liña de evacuación;
- d) en liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión maior de 66 kV e menor ou igual a 132 kV: 43.800 euros por cada quilómetro de liña de evacuación;
- e) en liñas aéreas de evacuación que teñan unha tensión maior de 132 kV e menor ou igual a 220 kV: 58.000 euros por cada quilómetro de liña de evacuación;

2. Durante o primeiro ano de explotación da liña e durante o último ano, os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.



3. A modificación dos importes desta tarifa require informe previo do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 40. Aplicación do canon

1. A consellería competente en materia de facenda aprobará as normas de aplicación do tributo.

2. O exercicio das funcións de aplicación e de revisión do canon, así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, corresponderán aos órganos ou unidades administrativas competentes da Administración tributaria da consellería competente en materia de facenda, conforme a norma de organización da Administración tributaria.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, os órganos administrativos competentes nas materias de ambiente, enerxía e industria auxiliarán os órganos de aplicación deste tributo e colaborarán con eles, no marco das súas respectivas competencias, para a liquidación, comprobación e investigación do tributo, mediante a elaboración de informes, por petición destes, a expedición de certificados oficiais dos datos necesarios para a liquidación do tributo e/ou a cesión informática dos datos sinalados, entre outras actuacións.

Artigo 41. Presentación de declaracións e autoliquidacións

1. Para os efectos de aplicación do canon, os suxeitos pasivos están obrigados a declarar inicialmente os datos, características e circunstancias necesarias para a cuantificación do tributo, así como as modificacións dos datos previamente declarados, nos prazos e lugar por medio dos modelos e de conformidade coas instrucións que estableza a consellería competente en materia de facenda mediante orde. Así mesmo, estarán obrigados a presentar unha declaración de baixa, no suposto de desmantelamento da liña.

2. A Administración establecerá un rexistro obrigatorio, incluíndo as súas características, de liñas de evacuación de parques eólicos mariños. A estrutura, contido e sede do rexistro, así como os procedementos para a súa formación e mantemento, determinaranse mediante orde da consellería competente en materia de facenda.

3. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación do canon, determinando a débeda tributaria correspondente, e ingresarán o seu importe na forma, prazos e lugar por medio dos modelos e de conformidade coas instrucións que estableza a consellería competente en materia de facenda mediante orde.

4. A consellería competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e autoliquidacións do canon se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá exixir a obrigatoriedade da súa presentación e o aboamento mediante medios telemáticos.

Artigo 42. Liquidacións provisionais



Os órganos da Administración tributaria poderán ditar a liquidación provisional que proceda, de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 43. Potestade sancionadora

1. A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase conforme os seus principios reguladores en materia administrativa e as especialidades consideradas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e serán de aplicación as disposicións xerais contidas nesta.
2. A clasificación das infraccións e sancións tributarias e o procedemento sancionador tributario rexeranse polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas demais disposicións que a desenvolvan e complementen.

Artigo 44. Revisión

1. Os actos e as actuacións de aplicación deste tributo, así como os actos de imposición de sancións tributarias, serán revisables de acordo coas disposicións contidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
2. O coñecemento das reclamacións económico-administrativas corresponderalles con exclusividade aos órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da vía contencioso-administrativa.

TÍTULO CUARTO

Recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais

CAPÍTULO I

Actuacións para a recuperación integral

Artigo 45. A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais

1. A consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais promoverá a recuperación integral das zonas do territorio afectadas por incendios forestais de incidencia singular, con base nos seguintes principios:
 - a) a planificación transversal do espazo rural afectado delimitado polo seu perímetro natural, dando prioridade na dita planificación á prevención dos incendios forestais;
 - b) a determinación dos usos agroforestais óptimos para recuperar ou implantar na zona delimitada, promovendo unha ordenación do territorio que procure a consecución dunha paisaxe mosaico, máis resiliente fronte aos incendios forestais. Para tal efecto, dotarase o ámbito territorial delimitado dun catálogo parcial de solos agropecuarios e forestais, conforme o previsto no artigo 31 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia;



c) a implantación prioritaria de paisaxes cortalumes e áreas estratéxicas de xestión nos puntos do territorio que se determinen con criterios técnicos derivados da análise dos incendios acaecidos. Nesta implantación prestarase especial atención á protección dos núcleos de poboación;

d) o impulso da diversificación das masas forestais e da silvicultura preventiva no espazo forestal da zona afectada polo incendio forestal de carácter singular, no cal serán de aplicación as medidas de restauración reguladas no artigo 64 da Lei 7/2012, de montes de Galicia. Para estes efectos, serán declaradas zonas prioritarias de actuación en materia de control da erosión e restauración hidrolóxico-forestal, conforme o previsto no artigo 65 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia;

e) a actuación sostida e constante durante o tempo necesario para asegurar a eficacia da recuperación proposta, que deberá incentivar a permanencia das actividades agrogandeiras e forestais propostas.

CAPÍTULO II

Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular

Artigo 46. *O Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular*

1. Créase o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular como un fondo específico, de carácter finalista, destinado a financiar as actuacións de recuperación das zonas do territorio afectadas polos ditos incendios forestais.
2. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia declarar, mediante acordo, que incendio forestal é considerado como de incidencia singular e, polo tanto, pode determinar a aplicación deste fondo á recuperación da zona do territorio afectada polo dito incendio. O acordo adoptarase por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, logo de informe da persoa titular da dirección xeral competente nesa materia. Este informe emitirase atendendo a diversos criterios técnicos relativos á intensidade ou incidencia dos efectos provocados polo incendio forestal e, entre eles, á afección ás persoas e aos seus bens, á superficie ou tipo de terreo afectado, aos valores forestais ou ambientais afectados ou a outras circunstancias técnicas motivadas.
3. O fondo financiarase con cargo ás asignacións que figuren nos orzamentos iniciais da Administración autonómica galega, coas achegas que procedan doutras administracións públicas, coas procedentes de doazóns e/ou con outras achegas do sector privado.
4. O Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular será xestionado pola consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais. Os recursos asignados ao fondo e os seus rendementos ingresaranse nunha conta específica de titularidade da Xunta de Galicia, e contará cunha contabilidade separada para cada unha das zonas afectadas polos ditos incendios forestais que sexan obxecto de recuperación.



5. Correspóndelle á consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais determinar a tipoloxía de actuacións e as operacións concretas a que estará destinado o fondo, logo de proposta das persoas titulares dos centros directivos desa consellería, nas materias da súa competencia que se visen afectadas polo correspondente incendio.

6. Sen prexuízo do anterior, no suposto de que o incendio forestal afecte elementos que correspondan a materias da competencia doutras consellerías, estas poderán propoñerlle á consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais a aplicación do fondo para a recuperación dos ditos elementos danados polo incendio.

Artigo 47. Actuacións financiáveis mediante o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular

1. De acordo co establecido no artigo anterior, e de conformidade coa normativa vixente, a consellería competente na materia de prevención e extinción de incendios de forestais poderá desenvolver, con cargo ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado polos Incendios Forestais de Incidencia Singular, entre outras, as seguintes actuacións:

a) Prestar servizos ou executar, en todo ou en parte, obras destinadas á recuperación dos terreos afectados polos incendios forestais, que poderán consistir na mellora dos terreos afectados con respecto á situación previa ao incendio forestal, coa finalidade de recuperar os recursos naturais daqueles e favorecer a súa explotación racional, e previr a aparición ou propagación de futuros incendios. Estas actuacións poderán ser desenvolvidas directamente pola indicada consellería, ou ben a través dos medios propios do sector público ou de entidades do sector privado, de acordo coa normativa de contratos do sector público.

b) Establecer liñas de axudas destinadas á restauración dos terreos afectados, incluíndo, entre outras actuacións, a limpeza, posta en cultivo e as melloras, mesmo de carácter permanente, nos predios afectados, cuxas persoas beneficiarias poderán ser tanto as persoas titulares como as persoas arrendatarias deles. Estas actuacións poderán ser desenvolvidas directamente pola indicada consellería ou a través dos entidades colaboradoras, de acordo co previsto na normativa vixente en materia de subvencións.

c) Prestar apoio técnico e asesoramento ás persoas afectadas, dirixidos á recuperación dos terreos afectados.

d) Subscribir convenios coas entidades públicas ou privadas afectadas, de acordo coa normativa vixente, para facilitar a recuperación dos terreos afectados, así como con entidades financeiras para facilitar operacións financeiras ou o anticipo de subvencións dirixidas ás entidades afectadas.

e) Promover convenios con sociedades de garantía recíproca para apoiar os axentes produtivos que participen nas operacións de recuperación e que non contén por si mesmos coas garantías económicas suficientes.



2. De acordo co establecido no número 6 do artigo anterior, no caso de que as actuacións requiridas correspondan a materias da competencia doutras consellerías, estas serán as encargadas de desenvolver as actuacións da súa competencia, financiadas, de acordo coa dispoñibilidade máxima establecida para as ditas actuacións, pola persoa titular da consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios.

Artigo 48. *Das achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular*

1. As achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais poderán consistir en doazóns e achegas irrevogables, puras e simples. Así mesmo, poderán formalizarse convenios de colaboración en actividades de interese xeral, de acordo coa regulación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. A contía mínima das achegas privadas ao fondo será de cen mil euros.

2. As doazóns e os negocios regulados neste artigo someteranse ao dereito privado e terán a consideración de negocios patrimoniais excluídos da lexislación de contratos das administracións públicas que se rexerán por esta disposición e pola lexislación patrimonial.

3. A competencia para aceptar as achegas corresponderalle á persoa titular da consellería competente en materia de incendios forestais, que poderá aprobar modelos de documentos ou convenios para formalizalas, así como campañas para fomentar as contribucións ao fondo, xerais ou específicas, para obxectivos concretos.

4. As achegas consideraranse legalmente afectas ás finalidades xerais do fondo, salvo que na doazón ou negocio xurídico formalizado se precisase unha finalidade ou destino específico comprendido dentro das finalidades legais do fondo, ou un específico territorio afectado, caso en que as cantidades se considerarán legalmente afectas a estas finalidades e territorios concretos.

5. No caso de que a Administración autonómica non cumpra a condición legal establecida no número anterior, estará obrigada, por solicitude da persoa doante, á devolución das cantidades non aplicadas, cos seus xuros legais desde o momento do incumprimento.

6. En todo caso, e para os efectos das súas competencias, a Administración autonómica recoñecerá as achegas realizadas ao fondo como dirixidas a fins de interese xeral, vinculadas á recuperación dos territorios afectados polos incendios forestais, de asistencia social e promoción da acción social, defensa do ambiente e de desenvolvemento do tecido produtivo agroforestal.

7. As achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular beneficiaranse dos incentivos fiscais ao mecenado regulados no título III da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, de acordo co disposto nela, e demais normativa que resulte de aplicación.



Artigo 49. *Comisións de seguimento do Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular*

1. Para fomentar a transparencia, participación e información das actuacións do fondo, así como a eficiencia na súa utilización, a consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais, mediante resolución da súa persoa titular, creará unha Comisión Xeral de Seguimento do fondo formada por persoas representantes do sector público e das entidades que, pertencendo ao sector privado, achegasen ao fondo unha contía superior á que se fixe mediante a dita resolución, así como, de ser o caso, outras entidades privadas relacionadas co sector forestal ou coa protección ambiental.
2. A función desta comisión xeral de seguimento do fondo será a de analizar as necesidades xurdidas no ámbito territorial afectado polos incendios forestais de incidencia singular e elevar propostas á consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en relación coa xestión do fondo e coa súa aplicación, incluíndo o seu destino e a natureza das operacións que cómpre realizar.
3. Cos mesmos obxectivos e mediante o mesmo procedemento indicado no número 1, poderanse crear comisións territoriais de seguimento do fondo, específicas para cada zona afectada por incendios, que estarán formadas por persoas representantes do sector público e de entidades do sector privado que fixesen achegas ao fondo ou sexan representativas no ámbito territorial afectado.
4. A función das comisións territoriais previstas no número anterior será a de analizar as necesidades concretas do ámbito territorial afectado por cada incendio e elaborar propostas para a recuperación da dita zona, para a súa elevación á Comisión Xeral de Seguimento do fondo.

TÍTULO QUINTO

Proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais de Galicia

Artigo 50. *Fomento da implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables en áreas empresariais*

Os promotores públicos e privados de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia fomentarán, na planificación, ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais que promovan, a implantación de proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables, coa finalidade de favorecer o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía, así como a existencia de alternativas de subministración de proximidade para as empresas e consumidores finais e a súa participación activa no seu abastecemento enerxético.

Artigo 51. *Normas de aplicación directa para as instalacións ou infraestruturas para produción de enerxías renovables en áreas empresariais*



1. Admítase a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables, xa sexa en réxime de autoconsumo individual ou para autoconsumo colectivo ou de comunidades enerxéticas, e que teñan por finalidade obter unha maior eficiencia enerxética e sustentabilidade das empresas localizadas dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguintes espazos, entre outros:

a) Nas parcelas lucrativas, xa sexan de uso secundario ou terciario, así como nas dotacionais privadas ou públicas, nas súas zonas de recuamento e nos espazos libres de edificación. Non obstante, nas zonas de recuamento con parcelas lindeiras só se permitirán estas instalacións, salvo acordo entre os donos das propiedades lindeiras, cando o interesado na súa implantación acredite a imposibilidade de acudir a outras alternativas que resulten menos gravosas para a propiedade da parcela lindeira.

b) Sobre as edificacións e outras construcións auxiliares.

2. Ademais dos espazos sinalados no punto anterior, cando as instalacións ou infraestruturas antes citadas estean destinadas ao uso colectivo ou de comunidades enerxéticas en réxime de autoconsumo, tamén se poderán implantar, motivadamente, nas zonas verdes e en espazos libres da área empresarial.

3. Para a implantación de instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables nos espazos indicados nos puntos anteriores poderán, de ser o caso, constituírse dereitos de superficie, dereitos de voo, así como concesións administrativas cando se trate de bens de dominio público.

4. As ordenanzas dos parques empresariais en materia de alturas máximas, recuamentos, edificabilidade e outras similares serán interpretadas de xeito que favorezan a implantación das instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables. En todo caso, serán de aplicación as seguintes determinacións, sen prexuízo doutras normas técnicas ou sectoriais que resulten de aplicación:

a) Os elementos singulares das instalacións ou infraestruturas antes citadas poderán superar a altura máxima prevista nas ordenanzas.

b) As distancias mínimas en materia de recuamento computaranse desde a edificación principal, sen ter en conta as instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables implantadas na zona de recuamento ou nos espazos libres de edificación. Non obstante, nas zonas de recuamento con parcelas lindeiras só se poderán implantar estas instalacións, salvo acordo entre os donos das propiedades lindeiras, cando o interesado na súa implantación acredite a imposibilidade de acudir a outras alternativas que resulten menos gravosas para a propiedade da parcela lindeira.

c) As citadas instalacións ou infraestruturas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables non computarán para efectos de edificabilidade.

5. As normas contidas nos puntos anteriores serán de aplicación sen prexuízo doutras de carácter técnico ou sectorial que resulten aplicables, de ser o caso.



6. As ordenanzas dos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio que se aproben a partir da entrada en vigor desta norma recollerán as determinacións previstas neste artigo.

7. Así mesmo, as determinacións contidas neste artigo prevalecerán sobre as ordenanzas dos instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

8. Os instrumentos de planeamento ou de ordenación do territorio cuxa tramitación estivese iniciada antes da entrada en vigor desta lei manterán as determinacións previstas neles, sen prexuízo do previsto no número 7 deste artigo.

Artigo 52. Autorizacións ou permisos administrativos

Serán competencia da Administración municipal, soamente nos casos en que o exixa a normativa, as licenzas, autorizacións ou permisos necesarios para a implantación das instalacións ou infraestruturas de produción de enerxías renovables, tanto nas parcelas de propiedade privada como nas parcelas dotacionais, nas zonas verdes e espazos libres da área empresarial. Todo iso sen prexuízo das demais autorizacións sectoriais ou técnicas que correspondan a outras administracións ou organismos, de ser o caso.

Artigo 53. Reservas de espazos en áreas empresariais para a canalización de enerxías renovables

Os instrumentos de ordenación do territorio e planeamento de áreas empresariais, así como os proxectos de urbanización destas, poderán reservar determinadas zonas de solo para o paso de canalizacións das redes de distribución de enerxías renovables, así como conexións a sistemas ou infraestruturas xerais ou a redes de subministración, sen prexuízo de que, motivadamente, poidan utilizarse para outros fins en caso de necesidade. Tamén poderán establecer servidumes forzosas ou limitacións do dominio nas zonas de recuamento das parcelas co fin de permitir o paso destas canalizacións.

Artigo 54. Xestión de enerxías renovables destinadas a autoconsumo nas áreas empresariais

1. As entidades de conservación, xestión e modernización de parques empresariais reguladas na Lei 3/2022, de áreas empresariais de Galicia, as sociedades mercantís ou outras entidades que teñan por obxecto fomentar o autoconsumo con fontes renovables poderán formalizar acordos, convenios ou contratos cos promotores ou propietarios do parque empresarial, co concello e con outros organismos, co fin de implantar instalacións colectivas ou constituír comunidades enerxéticas destinadas á produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables para o uso das empresas localizadas no parque empresarial e, así mesmo, asumir a xestión das ditas instalacións, infraestruturas ou servizos.

2. Así mesmo, as entidades e sociedades antes citadas ou as comunidades enerxéticas que se constituán poderán formalizar acordos ou convenios cos concellos para posibilitar o uso do subsolo de vías e outras zonas de dominio público para o paso de canalizacións das redes de distribución de enerxías renovables, así como conexións a sistemas ou infraestruturas xerais



ou a redes de subministración, no marco da colaboración público-privada para a xestión destas enerxías.

Artigo 55. Declaración de utilidade pública e interese social

Para os efectos do previsto nos dous artigos anteriores, as instalacións ou infraestruturas colectivas para produción de enerxía a partir de fontes de enerxías renovables, destinadas ao uso das empresas implantadas nunha área empresarial, así como as súas redes, conexións a sistemas ou infraestruturas xerais ou redes de subministración, poderán ser cualificadas como infraestruturas de utilidade pública ou de interese social na resolución administrativa pola que se autoricen as ditas instalacións ou infraestruturas. Así mesmo, poderán ser cualificadas como equipamentos nos instrumentos de planeamento urbanístico ou territorial e nos proxectos de urbanización correspondentes.

Artigo 56. Incentivos nas condicións de alleamento de parcelas de solo empresarial do IGVS e Xestur, S.A. para a implantación de enerxías renovables

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a entidade instrumental Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. establecerán incentivos nas súas bases de alleamento de parcelas de solo empresarial, co fin de favorecer a implantación de instalacións que contribúan ao autoconsumo ou ao uso de enerxías renovables por parte das empresas implantadas nos parques empresariais.
2. Así mesmo, as entidades antes citadas, na elaboración dos instrumentos de planeamento ou proxectos de urbanización de áreas empresariais, poderán analizar as posibilidades de uso da xeotermia nas parcelas de solo empresarial, co fin de que os seus compradores poidan coñecer esta posibilidade antes da súa adquisición.

TÍTULO SEXTO

Créditos de carbono

Artigo 57. Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia

1. A Xunta de Galicia fomentará o desenvolvemento de proxectos e actividades dirixidos a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, co obxectivo de contribuír á protección do medio natural e ao desenvolvemento sustentable do territorio de Galicia, no marco da estratexia de transición cara á neutralidade carbónica.
2. Aos proxectos e actividades que permitan eliminar a emisión de dióxido de carbono á atmosfera ou absorber carbono da atmosfera e formen parte do sistema creado mediante este artigo asignaráselles un valor en créditos de carbono polo valor correspondente ás toneladas equivalentes de dióxido de carbono absorbidas e almacenadas, derivadas das ditas actuacións, e que poderán ser recoñecidos e comercializados de conformidade co previsto nesta lei.
3. De acordo cos obxectivos indicados no número 1, créase o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia, que servirá de nexa entre os operadores ou grupos de



operadores que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados mediante o desenvolvemento dos seus proxectos e actividades, e os compensadores que, tamén de forma voluntaria, desexen adquirir ou utilizar créditos de carbono, ben sexa como intermediarios ou ben como axentes finais, para así compensar as súas emisións doutras actuacións. Para poderen participar neste sistema, os créditos de carbono deberán estar validados e recoñecidos, de acordo co establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

4. A operación do Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia desenvolverase regulamentariamente mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.

5. Os elementos e as entidades que, como mínimo, formarán parte do Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia son os seguintes:

a) os proxectos de absorción de carbono ou eliminación da emisión de gases de efecto invernadoiro;

b) a/s metodoloxía/s do sistema de certificación;

c) a plataforma de créditos de carbono;

d) o sistema de certificación dos proxectos e respectivos créditos;

e) o conxunto de normas e procedementos asociados ao funcionamento do sistema;

f) a Xunta de Galicia, como autoridade competente;

g) os axentes do sistema de carbono:

1. Os operadores ou grupos de operadores;

2. Os compensadores que adquiren ou utilicen créditos de carbono;

3. Os organismos de certificación.

Artigo 58. Proxectos e metodoloxías do sistema de certificación

1. Os proxectos susceptibles de ser incorporados ao sistema voluntario previsto no artigo anterior serán aqueles que promovan as actividades da absorción de carbono ou eliminación da emisión de gases de efecto invernadoiro e para os cales se poidan cuantificar os créditos de carbono mediante metodoloxías aprobadas no marco deste sistema.

2. As metodoloxías indicadas no número anterior son un conxunto de criterios e orientacións, formalmente aprobados mediante o procedemento que se estableza no decreto a que fai referencia o número 4 do artigo anterior, e utilizados para os efectos do recoñecemento dos



proxectos de absorción de carbono, así como da estimación obxectiva dos créditos que estes veñan xerar. Estas metodoloxías estarán aliñadas coas normas europeas que se establezan nesta materia.

3. No ámbito do sector forestal, as metodoloxías aprobadas terán como obxectivo, entre outros, o impulso da xestión forestal sustentable e activa como ferramenta para acadar maiores cotas de carbono absorbido fronte a aqueles bosques exentos de xestión forestal.

4. As metodoloxías aprobadas poderán identificar créditos de carbono de carácter especial e diferenciado naqueles casos en que os proxectos incorporen significativos beneficios adicionais a nivel ambiental e social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Os proxectos de carbono estarán suxeitos a un proceso de auditoría de certificación inicial realizada por un organismo certificador debidamente acreditado, de conformidade co desenvolvemento regulamentario desta lei e co resto da normativa de aplicación. Do mesmo xeito, os proxectos serán obxecto de auditorías de renovación consonte os prazos estipulados na metodoloxía aplicable.

Artigo 59. A plataforma de créditos de carbono

As transaccións entre os axentes indicados no número 3 do artigo 52 estableceranse a través dunha plataforma de intercambio que recolla, entre outra información, a relativa aos proxectos de absorción, os créditos xerados e emitidos, así como o rastrexo dos créditos de carbono que garanta a transparencia do mercado e evite os riscos de dobre conta de emisións.

Artigo 60. Comité Técnico do Sistema voluntario de créditos de carbono

1. Co fin de mellorar o desenvolvemento e a operación do Sistema voluntario de créditos de carbono, así como elevar propostas de aprobación ou revisión das metodoloxías do sistema de certificación, a Xunta de Galicia creará un Comité Técnico formado por persoas representantes das consellerías con competencias no desenvolvemento de proxectos susceptibles de absorber carbono ou eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro.

2. Poderán tamén formar parte deste comité persoas representantes doutras administracións públicas ou entidades do sector privado con relevancia no desenvolvemento deste tipo de proxectos, así como persoas expertas nesta materia.

Artigo 61. Fomento da participación no Sistema voluntario de créditos de carbono

1. Co fin de contribuír á transición cara á neutralidade carbónica, a Xunta de Galicia establecerá medidas de fomento da participación no Sistema voluntario de créditos de carbono.

2. De acordo co establecido no número anterior, as convocatorias de axudas que realice a Administración autonómica para o desenvolvemento de proxectos ou actividades que sexan



susceptibles de absorber carbono ou eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro poderán establecer criterios que teñan en conta os créditos de carbono xerados mediante as ditas actuacións e recoñecidos no marco do Sistema voluntario de créditos, así como a propia participación dos axentes no Sistema voluntario de créditos de carbono.

3. Para os casos previstos no número anterior, nos cales se inclúan os indicados criterios, gozarán dun tratamento especial os créditos de carbono asociados a proxectos e actividades cuxo desenvolvemento leve asociados beneficios adicionais a nivel ambiental e social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos no punto 4 do artigo 53.

TÍTULO SÉTIMO

Residuos biometanizables

Artigo 62. Valorización integral de residuos biometanizables

De acordo cos fins desta lei, e no ámbito das súas competencias, a Administración autonómica procurará a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, daqueles da titularidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A., a través dos instrumentos previstos neste título.

Artigo 63. Plans de biometanización dos residuos municipais de titularidade de Sogama

1. Tendo en conta o alto potencial de biometanización dos residuos municipais, derivado da fracción de recollida selectiva de biorresiduos e da materia orgánica contida na denominada fracción resto, a sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A. poderá desenvolver as seguintes accións:

a) Para a primeira fracción, Sogama poderá desenvolver un plan de biometanización de tal forma que se acade a optimización e maximización da súa valorización.

b) Para a materia contida na denominada fracción resto, Sogama poderá elaborar un plan de biometanización que deberá incluír, necesariamente, o destino final do material bioestabilizado resultante do proceso, que exclúa, de forma preferente, o seu depósito final en vertedoiro.

2. Nos casos previstos neste artigo, o biogás obtido ou o seu valor deberá servir, en primeira instancia, para cumprir coa descarbonización dos procesos de Sogama, co fin de acadar o obxectivo de que o consumo de enerxía necesario para as súas operacións sexa de orixe renovable.

Artigo 64. Promoción de sistemas de valorización integral xunto con outros residuos



1. A Administración autonómica promoverá accións dirixidas a aproveitar as potencialidades da valorización integral e conxunta dos residuos municipais e dos residuos procedentes das actividades do sector agrogandeiro e das industrias agroalimentarias, coa finalidade de que o sector privado tamén contribúa ao desenvolvemento de sistemas de valorización integral e conxunta dos residuos xerados na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No marco das indicadas accións, a sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), S.A. poderá contratar a obtención de biometano a partir dos residuos con alto potencial de metanización, ou ben transmitir os citados residuos. En ambos os supostos poderán incluírse, como criterios de valoración das ofertas e/ou como condicións contractuais, ademais do prezo ofertado e do cumprimento dos obxectivos de reciclaxe ou reutilización establecidos na correspondente normativa europea, nacional e autonómica, criterios e consideracións ambientais relativos ao tratamento e á valorización conxunta dos residuos con destino á produción de biogás, xunto cos procedentes das actividades do sector agrogandeiro, das industrias agroalimentarias ou doutros sectores.

3. De acordo co indicado no número anterior, e coas finalidades recollidas no artigo 2 desta lei, poderán valorarse, en particular, os compromisos dos adquirentes dos residuos en relación co volume doutros recursos que se van recoller e valorizar; o ámbito territorial que comprenda esa recollida complementaria na Comunidade Autónoma, así como as condicións desta, incluídos os compromisos que os adquirentes asuman, relativos aos prezos que deban satisfacer os terceiros que voluntariamente lles entreguen os outros residuos que se van valorizar, procurando que estes sexan os menos posibles, co obxecto de facilitarlles aos indicados terceiros o cumprimento das súas obrigas de xestión.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. *Consideración dos posibles efectos sinérxicos na avaliación ambiental nos procedementos de autorización de proxectos de parques eólicos*

1. Na avaliación de impacto ambiental que se realice nos procedementos de autorización de proxectos de parques eólicos de competencia autonómica deberánse ter en conta, en particular, os posibles efectos significativos sinérxicos dos demais parques xa existentes, en construción ou tramitación próximos, situados dentro da zona de influencia do proxecto, que compartan acceso, infraestruturas de evacuación e/ou outra infraestrutura asociada.

Para estes efectos, considerarase zona de influencia do proxecto aquela en que se manifesten os seus posibles efectos significativos.

2. Para permitir a análise do indicado no número anterior, os estudos de impacto ambiental que elaboren os promotores dos distintos proxectos deberán incluír no seu contido unha análise específica dos indicados efectos sinérxicos.

3. O indicado no número 1 en canto á avaliación ambiental dos posibles efectos significativos sinérxicos e á compartición de accesos e infraestruturas, non obsta para a consideración da autonomía de cada proxecto de parque eólico para efectos da súa autorización independente, atendendo á definición de parque eólico recollida no artigo 2.1 da Lei 8/2009, do 22 de



decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Para estes efectos, para a autorización independente de cada parque eólico, e sen prexuízo da valoración de posibles efectos sinérxicos, recollida no número 1 desta disposición, teranse en conta o carácter unitario de cada parque e a súa consideración autónoma e independente, sempre que teña capacidade de funcionamento separado, aínda que comparta infraestruturas con outros parques de acordo co indicado na normativa estatal do sector eléctrico.

Tampouco afectará a autonomía e independencia de cada parque, nos termos indicados, o feito de que poidan existir nas súas proximidades outros parques promovidos polo mesmo promotor, sempre que se xustifique que iso vén determinado por un uso racional das posibilidades de explotación ofrecidas polo terreo.

4. En ningún caso se autorizará un fraccionamento de proxectos que teña por finalidade eludir a súa avaliación ambiental ordinaria. Para estes efectos, entenderase por fraccionamento de proxectos, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o “mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, en caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no anexo I”, de tal forma que o pretendido fraccionamento tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria.

De acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, o feito de que dous ou máis proxectos compartan infraestruturas de evacuación non determinará por si só a existencia de fraccionamento se todos eses proxectos se someten a avaliación de impacto ambiental ordinaria e cada un dos parques ten capacidade de funcionamento por separado.

5. A Administración autonómica promoverá, no marco das súas competencias, a compartición e utilización conxunta das infraestruturas dos proxectos de parques eólicos por resultar máis favorable desde o punto de vista ambiental.

6. O exposto nesta disposición entenderase sen prexuízo da aplicación da normativa de avaliación ambiental básica en canto aos supostos en que procede a avaliación de impacto ambiental ordinaria ou simplificada, sen que se poida permitir o fraccionamento artificioso de división de proxectos co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria cando, pola suma de magnitudes, se superen os limiares establecido para ela.

Disposición adicional segunda. Instalacións de recarga de vehículos

As infraestruturas de recarga eléctrica e de hidróxeno de vehículos, así como as extensións ou os reforzos necesarios na rede de distribución, gozarán dos mesmos efectos que os sinalados no artigo 17 para os proxectos declarados de especial interese público social e económico.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Disposición transitoria única. *Réxime de aplicación a procedementos de declaración de determinadas iniciativas empresariais prioritarias en curso*



As solicitudes de declaración de iniciativa empresarial prioritaria dos proxectos de produción de electricidade a partir da enerxía eólica, consonte o número 2 do artigo 44, presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei, tramitaranse de acordo coa normativa vixente no momento da súa iniciación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogado o número 2 do artigo 42 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*

Modifícase o artigo 50 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, engadindo *in fine* unha alínea e), que queda redactada como segue:

“e) Infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos eléctricos que, segundo a normativa básica estatal, requiran autorización administrativa para a posta en funcionamento.”

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*

1. Modifícase o número 3 do artigo 27 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

“3. A tramitación das autorizacións administrativas necesarias das infraestruturas de evacuación deberán solicitarse conxuntamente coa solicitude de autorización administrativa previa e de construción do parque eólico.”

2. Engádense tres novos puntos na disposición adicional terceira da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactada como segue:

“3. Para iniciar a tramitación do expediente dunha infraestrutura de evacuación será requisito necesario que o parque eólico dispoña de permiso de acceso e conexión. O final da infraestrutura de evacuación ten que coincidir co punto de conexión do parque ou con outra infraestrutura de evacuación doutros parques eólicos que estea en tramitación, autorizada ou en servizo, para garantir que o trazado da liña proposto sexa viable tecnicamente e produza o menor impacto posible sobre o territorio.”



4. Como norma xeral, e salvo xustificación expresa da imposibilidade de facelo doutra maneira, non se admitirán a trámite novas infraestruturas de evacuación cunha lonxitude de máis de 15 km, salvo que se trate de infraestruturas colectoras de varios parques eólicos e estas non teñan unha lonxitude superior a 0,3 km por megawatt conectado a elas.

5. Para evitar a duplicidade de infraestruturas de evacuación de diferentes parques eólicos ou entre as novas propostas de evacuación e a rede de distribución e transporte existente ou planificada, sempre que sexa posible, deberase utilizar a rede existente, xa sexa de transporte, distribución ou de evacuación titularidade doutros promotores eólicos, que teña capacidade suficiente de evacuación, ou que sexa posible o seu reforzo ou repotenciación. Para iso poderá facerse uso do establecido no artigo 54.2 da Lei 24/2013, do sector eléctrico.

Os promotores deberán solicitar a repotenciación da rede de distribución ou transporte existente e intentar chegar a acordos cos titulares doutras infraestruturas de evacuación, ou xustificar a imposibilidade de facelo, antes de propoñeren un trazado novo.”

3. Engádesse unha nova disposición transitoria novena da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactada como segue:

“1. As solicitudes de tramitación de infraestruturas de evacuación para parques eólicos que fosen admitidos a trámite antes da entrada en vigor da Lei ../..., do .. de, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, rexeranse polo establecido na normativa anterior.

2. As infraestruturas de evacuación correspondentes a parques eólicos resoltos desfavorablemente ou arquivados como consecuencia dunha declaración de impacto ambiental desfavorable ou por desistencia do promotor serán arquivadas, agás que no prazo de tres (3) meses desde a dita resolución o promotor acredite que a infraestrutura de evacuación evacúa a enerxía dalgún proxecto de enerxía renovable en tramitación ou autorizado.”

Disposición derradeira terceira. Beneficios e incentivos fiscais

Engádesse un novo número vinte ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, co seguinte contido:

“Vinte. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades que realicen proxectos que provoquen servizos ecosistémicos.

Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica o 20% das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais, como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, daquelas entidades que teñan por obxecto social exclusivo a realización de proxectos que sexan declarados de especial interese público social ou económico, aos cales se refiren os artigos 17 e 20 da Lei ../..., do .. de de 202..., de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os



recursos naturais de Galicia. A porcentaxe de dedución prevista nesta epígrafe aplicarase sobre unha base máxima de 10.000€ para cada entidade, con independencia de que o investimento se realice nun ou varios períodos impositivos.

Esta dedución é incompatible con calquera outra prevista neste artigo e que resulte aplicable polo mesmo investimento en capital.”

2. Engádese un novo número doce ao artigo 17 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, co seguinte contido:

“Doce. Dedución aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables en áreas empresariais.

Aplicarase unha dedución do 100 % da cota do imposto que poida devindicarse como consecuencia da constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables, en réxime de autoconsumo individual, e que teñan por finalidade a subministración de enerxía ás empresas localizadas dentro do ámbito das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como destas no seu conxunto.

Enténdense por enerxías renovables aquelas ás cales se refire a Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables.”

Disposición derradeira cuarta. Desenvolvemento regulamentario

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións para o desenvolvemento regulamentario da presente lei.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 15 de maio, sobre a evolución da violencia machista en Galiza e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito (doc. núm **829**, [12/INT-000024]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. escoitar as demandas do feminismo galego e rectificar a súa decisión de rebaixar a importancia administrativa, política e institucional da área de igualdade recuperando a responsabilidade da Secretaría Xeral de Igualdade.
2. Reprobar as banalizacións da violencia machista que cualifican como “erro” agresións físicas condenadas polos tribunais como violencia de xénero e que cualifican persoas condenadas como paradigmas da loita contra a violencia machista.
3. Abandonar a súa deixadez de funcións e a solicitar inmediata e formalmente ao Goberno do Estado a creación, fora da programación ordinaria, de Xulgados de Violencia sobre a Muller, con competencias exclusivas e excluínas, nos partidos xudiciais de Ourense, Ferrol, Pontevedra, Santiago de Compostela e Lugo.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2024 11:48:55

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2024 11:49:08





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4096
Data envío: 16/05/2024 14:20:57.801

Santiago de Compostela, 16 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/05/2024 14:20:18

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/05/2024 14:20:28

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

10609

@PSdeG



CSV: B0P5TRB0C00N6Z0B4P-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 15 de maio, sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas (doc. núm **2271**, [12/INT-000159]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a presentar no prazo dun mes en sede parlamentar o cronograma e as partidas orzamentarias para levar a cabo os seguintes acordos da Cámara, tomados a iniciativa deste Grupo Parlamentar e por unanimidade o pasado 7 de maio:

1. Elaborar, e poñer en marcha de xeito urxente e extraordinario, un plan de cobertura económica e social para as traballadoras e traballadores do mar afectados pola sucesión de condicións climatolóxicas adversas que se veñen producindo dende o mes de outubro, que contemple, cando menos:

- Axudas directas dende o mes de outubro e ata que se recupere a actividade con normalidade.
- A creación dun seguro público de produción marisqueira que asegure unha produción mínima e garanta uns ingresos e unha renda digna aos traballadores e traballadoras do mar en inactividade.
- A demanda ao Goberno do Estado da exención das cotas da Seguridade Social para as persoas afectadas ata que se recupere a actividade con normalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A atención á situación económica das confrarías que se vexan afectadas por unha importante diminución de ingresos por mor da caída de produción.

2. Elaborar, sen máis dilación, e de acordo co sector, os centros de investigación da Consellaría do Mar e as universidades galegas, orzamentar e executar un plan plurianual de medidas que permita:

- Comezar a recuperación e rexeneración das rías galegas e a súa produtividade.
- Artellar os mecanismos necesarios para enfrontar as consecuencias que xa está a ter o cambio climático no comportamento e cantidade dos distintos recursos e na actividade pesqueira, mexilloeira e marisqueira de Galiza.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/05/2024 17:03:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o desmantelamento do servizo de pediatria en Fornelos de Montes e Pazos de Borbén.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dunha parte, o centro de saúde de Fornelos de Montes ten adscritas algo máis de 1.500 cartillas de adultos e de 100 de pediatria. Doutra, o centro de saúde de Pazos de Borbén ten adscritas entorno ás 1.600 cartillas de adultos e 150 de pediatria. En total suman máis de 250 cartillas de pediatria, que serían moitas máis se houbo unha correcta prestación de servizo. Son moitos os pais e nais que acaban trasladando as cartillas dos seus fillos a outros centros como o de Redondela, ante o escaso horario de atención pediátrica nos seus concellos e as habituais baixas sen cobertura. Por tanto estamos falando de bastantes máis de 250 nenos entre ámbolos dous concellos que veñen de sufrir un grave recorte no servizo de asistencia sanitaria, coa supresión do servizo de pediatria.

Xa coa excusa da pandemia, a Consellería de Sanidade foi dando pasos co obxectivo da eliminación deste servizo. Entón aproveitouse para suspender o servizo presencial, deixando a todos os cativos sen atención no seu centro de saúde máis próximo, obrigando aos pais e nais a desprazarse, ben a Redondela, ben ao Hospital Álvaro Cunqueiro, para ser atendidos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Posteriormente pasou a atender unha pediatra, común para ambos concellos, cun horario de atención moi precario, con apenas 2 horas de mañá, 2 días á semana. Porén nin tan sequera este servizo precario foi real, xa que foron habituais as baixas por parte do persoal, sen que a Xunta cubrixe as ausencias.

Todas estas decisións están orientadas a lograr que os pais e nais destes cativos desistan do servizo de pediatría no seu concello. Agora, a Consellería dá un paso máis nesta folla de ruta do desmantelamento do servizo de atención sanitaria en Pazos de Borbén e Fornelos de Montes. O SERGAS vén de aprobar o cambio de praza para Redondela da pediatra que realizaba a cobertura nestes concellos, sen que se buscara unha persoa substituta para esa vacante. De forma que o servizo neste momento queda suspendido, como así foi comunicado dende o centro de saúde de referencia. A partir de agora os cativos deberán desprazarse a Redondela, cuxo centro de saúde xa se atopa sobreesaturado.

Dende o Bloque Nacionalista Galego denunciámos que con esta decisión a Xunta está decretando o peche en diferido deste centro de saúde. Son moitos os sinais e moi claros: peche de pediatría, baixas que non se cubren, persoal que ten que cubrir gardas fóra do concello, urxencias e visitas a domicilio que son habituais e que deixan o centro sen atención.

Todo isto é parte dunha orientación política que busca crear un unha situación crónica de mala atención sanitaria. Que ademais acaba por dificultar que logo se cubran as baixas, pola propia situación de precariedade da praza.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a atender as demandas dos veciños de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes e recuperar o servizo de pediatría, cun horario ampliado que mellore a cobertura do servizo e facilite a conciliación familiar. Así como, a ampliar o persoal que presta servizo de atención primaria nestes centros para garantir unha correcta asistencia médica.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 13/05/2024 09:32:19

María Montserrat Prado Cores na data 13/05/2024 10:04:25

Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2024 10:04:41





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz, **José Ramón Gómez Besteiro**, e das súas deputadas **Silvia Longueira Castro e Carmen Rodríguez Dacosta**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea constitúe un espazo onde conviven ata 24 linguas oficiais cuxo recoñecemento foi crescendo desde a súa fundación. Non cabe dúbida algunha de que o Tratado da Unión Europea e a Carta de Dereitos Fundamentais da UE conceden unha base sólida, xurídica e política para a protección e a promoción no seu seo do multilingüismo.

A lexislatura XV no Congreso dos Deputados comezou cunha modificación regulamentaria que supuxo o recoñecemento do uso do galego, o catalán e o vasco para a totalidade dos debates e procesos lexislativos, e así se vén levando a cabo desde setembro de 2023. Representa a realidade de máis de 12 millóns de persoas que en España falan as tres linguas e foi apoiado por unha ampla maioría parlamentaria que responde á realidade nada das urnas ese mesmo ano. Esta aprobación, non en tanto, non contou co voto favorable de todas as forzas, e no que corresponde a Galicia non recibiu o apoio do Partido Popular. En relación a esta cuestión, o rexeitamento contou co explícito aval do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, quen ordenou votar contra o uso e impulso da oficialidade institucional da lingua galega.

Respondendo tanto á realidade lingüística plural española como á vontade política maioritaria, ao longo de 2024, o Goberno de España solicitou ao Consello Europeo que o galego, o catalán e o vasco sexan recoñecidas como





linguas oficiais da Unión Europea e ao Parlamento Europeo que se permita o uso da lingua galega, ademais do catalán e o vasco na Eurocámara. O pasado 1 de marzo, o ministro de Asuntos Exteriores dirixiuse á presidenta do Parlamento solicitando novamente este recoñecemento que só requiriría un acordo da Mesa do Parlamento. Lamentablemente impediuse politicamente devandito acordo e, por tanto, o uso da oficialidade do galego.

Por outra banda, durante a última Presidencia española da UE, o Goberno incluíu a modificación regulamentaria para o recoñecemento como lingua oficial en cada un dos 4 Consellos Xerais celebrados no semestre español. Novamente a oposición da dereita e a ultradereita política impediu que polo momento a nosa lingua teña esa consideración oficial.

En definitiva, desde a súa fundación, a Unión Europea incorporou sucesivamente distintas linguas á listaxe das que dispoñen de carácter oficial en coherencia co artigo 3 do Tratado da UE que establece que “a Unión respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística...”. A incorporación do galego á listaxe de linguas oficiais trasladaría ao espazo europeo a propia realidade lingüística de España, permitiría que a lingua galega fose falada e escoitada en institucións representativas de máis de 450 millóns de persoas e representaría un recoñecemento á súa plena vixencia nun mundo globalizado onde conviven identidades e culturas distintas.

O Parlamento de Galicia non pode vivir á marxe, coma se lle fose alleo, un debate no que se quere poñer en valor o recoñecemento, máis aló das estritas fronteiras nacionais, da lingua na que se expresan os galegos e as galegas e que forma parte da identidade desta Comunidade. Somos cidadás e cidadáns da Unión Europea e, por esa mesma condición, consideramos que incorporar o galego aos seus idiomas oficiais representa unha expresión de normalidade e o exercicio dun dereito que nos asiste por pertencer a ese gran espazo de integración, tolerancia e entendemento colectivo.





O impulso do recoñecemento do galego como lingua oficial da Unión Europea suporía un avance moi importante do pulo á identidade social e cultural de Galicia, fortalecendo os seus lazos internacionais. É por iso que resulta de total relevancia que o apoio á lingua teña o maior respaldo posible.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia acorda:

- Apoiar o recoñecemento do galego como lingua oficial da Unión Europea.
- Apoiar as iniciativas que despregou con ese propósito o Goberno de España tanto no Parlamento Europeo como no Consello e que deben ter continuidade nos próximos meses ata conseguir o recoñecemento oficial do galego nas institucións europeas.
- Trasladar esta posición política ás distintas familias políticas ás que pertencen cada un dos grupos parlamentarios, traballando para que a lingua galega poida ser empregada na Eurocámara e se converta en idioma oficial da UE.
- Proceder por consenso entre os distintos grupos á modificación do Regulamento do Senado co propósito de que nesta Cámara poidan utilizarse –do mesmo xeito que xa se fai actualmente no Congreso– as linguas cooficiais na totalidade dos seus debates tanto en Pleno como en Comisións. Deste xeito, todas as linguas recoñecidas na Constitución poderían ser utilizadas no conxunto das Cortes Xerais.

Santiago de Compostela, 13 de maio do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2024 10:43:59
Nº Rexistro: 3689
Data envío: 13/05/2024 10:43:59.218

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/05/2024 10:39:26

Silvia Longueira Castro na data 13/05/2024 10:39:35

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/05/2024 10:39:44

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

10618

@PSdeG



CSV: B6P5TRB3a2WYIG1B8-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso**, **Oscar Insua Lema** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego do Informe económico-financeiro das entidades instrumentais respecto do exercicio do ano 2022 e ás actuacións que valora impulsar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos de maio o Consello de Contas remitía ao Parlamento Galego o seu Informe económico-financeiro das entidades instrumentais respecto do exercicio do ano 2022, un informe que pon de manifesto de forma reiterada os incumprimentos na materia do goberno galego e a súa desidia á hora de ordenar e transparentar este ámbito da nosa administración.

Así, o Consello de Contas sinala literalmente “*Transcorridos xa trece anos desde a aprobación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galiza (Lofaxga), a Comunidade Autónoma continúa sen pór en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto nesta norma e no que se deberían inscribir, preceptivamente, a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente e no que se depositen as contas anuais para a súa remisión ao Consello de Contas. Este incumprimento obstaculiza a delimitación das entidades que, segundo a normativa vixente, deben ter a*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consideración de sector público autonómico e que deben estar sometidas aos procedementos e controis propios da xestión do sector público. Esta situación obriga o órgano de control externo a empregar a información recollida no Inventario de Entidades do Sector Público do Ministerio de Hacienda.”

É dicir, máis de trece anos despois da aprobación por parte do goberno galego da lexislación na materia, continúa sen aplicar a súa propia lei, incumpríndoa de forma reiterada e afondando na falta de transparencia, de dación de contas e arrastrando unha deficiente planificación e organización económica e orzamentaria.

Ademais, incumpre co propio Parlamento Galego, porque como recolle o propio informe “*Malia que o 25 de abril de 2023 o Pleno do Parlamento de Galicia incidíu nesta preocupación ao acordar por unanimidade instar a Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma inmediata este rexistro, na data de aprobación deste informe tal feito segue pendente de se producir.*”

As entidades instrumentais (excluído o Sergas) dispoñían en 2022 aproximadamente o 17% do orzamento autonómico e supoñen, polo tanto, un volume importante da xestión dos recursos dos galegos e galegas, ao que se suman cuestións referentes aos riscos que presentan. Ademais, hai que sinalar que os informes do Consello amosan só unha parte da realidade porque se sinalan e advirten distintas limitacións ao alcance.

Este é un ámbito, polo tanto, fundamental, que debe ser reordenado con urxencia para garantir o control democrático, a transparencia e unha xestión económica e orzamentaria máis eficaz e útil aos intereses dos galegos e galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir á Cámara Galega un informe detallado no que explique os motivos do non desenvolvemento das recomendacións que aceptou respecto dos Informes de Fiscalización das entidades instrumentais anteriores a 2022 e que aínda están sen cumprir, singularmente respecto do incumprimento reiterado do marco económico-financeiro e da LOFAXGA.

2. Remitir á Cámara Galega un informe detallado no que se indique o cronograma e actuacións a desenvolver para a posta en marca das novas recomendacións do Consello de Contas incorporadas no Informe respecto do exercicio 2022.

3. Revisar a información contable rendida de cara a corrixir, para vindeiros anos, os defectos sinalados polo Consello de Contas para corrixir as limitacións ao alcance que supoñen para o ente e incrementar a transparencia sobre a xestión económica do sector instrumental.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2024 11:06:08

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/05/2024 11:11:36

Óscar Insua Lema na data 13/05/2024 11:11:58

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/05/2024 11:12:44

Rosana Pérez Fernández na data 13/05/2024 11:13:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso**, **Oscar Insua Lema** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego do Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma respecto do exercicio do ano 2022 e ás actuacións que valora impulsar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos de maio o Consello de Contas remitía ao Parlamento Galego o seu Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma respecto do exercicio do ano 2022. Cómpre recordar que de acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía, as contas da Comunidade réndense ante o Consello de Contas para que, de conformidade coas funcións e criterios sinalados nos artigos 4 e 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, reguladora deste órgano estatutario, proceda ao seu exame e comprobación.

Entre outros obxectivos está o de ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación. Con independencia de que esta aprobación se vaia dar coa maioría do grupo que apoia o goberno, é preciso profundar na información financeira, orzamentaria e patrimonial que ofrece e, singularmente, na evolución das distintas debilidades que arrastra o goberno e na evolución do cumprimento das distintas recomendacións do Consello de Contas ao longo dos distintos períodos e informes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Respecto do ano 2022 cabe sinalar que tanto a opinión de auditoría financeira como a opinión de auditoría de cumprimento presentan diferentes salivades. Entre elas sinálanse limitacións ao alcance e incorreccións. Como vén sendo habitual, sen corrección por parte do goberno galego memoria da Conta da Administración xeral non se axusta á estrutura esixida polo Plan xeral de contabilidade pública, algo que afecta á administración xeral e aos organismos autónomos, polo que a Xunta segue sen achegar a información relevante necesaria para facilitar a comprensión das contas anuais obxecto de presentación.

No ámbito das incorreccións hai que sinalar que hai elementos que son recorrentes, por exemplo as cuestións comentadas respecto da incorrecta inclusión no capítulo VI do orzamento de gastos da Administración xeral gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital, as cuestións referidas á contabilidade do SERGAS ou a falta de concordancia do inventario de inmovilizado material. Entre outros aspectos tamén volvemos ver que persiste o uso inadecuado do programa orzamentario de imprevistos e funcións non clasificadas que xa se vén reiterando en informes anteriores, transferindo a este programa créditos que posteriormente se distribúen entre outras aplicacións de gastos, eludindo así os límites fixados normativamente para as transferencias ou, por exemplo, obsérvase que houbo financiación non permitidas polos remanentes e outras cuestións similares.

Así mesmo, un exercicio máis, o Consello expresa que “Existe unha utilización recorrente das ampliacións de crédito que constata unha deficiente orzamentación, dado que se reiteran as mesmas partidas todos os anos, que resultan ademais previsibles polo seu contido, polo que poden determinarse anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais” abundando nas carencias recorrentes da planificación orzamentaria e económica do goberno galego. No mesmo sentido, segue a empregarse o Fondo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Continxencia para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dunha deficiente orzamentación.

Cómpre sinalar tamén, como malia a propaganda do goberno respecto do endebedamento de Galiza, recóllese que os compromisos de gastos futuros da Administración xeral, dos organismos autónomos, axencias públicas e entidades instrumentais de consulta ou asesoramento dependentes da Xunta acadaron no exercicio 2022 un importe de 18.361 millóns de euros, ascendendo novamente respecto do ano anterior.

Porén, malia a reiteración de moitos dos apuntes do Consello, o seguimento das recomendacións efectuadas amosa a lentitude de moitas das que o goberno afirmou aceptar, con demoras xa inexplicables, como o referido á actualización do Plan de contabilidade e outras modificacións formais e procedimentais.

Así mesmo, é outra constante da Conta Xeral a falta de transparencia e rendición de contas de moitos ámbitos. Desta volta, o Consello advirte que fóra do ámbito da Conta Xeral non renderon contas 12 entidades suxeitas a esa rendición. Ademais, no que respecta á rendición de contratos, só un 59,6% das entidades que están obrigadas a remitir esta información ao Consello de Contas cumpriron correctamente con esta encomenda.

Tamén, ademais de recordar a demora na aprobación do I Plan de Igualdade, sinálase que aínda que os orzamentos do exercicio 2022 están aliñados cos ODS da Axenda 2030 na dimensión social, económica, medioambiental e institucional, non se aliñou a conta do programa relativo á débeda pública nin nas actuacións de carácter instrumental ou horizontal, que non poden identificarse cun obxectivo concreto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A desidia da Xunta de Galiza á hora de mellorar a súa xestión orzamentaria constitúe un prexuízo para os galegos e galegas. Dunha banda, a planificación aprobada dista da súa translación final á realidade. Doutra banda, recórrense en ineficiencias que lastran a nosa capacidade económica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir á Cámara Galega un informe detallado no que explique os motivos do non desenvolvemento das recomendacións que aceptou respecto dos Informes de Fiscalización das Contas Xerais anteriores a 2022 e que aínda están sen cumprir, singularmente respecto da política de subvencións, transparencia, contabilidade e planificación orzamentaria.
2. Remitir á Cámara Galega un informe detallado no que se indique o cronograma e actuacións a desenvolver para a posta en marca das novas recomendacións do Consello de Contas incorporadas no Informe respecto da Conta Xeral de 2022.
3. Aprobar antes do remate do ano o novo Plan de Contabilidade de Galiza.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2024 11:39:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/05/2024 11:43:54

Óscar Insua Lema na data 13/05/2024 11:44:10

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/05/2024 11:44:49

Rosana Pérez Fernández na data 13/05/2024 11:45:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Rosana Pérez Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación de contaminación do encoro de Portodemouros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A situación do encoro de Portodemouros é altamente preocupante na actualidade, co agravante de que existen proxectos que a poden empeorar máis. De xeito sistemático veñen recibíndose avisos nos concellos limítrofes pola presenza de cianotoxinas na auga coa chegada do outono, se ben é certo que cada vez estes avisos cada vez se producen máis cedo.

Estas cianotoxinas son producidas polas cianobacterias (presentes en toda a xeografía terrestre, principalmente nas augas doces), que poden experimentar un desenvolvemento desmedido baixo condicións de luz e calor intensos en masas de auga con altos contidos en compostos nitroxenados e fosfatados. Estes crecementos masivos forman masas flotantes que se fan visibles ó ollo humano pola coloración verde das augas nas beiras dos encoros e lagoas. As cianotoxinas son altamente perigosas para a saúde humana e animal e supoñen unha grave ameaza para o equilibrio dos ecosistemas acuáticos pola mortalidade e doenzas que provocan.

A presenza dos compostos nitroxenados e/ou fosfatados nas zonas rurais é case sempre debido a escorrentías con restos de fertilizantes agrarios, vertidos de xurros procedentes de granxas, principalmente de vacún e de porcino, ou ó deficiente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcionamento dos procesos de depuración de augas residuais tanto de orixe humana coma industrial.

No caso que nos ocupa, esta situación, que se repite desde hai xa varios anos, está ameazando ademais da saúde dos seres vivos dependentes da masa de auga citada, proxectos para o uso deportivo e de lecer das augas do encoro de Portodemouros, proxectos que constitúen a única vantaxe e aproveitamento que esta lucrativa presa pode ofrecer á veciñanza e visitantes.

Mais esta situación pode verse agravada no caso de ir adiante o proxecto que a empresa lusa Altri pretende instalar no concello de Palas de Rei. O vertido de 30M L/día que pretende facer a empresa após o seu uso en todo o proceso químico industrial, suporá a incorporación de augas ricas en osíxeno e que van contribuír a acrecentar este proceso de eutrofización, empeorando máis aínda a situación do encoro de Portodemouros e do conxunto da bacía do Ulla, afectando incluso á ría de Arousa.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias para evitar a presenza destes compostos nitroxenados e fosfatados para controlar a presenza de cianotoxinas e preservando a saúde da auga do Ulla, para garantindo a saúde humana e ambiental e permitindo o uso deportivo e de lecer do encoro de Portodemouros.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/05/2024 12:26:22

Rosana Pérez Fernández na data 13/05/2024 12:26:34

Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/05/2024 12:26:46

Luis Bará Torres na data 13/05/2024 12:27:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os plans de inspección de seguridade industrial da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Galiza en materia de política industrial, regula no seu Libro I o relativo a seguridade industrial, e establece a obriga de realizar unha planificación da inspección.

No Decreto 219/2008, do 25 de setembro, régulase a actividade administrativa de inspección, entendida como a actividade pola que a consellería competente en materia de industria, cos seus propios medios ou a través da colaboración de entidades legalmente habilitadas, ten por obxecto a supervisión, o control e a vixilancia dos establecementos, instalacións, produtos e actividades industriais, comprobando a adecuación da súa posta en funcionamento e condicións de servizo aos requisitos legais, regulamentarios e técnicos previstos na normativa aplicable e, de ser o caso, exixir as responsabilidades que correspondan nos supostos de incumprimentos legais ou defectos técnicos.

Tal e como establece o artigo 13.2 do Decreto 219/2008, do 25 de setembro, mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de industria aprobaranse o obxecto, o contido e o ámbito de actuación que informan cada plan, así





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como as instrucións que deben cumprir as entidades legalmente habilitadas e os servizos correspondentes das delegacións provinciais do departamento da Xunta de Galiza con competencias en materia de industria, para levar a cabo as inspeccións que han de realizarse conforme o plan e programas que se aproben.

E o artigo 26 do Decreto legislativo 1/2015 establece a obriga de elaborar un informe ao finalizar cada programa de inspección, así como a obriga de dar conta na Comisión de Industria dos resultados dos plans de inspección e das conclusión derivadas da súa execución.

Así e todo, o goberno galego leva incumprindo esta normativa reiteradamente, malia térselle demandado unha especial atención á seguridade industrial dende o propio sector.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento da Galiza insta o Goberno galego a exercer as súas competencias e obrigas en materia de seguridade industrial, a comezar por presentar o preceptivo informe bianual así como o plan ou programa de inspección para o ano 2024.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonso

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/05/2024 13:16:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/05/2024 13:22:44

Ana Pontón Mondelo na data 13/05/2024 13:22:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP, proceda a substituír por sistema ás persoas docentes cando permanecen de baixa laboral ou permisos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As representantes sindicais das e dos docentes adscritos á Concellería de Educación levan meses denunciando a situación dos centros educativos que teñen persoal docente en situación de baixa laboral que permanecen sen substituír cando son períodos de 15 días, aínda que se coñeza a priori que vai ter unha duración superior.

Dende a Consellaría estanse a borrar sistematicamente as baixas das listaxes de substitucións evitando así a transparencia e o control da non substitución do profesorado nos centros educativos galegos.

Esta situación ten graves consecuencias para as direccións dos centros, para o resto do profesorado, pero sobre todo, a ten para o alumnado afectado que permanece semanas sen a atención educativa da materia ou materias que corresponde. Estas clases perdidas en moitos casos é imposible recuperalas por falta de horario dispoñible, e ten repercusións máis graves se incide no 2º de Bacharelato pola preparación das probas ABAU, sobre todo neste último trimestre do curso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro alumnado que sofre en maior medida esta falta de docentes son aqueles con Necesidades Especiais de Apoio Educativo que se ven abocados a pasar por unha persoa diferente en cada horario afectado, dependendo da docente que estea libre. Para este tipo de alumnado é moi importante ter referentes estables no seu día a día e nesta situación alérase en gran medida as súas rutinas escolares e o seu rendimento mingua.

A Consellaría segue a táctica de non cubrir as baixas cando se producen e teñen determinado non realizar chamamentos todos os días e cando os realizan, soamente dous días á semana, non cobren aquelas que nese momento sexan inferiores a 15 días, por máis que superasen eses período cando foron comunicadas. Deste xeito, con este procedemento, están deixando de cubrir baixas que logo son borradas da web como se nunca tivesen existido.

O mesmo acontece con aquel profesorado que conta con permisos por participar en programas de intercambios con outros centros educativos do ministerio ou da propia Consellaría de Educación.

Esta situación xa foi denunciada pola CIG-Ensino na Mesa Sectorial do pasado mes de novembro ao ser detectada a comezos deste curso no seguimento que fai diariamente desta problemática e polas numerosas queixas que lle chegan de persoal substituto e dos propios centros educativos que padecen esta falta de persoal de xeito sistemático e que ven como está a ver vulnerado o lexítimo dereito do alumnado a recibir a atención educativa que precisa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a cubrir todas as vacantes do persoal docente dos centros educativos dende o día que comeza a baixa e que inmediatamente cese o borrado das prazas non cubertas da listaxe de substitucións pendentes.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/05/2024 16:29:01

Cristina Fernández Davila na data 13/05/2024 16:29:05

Ana Pontón Mondelo na data 13/05/2024 16:29:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a cesión de predios municipais para a construción de vivenda pública por parte do goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de abril de 2024 o Secretario Xeral de Vivenda e Urbanismo dirixiuse ao concello de Pontevedra solicitando a colaboración municipal para a cesión dunha parcela municipal situada en Valdecorvos para destinala á construción de vivenda de promoción pública.

O día 8 de maio de 2024 o concello dirixiuse á Secretaria Xeral co ofrecemento da máxima colaboración municipal coa iniciativa de construción de vivenda pública por parte da Xunta.

Para concretar este ofrecemento, o concello propón a cesión dun total de 7 parcelas en diferentes barrios da cidade (Valdecorvos, Campo do Boi, A Seca (antiga Tafisa), A Parda, A Eiriña e Beiramar. Xunto con este ofrecemento, o concello tamén propón a recepción polo concello dunha serie de predios situados no barrio de Monte Porreiro de titularidade autonómica na que estaba previsto construír vivenda mais que funcionan como zona verde.

Segundo cálculos dos técnicos municipais, nestes terreos sería posíbel construír arredor de 170 vivendas de promoción pública, o que xunto con outras actuacións en marcha, permitiría incrementar de xeito substancial a oferta de vivenda pública





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destinada ao alugueiro e compensar deste xeito a falta de iniciativa por parte da administración autonómica.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a aceptar o ofrecemento de terreos municipais feito polo concello de Pontevedra para a construción de arredor de 170 vivendas de promoción pública.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/05/2024 10:29:39

Luis Bará Torres na data 14/05/2024 10:29:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o remate de xeito inmediato e a redacción do proxecto, trazado e construción e impacto ambiental da variante de Carballo, fase I.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Polígono de Bértoa, no Concello de Carballo, é unha das zonas de implantación empresarial con maior proxección do país, experimentando nos últimos anos un crecemento exponencial até o punto de esgotar a súa oferta de solo industrial.

Situado no concello cabeceira da comarca de Bergantiños, a cabalo da área metropolitana de A Coruña e da comarca de Soneira, Xallas e Fisterra, precisamente pola súa situación, é un enclave apetecible para a implantación de empresas de todo tipo, constituíndose coma un polo de xeración de emprego para Bergantiños e a Costa da Morte.

A intensidade do crecemento e da capacidade motriz do parque de Bértoa de crear emprego e riqueza nas dúas comarcas, está lastrada pola imposibilidade de ofrecer o solo industrial que posibilite a implantación de proxectos empresariais altamente interesantes para a zona. Mais tamén por unha eiva evidente (cada vez máis) na conectividade: a ausencia da circunvalación de Carballo.

A Circunvalación de Carballo, que na súa primeira fase conectaría o polígono de Bértoa coa zona sur da vila, facilitando a saída cara Santiago e Ordes, é unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infraestrutura prioritaria para a comunidade de propietarios do polígono, para o concello e mesmo para a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

Infraestrutura básica e urxente para eliminar o tráfico pesado que entra e sae do parque empresarial e atravesa diariamente o barrio do Chorís, no que se concentra a zona escolar e deportiva da vila, así como un parque infantil.

Estamos a falar, pois, dunha obra imprescindible para mellorar a competitividade económica e empresarial do tecido empresarial carballés, nomeadamente, o asentado no parque industrial de Bértoa. Mais tamén dunha obra urxente para a garantir seguridade peonil nunha zona da vila extremadamente sensible.

A ampliación do polígono e a circunvalación son actuacións que dependen exclusivamente da Xunta de Galiza, que ano tras ano as inclúe nos orzamentos autonómicos para despois non executalas.

No caso da circunvalación, se nos orzamentos da Xunta de Galiza do 2023 figuraba unha previsión de 4 millóns para o 2024, nos do 2024 establécese unha partida de unicamente 500.000 euros.

Se os trámites para a ampliar o polígono marchan con extrema lentitude (co agravante do retraso acumulado de anos), o procedemento administrativo para que a variante de Carballo, atópase en punto morto.

En decembro de 2020 resolveuse a adxudicación do contrato para a redacción do proxecto, trazado e construción e impacto ambiental da variante de Carballo, fase I, establecéndose un prazo de execución de 20 meses. Case 2 anos despois do cumprimento do prazo, ningún avance houbo no expediente, agás un engadido de arquivos asociado á execución do contrato, en decembro de 2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É incomprendible que unha infraestrutura vital para vertebrar o territorio, para a competitividade empresarial e xeración de emprego a nivel comarcal, así como imprescindible para garantir a seguridade peonil nun barrio especialmente sensible como o do Chorís non teña carácter prioritario para a Xunta de Galiza. Máxime, atendendo á maior presión circulatoria que vai sufrir a zona provocados polos cortes simultáneos nas pontes da Milagrosa e da Rúa Fomento polas obras que acomete Augas de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a rematar de xeito inmediato a redacción do proxecto, trazado e construción e impacto ambiental da variante de Carballo, fase I e licitar, dentro da presente anualidade a execución da fase I da Variante. Asemade, incorporar nos orzamentos do 2025 una partida destinada á súa execución de cando menos 5 millóns de euros.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 14/05/2024 10:46:13

Luis Bará Torres na data 14/05/2024 10:50:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Sonia Vidal Lamas** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Secundino Fernández Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á concentración da sanidade privada ourensá nun gran grupo empresarial e ás consecuencias que iso pode ter na sanidade pública debido ao alto grao de concertos que ten establecido o goberno galego e á falta de soportes contractuais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras existe un alto grao de dependencia e vinculación con dous centros sanitarios privados, El Carmen e Cosaga, tal e como recolle o Consello de Contas no seu Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, que vén a certificar tanto o aumento da derivación a centros privados como a alta dependencia destes dous centros como a falta de soportes contractuais e do cumprimento das súas propias normas na relación económica así como a falta de información sobre tarifas ou derivación de pacientes.

Así as cousas, vén de coñecerse como finalmente o Grupo Recoletas, que xa tiña adquirido o conglomerado de COSAGA, vén de acaparar tamén o centro de El Carmen. Estamos a falar de dous centros que suman arredor de 400 empregados e empregadas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que segundo as súas propias informacións teñen máis de 120.000 pacientes e desenvolveron máis de 7.000 intervencións cirúrxicas ao ano.

O propio Consello de Contas advirte no citado informe do proceso de concentración da sanidade privada en cada vez menos mans e empresas máis grandes:

“En toda España estase a producir un fenómeno de concentración do sector hospitalario privado en grandes grupos empresariais, de xeito que (segundo datos expostos no informe que elabora anualmente o Instituto para o desenvolvemento e integración da sanidade privada, aportando valor. Análise da situación 2022) os 13 grupos empresariais con máis presenza no mercado concentran o 48% do número total de hospitais e o 61% das camas instaladas en España. En termos de facturación, os 5 primeiros grupos (Quirón, Vithas, HLA, HM hospitais e Ribera) acaparan o 53% do mercado privado.

A Comunidade Autónoma de Galicia non é allea a este fenómeno e así, no que respecta á área sanitaria obxecto de fiscalización, os dous centros hospitalarios privados existentes, estaban, no momento de realización da fiscalización, en vías de incorporarse a un grupo empresarial de nivel nacional.”

Debida á alta derivación que hai desde o servizo público ao privado nesta área sanitaria e á carencia de procesos regulados, abertos e contrastados de concertación, que nalgún caso deriva en procesos anómalos arrastrados desde hai máis de 20 anos, esta é unha cuestión que o goberno debe atender. A concentración nun gran lobby empresarial pode comprometer aínda máis o funcionamento da sanidade pública ourensá, que xa era altamente dependente en determinados servizos da sanidade privada. Así mesmo, ao carecer de soportes contractuais adecuados, increméntanse os riscos de oligopolio e que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iso teña un impacto económico e financeiro no SERGAS e, asemade, que se poida especular con determinados servizos que se precisa fornecer.

A Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, é a encargada, de acordo coa norma reguladora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia. Entre as súas funcións están a de asesoramento ao goberno e elaboración de informes e estudos así como de vixilancia sobre a competencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a demandar da Comisión Galega da Competencia a elaborar un estudo sobre o impacto na sanidade pública galega do proceso de concentración dos centros sanitarios privados de Ourense, analizando a situación e o grao de competencia e recomendando as medidas que deba adoptar a administración no marco da política económica xeral da Comunidade Autónoma. Dito informe será remitido ao Parlamento Galego para o seu debate e coñecemento.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Sonia Vidal Lamas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2024 12:02:41

Iria Carreira Pazos na data 14/05/2024 12:09:29

Sonia Vidal Lamas na data 14/05/2024 12:09:33

Secundino Fernández Fernández na data 14/05/2024 12:10:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/05/2024 12:10:39

Rosana Pérez Fernández na data 14/05/2024 12:11:40



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Sanz Arias, Gonzalo Trenor López, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos:

Os fondos europeos representan unha excelente oportunidade que desde Galicia queremos seguir aproveitando para continuar transformando o noso sistema produtivo e favorecendo o desenvolvemento dunha economía máis robusta, sostible e resiliente. En concreto, estes recursos deben servir para xerar maiores oportunidades e novos empregos, así como apoiar proxectos industriais que teñan un carácter estratéxico e, tamén, para impulsar accións directas en ámbitos como a educación, vivenda, sanidade e políticas sociais.

Galicia parte con vantaxe, xa que logo o último informe elaborado polo Ministerio de Economía -mediante a ferramenta de control ELISA- acredita que a nosa é unha das comunidade autónoma cun maior porcentaxe de execución de fondos europeos de recuperación. Se falamos en concreto dos fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, a avaliación correspondente ao último trimestre de 2024, tamén se acredita que o nivel de execución deste fondo é maior en Galicia que no conxunto de España, xa que a Xunta de Galicia autorizou e publicou convocatorias por importe de 1.097M€ e adxudicou o 90%.

Todas estas circunstancias demostran que Galicia está na mellor posición para reiterar a súa demanda para que sexan as comunidades autónomas as encargadas de xestionar directamente os fondos aínda pendentes ou sen asignar e todo iso, co obxecto de ofrecer unha resposta máis áxil e maiores certezas para, desde o diálogo e respecto ás competencias propias da nosa comunidade, servir de pulo no ámbito social, laboral e económico.

Cómpre sinalar tamén que un maior grado de participación da nosa comunidade na xestión destes recursos sempre foi unha demanda recorrente de Galicia, avalada por reiterados acordos do Parlamento galego, conscientes das múltiples vantaxes que esta cogobernanza suporía e para evitar persistir nun sistema ineficiente como está a ser a centralización en Madrid do reparto destes fondos, especialmente no ámbito industrial.



Finalmente que Galicia teña unha maior capacidade de xestión e execución destes instrumentos de recuperación permitirá ampliar as actividades de transparencia, comunicación e visibilidade de cara a cidadanía e facilitará que os axentes económicos, as administracións locais e provincias e outras autoridades públicas e empresas, poidan orientar as súas incoativas e proxectos en liña coas necesidades estratéxicas propias da nosa comunidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1º- Reiterarlle a necesidade de transferir a xestión directa dos fondos europeos de recuperación, en particular, os do ámbito industrial, en cumprimento dos reiterados acordos do Parlamento galego, nese mesmo sentido.

2º.- Que Galicia poida xestionar, a través dun sistema de cooperación e cogobernanza, os fondos dispoñibles dos PERTE para apoiar con maior axilidade e eficacia ás empresas galegas nos procesos de recuperación e transformación económica.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/05/2024 12:16:19

Cristina Sanz Arias na data 14/05/2024 12:16:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/05/2024 12:16:48

Gonzalo Trenor López na data 14/05/2024 12:17:05

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/05/2024 12:17:16

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/05/2024 12:17:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia) [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

María Deza Martínez na data 14/05/2024 12:18:10

Miguel Fidalgo Iglesias na data 14/05/2024 12:18:39

Patricia García González na data 14/05/2024 12:19:01

Noelia Pérez López na data 14/05/2024 12:19:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o tempo de lecer e alternativas lúdicas para a mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade lúdica e o tempo de lecer é cada vez máis reducido para a mocidade galega. Na sociedade actual, o lecer, sobre todo na mocidade, redúcese ao consumo de bens e servizos deixando de lado as fórmulas de autoorganización do tempo de lecer e actividade lúdicas. Isto afecta o asociacionismo xuvenil, perdendo a capacidade da mocidade de analizar e crear alternativas colectivas de ocio.

Este tipo de pautas de ocio acaba derivando na predominancia do ocio nocturno, destinado ao consumo excesivo de alcol e outras substancias lesivas para a saúde. É imperativo pois, sobre todo actualmente dada a alta cantidade de problemas de saúde mental que se dan na mocidade, que a Xunta de Galiza promova alternativas de lecer e favorecer o acceso á cultura para os sectores máis novos da xuventude.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Promover a creación dun tecido asociativo xuvenil forte en Galiza.





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

A transformación dixital está mudando o xeito en que nos relacionamos, traballamos e aprendemos. Polos seus efectos transversais supón un reto social integral. Diversos estudos realizados no marco da Unión Europea non só revelan o impacto que todos os cambios producidos pola dixitalización terán na vida dos cidadáns nos próximos anos, senón que tamén apuntan á necesidade de continuar avanzar na adquisición de competencias dixitais básicas que permitan que os cidadáns manteñan unha relación segura e lóxica cos recursos tecnolóxicos e dixitais.

Por todo isto, o sistema educativo non pode permanecer alleo ás novas realidades dixitais e tecnolóxicas. A Xunta de Galicia foi pioneira no desenvolvemento de accións que permitiron que ao conxunto do sistema puidese avanzar en liña con este contexto asegurando que o alumnado acadaba as competencias dixitais recollidas nos currículos educativos.

A folla de ruta que segue o Goberno galego e que estará vixente durante os próximos anos é a que define a Estratexia de Educación Dixital 2030. Esta estratexia ten entre os seus obxectivos seguir atallando a fenda dixital, favorecer a creación dunha cidadanía dixital plena ou enfrontar o reto demográfico a través da tecnoloxía. Máis tamén atende aos novos contextos híbridos do ensino-aprendizaxe, nos que se mesturará o dixital e o os formatos físicos..

As propostas desenvolvidas estes anos polo Goberno galego tiveron un impacto positivo sobre o noso sistema educativo. Hoxe os centros educativos galegos están entre os mellor equipados do noso país e desde o ano pasado todos contan cun Plan Dixital de Centro que os axuda a mellorar o desenvolvemento, en condicións de seguridade e comodidade, da actividade educativa.





A transformación dixital é, en definitiva, un reto que se debe afrontar desde o sistema educativo. Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos fundamental que a Xunta de Galicia continúe avanzando nestes aspectos como ata agora, tendo en conta os seus beneficios pero tamén os efectos negativos e as ameazas que trae consigo a relación co ámbito dixital.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver as accións que permitan crear unha cidadanía con capacidade para relacionarse de xeito seguro cos novos recursos dixitais nunha sociedade en constante cambio, asegurando que o alumnado galego acada as competencias dixitais necesarias e avanzando tamén no desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/05/2024 12:52:09

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/05/2024 12:53:54

Patricia García González na data 14/05/2024 12:54:06

Julio García Comesaña na data 14/05/2024 12:54:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/05/2024 12:54:38

Raúl Santamaría González na data 14/05/2024 12:54:49

José Luis Ferro Iglesias na data 14/05/2024 12:55:02

Carmen Pomar Tojo na data 14/05/2024 12:55:14

Víctor Baladrón Lamas na data 14/05/2024 12:55:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación das persoas LGBT no ensino galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe “Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza”, elaborado no 2023 polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais no seo do Consello da Cultura Galega advirte sobre a situación das persoas LGBT actualmente. Neste senso, resultan preocupantes os datos obtidos en varias áreas, sendo graves os do ámbito da educación, salientando que o 88% das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que os centros educativos do noso País sexan espazos seguros para as persoas LGBT. Non é o único estudo que alerta sobre esta situación sobre os centros de ensino galegos, e informes da FELGTB debullan as consecuencias sobre o futuro desta mocidade que sofre a LGBTfobia nas aulas.

Recentemente, un estudo desenvolvido por Agareso volveu a poñer o foco sobre esta temática, recoñecendo que, se ben a diversidade LGBT é unha realidade cada vez máis visible nas aulas, aínda son moitas as persoas que non poden expresarse libremente sobre a súa orientación afectivo sexual ou identidade de xénero por medo ás ameazas, ao trato diferencial ou ao acoso, unha vez que os centros educativos non son espazos seguros. En base ás enquisas realizadas, o 81% do alumnado LGBT sufriu algunha agresión e o 69% do profesorado presenciou algunha vez agresións contra poboación LGBT.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo presente esta situación, o BNG xa ten trasladado en numerosas ocasións a esta cámara propostas para garantir a educación afectivo-sexual nas aulas do noso País, mais atopándose sempre co voto en contra do Partido Popular.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Realizar un estudo sobre a situación das persoas LGBT no eido educativo galego, no que se avalíe o coñecemento da realidade LGBT e dos protocolos e ferramentas existentes para evitar a discriminación, así como a presenza de LGBTfobia nos centros de ensino e as consecuencias da mesma.

2º.- Incorporar aos currículos escolares a perspectiva da diversidade sexual e de xénero en todas as etapas educativas.

3º.- Crear o papel de responsable de diversidade sexual e de xénero nos centros educativos, coa especificación do axente responsable e a definición das súas tarefas.

4º.- Elaborar e implantar unha guía de actuación que identifique as condutas LGBTfóbicas no ámbito escolar e o modo de proceder en cada caso. Esta guía ten que recoller os protocolos de actuación e ferramentas dispoñíbeis, así como medidas para avaliar e garantir o seu cumprimento.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 14/05/2024 12:57:58

Cristina Fernández Davila na data 14/05/2024 13:03:41

Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2024 13:03:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao fío do anuncio “a bombo e prato”, por parte do presidente da Xunta, dun proxecto de rehabilitación e posta en valor do Pazo de Lourizán, desde o BNG queremos chamar a atención sobre o proceso continuado de desmantelamento que vén sufrindo o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (CIF), un núcleo científico que foi pioneiro e punteiro e que está nunha situación grave de declive, lastrado pola falta de persoal, a non cubrición de prazas de persoal xubilado, a precariedade laboral, mesmo coa contratación de persoal a través de fundacións privadas, a falta de continuidade de proxectos de investigación, o abandono de parcelas onde se levaba a cabo a experimentación e a perda de liñas de financiamento.

No trasfondo deste proceso está a pelexa polo control do Centro e a partir de aí pilotar o proxecto para o pazo de Lourizán, con unha “guerra soterrada” entre departamentos da Xunta.

O BNG considera fundamental frear este proceso de declive e desenvolver un gran proxecto de reactivación e potenciación do CIF de Lourizán, para manter as liñas históricas de investigación e potenciar outras que sexan acordes cos desafíos presentes e futuros do sector forestal galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No actual contexto de emerxencia climática, debería considerarse a apertura de novas liñas de traballo -e fortalecer as existentes- en relación coa multifuncionalidade do monte e sinaladamente sobre os valores ecosistémicos do monte, o seu papel na loita contra o cambio climático, a conservación da biodiversidade e dos recursos hídricos, e o impulso das “solución baseadas na natureza”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a frear o proceso de desmantelamento e declive do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán e a desenvolver un gran proxecto de reactivación e potenciación deste outrora punteiro centro científico, para manter as liñas históricas de investigación e potenciar outras que sexan acordes cos desafíos presentes e futuros do sector forestal galego, dentro dunha visión multifuncional do monte e dunha especial atención ás súas funcións ecosistémicas.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/05/2024 17:04:26

Luis Bará Torres na data 14/05/2024 17:04:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o plan do Goberno galego sobre a reforma da planta municipal en Galiza e ao apoio das mancomunidades e consorcios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente lexislatura dou comezo coa publicación mediática do anuncio do goberno galego de que buscará a redución do número de concellos en Galiza nestes vindeiros catro anos. A Directora Xeral da administración local manifestaba que antes do verán terá lugar un congreso onde se exporán as conclusións dos estudos realizados polas universidades galegas, os concellos e varios expertos, ademais do informe encargado á Fundación Juana de Vega no ano 2021 para analizar a reforma da planta municipal.

Nos últimos tempos tan só se rexistraron catro fusións de municipios no noso país, a fusión de Cerdedo-Cotobade no 2016, a de Oza-Cesuras no ano 2013, a da Pontenova, como froito da unión de Vilameá e Vilaoudriz en 1963 e a de Ramirás, xurdida pola converxencia de Freá de Eiras e Vilameá en 1926. Fronte a esas catro fusións, ademais de algunha que outra absorción, xurdiron trece novos municipios por división doutros (Vilarmaior, Cariño, Rábade, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín, Burela, Punxín, Carballeda de Avia, O Rosal, Fornelos de Montes, Mondariz-Balneario, Pontecesures e A Illa de Arousa).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As medidas adoptadas ata o momento, tanto por gobernos do partido popular no Estado, a través da aprobación de leis para impulsar as fusións de concellos de forma voluntaria, como a Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, ou moito antes a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local no estado español, ou polo goberno galego, a través do artigo 59 da Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para reformar o artigo 13 da Lei da Administración Local de Galiza, mediante o cal aprobaban novas medidas de fomento das fusións ou incorporacións voluntarias a outros, non foron nin atractivas para incentivar as fusións, nin foron operativas e eficaces, polo que podemos falar dun absoluto fracaso da planificación da Xunta nesta materia.

O que para a Xunta de Galiza foi un éxito, as fusións de Cerdedo-Cotobade e de Oza-Cesuras, para os demais foi un auténtico fracaso, pois a suprafinanciación coa inxección de pecunio por varias vías ou condonacións das débedas, non serviron nin para o obxectivo básico de calquera fusión, que é manter o número de habitantes produto da mesma, pois no caso de Oza-Cesuras, perderon case 100 habitantes dende 2013 e no caso de Cercedo-Cotobade a sangría foi maior, ao perder máis de 400 persoas dende 2017, segundo datos do IGE. Ou ben os plans da Xunta non son o efectivos que procuran, ou ben os gobernos locais de ambos concellos non acertan a desenvolver esa segunda fase que apuntale os cimentos para a prosperidade, a pesar da choiva de miles de euros que lles caen nas mans.

Temos claro que algo hai que facer para mellorar o financiamento local e a eficacia das políticas e servizos que se prestan dende os concellos, para aumentar a autonomía municipal ou para facer medrar o poder negociador nas relación coas administracións supramunicipais. É preciso buscar a fórmula para gañar en capacidade e xestionar de forma eficiente os servizos públicos locais, ou para planificar estratexias e ordenacións cunha escala territorial e demográfica axeitada, evitando caer no localismo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e no minifundismo. A metodoloxía para conseguir estes obxectivos, reducindo o número de municipios, que se utilizou en Europa nas últimas décadas pódese resumir en dous tipos de actuacións:

Por un lado a aprobación de leis que obrigaban aos concellos de menor poboación a asociarse, para garantir unha maior eficacia en prestación de servizos, ou ben os obrigaban a crear unha planta municipal cun ámbito competencial, organizativo e territorial diferente. Por outro lado utilizouse a vía de prestación de servizos de forma mancomunda ou consorciada.

Mais a nosa realidade galega desvela que as leis que se aprobaron para conseguir fins similares non obrigaban a nada, estaban basadas no incentivo económico e na voluntariedade dos concellos. E por outra banda, desvela que nin existiu nin existe interese por parte da Xunta de Galiza en potenciar outras entidades locais, en concreto as recollidas nos artigos 120 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galiza, dígase mancomunidades ou consorcios, fórmulas que sen dúbida son a posta en escena previa para comprobar empiricamente o funcionamento comarcal de determinados servizos antes de levar a cabo calquera fusión de gran alcance ou de máis de dous concellos.

A participación nos informes e estudos para analizar a reforma da planta local de entes como universidades, fundacións, expertos ou mesmo a FEGAMP é necesaria, por suposto, mais é fundamental que o Parlamento Galego como poder lexislativo que é teña o protagonismo que lle corresponde tanto na fase de estudo como na fase de elaboración da norma, máis alá de recibir as conclusións xa precociñadas que se van expoñer no congreso que supostamente está a organizar a Consellería de Presidencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1- Publicar os traballos e estudos encargados e rematados ás universidades galegas, á Fundación Juana de Vega, aos expertos na materia, así como os traballos sociolóxicos levados a cabo dende a propia administración.

2- Incluír no Fondo de Cooperación Local unha partida económica destinada a fomentar a creación de mancomunidades, consorcios e áreas metropolitanas, ou ao mantemento das xa existentes, sempre que asuman a xestión de máis servizos de competencia municipal.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 14/05/2024 17:34:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/05/2024 17:40:07

Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2024 17:40:08





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso**, **Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como se recolle na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE), a educación é un factor fundamental en calquera sociedade, posto que dela dependen o benestar individual e o colectivo. E establece que *“a educación é para calquera persoa o medio máis axeitado para desenvolver as súas capacidades, construír a súa personalidade, conformar a súa propia identidade e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica, e para a sociedade é o medio máis idóneo para transmitir e, ao mesmo tempo, renovar a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan, sacar as máximas posibilidades das súas fontes de riqueza, fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo de acadar a necesaria cohesión social”*.

Xa que logo, a educación pública debe ser universal, gratuíta e de calidade, e garantir o acceso a todo o alumnado en condicións de igualdade, o comedor é un dos servizos académicos que a garantan, porén na nosa comunidade autónoma non existe unha xestión que garanta a igualdade de trato a todo o alumnado escolarizado en centros públicos, sendo en moitos casos as propias Anpa as que teñen que xestionar este servizo, cando é unha competencia da





Xunta de Galicia, e sen que a axuda publicada sexa suficiente para costear este servizo fundamental.

O CRA (Colexio Rural Agrupado) Nosa Señora do Faro presta atención educativa nas parroquias rurais de **Ponteceso, Cabana e Malpica de Bergantiños** neste curso escolar 2023-2024, coa novidade de que iniciou unha exitosa experiencia de atención educativa co servizo de comedor escolar, que en Ponteceso só tiña ata hoxe o CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso. Sen embargo, para o que o alumnado non teña que ser desprazado en vehículos particulares dos pais, nais ou responsables encargados, estase a facer en taxi, aboado polas familias que teñen tamén que aboar a totalidade do custe do comedor e é difícil, polo que é difícil que o centro poida seguir costeando o servizo diario de taxi.

Por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades non hai solución a este problema, enviando unha circular aos equipos directivos co seguinte contido: “Os equipos directivos deben velar por un servizo de comedor en condicións de igualdade de acceso evitando discriminacións tales como obrigar as familias a asociarse á ANPA como requisito para empregar o comedor escolar. A administración educativa debe impedir restricións na xestión ou o acceso a alumnado a un espazo público educativo do centro escolar en condicións abusivas”, é dicir, que a consellería non se facía cargo. A isto se suma que as axudas ás Anpa para os gastos do menú escolar de recente convocatoria, que non chegan aos 70 céntimos como máximo por menú, insultante para os prezos actuais.

A pesar de tantos atrancos, para impulso do seu centro educativo, as nais e pais do alumnado do CRA Nosa Señora do Faro decidiron habilitar en setembro un comedor escolar nas propias instalacións do CRA para evitar desprazamentos das familias, que se perda alumnado por non ter comedor, e prolongar a atención educativa ao alumnado con bos hábitos alimentarios e de autonomía persoal dende educación infantil. Incluso adquiriron cos seus propios medios a menaxe necesaria e empregaron o comercio local como





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2024 10:18:15
Nº Rexistro: 3925
Data envío: 15/05/2024 10:18:15.361

subministradores do material necesario para a elaboración dos menús, sen que por parte da Consellería se estea ata o de agora facilitando a igualdade de trato nin colaborando economicamente coa prestación do servizo, pese a que os das escolas rurais están en desvantaxe con respecto ao resto do alumnado.

Ademais, o patio non se atopa nas condicións axeitadas para un centro educativo e descoñecemos se a Xunta de Galicia inspeccionou as instalacións para garantir a súa idoneidade dado o forte olor a humidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que garanta ao alumnado do CRA Nosa Señora do Faro o servizo de comedor nas mesmas condicións que nos outros centros de educación públicos na nosa comunidade, garantindo o benestar e seguridade do alumnado.

Santiago de Compostela, 14 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 15/05/2024 10:13:46

Patricia Iglesias Rey na data 15/05/2024 10:13:56

Silvia Longueira Castro na data 15/05/2024 10:14:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

10668

@PSdeG



CSV: B0P5T8D3-89N3a24P-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2024 10:18:15
Nº Rexistro: 3925
Data envío: 15/05/2024 10:18:15.361

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2024 10:14:15

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

10669

@PSdeG



CSV: B0PSTBDC389X3A2P-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso**, **Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como se recolle na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE), a educación é un factor fundamental en calquera sociedade, posto que dela dependen o benestar individual e o colectivo. E establece que *“a educación é para calquera persoa o medio máis axeitado para desenvolver as súas capacidades, construír a súa personalidade, conformar a súa propia identidade e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica, e para a sociedade é o medio máis idóneo para transmitir e, ao mesmo tempo, renovar a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan, sacar as máximas posibilidades das súas fontes de riqueza, fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo de acadar a necesaria cohesión social”*.

Xa que logo, a educación pública debe ser universal, gratuíta e de calidade, e garantir o acceso a todo o alumnado en condicións de igualdade.

No caso da Formación Profesional, contribúese de xeito fundamental tamén ao desenvolvemento dos sectores produtivos e á fixación de empresas e poboación no rural de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2024 10:32:24
Nº Rexistro: 3928
Data envío: 15/05/2024 10:32:24.973

Por iso a problemática da falla de mecánicos e mecánicas na Costa da Morte é un problema que debe abordar a Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades. Unha solución parcial a este problema, é o aumento das prazas nos centros educativos. Tan só coa ampliación das instalacións onde se imparten as ensinanzas de Formación Profesional da rama da automoción no IES Eduardo Pondal de Ponteceso, poderíase aumentar de 100 a 150 o alumnado cada ano na especialidade. Existe un terreo anexo con 800 metros cadrados de edificabilidade con titularidade do Concello de Ponteceso, que no pasado foi ofrecido por este á Xunta de Galicia, así como aulas e espazos que se poden redistribuír para este incremento das prazas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que aumente a oferta de prazas atendendo á forte demanda de persoal titulado en automoción, no IES Eduardo Pondal de Ponteceso, contratando de forma urxente as obras e reformas necesarias do centro educativo, incluída a aceptación da cesión dun terreo anexo urbano propiedade do Concello de Ponteceso.

Santiago de Compostela, 14 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

10671

@PSdeG



CSV: B6P1S7R9G-Ld4MG ROBI247
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2024 10:32:24
Nº Rexistro: 3928
Data envío: 15/05/2024 10:32:24.973

Julio Abalde Alonso na data 14/05/2024 19:22:33

Patricia Iglesias Rey na data 14/05/2024 19:22:43

Silvia Longueira Castro na data 14/05/2024 19:22:54

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/05/2024 19:23:02

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

10672

@PSdeG



CSV: B6P1S1R3D3-L14MG10B1R147
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e o seu deputado, **Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O lindano é unha substancia perigosa e invisible que afecta ao medioambiente e á saúde das persoas.

Unha substancia prohibida pola UE desde o ano 2008, por ser catalogada como canceríxena en seres humanos, ademais dun tóxico persistente (de moi lenta biodegradación), moi volátil e bioacumulativo (acumúlase nas cadeas alimentarias).

Aínda que xa non se fabrica, segue presente no medioambiente, en solos e ríos, como consecuencia do seu uso masivo histórico como pesticida e do mantemento de solos contaminados por vertidos incontrolados dos residuos da súa fabricación.

En Galicia o concello do Porriño, é un dos grandes puntos negros de España en relación á concentración de lindano polos residuos xerados por unha fábrica local na parroquia de Torneiros, e derivado disto por ter sido utilizado pola veciñanza para a agricultura ou a construción.

O último foco detectouse no barrio de Contrasto (O Porriño) no ano 2019 e non foi ata este ano 2024, cinco anos despois, cando o Goberno da Xunta encarga á empresa Tragsa un proxecto piloto para determinar o grado de concentración de lindano existente nun tramo de 1 Km e a súa retirada.

Este proxecto ten un custo de case 7 millóns de euros e ten un prazo de execución de 8 meses.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista denunciámos a pasividade na resposta da Xunta de Galicia ante a alta concentración nun territorio galego dunha substancia contaminante que entraña un grave risco para o medioambiente e a saúde das persoas. Por iso, partindo do gran descoñecemento que existe na actualidade en relación co grado de





concentración de partículas neste territorio e dos métodos que se poidan aplicar, entendemos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que crear unha mesa de acción institucional e social, que inclúa a participación das autoridades públicas implicadas (autonómicas e locais), organizacións da sociedade civil e ecoloxistas, plataformas de afectados, asociacións e representantes do ámbito técnico-científico e universidade co fin de facer un seguimento do proxecto piloto que vai realizar Tragsa no Porriño e así estudar e tomar as medidas necesarias para reverter esta situación e descontaminar solos e augas afectados en cumprimento da normativa europea de protección do medio ambiente e a saúde pública en relación co lindano.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Publicar de maneira accesible toda a información de seguimento da evolución do proxecto encargado á empresa Tragsa para a eliminación do lindano no Porriño, onde se ofrezan datos como a concentración de lindano ou os resultados obtidos.
2. Crear unha mesa paritaria de acción institucional e social, onde estean presentes as administracións (Estado, CCAA, concello) e representantes da sociedade civil e investigadora que estude e tome as medidas necesarias para reverter esta situación e descontaminar solos e augas afectados en cumprimento da normativa europea de protección do medio ambiente e a saúde pública en relación co lindano.

Santiago de Compostela, 15 de Maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/05/2024 11:53:43

Carlos López Font na data 15/05/2024 11:53:54





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2024 12:00:51
Nº Rexistro: 3943
Data envío: 15/05/2024 12:00:51.093

Elena Espinosa Mangana na data 15/05/2024 11:54:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2024 11:54:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

10675

@PSdeG



CSV: B0P5TR0CEU8NG02BIR-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade que o Goberno galego conte cunha ferramenta axeitada para o estudo e análise científica de todo tipo de datos relativos á actividade turística.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O turismo experimentou nos últimos anos un crecemento sostido no noso país, até o punto de transformarse nunhas das actividades económicas máis fornecedoras de emprego (xera máis de 130.000) e con peso crecente no Produto Interior Bruto (PIB) galego até atoparse entre o 11% e o 14%. As cifras de visitantes e pernoctas, así como o gasto medio do turismo, seguen unha clara liña ascendente. Ese crecemento, hai que poñelo en relación directa co aumento do poder adquisitivo da cidadanía e sobre todo, coa evolución dos seus valores de consumo. Viaxar é agora unha prioridade sobre outras actividades.

A demanda turística actual vén marcada a nivel global por conceptos como a procura de novos destinos e a diversificación de experiencias, co que Galiza é un potencial destino, atractivo e singular. Ademais, A COVID 19 serviu como acelerador dun debate, xa iniciado con anterioridade á pandemia, sobre o modelo turístico no contexto do cambio climático. A sociedade é agora máis sensible cos problemas derivados do uso de combustibles fósiles e o uso de medios de transporte máis contaminantes, como os avións ou os grandes barcos de pasaxe. Así, o turista sensibilizado aposta polo tren e o turismo continental adquire maior protagonismo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esa sensibilización supón que, quen viaxa agora, está moito máis preocupado, é moito máis esixente e comprometido coa sustentabilidade económica, social e por suposto, medioambiental, dos destinos que elixe.

Neste contexto, unha vez superada a pandemia, cunha recuperación total xa do turismo na Galiza, que no 2022 mellorou os datos turísticos do 2019 e que pechou o 2023 nesa liña ascendente, ao sector turístico se lle abren novas oportunidades, mais tamén enormes retos.

Non hai dúbida que Galiza conta cunhas enormes potencialidades para amosarse coma altamente competitiva neste novo escenario, mais son imprescindibles políticas serias e rigorosas que atallen problemáticas turísticas que son cada vez máis evidentes no noso país.

Estamos, pois, nunha encrucillada: decidir que modelo turístico queremos para o noso país. E aí é imprescindible escoitar e contar coa iniciativa privada, mais tamén contar co liderado lexítimo do goberno galego dado o innegable carácter transversal que ten a actividade turística, que se entrelaza con múltiples facetas da vida das galegas e galegos. Por iso desde o Bloque Nacionalista Galego defendemos que a actividade turística debe desempeñar un papel crucial nas estruturas de planificación territorial, urbanística, paisaxística e mesmo económica.

Defendemos a necesidade de contar con ferramentas que permitan ao goberno galego estudar e clasificar desde un punto de vista tipolóxico a actividade para deseñar os espazos e as actividades, tendo sempre a sustentabilidade como principio reitor do turismo en Galiza.

Un goberno responsable precisa de datos. Ese novo modelo turístico debe basearse nun estudo de datos de comportamento e das persoas que elixen o noso país cada ano para pasar o seu tempo de lecer. É a análise científica deses datos a que debe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ser guía das políticas de planificación, xestión de fluxos, regulación de actividades e a implementación de servizos e infraestruturas turísticas no territorio.

O obxectivo principal con eses datos será a xeración de valor, baseada en criterios da calidade fronte aos da cantidade, buscando evitar problemas de sobrecarga nos espazos naturais e urbanos e tratando de atraer o perfil turístico máis rendíbel social, medioambiental e economicamente.

No ano 2022 a Xunta de Galiza convocou un concurso público para encargar a unha empresa un observatorio de sostibilidade turística, mais en febreiro de 2024 foi anulado polo propio Goberno galego, que anunciaba o inicio dun novo procedemento, cunha nova licitación. Desde febreiro até a actualidade, nada se soubo da cuestión e nada aparece á hora de redactar esta iniciativa, na plataforma de contratos públicos de Galiza.

É imprescindible para Goberno galego contar con todo tipo de datos que afecten ao turismo e a súa planificación. E consideramos que esa necesidade é urxente. Pero desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que a ferramenta que nos permita obter eses datos ten que ser moito máis ambiciosa que o Observatorio anunciado, despois anulado. E sobre todo, contar con máis actores na súa creación e desenvolvemento.

Por iso defendemos a necesidade de crear o Observatorio Turístico de Galiza, e potencialo en colaboración coas Universidades, o Clúster de Turismo, as Escolas de Turismo e todas aquelas entidades fornecedoras de tido tipo de datos relativos ao turismo, co obxectivo final de analizar e monitorizar en tempo real a actividade turística galega e permitir a súa planificación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a axilizar a activación do Observatorio Turístico de Galiza, dotalo con orzamentos suficientes e potencialo en colaboración coas Universidades, co Clúster de Turismo, as Escolas de Turismo e todas aquelas entidades fornecedoras de tido tipo de datos relativos ao turismo.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/05/2024 12:02:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/05/2024 12:09:11

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2024 12:09:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á valoración do Goberno galego do traslado das dependencias da CIMM e a rebaixa de garantías de seguridade e confidencialidade das vítimas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio tiña lugar na cidade de Ourense o peche do edificio que alberga o Centro de Información Municipal á Muller, a cuxo financiamento contribúe a Xunta de Galiza no marco galego dos Centros de Información á Muller.

Esta decisión supón un novo ataque do goberno municipal aos dereitos das mulleres, na liña da supresión de programas de igualdade e de apoio, por exemplo á maternidade. Este retroceso chega acompañado doutras medidas de recorte en materia de servizos públicos e políticas sociais e supón un novo golpe ás persoas máis vulnerábeis do Concello.

Este centro atopábase no barrio do Couto, na rúa Ensino, onde se prestaba o servizo garantindo a confidencialidade e a seguridade das vítimas e de todas as persoas usuarias ao ser o servizo que se prestaba nesta instalación. Preguntando o goberno local sobre as obras necesarias a acometer na sede da rúa do Ensino para erradicar a presenza do gas radón, o goberno confirmou que non se vai levar a cabo ningún investimento pois está previsto abandonar o edificio e que se traslada o servizo á sede da Praza de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

San Martiño, onde se dan outros servizos municipais. Isto é un paso atrás pois abandónase un edificio no que se garantía a intimidade e a confidencialidade das mulleres vítimas de violencia machista.

Estamos diante dun servizo que debe prestarse coas máximas garantías de intimidade e confidencialidade para as vítimas, e nun entorno agradable e tranquilo e o seu traslado a unha sede onde xa existen outros departamentos municipais e onde o movemento de persoas é moi elevado impide a confidencialidade e engade riscos potenciais.

Cómpre recordar que a lexislación galega en materia de igualdade e loita contra a violencia machista contempla que Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza promoverá que as entidades locais incorporen a perspectiva de xénero en todas as súas políticas, programas e accións administrativas, ben como o uso dunha linguaxe e unha imaxe non sexistas. Así mesmo, establécese que a Administración colaborará, a través da consellaría con competencias en materia de igualdade, coas entidades locais para, con pleno respecto á súa autonomía, garantir a igualdade entre mulleres e homes en todo o territorio e fomentar medidas de apoio á rede de centros de información á muller.

Así, entre os obxectivos polos que debe velar o goberno galego están fomentar a consolidación da Rede de centros de información á muller para fomentar as políticas de igualdade no ámbito local, a coordinación e a colaboración coas entidades locais en materia de sensibilización, de prevención e de atención integral en materia de violencia de xénero, a oferta no ámbito local de servizos de atención e de acompañamento ás mulleres en situación de vulnerabilidade ou a oferta de servizos de atención e de acompañamento ás mulleres en situación de vulnerabilidade a través da Rede de centros de información á muller.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É fundamental, polo tanto, a implicación do goberno galego para garantir unha adecuada atención na cidade de Ourense deste servizo no que colabora e que entra dentro das súas responsabilidades. Non se trata só de ter e manter o servizo, senón de que as súas condicións de funcionamento e accesibilidade sexan adecuadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Concello de Ourense e ás diferentes institucións e entidades implicadas na rede de atención á violencia machista desta localidade para abordar a necesidade de corrixir o novo emprazamento do Centro de Información Municipal á Muller por non cumprir coas debidas garantías de confidencialidade, privacidade e seguridade.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2024 12:34:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/05/2024 12:39:38

Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2024 12:39:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o prezo das parcelas do polígono empresarial de Taboada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento do polígono empresarial do concello de Taboada é primordial para o avance económico deste municipio do interior do país. Un polígono cunhas parcelas a prezos atractivos deber ser o camiño a seguir para conseguir o obxectivo principal, a atracción de empresas para a creación de postos de traballo e riqueza neste municipio.

Así, revélase incomprensible que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (Xestur), organismo que ofrece estas parcelas, teña unhas discrepancias moi pronunciadas nos prezos destas entre municipios moi próximos xeograficamente. No polígono empresarial de Taboada as parcelas están a un prezo promedio de 32 euros por metro cadrado, un prezo para nada accesible, sobre todo tendo en conta que no polígono de Monterroso (concello limítrofe) o prezo sexa de 17 euros por metro cadrado. O concello taboadés precisa ter un parque empresarial realmente activo economicamente, e para iso é necesario que o solo teña un prezo competitivo.

Ademais, o parque empresarial de Taboada necesita á maior celeridade un subministro de auga sen fugas, así como un subministro eléctrico rematado e con potencia suficiente, ademais de obras de urbanización completas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Corrixir as pronunciadas diferenzas de prezo entre os parques empresariais de Taboada e Monterroso.
2. Facer o máis competitivo posible o polígono empresarial do concello de Taboada.
3. Subministrar o parque empresarial de Taboada dun servizo de auga sen fugas, un subministro eléctrico rematado e con potencia suficiente así como realizar as obras de urbanización completas.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 15/05/2024 12:52:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/05/2024 12:55:52

Alexandra Fernández Gómez na data 15/05/2024 12:56:17

Luis Bará Torres na data 15/05/2024 12:56:32





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-418 soporta máis de 10.000 vehículos por día entre Buño e Carballo. O tránsito de camións pesados é continuo, pola actividade dos concellos de Malpica de Bergantiños e Ponteceso, pola fábrica de prefabricados de Buño e pola actividade da canteira de Cances. Ademais, os tractores circulan por esta vía pola precariedade das vías de servizo. A vía non conta con terceiro carril nas costas, polo que os vehículos pesados poden circular por estas a 40 quilómetros por hora provocando longas retencións. Debido a estas carencias, cada ano prodúcese accidentes graves mesmo co resultado de morte. Nos accesos á rotonda de Carballo que dá acceso á AG-55 hai numerosas retencións. Tanto na subida dende Cances a Carballo, como da rotonda de Carballo cara Cances, hai longas colas pola carencia dun terceiro carril.

O desdoblamento da vía con dous carrís por sentido é esencial para o desenvolvemento de Ponteceso e Malpica, os polígonos industriais e a seguridade viaria. Ao non atravesar ningún núcleo de poboación nin áreas protexidas relevantes, este desdoblamento é viable ecolóxica e economicamente. O arco bergantiñán carece de servizos sanitarios, educativos e administrativos polo que os desprazamentos a Carballo e á Coruña son esenciais. No caso das ambulancias, mesmo supoñen un caso de vida ou morte. A carencia dun hospital comarcal e dunha ambulancia medicalizada ou UVI móbil, provocan grandes desprazamentos da ambulancia SVB de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2024 13:03:27
Nº Rexistro: 3967
Data envío: 15/05/2024 13:03:27.395

Ponteceso e que o PAC da localidade quede sen médico durante máis de 2 horas cando se despraza ao CHUAC na ambulancia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que desdobre en dous carrís a estrada AC-418 entre as rotondas de Buño e Carballo.

Santiago de Compostela, 15 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/05/2024 12:57:50

Carlos López Font na data 15/05/2024 12:58:00

Paloma Castro Rey na data 15/05/2024 12:58:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2024 12:58:14

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

10688

@PSdeG



CSV: B6PIS7B9GK#93N3C301B4P27
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afirmaba que estas zonas recuperarían a súa actividade habitual unha vez rematada a obra de reforma e que iso tiña “un breve prazo” para “retomar a súa operatividade en poucos días”.

Porén, pasados varios meses, as usuarias, persoal sanitario e entidades sociais de apoio á maternidade denuncian como esta situación continúa sen ter unha resolución adecuada e que as obras que se ían resolver en menos dun mes levan case catro meses. Isto tradúcese nunha limitación da zona e dos servizos e unha limitación na calidade e posibilidade de acceso aos servizos para un parto natural e mesmo situacións nas que dúas nais teñen que compartir unha sala de dilatación.

Esta situación, o seu alongamento no tempo e a non previsión da creación dunha infraestrutura temporal complementaria no hospital teñen consecuencias sobre a saúde das mulleres e os seus dereitos en materia de maternidade. Esta situación amosa a desidia do goberno galego e da xerencia de Ourense e vai na mesma liña da obstaculización á Comisión de Lactancia, da recorrente falta de persoal de enfermaría en xinecoloxía e das derivacións a outros hospitais.

Esta situación non se pode dilatar e consentir no tempo, máis aínda tendo en conta a importancia deste hospital tanto para a poboación que inmediatamente ten como referencia como para aquela que pode ser desprazada desde os hospitais comarcais de Verín e Valdeorras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:





1. Acelerar as reparacións necesarias da área de partos de Ourense para garantir a súa finalización no prazo máis breve posible e impulsar, mentres duren, as medidas paliativas necesarias para garantir a maior comodidade posible para as mulleres usuarias de forma que se priorice o cumprimento das súas eleccións e plan de parto e a súa privacidade, comodidade e seguridade.
2. Aproveitar a previsión de reformas para ampliar a infraestrutura de parto natural e atender as demandas de nais, profesionais e asociacións e apoio á maternidade.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2024 13:35:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 15/05/2024 13:39:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/05/2024 13:40:20

Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2024 13:40:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e do deputado **Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o cambio de denominación da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega e Vaca Galega Boi Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega e Vaca Galega/Boi Galego nace no 2017 para protexer e amparar o sector e ofrecer un produto tan relevante como a carne de vacún maior, garantindo a súa orixe e calidade.

A carne comercializada baixo o selo da IXP Vaca Galega/Boi Galego garante ser dun vacún exclusivo, nacido, criado, cebado e sacrificado na nosa comunidade. As razas admitidas son: Rubia Galega, Morenas Galegas (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa), Asturiana de los Valles, Limusina, Rubia de Arquitanía, Frisona e Pardo Alpina, ben sexa en pureza ou cruzadas entre si. Galiza produce carne de vacún dende hai máis de 3.700 anos, polo que estamos ante un produto avalado pola súa tradición e historia. Ademais, os animais superan estritos programas de control e cumpren o regulamento establecido, certificando así a garantía do produto.

Estamos polo tanto e polo que di a IXP na súa web e tamén o propio DOG e o regulamento, ante un produto netamente galego, un produto que fai bandeira do seu orixe e da súa historia. Até aquí podemos estar de acordo con esta posición que marca a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orde do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia/Vaca e do seu consello regulador común e se nomea o consello regulador provisorio. Até aquí o Bloque Nacionalista Galego está de acordo con estas declaracións de intencións

Agora o PP dende o goberno da Xunta de Galiza xa recolle nos textos legais a eliminación do texto en galego. Na RESOLUCIÓN do 26 de abril de 2024 pola que se aproba e se dá publicidade a unha modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega di textualmente “trátase simplemente de adecuar os datos relativos ao nome do consello regulador que actualmente está tramitando a súa modificación para pasar a denominarse «Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas Ternera Gallega e Vaca Gallega-Buey Gallego». Dito doutro xeito: Agora a Xunta quere publicar unha orde que recolla estes cambios. A súa intención é cambiar os regulamentos destas IXP para que onde figure Vaca e Boi de Galicia apareza agora Vaca Gallega Buey Gallego e modificar tamén o nome do consello regulador. Incluso deseñouse un logo para Vaca Gallega Buey Gallego.

O que non entendemos no Bloque Nacionalista Galego é o que está a pasar actualmente. A pesares destas declaracións de intencións previas, agora a administración da Xunta de Galiza, gobernada polo partido popular pretende cambiarlle o nome e eliminar o galego da IXP, pretendendo que sexa VACA DE GALICIA BUEY DE GALICIA.

Ao BNG parécenos incríbel este boicot do goberno galego ao noso idioma, parécenos vergoñento que un goberno que ten que defender o noso idioma o discrimine dun xeito tan claro. Fálase da historia, fálase das bondades da nosa carne, fálase de Galiza pero elimínase o galego, incluso se fai nas datas previas as Letras Galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a manter a denominación da IXP Vaca Galega Boi Galego.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Ariadna Fernández González

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 15/05/2024 13:44:01

Sonia Vidal Lamas na data 15/05/2024 13:44:22

Ariadna Fernández González na data 15/05/2024 13:44:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/05/2024 13:44:41

Luis Bará Torres na data 15/05/2024 13:44:55





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

Como consecuencia das recomendacións do Parlamento de Galicia polo ditamen da Comisión especial non permanente de estudio e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria ola de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017, a Xunta de Galicia comprometeuse a realizar un número de actuacións determinadas para os anos 2019 e 2020, tales como a de elaborar plans de ordenación dos recursos forestais por distrito, en cada un dos dezanove distritos da comunidade autónoma.

En relación coa elaboración de plans de ordenación dos recursos forestais por distrito, no documento xeral de análise e recomendacións sinalábase que o punto de partida para facer efectiva a prevención é necesaria unha axeitada planificación participada. Existen distintas figuras recollidas pola normativa que se deben desenvolver implicando a toda a sociedade. Deberán poñer en marcha o máis axiña posible eses plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) en procesos con participación pública e dándolle prioridade aos distritos máis afectados polos incendios forestais, en consecuencia co indicado na recomendación segunda do ditame da comisión de incendios de Galicia 2017.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2024 17:39:08
Nº Rexistro: 4028
Data envío: 15/05/2024 17:39:08,616

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que de conformidade coas recomendacións do Parlamento de Galicia derivadas do Ditamen da Comisión especial non permanente de estudio e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia elabore os plans de ordenación dos recursos forestais, en cada un dos dazanove distritos da Comunidade Autónoma.

Parlamento de Galicia, 15 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/05/2024 12:19:18

Lara Méndez López na data 15/05/2024 12:19:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2024 12:19:39

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

10698

@PSdeG



CSV: BGPSITR02Z09M7T0880-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o estado do porto de Santa Cruz (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto de Santa Cruz, en Oleiros, é competencia de Portos de Galicia. Nos últimos anos sufriu importantes deterioracións debidas tanto ás inclemencias do tempo como aos propios problemas da súa estrutura. Nos últimos meses, as diferentes fallas da estrutura e dos cimentos

O Concello de Oleiros está a demandar ao goberno galego a cesión do Porto de Santa Cruz, por considerar que na actualidade non ten actividade pesqueira, e a súa realidade é máis ben a dun paseo marítimo e área de lecer e baño, moi utilizada pola veciñanza e visitantes durante todo o ano, e especialmente nos meses de verán.

A falta de mantemento continuada do porto fai que se convertera nunha zona perigosa pola gran afluencia de persoas, o que fai que as melloras que se precisan sexan cada vez máis urxentes. Na actualidade, unha parte da varanda está deteriorada e é preciso levar a cabo varias reparacións.

Na área inclúense sinais con advertencias de prohibición de acceso, que só terían sentido no caso de que se mantivese a actividade portuaria, polo que entendemos que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta sinalización unicamente ten o sentido de que a administración competente evite responsabilidades en caso de que se produza algún accidente.

O Concello de Oleiros tamén demanda ao Estado que leve a cabo a rexeneración da praia de Santa Cruz, que perdeu area nos últimos tempos, e o Concello afirma que esta perda de area forma parte das causas que orixinan os problemas da estrutura.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a facerse cargo, de xeito urxente, das reparacións pertinentes no porto de Santa Cruz, de Oleiros, e a estudar a cesión destas instalación ao Concello de Oleiros.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 15/05/2024 19:27:53

Rosana Pérez Fernández na data 15/05/2024 19:28:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza garanta un servizo de pediatría de xeito permanente no Centro de Saúde de Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de Decembro de 2023 a profesional titular da praza do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Ribadeo comezou unha Incapacidade Temporal por enfermidade. Desde ese día e ata o 9 de maio de 2024 Ribadeo deixou de contar cun servizo de pediatría permanente.

Durante estes meses 960 nenas e nenos de Ribadeo e do veciño concello de Trabada estiveron privados da asistencia sanitaria especializada que merecen e á que teñen dereito por lei.

A solución provisional por parte do Sergas durante este período foi a cobertura de pediatría de forma aleatoria, case sempre un só día á semana e durante só catro horas, cun profesional desprazado doutro centro, polo que os nenos de Ribadeo e Trabada estiveron durante 5 meses sen atención pediátrica 4 días da semana.

No seu lugar foron derivados ás médicas de familia do centro, que carecen da especialidade de pediatría e que pasaron a asumir esta sobrecarga asistencial nas súas xa de por si apretadas axendas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os resultados desta deficiente cobertura son: retrasos na atención, modificación continua de citas programadas e adiamentos das revisións do Programa do Neno San, coas consecuencias que de todo isto se puideran derivar.

Con data do 13 de maio de 2024 a pediatra titular volve a ausentarse por Incapacidade temporal e o problema volta a estar presente .

Os artigos 148 e 149 da CE e o artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia declaran as competencias en Sanidade e a súa organización como propias da Xunta de Galicia. Esas competencias son desenvolvidas principalmente na Lei 1/1989, do 2 de Xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e na Lei 8/2008, do 10 de Xullo, de Saúde de Galicia.

Asimesmo, A Lei 7/ 2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, inclúe a atención pediátrica para os menores de 14 anos, disposición que se enlaza co artigo 12 da Lei Xeral de Sanidade cando establece que os poderes públicos orientarán as súas políticas de gasto sanitario en orde a corrixir desigualdades sanitarias e garantir a igualdade de acceso aos servizos sanitarios públicos en todo o territorio.

En consecuencia, todos os nenos e nenas galegos teñen os mesmos dereitos e debe garantirse a todos eles o mesmo tipo de atención sanitaria, calquera que sexa o centro de saúde ao que se atopen adscritos.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a levar a cabo todas as accións necesarias e pertinentes para recuperar o servizo de pediatría de xeito permanente, garantindo que se cubran as ausencias da titular da praza de pediatría do Centro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Saúde de Ribadeo todos os días laborables do ano, e que os nenos e nenas de Ribadeo teñan garantido o seu dereito de igualdade de acceso á asistencia sanitaria.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2024 19:19:54

María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2024 19:19:57

Daniel Castro García na data 15/05/2024 19:20:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila, Ariadna Fernández González, Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre financiamento do ciclo medio Guía no medio natural e do tempo libre en catro institutos de ensino secundario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES de Poio, o IES Pintor Colmeiro (Silleda), o IES Terra de Turonio (Gondomar) e o IES Porto do Son teñen na súa oferta educativa o ciclo medio Guía do medio natural e do tempo libre. Este ciclo conta con módulos específicos que teñen que impartirse fóra das instalacións do centro educativo, o que repercute nos orzamentos e en diversos aspectos organizativos e de xestión:

- sinatura de convenios con empresas que prestan estes estes servizos (equitación, natación, socorrismo...),
- asunción dos gastos de desprazamento do alumnado a estas instalacións;
- gastos de material e instalacións propias.

O primeiro ano de implantación do ciclo como LOE a administración transferiu 38.000 euros para gastos de implantación, partida que se debía gastar nese mesmo ano. A partir desa anualidade, todos os gastos sufráganse cos orzamentos xerais de gastos de funcionamento dos centros, orzamentos que corresponden como IES. Logo de reiteradas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

peticións por parte das direccións, concedeuse unha partida complementaria puntual que alivia mais non cobre todas as necesidades.

Os equipos directivos destes centros solicitaron entrevistas con representantes da administración. A súa intención era buscar unha solución a este problema que dificulta o normal funcionamento dos centros, debido á redución drástica da asignación aos departamentos e a redución ou restrición de actividades educativas de interese para o alumnado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta a:

1 Dotar dunha partida orzamentaria específica aos centros IES Pintor Colmeiro, IES Terra de Turonio, IES Porto do Son e IES de Poio que imparten o ciclo medio de Guía no medio natural e do tempo libre, para poder atender a contratación de servizos e recursos necesarios para o desenvolvemento da formación. Esta partida dimensionarase de acordo co informe de necesidades presentado polos centros.

2. Aprobar as directrices que deben seguir os centros, tendo en conta que unha boa parte da formación deste ciclo desenvólvese fóra do recinto escolar.

3. Dotar os centros do material comprometido pola consellaría de Educación para a implantación do ciclo.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024





Portavoz sdo G.P. do BNG

Luis Bará Torres na data 16/05/2024 10:29:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonzo** e das deputadas **Carmela González Iglesias**, **Montserrat Prado Cores** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as accións que tomará o goberno galego para garantir a actividade e o emprego do sector mar-industria en relación ao concurso de acredores de grupo Atunlo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación crítica do grupo Atunlo deixa un panorama incerto para preto de 250 persoas que traballan nos seus centros de Vigo e Cambados, sen contar ás preto de 120 persoas que foron afectadas polo ERE da súa planta do Grove co conseguinte despedido colectivo, o que supuxo un atentado contra o emprego do sector na localidade da Arousa, como xa manifestou parte do persoal co apoio da CIG.

Esta empresa que no 2022 facturou 220 millóns de euros atópase agora, segundo anunciaron a medios, cun plan de reestruturación sobre preto de 120 millóns de euros de débeda.

Atopámonos pois nunha situación que supón un duro golpe para o sector mar-industria, no que se aveciña, segundo varios medios, a que será a caída da que foi a maior comercializadora de atún e da que dependen innumerábeis familias nas rías de Vigo e Arousa.

Esta caída non é unha situación nova se non que ven dunha cadea de situacións exóxena e internas que motivaron que hoxe en día o sector estea nunha situación tan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sensible. Fálase de inflación, de aumento de custos, de descenso da demanda e de problemas entre as entidades socias, o que levou a que a situación do grupo Atunlo que xa era insostible agora está en perigosa caída.

Neste sentido o goberno galego leva estando ao tanto da situación crítica que sofre o sector mar-industria o cal precisa dunha acción directa por parte do executivo galego no exercicio das súas competencias en materia de industria, para alén de supeditar todo ao anunciado PERTE para o sector mar-industria.

O propio goberno galego anunciaba no pasado mes de febreiro, que ía estudar vías de financiamento ao grupo Atunlo co obxectivo de manter o emprego e a actividade, posteriormente este mes de maio o propio executivo, a través do Igape, continuaba nesta liña de estudo da situación e de manter o emprego e a actividade, discurso que segue a manter o executivo galego despois de se coñecer o concurso de acredores.

Co panorama actual, dunha situación de concurso de acredores sobre o grupo Atunlo, cómpre saber que financiamento público de xeito directo ou indirecto recibiu este grupo por parte do goberno galego, así como que vías de acción tomará a Xunta de Galiza nas súas funcións de goberno para evitar que esta situación supoña máis destrución de emprego, o cese da actividade e a posta en risco dun sector estratéxico para economía galega, chegando a supoñer esta cadea mar-industria preto do 5% do PIB galego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias en materia de industria e:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Poñer en marcha as vías de acción que anunciou o goberno galego co obxectivo de manter o emprego e a actividade do sector mar-industria no escenario de concurso de acredores do grupo Atunlo

2. Dar conta no parlamento galego da cantidade de cartos públicos que o goberno galego destinou a Atunlo nos últimos 15 anos.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonso

Montserrat Prado Cores

Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/05/2024 10:47:39

Ramón Fernández Alfonso na data 16/05/2024 10:54:04

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2024 10:54:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 16/05/2024 10:54:55

Alexandra Fernández Gómez na data 16/05/2024 10:55:32

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2024 10:55:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a declaración como Ben de Interese Cultural Inmaterial da Rapa das Bestas de Sabucedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O Rapa das Bestas das Bestas de Sabucedo é unha práctica cultural ancestral que foi recoñecida como Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2007.

Mais a Rapa ten un significado e simbolismo que vai máis alá do festivo e o turístico. É un sinal de identidade comunitario, unha tradición cargada de valores emocionais, unha expresión xenuína da relación entre o ser humano, as bestas e o medio natural.

2. No ano 2019 anunciouse a proposta de declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo como Ben de Interese Cultural Inmaterial (BICI) ao abeiro do previsto na lei do patrimonio cultural de Galiza. Fíxose no marco dunha comparecencia que tivo lugar no Campo do Medio de Sabucedo, na que o conselleiro de Cultura se comprometeu a traballar de forma conxunta coa asociación Rapa das Bestas e o concello para acadar ese obxectivo. Nesa comparecencia tamén estaba presente a responsábel da Axencia de Turismo de Galicia.

No mes de xuño do ano 2021 a prensa facíase eco de novo da demanda de declaración da Rapa como BICI, unha iniciativa impulsada polo concello en colaboración coa Asociación Rapa das Bestas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de xaneiro de 2023 anunciouse de novo que o concello de A Estrada, en colaboración coa Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo, iniciou os trámites para a declaración da Rapa como Ben de Interese Cultural de carácter inmaterial. Este proceso comezou coa contratación dunha consultora que se encargará de reunir toda a documentación relacionada coa Rapa.

Segundo información xornalísticas, o concello da Estada formalizou no verán do 2023 a petición de declaración como Ben de Interese Cultural Inmaterial da Rapa das Bestas.

3. A finais do ano 2022 publicouse na revista *Biodiversity and Conservation* un traballo asinado por Laura Lagos e Jaime Fagúndez, investigadores do grupo Biocost do Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) da UDC no que se sostén que

- Os espazos abertos das montañas de Galiza están cubertos, en gran parte, por hábitats naturais recoñecidos pola Unión Europea e a súa existencia e pervivencia depende da presenza do cabalo salvaxe.

-O cabalo salvaxe é **o gran herbívoro mellor adaptado ao aproveitamento de breixeiras e turbeiras**, dous dos hábitats con maior interese pola súa biodiversidade en Galiza.

- A través da dieta, o cabalo salvaxe **limita o desenvolvemento da vexetación e favorece que sobrevivan especies de plantas sensibles**.

-Cambios no manexo dos cabalos salvaxes que limiten o seu comportamento natural **poden provocar un efecto negativo e irreversible na biodiversidade**.

-A construción de peches que limiten en exceso o uso libre do espazo e a transformación da vexetación en praderías alteran o comportamento dos animais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Os cabalos salvaxes son un **patrimonio único de Galiza moi arraigado na contorna rural**; o seu valor cultural, etnográfico, histórico e ecolóxico está directamente relacionado coa conservación da biodiversidade.

- A desaparición do sistema tradicional podería desembocar nun **problema ambiental de gran magnitude**.

4. O valioso ecosistema conformado polos cabalos e o seu hábitat está ameazado por diversas intervencións, algunhas delas relacionadas con proxectos de explotación industrial do monte. É o caso de plantacións forestais e polígonos industriais eólicos.

Na ampla zona de monte dos concellos da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro estanse tramitando proxectos de polígonos eólicos que poñen en risco a pervivencia desta especie e a conservación do seu hábitat.

Aos proxectos de tramitación autonómica Campo das Rosas, Porto Vidros ou Touriñán III e as súas infraestruturas asociadas acaba de engadirse recentemente un megapolígono conformado polos proxectos Xubrintas, Alamoceiros e Chamarrapio, que de levarse a cabo terían un impacto crítico na área de campeo do cabalo do monte e nunha paisaxe de grande valor cultural e ambiental.

Tendo en conta estas e outras ameazas que se cernen sobre a festa da Rapa, sobre os cabalos do monte e os ecosistemas nos que se desenvolven, a declaración como BIC ten especial transcendencia e non se pode adiar por máis tempo. A incoación do procedemento de declaración como Ben de Interese Cultural Inmaterial debe conlevar o previsto na lei do patrimonio cultural, nomeadamente

Artigo 15. Procedemento de declaración

Serán obxecto dunha especial protección os bens de interese cultural declarados por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competente en materia de patrimonio cultural, despois da tramitación dun procedemento instruído con ese fin, incoado por resolución motivada da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, ou os que teñan a dita consideración en aplicación desta lei.

Artigo 16. Incoación do procedemento de declaración

1. O procedemento de declaración de interese cultural incoarase de oficio por resolución motivada da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, por propia iniciativa ou por petición de calquera persoa física ou xurídica.

A solicitude de iniciación por parte dunha persoa, física ou xurídica, pública ou privada, deberá estar razoada e documentada. Cando se considere que a solicitude carece de fundamento, declararase motivadamente a súa inadmisión e notificaráselle á persoa solicitante.

A solicitude de iniciación entenderase desestimada cando transcorresen seis meses desde a súa presentación sen que se emitise resolución expresa.

2. Os bens non poderán ser declarados de interese cultural ata que pasen trinta anos desde a súa construción ou creación, salvo en casos de excepcional interese público, suficientemente acreditado e despois da autorización expresa da persoa propietaria.

3. A resolución de incoación conterá as especificacións establecidas no artigo 22.

Artigo 17. Notificación, publicación e efectos da incoación do procedemento de declaración





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A resolución de incoación publicárase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado e notificaráselles ás persoas interesadas e, no suposto de bens inmoables, ao concello no territorio do cal se atope o ben.

A notificación ás persoas interesadas poderá substituírse pola publicación no Diario Oficial de Galicia no caso de que a destinataria sexa unha pluralidade indeterminada de persoas.

2. A publicación da citada resolución no Diario Oficial de Galicia supoñerá a apertura dun período de información pública por un prazo mínimo dun mes no caso de bens inmoables.

3. A incoación anotarase con carácter preventivo no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e notificaráselle tamén ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural dependente da Administración do Estado.

4. A incoación do procedemento determinará a aplicación provisional ao ben do mesmo réxime de protección previsto para os bens de interese cultural.

5. A incoación do procedemento de declaración de interese cultural dun ben inmoable determinará a suspensión da tramitación das correspondentes licenzas municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas, así como dos efectos das xa outorgadas, a excepción das de mantemento e conservación. A continuidade da suspensión dependerá da resolución ou da caducidade do expediente incoado. A suspensión levantarase coa resolución do procedemento.

Respecto disto, os concellos deberanlle remitir á consellaría competente en materia de patrimonio cultural as solicitudes de licenzas de obras que non sexan exclusivamente de mantemento e conservación cuxa tramitación quedase suspendida e notificaranlles a suspensión aos promotores ou promotoras, aos construtores ou construtoras e aos técnicos directores ou técnicas directoras das obras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As restantes obras que, por causa de interese xeral, teñan que realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, logo de que o Consello da Xunta de Galicia determine a súa prevalencia.

Artigo 18. Informes necesarios no expediente de declaración

1. O expediente de declaración de ben de interese cultural conterá os informes técnicos necesarios, elaborados desde as disciplinas científicas aplicables á natureza do ben, que xustifiquen a súa relevancia e valor cultural destacado, acompañados dunha documentación gráfica e unha descrición detallada sobre o seu estado de conservación. No caso de bens inmoables para os que resulte ou se considere necesario, incluírase na xustificación a proposta de delimitación do contorno de protección e da súa zona de amortecemento.

2. Para declarar un ben de interese cultural será necesario o informe favorable e motivado sobre o seu valor cultural sobranceiro de, polo menos, dúas das institucións consultivas especializadas ás que se refire o artigo 7, segundo as características e a natureza do ben, tendo en conta as consultas que por razón da materia ou coñecemento experto poidan realizarse a outras institucións, entidades culturais ou organismos profesionais.

Artigo 19. Delimitación provisional de contornos de protección e zonas de amortecemento

1. Tras incoarse un procedemento de declaración de interese cultural poderase establecer, con carácter provisional, un contorno de protección, coa superficie que en cada caso se estableza, no que as actuacións, nos termos do artigo 45, quedarán suxeitas á autorización por parte da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Poderase establecer, así mesmo, unha zona de amortecemento, na que se someterán a autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, nos termos do artigo 47, as actuacións que expresamente se recollan na resolución de incoación.

Artigo 22. Contido da declaración

1. A declaración de interese cultural dun ben determinará os valores que xustifican a súa declaración e incluírá unha descrición detallada e precisa que permita a súa correcta identificación.

2. A declaración de interese cultural de bens inmobles incluírá as seguintes especificacións:

- a) A categoría coa que son declarados, de entre as definidas no artigo 10.*
- b) A identificación e a descrición das partes integrantes e bens mobles que, pola súa vinculación co inmovible, se incorporen á declaración. Así mesmo, identificarase a posible existencia de bens inmateriais.*
- c) A delimitación motivada do ben declarado e, para os casos en que resulte necesario, o contorno de protección e a zona de amortecemento, que non terán a consideración de ben de interese cultural.*
- d) Os inmobles comprendidos na delimitación do ben declarado que, de ser o caso, se declaren singularmente, así como o seu propio contorno de protección e zona de amortecemento, de considerarse necesarios, que serán obxecto de inscrición independente no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.*
- e) As determinacións, cando proceda, respecto á demolición total ou parcial ou á retirada forzosa de elementos, partes ou construcións incluídas na delimitación do*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ben declarado ou no contorno de protección que resulten incompatibles coa súa posta en valor.

f) A descrición do seu estado de conservación e as eventuais directrices para posteriores intervencións se se considera conveniente.

3. No caso de conxuntos ou coleccións de bens mobles, a declaración enumerará e describirá individualmente cada un dos elementos, ou grupos de elementos, que os integran.

4. No caso de bens inmateriais, ademais da descrición dos seus aspectos intanxibles, identificarase o seu ámbito espacial e temporal cando sexa necesario para a súa protección.

5. No caso de que os usos dun ben poidan resultar incompatibles ou prexudiciais para a súa protección, a declaración establecerá a súa eliminación ou os condicionantes para o seu mantemento.

6. Regulamentariamente estableceranse a información e as características que debe reunir o contido da declaración de forma específica en relación coa súa natureza e categoría, así como as correspondentes solicitudes e resolucións de incoación recollidas no artigo 16.

Tendo en conta as circunstancias que concorren na Rapa das Bestas de Sabucedo, resulta do máximo interese iniciar o procedemento para a súa declaración como Ben de Interese Cultural, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a incoar de maneira inmediata o procedemento para a declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo como Ben de Interese Cultural





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Inmaterial e a aplicar de modo provisional ao ben o mesmo réxime de protección previsto para os bens de interese cultural.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 16/05/2024 12:08:30

Mercedes Queixas Zas na data 16/05/2024 12:12:07

Luis Bará Torres na data 16/05/2024 12:12:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e **Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar o goberno galego en relación coa proliferación de moscas nunha vintena de concellos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados meses coñecéronse varias noticias arredor de diferentes episodios de invasión de moscas que están a sufrir máis dunha vintena de concellos.

A proliferación de moscas, alén de ser unha situación molesta debida a factores exógenos propios das condicións climáticas favorables, pode estar relacionada con actividades de xestión de residuos e con actividades agrogandeiras.

Nos últimos anos estase a ver unha proliferación de moscas en diferentes puntos do país que sobrepasan a molestia, e acaban constituíndo un auténtico problema de convivencia e de saúde para as persoas.

Tal é o caso que a propia Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) elaborou unha enquisa na que constatou que se declararon problemas nunha vintena de Concellos de Galiza pola presenza masiva de moscas.

Así, após esta enquisa e a valoración de resultados, a FEGAMP instou á Xunta de Galiza a tomar medidas ao respecto asumindo as súa responsabilidade como goberno galego e baixo a premisa de que esta problemática transcende o ámbito municipal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os propios concellos levan desenvolvido accións pola súa parte encargando estudos para ver as causas destes episodios e comezar a traballar para atallar esta problemática.

A Xunta xa actuou noutros casos que supúñan de risco para a saúde pública como é a xestión da praga de velutinas ou o estudo do impacto do cambio climático na proliferación do mosquito tigre en Galiza.

É pois preciso que o goberno galego asuma as súas responsabilidades en materia de xestión do medio e elabore o plan de acción que contemple tanto o estudo das causas como posibles solucións á cuestión da proliferación de moscas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta o Goberno galego a desenvolver as súas competencias e encargar un estudo que comprobe as causas da proliferación de moscas nos concellos afectados e, a partir do mesmo, elaborar un plan que actuación que inclúa medidas preventivas, informativas, de coordinación e de mitigación da presenza masiva de moscas.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-**

Ariadna Fernández González,

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/05/2024 12:25:33

Ariadna Fernández González na data 16/05/2024 12:25:38

Luis Bará Torres na data 16/05/2024 12:26:03





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro** e **Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política cultural do PP discorre por liñas que as máis das veces atende a grandes fitos e grandes eventos que dificilmente atenden a idiosincrasia do país e as súas xentes.

Baseándose nesa liña de grandes eventos, a Xunta de Galicia repartiu no ano 2023 máis de 19 millóns de euros en festivais e eventos repartidos pola xeografía galega que produciu unha distorsión no tecido cultural autóctono de Galicia.

Gran parte deles foron xestionados a través da Axencia de Turismo de Galicia que de xeito pouco transparente “distribuíu” as actuacións non se sabe ben baixo que criterio.

Por outra parte, hai un importante volume de creadores tanto na escena musical como plástica que esperan, dalgún xeito, que desde a Consellería de Cultura se estableza un sistema cultural estable que permita desenvolver estratexias de visibilización e traballo de xeito continuado e con relevancia en Galicia e fóra das nosas fronteiras.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4106
Data envío: 16/05/2024 16:25:08,375

Por tal motivo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aumentar as partidas orzamentarias destinadas á contratación de eventos con grupos de música independentes, compañías de artes escénicas e outras actividades performáticas que estean a desenvolverse por creadores galegos, ben no territorio ben fóra de Galicia.
2. Crear liñas de concorrência competitiva para a contratación de proxectos artísticos interdisciplinares que leven aparellados procesos de investigación artística vencellados a Galicia.
3. Abrir un proceso para a contratación por concorrência competitiva dun plan de internacionalización para a divulgación da creatividade galega.

Santiago de Compostela, 16 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/05/2024 16:22:51

Julio Abalde Alonso na data 16/05/2024 16:22:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

10725

@PSdeG



CSV: BGPSITBDC4106420247
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4106
Data envío: 16/05/2024 16:25:08,375

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/05/2024 16:23:09

CSV: B0PIS7BDC4M6N6Z0R107
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

10726

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López, Carmen Pomar Tojo e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A mellora e construción de infraestruturas viarias e ferroviarias son fundamentais para garantir a conectividade, a accesibilidade, o crecemento económico, a competitividade empresarial e a calidade de vida dos habitantes de calquera territorio.

Neste senso, e facendo un repaso pola situación actual das infraestruturas dependentes do goberno central na provincia de Ourense, e a pesar das reiteradas reivindicacións tanto desde o Parlamento de Galicia como por parte do tecido empresarial e a cidadanía, temos que lamentar a falta de compromiso do executivo nas inversións.

Pese ás reiteradas promesas desde hai anos, a día de hoxe, os trens de alta velocidade aínda chegan a unha estación pendente de reforma e ampliación. Un proxecto que sufriu numerosos retrasos, unha licitación fallida, e aínda seguimos sen data de inicio das obras.

Tamén acumulan demoras os dous primeiros subtreitos da Variante Exterior,(Taboadela- Túnel de Rante e Túnel de Rante- conexión Seixalbo) e seguen pendentes de licitar as obras do resto de subtramos (Conexión Seixalbo-Seixalbo; Seixalbo-Túnel de Montealegre e Túnel de Montealegre-Estación de Ourense), do mesmo xeito que a reforma dos pasos superiores e inferiores de Tarascón e Ramón Puga, que continúan en punto morto.

Doutra banda, a vertebración viaria para unir o interior da provincia e esta con zonas limítrofes, pasa por similar situación.

Ourense é Lugo son as únicas dúas provincias colindantes en España, nas que a día de hoxe , non existe unha autovía ou autopista que as una.

O único treito en funcionamento da A- 56, e o de A Barrela-San Martiño. Nove quilómetros que non cumpren coa función de conectar as dúas cidades, e aos que



resulta imprescindible unir o treito San Martiño-Cambeo á maior brevidade. Unha autovía prioritaria para a vertebración interior de Galicia e tamén para o transporte de mercancías entre a provincia de Lugo e o sur de Galicia e Portugal.

En relación co primeiro treito da variante norte de Ourense, Eirasvedras Quintela, o acto protocolario de colocación da primeira pedra das obras tivo lugar o 16 de setembro de 2022 pero día de hoxe seguen sen iniciarse, a pesar da súa importancia para desconxestionar os treitos urbanos da N-120 e posibilitar o boulevard termal. Falta a licitación tamén do segundo tramo do variante Norte de Ourense entre Quintela e A Casilla.

Salientar os déficits de mantemento en conservación da autovía A.52 e das estradas nacionais, especialmente da N-120 que en boa parte do seu trazado presenta graves deficiencias debido á falta de inversión na rehabilitación integral do firme.

Máis o abandono por parte do goberno socialista das comunicacións con Valdeorras non se limita só a esta infraestrutura. Hai un ano e sete meses que deberían ter finalizado as obras do vial de conexión entre a N-536 e a N-120 “Sobradelo – O Barco de Valdeorras” e o Goberno continúa sen dar unha data para o remate das obras desta imprescindible circunvalación para sacar o tráfico pesado do centro do Barco.

En relación á A-76 temos que lamentar o incumprimento de licitar, xa no pasado ano, as obras do primeiro treito entre Vilamartín da Abadía e Requejo, e seis anos despois aínda seguimos á espera de que se redacten os proxectos de outros dous, O Barco – A Veiga de Cascallá e Requejo – A Veiga. O abandono desta autovía vital para as comunicación de Galicia e Castela e León, e inxustificable.

Tamén poderíamos falar da desidia por parte do executivo nos retrasos na licitación das obras dos carrís de adiantamento na estrada N-120 desde Os Peares – Alto de Guítara ata Ourense, un proxecto iniciado no ano 2017 polo goberno de Mariano Rajoy, e que resulta imprescindible para mellorar a seguridade viaria desta estrada.

En resumo, obras vitais e imprescindibles para o desenvolvemento da provincia de Ourense e o desenvolvemento de Galicia, que precisan de compromisos firmes e non declaracións de intencións por parte do goberno do Estado. Por iso, consideramos imperativo reclamar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana axilidade tanto nas tramitacións dos proxectos, como nas licitacións e execución das obras.





En base ao anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do España para reclamar a activación e axilización nas tramitacións dos proxectos, como nas licitacións e execución das obras de infraestruturas estatais na provincia de Ourense”.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/05/2024 16:38:34

Noelia Pérez López na data 16/05/2024 16:38:49

Cristina Campero Dorado na data 16/05/2024 16:39:03

José Luis Ferro Iglesias na data 16/05/2024 16:39:11

Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/05/2024 16:39:20

María Deza Martínez na data 16/05/2024 16:39:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/05/2024 16:39:41

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/05/2024 16:40:00

Gonzalo Trenor López na data 16/05/2024 16:40:10

Carmen Pomar Tojo na data 16/05/2024 16:40:31

Roberto Rodríguez Martínez na data 16/05/2024 16:40:49



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Paula Mouzo Mas, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, José Manuel Mato Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas e Nicole Grueira Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A poboación estranxeira representa en Galicia un 5,7 % da poboación total (según datos do INE).

Se extraemos os datos de Ourense esa cifra alcanza o 6,8 %, a porcentaxe mais alta de todas as provincias galegas.

Mais aló dos datos demográficos, que son importantes para detectar patróns e tendencias, moitos destes migrantes, e así o denuncian varias organizacións que conforman a súa rede de axuda, atópanse desde hai un tempo con problemas, esperas de varios meses, ben para levar a cabo os trámites necesarios para regularizar a súa situación, ben para a realización de trámites ordinarios.

Entidades, ONG, e federacións levan tempo advertindo do feito de que cada vez é máis problemático obter o NIE, polas escasas citas que dan na Comisaría da Policía Nacional, e manifestando ademais que a maioría das persoas estranxeiras chegan



cunha estancia de corta duración (autorización para permanecer no territorio español por un periodo de tres meses como máximo) e que en moitas ocasións o tempo de espera para lograr a cita é superior deixando a estas persoas nunha situación que lles obriga a vivir dos seus aforros se os teñen, ou recurrir á economía sumerxida ata que podan regularizar a súa situación.

Mais este retraso non afecta só aos recién chegados, tamén aos migrantes que xa están establecidos na nosa provincia e que se atopan traballando ou mesmo estudando, e que precisan ter tamén a documentación actualizada e en regra para continuar co seu proxecto vital.

Migrantes, organizacións, entidades, empresas, sindicatos e mesmo o Consello Xeral da Abogacía Española teñen denunciado que o colapso existente no sistema de Estranxeiría deixa a milleiros de migrantes nun “limbo legal”.

E aínda que a finais do mes de abril entraba en funcionamento un novo sistema de citación online, o funcionamento non mellorou, polo menos ata o momento.

O primeiro día saturouse a web e poucas persoas foron capaces de conseguir unha cita co novo sistema.

Para o Grupo Parlamentario Popular esta situación de desorganización e colapso das oficinas de estranxeiría, non é unha cuestión de posta a disposición de medidas telemáticas, e´unha cuestión de falta de medios técnicos e humanos, a día de hoxe hai preto dun 30% de postos sen cubrir na Dirección Xeral da Policía.

Unha situación insostible no tempo e que deixa en situación de desamparo e merma de dereitos a poboación migrante da cidade e da provincia de Ourense.



En base ao anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para reclamar o reforzo dos medios técnicos e humanos das oficinas de estranxería en Galicia”.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/05/2024 16:51:10

Noelia Pérez López na data 16/05/2024 16:51:24

Paula Prado del Rio na data 16/05/2024 16:51:38

Paula Mouzo Mas na data 16/05/2024 16:51:57

Julio García Comesaña na data 16/05/2024 16:52:19

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/05/2024 16:52:33

José Mato Díaz na data 16/05/2024 16:52:44

Víctor Baladrón Lamas na data 16/05/2024 16:53:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Nicole Grueira Fernández na data 16/05/2024 16:53:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: B6PIS7BDC8F9WJY03HP-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Patricia García González, Nicole Grueira Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os esforzos do goberno galego están centrados en xerar riqueza e emprego, dinamizar o territorio e fixar poboación, traballando da man das empresas, pemes e autónomos para dar tamén respostas ás súas necesidades e co firme propósito de avanzar no crecemento e progreso de Galicia.

E para acadar ese reto a Xunta de Galicia abogou por unha nova fórmula para apoiar ao emprendemento e puxo en marcha unha rede de Polos de Emprendemento que traballa para impulsar e consolidar proxectos e na que calquera persoa que queira emprender atope acompañamento e asesoramento continuado, unha metodoloxía común validada e adaptada a cada proxecto e unha titorización con profesionais de primeiro nivel, có obxectivo de poñer a disposición de todos os emprendedores/as a axuda necesaria para sacar adiante negocios viables.

Nesta rede, identifícanse as necesidades e oportunidades para emprender que presenta cada un dos territorios, detectando as actividades económicas con potencial que xorden en cada territorio para saber onde é máis efectivo emprender, ademais de



fomentar os proxectos que permitan desenvolver novos sectores innovadores para dinamizar a contorna e crear sinerxias co tecido empresarial existente.

Actualmente, hai dous polos pendentes de iniciar a súa actividade, o de Sarria e o de Vilanova de Arousa, e hai 13 activos, en A Fonsagrada, Baños de Molgas, Coristanco, Ferrol, Friol, Melide, Mondoñedo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, O Porriño, Silleda e Verín, consolidados xa como foros de interlocución, especialmente no ámbito rural, e dos que pode beneficiarse calquera iniciativa independentemente da fase na que se atope o desenvolvemento do proxecto.

En algo menos de dous anos esta rede foi quen de asesorar máis de 1600 iniciativas empresariais espalladas por todo o territorio galego, das cales o 60% foron impulsadas por mulleres, e en canto a franxa de idade, o 58% atópase nunha franxa de entre 35 e 52 anos.

Datos en definitiva que amosan que a rede de Polos de Emprendemento está a ser útil como dinamizador do emprego, para atraer o talento, xerar riqueza pegada ao territorio e fixar poboación, sobre todo no rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Poñer en funcionamento os polos de Sarria e Vilanova de Arousa.



- 2) Continuar impulsando un ecosistema de apoio ao emprendemento no que estean implicados todos os axentes, entidades, redes e recursos dispoñibles para o inicio dunha nova actividade empresarial.
- 3) Impulsar os Polos de Emprendemento como canalizadores do relevo xeracional e como instrumento de asesoramento de migrantes que queiran iniciarse por conta propia”.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/05/2024 17:03:30

Noelia Pérez López na data 16/05/2024 17:03:44

Raquel Arias Rodríguez na data 16/05/2024 17:03:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/05/2024 17:04:13

Patricia García González na data 16/05/2024 17:04:37

Nicole Grueira Fernández na data 16/05/2024 17:04:49

Roberto Rodríguez Martínez na data 16/05/2024 17:04:58

Raúl Santamaría González na data 16/05/2024 17:05:14

Gonzalo Trenor López na data 16/05/2024 17:05:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor M. Baladrón Lamas, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz e Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No ano 2013 o Concello de Ourense aproba en xunta de goberno local o proxecto básico e de execución da rehabilitación da Praza de Abastos n.º 1 dividindo o proxecto inicial en tres co obxecto de incluír a remodelación do mercado tradicional da cidade na subvención do 1,5 % cultural do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana.

Non foi ata o 2015 cando se empezaron a negociar os termos para o traslado dos placeiros que contan cun contrato de concesión de servizos e poder empezar así a acometer a obra.

Asínase o convenio para o traslado no ano 2018. No dito documento recóllense os termos nos que queda a concesión mentres duren as obras, a ubicación temporal dos postos e o proxecto que saíra a licitación.

Quince meses despois adxudícase a obra cun periodo de execución de 22 meses e os placeiros piden convocar a comisión de seguimento, ao advertir que as dúas partes do



proxecto que estaban sen licitar, sobre todo unha delas a que afecta á carga e descarga e ao lixo, eran cuestións prioritarias para o traballo diario. A comisión de seguimento non non se reuniría ata o ano 2022.

Nese momento os placeiros advirten ao Concello de que o proxecto está incompleto e que quedan 2 partes sen licitar, unha delas a que afecta á carga e descarga e ao lixo, ambas cuestións prioritarias para o traballo diario dos placeiros.

No ano 2022 xírase visita ao edificio e os placeiros comprobaban que as melloras ofertadas na licitación non foran executadas, estando sen resolver a carga e descarga, a accesibilidade e o plan funcional para permitir o retorno dos postos ao edificio, feitos que fan, que a día de hoxe, o edificio non sexa funcional para o obxecto que foi reformado.

Na actualidade, pero tamén sen contar cos placeiros, o Concello de Ourense aprobou un modificado do proxecto có que se poderían ter solventado varios deses problemas, mais non se fixo.

Froito destes feitos os comerciantes teñen amosado en moitas ocasións a súa preocupación pola ausencia de noticias respecto das súas reivindicacións:

un plan para a distribución dos espazos interiores, a conexión co aparcamento ou a mellora da accesibilidade, e reclaman transparencia ao goberno local para definir o futuro do mercado, ademáis da constitución dunha comisión formal.

Resulta incomprensible, que un ano despois de ter rematadas as obras e seis desde que os placeiros estan na ubicación temporal da Alameda (o traslado permitiría



ademáis liberar a Alameda para uso e desfrute dos ourensáns) a negociación para o retorno dos placeiros ao edificio do mercado esté paralizada.

Tendo en conta que entre as atribucións da Xunta de Galicia atópase a planificación e o desenvolvemento das estruturas comerciais, feiras, mercados e lonxas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario do Partido Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia e mediar no conflito entre o Concello de Ourense e os Comerciantes Asociados do Mercado de Abastos núm. 1 e a apoiar económicamente, nos termos que se acorden, as obras pendentes e necesarias para a adecuación funcional da praza que permita que os placeiros podan volver a ese espazo”.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/05/2024 17:15:29

Noelia Pérez López na data 16/05/2024 17:15:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/05/2024 17:15:58

Víctor Baladrón Lamas na data 16/05/2024 17:16:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2024 17:45:34
Nº Rexistro: 4133
Data envío: 16/05/2024 17:45:34.330

Enrique Barreiro Sánchez na data 16/05/2024 17:16:27

María Deza Martínez na data 16/05/2024 17:16:44

Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/05/2024 17:16:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/05/2024 17:17:04

José Mato Díaz na data 16/05/2024 17:17:20

Cristina Sanz Arias na data 16/05/2024 17:17:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: B0PISJTBQ3a9ME108877
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López, Carmen Pomar Tojo e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Dentro das actuacións contempladas no Convenio Marco de Colaboración suscrito o 22 de xuño de 2016 entre o Ministerio de Fomento, Adif AV, a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Ourense e a súa contorna urbana, planificouse a construción dun aparcamento soterrado.

Unha inversión de 5, 5 millóns de euros, financiada nun 67% pola Xunta de Galicia e o 33% restante por Adif AV, que ademáis de dar servizo aos usuarios do tren, se constituiu como alternativa para aliviar o déficit de zonas de estacionamento dos vehículos do barrio da Ponte, un dos mais populosos da cidade de Ourense.

En funcionamento desde o mes de agosto do ano 2021, a realidade do aparcamento a día de hoxe é que resulta claramente insuficiente para cumprir co obxectivo para o que foi construído debido, afortunadamente ao gran número de viaxeiros que fan uso da estación de Ourense.

Parte do problema radica na cantidade de prazas reservadas no primeiro andar do parking e no mellor emprazamento, a compañías mercantís privadas de alugueiro de vehículos. Non negamos que sexa una actividade necesaria como alternativa ao desprazamento de moitos viaxeiros, pero non é a finalidade última do estacionamento.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



As citadas empresas poderían dotarse nas proximidades da estación doutros estacionamentos onde ter as suas frotas, pois en definitiva é un negocio lucrativo o que elas xestionan. E tamén ADIF podería habilitar espazos dentro da inxente cantidade de metros cadrados que ten infrautilizados ou baleiros na estación intermodal.

Son numerosas as queixas dos usuarios que en múltiples ocasións atópanse cun valo cun cartel de “completo” colgado, mesmo abonados, que chegan e non teñen sitio para estacionar.

A Plataforma de usuarios do ferrocarril de media distancia conxuntamente con outras plataformas e colectivos, e mesmo a Xunta de Galicia, levan meses facéndose eco desta situación e sinalando a saturación do aparcamento.

Desta situación dedúcese que o aparcamento, que foi construído 100% con fondos públicos, non cumpre co cometido público para o que foi executado, porque Adif AV prima o negocio que xera a concesión do servizo ás empresas de alugueiro, fronte á necesidade de prazas dos usuarios do ferrocarril e veciños da Ponte.

Tendo en conta ademais que Adif e Adif AV lanzaron a finais do pasado ano o concurso para a xestión dos aparcamentos de 55 estacións de viaxeiros cunha vixencia de dez anos prorrogable por cinco máis, no que se inclúe o aparcamento de Ourense, e que nas disposicións xerais do prego de condicións particulares faise mención ás prazas reservadas, un 12% para determinadas actividades, entre as que figura o alugueiro de vehículos sen condutor, todo parece indicar que o problema existente na actualidade co estacionamento da estación Intermodal de Ourense, verase aínda máis agravado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España para que ADIF habilite uns espazos na contorna da estación para albergar esas prazas reservadas a vehículos de alugueiro sen condutor, priorizando a utilización do aparcamento para os usuarios do ferrocarril”.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/05/2024 17:22:06

Noelia Pérez López na data 16/05/2024 17:22:23

Cristina Campero Dorado na data 16/05/2024 17:22:37

José Luis Ferro Iglesias na data 16/05/2024 17:22:46

Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/05/2024 17:22:55

María Deza Martínez na data 16/05/2024 17:23:06

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/05/2024 17:23:18

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/05/2024 17:23:34

Gonzalo Trenor López na data 16/05/2024 17:23:45

Carmen Pomar Tojo na data 16/05/2024 17:23:58

Roberto Rodríguez Martínez na data 16/05/2024 17:24:13



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno central introduciu unha emenda na Lei de Paridade coa finalidade de rebaixar os requisitos para aprobar leis, reais decretos e regulamentos sen necesidade de empregar o procedemento de consulta pública. É dicir, sen que os cidadáns ou organizacións potencialmente afectados pola nova lei ou regulamento poidan opinar ao respecto diso.

Concretamente, PSOE e Sumar buscan reformar o artigo 26.2 da Lei 50/1997, de 24 de novembro, do Goberno co obxectivo de que con só cumprir unha das actuais seis circunstancias que marca a norma para poder prescindir da consulta pública, o Executivo central xa poida evitar este trámite.

Segundo a redacción actual desta norma, para poder evitar o trámite de consulta previa é necesario que se dean as circunstancias acumuladas de que se trate de normas orzamentarias ou organizativas e, ademais, razóns graves de interese público que o xustifiquen, non impoñer obrigacións relevantes aos destinatarios ou regular aspectos esenciais dunha materia.

Fronte a isto, a emenda introducida polo Executivo central indica textualmente que poderá prescindirse de consulta pública "cando concorran calquera das seguintes circunstancias":

- a) Cando se trate de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas.
- b) Cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen.
- c) Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica.
- d) Cando a proposta non impoña obrigacións relevantes aos destinatarios.



- e) Cando a proposta regule aspectos parciais dunha materia.
- f) Cando se acorde a tramitación urxente de iniciativas normativas, nos termos previstos no artigo 27.2.

O Goberno de Sánchez quere evitar así que se repita o acontecido recentemente co Regulamento de Costas, que foi anulado polo Tribunal Supremo precisamente por obviar o trámite da consulta pública previa. É dicir, por non dar oportunidade aos cidadáns ou colectivos afectados de pronunciarse sobre a regulación.

Este intento de eliminar trámites, lembra ao acontecido en 2022 co Real Decreto lei de medidas urxentes polo conflito bélico en Ucraína, no que se introduciu a eliminación en determinados parques eólicos do procedemento de avaliación ambiental, do trámite de información pública, da audiencia dos interesados e das peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental.

Por todo o exposto, e ante importancia desta cuestión, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno de España que desista da súa intención de eliminar, a través da Lei de Paridade, o trámite de consulta pública previa de leis, reais decretos e regulamentos”.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/05/2024 17:31:41

Gonzalo Trenor López na data 16/05/2024 17:32:01

Cristina Campero Dorado na data 16/05/2024 17:32:47

José Luis Ferro Iglesias na data 16/05/2024 17:33:00

Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/05/2024 17:33:12

María Deza Martínez na data 16/05/2024 17:33:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/05/2024 17:33:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2024 17:46:33
Nº Rexistro: 4137
Data envío: 16/05/2024 17:46:33,328

Argimiro Marnotes Fernández na data 16/05/2024 17:33:53

Carmen Pomar Tojo na data 16/05/2024 17:34:05

Roberto Rodríguez Martínez na data 16/05/2024 17:34:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0P5TRBQ-60NG10B0-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Víctor M. Baladrón Lamas, Raúl Santamaría González e Borja Vereza Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Coa entrada en vigor da Orde do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións ISM/386/2024, do 29 de abril (publicada no BOE o pasado 1 de maio) aténdese unha vella demanda, sobre todo da comunidade científica, que reclamaba que os períodos durante os que actuaron como bolseiros, nas súas prácticas de formación e investigación, contasen a efectos de cotización na súa vida laboral.

En concreto, esta medida faculta a todos os interesados a subscribir un convenio especial coa Seguridade Social que posibilite o cómputo da cotización do alumnado, de tal xeito que estes antigos alumnos serán asimilados aos traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Esta norma beneficia aos antigos universitarios; antigos alumnos de formación profesional (excepto cando as prácticas se realizaran en réxime de formación profesional intensiva), así como antigos alumnos de ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas artísticas profesionais e ensinanzas deportivas do sistema educativo.

Tamén a aqueles titulados universitarios que, mediante estudos oficiais de doutoramento, participaran antes do 4 de febreiro de 2006 (data de entrada en vigor do Estatuto do Persoal Investigador en Formación) en programas formativos de carácter investigador, tanto en España como no estranxeiro.

Xa que logo gran parte do persoal investigador adoita a ser empregado mediante estas fórmulas durante moito tempo no seu período de formación, esta medida ten aspectos moi positivos que acaban desvirtuados polas condicións e limitacións que establece o propio Ministerio á hora de acollerse a este convenio especial.



Así por exemplo transformar o tempo de prácticas en tempo de cotización laboral á Seguridade Social non é gratuíto. Non só iso, senón que recae no propio bolseiro -quen quere converter a bolsa en anos cotizados- a obriga de aboar a cota íntegra, incluída a da empresa, en función da cota de xubilación vixente en 2024, independentemente da data de concesión da bolsa. É dicir, deberán aboar mesmo a parte que lle correspondería á empresa que os contratou, tendo en conta as bases de cotización vixentes.

As principais asociacións científicas e sindicais pediron revisar esta orde ministerial introducindo unha serie de aspectos que eviten unha situación de agravio con respecto aos actuais bolseiros e, sobre todo que, impidan que o convenio especial supoña unha carga económica inasumible para gran parte da comunidade científica. Estes colectivos tamén discuten outros aspectos da norma como é o feito de que o período de regularización limítase a un máximo de 5 anos traballados, sen ter en conta os casos de maior duración.

Con todo, o Ministerio non foi quen de incorporar as alegacións formuladas pola comunidade científica facendo oídos xordos a unhas demandas que resultan do máximo interese e sentido común. Parece evidente que é preciso abrir un diálogo sociedades científicas e colexios profesionais que aglutinan ao persoal investigador, así como co colectivo de afectados, para escoitar as súas petición e establecer estándares que aporten solucións eficaces e eviten lexislar de costas á realidade.

Entre as principais demandas está a necesidade de revisar a ampliación dos anos de cotización, reducir a cantidade que terían que achegar os antigos bolseiros e que a Administración do Estado asuma parte das súas achegas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a adopción das seguintes medidas en apoio ao persoal investigador:

- 1º- Que se lexisle un mecanismo que recoñeza todo o tempo traballado con bolsas de investigación, sen o límite arbitrario de 5 anos, e que, de xeito análogo ao que se fixo con outros colectivos non dependa da sinatura dun convenio especial. Deste xeito poderanse ampliar os anos cotizados para que teñan en conta o período real de duración das prácticas.
- 2º- Reducir a contía que terán que achegar os antigos bolseiros investigadores para o que o que a Administración Xeral do Estado deberá asumir parte da súa cotización e, como mínimo, a couta que lle correspondería pagar á empresa que os contratou.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





- 3º- Establecer un mecanismo polo que se deberá recoñecer as bolsas de investigación e formación non só para os efectos da Seguridade Social, senón tamén para outros aspectos esenciais da carreira profesional, por exemplo, en materia de antigüidade ou de valoración de méritos de investigación e docencia, así como noutros criterios de valoración do persoal funcionario, estatutario e laboral”.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/05/2024 17:39:01

Julio García Comesaña na data 16/05/2024 17:39:15

José Luis Ferro Iglesias na data 16/05/2024 17:39:27

Carmen Pomar Tojo na data 16/05/2024 17:39:38

Patricia García González na data 16/05/2024 17:39:52

Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/05/2024 17:40:06


Rubén Lorenzo Gómez na data 16/05/2024 17:40:18

Víctor Baladrón Lamas na data 16/05/2024 17:40:32

Raúl Santamaría González na data 16/05/2024 17:40:41

Borja Vereza Fraiz na data 16/05/2024 17:40:53





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-d9NGtQBIP-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

